

Coordinación e Revisión Lingüística

Antón Riveiro e Manuel Cartea

Consello directivo

Antón Riveiro

Isabel Santos

Carlos Mosteiro

Xosé R. Losada

Francisco Xosé Bugallo

Milagros Torrado

Adolfo Muíños

Administración

Alberto Piñeiro

Deseño e maquetación

Juancho Dosil

Edita

A.C. Barbantia

Rúa Poeta Manuel María, s/n

Centro Social

15930 Boiro (A Coruña)

Tlfno.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25

[http: www.barbantia.org](http://www.barbantia.org)

correo electrónico: barbantia@barbantia.org

Imprime

Gráficas Garabal, S.L.

Depósito Legal

C-2792-05

ÍNDICE

5. LIMIAR
Xosé R. Losada
9. MÚSICA E FOLCLORE NAS NACIÓNS SEN ESTADO.
“ANCORADOIRO”: EXEMPLO SONORO NO BARBANZA
Eme Cartea
37. OS HEROES DO RACÚ “SAN ANTONIO”
Manuel Fajardo Piñeiro
43. A SOCIEDADE “LA PROTECCIÓN SOCIAL ESTEIRANA”,
REVISITADA *Algunhas consideracións sobre as súas orixes e obxectivos iniciais*
Alfonso González Asenjo
61. PORTO DO SON NO CATASTRO DA ENSENADA
Manuel Mariño del Río
81. BARBANZA: CULTURA, TURISMO E SUBVENCIONS
Gonzalo Trasbach

AIRES DE FÓRA

89. BABEL BARBANZA. OS NOSOS TRADUTORES
Román Arén/Pastor Rodríguez

ESPECIAL MARÍA MARIÑO

A VIDA

141. MARÍA MARIÑO, BIOGRAFÍA
Xerardo AgraFoxo
151. CON MARÍA MARIÑO, DA MAN DOS SEUS VERSOS
Yolanda Castaño

A OBRA

163. PRESENZA E AUSENCIA. MARÍA MARIÑO NAS
ANTOLOXÍAS POÉTICAS
Román Arén
181. HISTORIA DUN PRÓLOGO
Patricia Arias Chachero
191. PALABRA E VERBA: ABALO E DEVALO VITAL EN
MARÍA MARIÑO
Xavier Castro
201. A CUESTIÓN DA LINGUA EN MARÍA MARIÑO
Esperanza Mariño
209. LITERATURA E MULLERES
Teresa Moure

221. **MARÍA MARIÑO DO HUMOR DA NADA AO VALOR DA PALABRA**
María Xosé Queizán
231. **PENÉLOPES DE TINTA: AS MULLERES NA POESÍA GALEGA. DA GUERRA CIVIL A *PALABRA NO TEMPO***
Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

AS PAISAXES DE MARÍA

249. **NOIA EN TEMPOS DE MARÍA MARIÑO, PAISAXES NO FONDO DO ESPELLO**
Pedro García Vidal
257. **PAISAXES DE ELANTXOBE, O FRESCO ALOUMIÑO DOS SALSEIROS DO CANTÁBRICO**
Pedro García Vidal
263. **O ESCARABOTE VIVIDO POLA POETA MARÍA MARIÑO**
Antón R. Gallardo
271. **MARÍA MARIÑO, O COUREL E A DOR NA PAISAXE**
Antón Riveiro Coello

A HOMENAXE

“Versos que comezan”

277. **ERA A TERRA HIMNO DUNHA ESTRELA LONGA**
Eme Cartea
281. **MIÑAS MANS**
Eme Cartea
285. **ONTE ERA MAÑANCIÑA, CRISTALEIRA, SOL MIGADO**
Esperanza Mariño
289. **ELEXÍA A MARÍA MARIÑO**
Alberto Piñeiro
297. **BARBANTIA, TERCEIRO ACTO**
Alberto Piñeiro
329. **REVISTA DE LIBROS**
Román Arén/Xoán Santamaría
345. **RELACIÓN DE SOCIOS/AS**

*L*imiar
Xosé R. Losada



A poeta María Mariño naceu en Noia en 1907. Non publicou un libro ata os cincuenta e seis anos. O sentido común da época non o permitía. Este ano a Real Academia Galega, formada maioritariamente por homes, decidiu dedicarlle o día das Letras.

Que fixo posible que no Barbanza da maior parte do século XX a muller estivese discriminada e hoxe goce dos mesmos dereitos que o home? Debeuse quizais ao desenvolvemento industrial da comarca? Ao maior número de comercios? Ao aumento do turismo? Á política urbanística dos concellos?

Digámolo alto, sen complexos. Debeuse, en primeiro lugar, á cultura. A homes e mulleres cultos e ilustrados, no bo sentido da palabra, que alumearon as ideas de igualdade e democracia. E non só iso. Os cambios máis importantes no Barbanza nos últimos tempos débense a eles. O paso da ditadura á democracia. A transformación dun estado centralizado nun estado periférico. A laicización da vida pública. O compromiso ecolóxico.

A maioría deses homes e mulleres, é certo, non eran do Barbanza. Pero tiveron entres os nosos veciños intelectuais que loitaron por adaptar esas ideas universais á nosa realidade local. Rosalía e Castelao, os primeiros. Xente culta, lida e comprometida coa sociedade na que naceron.

Os socios de Barbantia pretendemos seguir a súa estela. Con humildade, sabendo a enorme distancia que hai entre os seus logros e os nosos; pero conscientes de que non se debe baixar a garda. O nazi Goebbels gabábase de que, cada vez que oía a palabra cultura, sacaba a pistola. Hoxe hai formas moi sutís de sacala. Por iso, nada é máis perigoso que a pereza intelectual. E o seu corolario: o desprezo da cultura

Tendes nas vosas mans o terceiro anuario de Barbantia. Ademais doutros importantes traballos sobre a comarca, a maioría das páxinas están dedicadas a María Mariño. Barbantia homenaxea á poeta reflexionando sobre a súa vida e obra. Non é unha cuestión menor. Mesmo no tema da igualdade queda moito por facer. Unha muller no Barbanza cobra un 25% menos por traballar o mesmo que un home. A violencia de xénero aumenta día a día, inmune a slogans publicitarios. Os mozos repiten comportamentos machistas que xa deberan estar desterrados.

Só un cambio profundo de ideas, non de *renda per cápita* ou infraestruturas, pode modificar unha inxustiza social. A cultura é máis necesaria que nunca. Máis que a historia e a tradición. A cultura reflexiona e critica, avanza. Como dicía Kafka: *En tanto que non deixes de subir, non cesan as escaleiras; crecen cara arriba, baixo os teus propios pés que soben*. Non se trata de saber que libros escribiu María Mariño ou de recitar os seus poemas. Non se trata de homenaxeala recoñecendo o mérito da súa obra. Trátase de debater a súa figura, poñela en diálogo co seu mundo, e, sobre todo, co noso. Trátase de ver o que temos diante, e non vemos.

Ese é, segue a ser tres anos despois, o labor de Barbantia. Coa mesma ilusión. Convicción. E esperanza.

*M*úsica e Folclore nas Nacións
sen Estado.

“Ancoradoiro”: Exemplo Sonoro no Barbanza

Eme Cartea

“A Pepe Romero, creador de soños e realidades”

INTRODUCCIÓN

En calquera traballo con pretensións divulgativas, o primeiro a termos en conta é o de nos pór de acordo no senso e alcance da terminoloxía a empregar, acoutando o máis posible os lindes semánticos de cada palabra. Porque se falamos de folclore, folclorización ou folclorismo, todos imaxinamos ter unha idea aproximada do que estes termos queren dicir –de exceptuarmos, claro está, os especialistas–, pero, con todo, se de algo se caracterizan as linguas é de agochar e manipular o seu propio sentido, e máis neste terreo, tan sobado e manipulado, como é o que nos ocupa. Pero a verdade é que, neste eido da cultura popular, quedan moitas lagoas sobre definicións, orixes, evolución, xéneros, interpretación, e as causas e os fins... e, sobre todo, a existencia de enfoques diversos e intencionalidades varias.

Folclore vén do inglés *folklore* <*folk*, 'tradicional', 'popular + *lore*, 'sabedoría', 'coñecemento'). Isto é, conxunto de manifestacións colectivas dun pobo no ámbito dos mitos, lendas, institucións, festas, artesanías, costumes, música, danza, crenzas, indumentaria, literatura, arquitectura, cociña, etc.

Así pois, nunha primeira acepción sociocultural, folclore sería asimilable a cultura popular, tradicional ou, simplemente, tradición.

Vai ser polo primeiro terzo do século vinte cando en toda Europa prende a controversia sobre a orixe, difusión e reprodución da arte popular, vista non só como un obxecto con forma e función determi-



Bailada de Nadal. Castelao

nadas. E isto acaece na medida en que unha sociedade cada vez máis urbana vai usurpando as maneiras de facer e de pensar do que antes fora unha sociedade esencialmente de ámbito rural. España participa deses novos aires investigadores, ao socairo das esixencias propias da metodoloxía positivista (empeñada no coñecemento xeral), e da ideoloxía posro-



Home, boceto para ballet galego. Castelao




Cancionero
Gallego.
E. Martínez
Torner e Bal
y Gay

mántica, que coinciden no tempo coa formación dos modernos estados nacionais e rexións, catalizadores dos novos xeitos de vida das clases populares. En fronte, unha nacente e dinámica cultura urbana, superadora, negadora, e asemade mitificadora, dos que seguen a ser os seus alicerces.

Galicia, como comunidade histórica adormecida durante tres séculos,¹ sente no seu seo o novo agromar das ideas provincialistas, rexionalistas e logo nacionalistas que, dende mediados do s. XIX e ata o primeiro terzo do XX, van conformando o seu ser como pobo, social, cultural e politicamente. E nestes novos aires, de loita activa pola normalidade política, cultural e social, asistimos a unha toma de conciencia do seu legado patrimonial, así como á necesidade ineludible da súa recuperación e transmisión ás xeracións futuras. Camiño truncado, axiña, por un réxime francamente ditatorial, que de novo chapoda o noso incipiente agromar cultural.


Nos primeiros estudos do folclore, tanto críticos coma teóricos, investiuse forzosamente moito de voluntarismo desinteresado, por falta de apoio institucional

¹Os suevos convierten a Gallaecia no reino de Suevia (ano 411) por medio da fusión dos pobos xermánico e galaicorromano. No 585, os visigodos, e no 711, os árabes, convierten a Santiago de Compostela no centro de poder da Nobreza e da Igrexa, que nos leva, con Xelmírez como símbolo, á plenitude dos séculos XII-XIII e XIV nos que "o galego" gozou de plena normalidade. Pero coa doma e castración a partir das loitas irmandiñas (1446 e 1466) e da derrota de Dona Xoana de Portugal, comeza para Galicia o calvario dos Séculos escuros (XVI-XVIII) en que "o noso" quedou relegado a un segundo plano, interrompendo o seu decurso cultural normalizado. E malia o rexurdimento da segunda metade do s. XIX e primeiro terzo do XX, as consecuencias desta marxinação aínda perduran hoxe en día, a consecuencia do franquismo, tanto na lingua coma no resto dos ámbitos culturais.



e académico, reducíndose, na maioría dos casos, a meras recompilacións e traballos de campo dispersos, escasamente teóricos, se exceptuamos os campos da música (instrumentos, agrupacións, cantigas, bailes) de raíz tradicional. Neste eido destacan os xa clásicos **Cancionero Musical de Galicia**, de Casto Sampedro y Folgar, publicado en 1942, e reeditado en facsímile no 1982 con introdución de Filgueira Valverde; o **Cancionero Gallego**, de Luis Bal y Gay, publicado no 1973, e que acaba de ser reeditado, con prólogo de Carlos Villanueva e, por último, o recente **Cancioneiro popular galego**, de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, en sete tomos.²

²Os tres cancioneros, e as reedicións dos dous primeiros, publicados pola Fundación Barrié de la Maza.



FOLCLORE VS FOLCLORIZACIÓN

Como denominarmos esta recreación do noso mundo pasado que un día foi “normal” e que hoxe, co tempo, vemos como “tradicional” Autores hai que defenden a palabra “folclorismo” fronte a “folclore” ou “tradición rural”. Outros estudosos utilizan o termo “folclorización” para designar o fenómeno actual, moderno, urbano, do que foi, e nalgún caso segue a ser, cultura “rural”, (“marítima”), ou “popular”? Digamos xa que, o que poidamos afirmar dunha parcela cultural deste ámbito é perfectamente extrapolable a calquera outra no eido do folclore, igual que se poden emparentar entre si as semellanzas xeográficas e/ou temporais dun mesmo feito demolóxico.

Hai dúas formas de abordar o fenómeno do folclore en xeral que, simplificando,

denominaremos “en negativo” e “en positivo”. Un bo exemplo témolo na lingua galega, en tanto que representa o elemento diferencial fundamental da conciencia étnica do nacionalismo. Pero en Galicia, pola súa coñecida situación diglósica, de conflito lingüístico, do que máis se fala é da *folclorización da lingua*³, que reduce o problema lingüístico, e a lingua mesma, ao ámbito do típico e, polo tanto, do marxinal, en tanto que esta é sometida a un proceso de mitificación e de minorización. Enfoque que nos achegaría a calquera manifestación da tradición, como testemuño dun problema de represión e marxinação, capaz de xerar en nós mecanismos de autoxenreira na valoración e uso do noso patrimonio cultural.

Pero tamén, e coincidindo con momentos de precariedade cultural, o folclore en xeral pode ser visto cunha ollada positiva; isto é, como medio de dignificación e autoafirmación dos valores tradicionais, sociais, e políticos, conformadores dunha determinada conciencia nacional como pobo, fronte á imposición doutras culturas.

A efectos de achegamento crítico, e máis aló do simple labor de recuperación culta da tradición, podemos abordar o coñecemento e estudo do folclore desde tres presupostos ou niveis básicos: *o que, o como e o porque* do mesmo. O


³Un dos maiores teóricos sobre os estudos do conflito lingüístico e a folclorización da lingua é sen dúbida Ninyoles, R.: *Idioma y poder social*, Tecnos, Madrid 1972. En Galicia, Francisco Rodríguez publica, nesta liña, o seu estudo sociolóxico da lingua e da sociedade galega: *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Laiovento, 1976. E un estudo orixinal entre nós e moi interesante sobre o galego como lingua literaria nunha sociedade non normalizada é o de Antón Figueroa: *Diglosia e texto*, Xerais 1988.



Cancionero Musical de Galicia. Casto Sampedro



Gaita galega.
Obradoiro de
Documentación
Musical de Lugo





primeiro relanzo ocupárase dos feitos ou produtos concretos, propios do folclore: un instrumento de labor ou musical, un muíño, un pazo, unha lenda ou canción, unha romaría, un baile, unha fábrica de salga, etc. No segundo descansiño ubicárase a utilización concreta do “obxecto” tradicional recreado: que un carro ou un arado galegos sexan usados con finalidade ornamental; que un antigo pazo estea hoxe destinado a casa rural; que un grupo de gaitas, pandeiretas ou danza tradicional actúe nun escenario dun teatro e non nunha alborada ou fiadeiro... E no terceiro nivel, a intencionalidade desa recuperación, o seu uso instrumental, que en Galicia se identifica, no seu espertar, con motivacións reivindicativas de tipo ideolóxico e/ou político.⁴

FOLCLORE: ORIXE CULTA VS POLULAR

O interese polo folclore é un feito sociocultural nado ao abeiro das ideas

posrománticas⁵ de sobrevaloración das prácticas e vivencias populares en canto tradición. Nesta acepción, o “popular” ou tradicional (a) parece oposto á cultura das clases altas, e cobraría sentido xustamente dentro da oposición dicotómica culto/popular, non sempre ben definida e case nunca suficientemente entendida, dado o seu carácter marcadamente subxectivo e difuso. Con todo, o termo “popular” segue a amosarse polisémico, pese aos diversos achegamentos antropolóxicos, realizados; iso si, desde unha visión urbana moderna, e forzosamente poliédrica.

Pero en todo caso, hai que recoñecer que vai ser no seo desta oposición onde se manifieste, claramente, a atracción polos estudos do legado patrimonial dos diversos pobos. Isto é así porque, máis que falarmos dun referente empírico, situación ou suxeito identificable, preséntanosos coma unha construción tipicamente ideolóxica, con escasa consistencia teórica, aberta a múltiples achegamentos disciplinarios e a variadas conclusións. Aquí, usarémolo nunha acepción folclórica ampla, non só aplicable a un produto en si, senón como un legado tradicional,

⁴O uso da música como “arma cargada de futuro” contra o poder absolutista enfrontado ás liberdades cidadás e á xustiza social non é de agora: a *Revolución dos Claveis*, en Portugal; a *Nova canción galega*, catalá ou vasca, na súa loita contra o franquismo, testemuñan, como exemplo, deste papel de compromiso, sobre todo ético, da chamada “canción protesta”. Pero, ademais, nas nacións que nós denominamos sen estado (Galicia, Cataluña, País Vasco), o folclore en xeral, e a música folclórica en particular, xogan un papel engadido, á parte do festivo e estético, que é o de aglutinador, de conformador de ideoloxía, de compromiso ideacional, e, en definitiva, de “arma” de resistencia e ataque cara á consecución das liberdades e dos dereitos como pobos diferenciados, con entidade política, económica, social, lingüística e sentimental, propias dunha nacionalidade histórica.

⁵Na segunda metade do s. XIX irrompe un novo fenómeno no panorama musical europeo: o do nacionalismo musical, como consecuencia das ideas románticas, dada a súa querenza polo popular (lendas, folclore, melodía). Dáse con inusitada forza no seo das nacementos nacións (Rusia, España...) pola súa instrumentalización política e musical; isto é, utilización da música como arma de concienciación reivindicativa contra o poder, e utilización do pobo concienciado para facer e practicar esa música. Neste intre, a melodía ofrece unha enorme variedade, en consonancia coas múltiples etnias europeas, e o ritmo, esmorecido morfoloxicamente durante o Romanticismo, acadara agora gran importancia ao formar, xuntamente coa melodía, os alicerces sobre os que descansa a música folclórica. Mencionemos a Manuel de Falla, Listz, Sibelius, Brahms, Chopin, Mussorsky...). En Galicia, destacamos o compositor Marcial del Adalid (1826-1881), a Xoán Montes Capón (1840-1899) e a Pascual Veiga (1846-1906), creador do himno galego sobre o poema Os pinos, de Pondal.



ininterrompido, oral, artesán, antigo, rural, anónimo, funcional, propio dun espazo, con variantes manifestas, e portador de valores xenuíños e sentimentais específicos, que definen a idiosincrasia dun grupo étnico determinado.

Defensores uns da súa orixe culta, coas clases populares limitadas ao papel de reprodutores, transmisores e transformadores, no decurso do tempo, desas formas culturais de seu. En fronte, os partidarios de veren na musa popular o espontáneo e primixenio poder creador do seu patrimonio cultural.

Hoxe en día, un novo enfoque, cremos nós, superador parece imporse. Porque mentres que, nun país como Galicia, nación sen estado, persista a confrontación de antropólogos e folcloristas sobre como entenderen "cultura" e "clase social", non enxergaremos unha doada solución. Actualmente, ninguén dubida que entre o mundo culto e o popular-rural, no ámbito preciso da cultura, existen puntos permeables de contacto e transvasamento mutuo. Os pobos, con valores e aspiracións identitarias, social e politicamente expresadas, isto é, con vontade de ser nación autoorganizada, posúen razóns de tipo psicolóxico – sentimentais que impregnan as diferentes capas da sociedade, moi especialmente no ámbito da cultura. O que nos leva a falar, máis ca de cultura estratificada, de etnocultura, permeabilizante por definición, con graos de entusiasmo, iso si, no uso e no consumo segundo o grupo, o momento e o lugar en que se concrete. E que sexan as persoas máis formadas e informadas as que creen novos produtos culturais, non é discutible, se non discutimos que, por un lado, esas

persoas poden pertencer tamén á clase baixa, por extracción ou adscrición ideolóxica e/ou sentimental, e polo outro, que non sempre a ubicación espacial reflicte a separación clara entre as distintas mentalidades, rural e urbana.⁶

A Gaita gallega.
X. M. Pintos.
1853



⁶A constatación, a primeiros do s. XX, entre os estudosos do folclore, das claras relacións entre a música tradicional popular e a culta, levounos a formularse cuestións sobre o problema da dinámica cultural, entre outros os da creación, da difusión e da reprodución. Isto dividiunos entre os defensores da "teoría da recepción" e os partidarios da "teoría da produción". Para os primeiros, e seguindo a idea romántica da creación, o pobo é o creador da cultura popular, espontánea e colectivamente. Para os segundos, o pobo só recibe e reproduce o que as elites, as clases altas, máis formadas, crean. O enfrontamento nace, pensamos, da falsa identificación de "pobo" co mundo rural, máis celoso e conservador das tradicións, e polo tanto máis propenso a ser estudado. Pero nun pobo, sobre todo cando loita polo recoñecemento da súa propia identificación, as clases sociais, altas, medias e baixas, pertencen a unha mesma etnocultura, o que relativiza en grande maneira o problema das orixes da cultura que, por certo, non nace senón que se fai tradicional co tempo no seo e da man da colectividade.



NACIONALISMO, FOLCLORE E IDEOLOXÍA

A folclorización, fronte a folclore, implica antigüidade do produto, apego á tradición, fixación funcional no espazo e no tempo do que antano era cambiante, e unha notable homoxeinización das variantes territoriais. Pola contra, vai ser a etnicidade, ou conciencia de pertenza a unha determinada etnia, o compoñente ideolóxico por excelencia; é dicir que, se o amor á patria dá pé á aparición do folclorismo, é o folclorismo o que vai amplificar o mesmo amor polo país que o sostén, mais con claros obxectivos de carácter netamente reivindicativos. Así, existe relación directa entre folclorismo e colectividade étnica, sexa aldea, parroquia, cidade, bisbarra ou nación, o que en Galicia o vai emparentar coas distintas sensibilidades provincialistas, rexionalistas ou nacionalistas, a partir de mediados do s.XIX e primeiro terzo do XX, no chamado Rexurdimento cultural, social e político.

Facemos fincapé neste aspecto ideolóxico da recuperación do noso legado patrimonial. En Galicia, igual ca en Euskadi ou en Cataluña, e máis aló de razóns éticas, estéticas, ou mesmo económicas, non é desdeñable ver na recuperación e utilización do folclore como tipicidade ou trazo idiosincrático, un forte compoñente reivindicativo, “patriótico”, na conformación dunha nova identidade socio-política e cultural. Identidade que poderíamos chamar de nacionalismo periférico, fronte a unha pretendida nación centralista, renitente sempre ao recoñecemento dos dereitos específicos dos distintos pobos do Estado.

A este respecto, o Prólogo da recente reedición facsímile do Cancionero Gallego de Bal y Gay, traballo de campo de pezas e música tradicionais, realizado en colaboración co antropólogo Martínez Torner, permítelle a Carlos Villanueva, a atribución a Bal y Gay, rexeneracionista natural (partidario no seu día do achegamento á música de vangarda e da ruptura co folclorismo), “un forte compromiso social”, que se reflicte na forma de investigar a historia da música galega: “Buscaba o sentido da galeguidade que non é outra cousa que buscar o esencial do folclore, a identidade dun pobo”. Así pois, a recuperación do folclore, sempre, e tamén neste caso, ao servizo dunha boa causa: a do



Miniatura.
Cantigas de
Santa María.
Gaitas sen
ronco...



galeguismo, presente na sociedade do Rexurdimento e da Xeración Nós.⁷

Ás veces, este uso instrumental do folclore queda agochado polo aspecto estético ou festivo, dependendo tamén da intencionalidade do acto, do momento histórico, etc. Pero o só feito do seu "espectáculo", ten xa esa lectura de afirmación e reivindicación do noso legado cultural, salvo en casos extremos de imposición ideolóxica exterior.

FOLCLORIZACIÓN VS TRADICIÓN

Algo que consideramos extremadamente importante neste terreo é deslindarmos claramente entre o que nun momento da historia era simplemente un xeito de vivir, de pensar, de gozar, de vestir, etc., e que agora chamamos cultura "tradicional", ou "popular", e o que xa, dende a óptica dunha sociedade urbana actual, se converte en cultura popular de segunda man, con usos e intencionalidades ben diferentes ás primixenias. A recreación deste mundo tradicional, lonxe xa do seu contexto vivo, debe supor unha valoración positiva e un claro interese por recuperarmos o que un día foi unha práctica social normal, e que, pasado o tempo

⁷En Galicia, como nación ou nacionalidade histórica, non negamos a loita de clases, ou o enfrontamento entre dereitas e esquerdas. Pero tampouco obviámos a importancia da "ideoloxía interclasista" como pobo, con características étnicas diferenciadas, e claramente manifestas no ámbito da cultura, fronte a outras culturas alleas, que se poden ver como ameazantes, impositivas e negadoras da nosa realidade. Esta é a razón pola que neste ámbito segue a estar vixente a confrontación "españolismo vs. nacionalismo" como primordial razón reivindicativa nun Estado que se di plurinacional, e por tanto, susceptible de desequilibrios asimétricos. E nesta loita, a utilización do folclore, como pegada tradicional, colectiva, xorde como arma importante a explotar no camiño da nosa "identificación" como pobo.

e a súa función, se inserta hoxe nos novos usos e costumes da sociedade actual.

En todo caso, hai que ter moi presente, máis alá de semellanzas de fondo e forma, a dislocación espazo-temporal entre un produto tradicional, e o a súa utilización nun contexto folclórico de hoxe: o que para o primeiro era "vivencia" in situ, sucesión ininterrompida de espazo, función, forma e persoas, para a segunda é "recreación" desa vivencia desde o presente; isto é, desde outro momento distante e/ou distinto. E pode haber coincidencia de lugar, no caso das romarías, por exemplo, pero, quen vai hoxe ao San Alberte por motivacións relixiosas, para rezar, e non a "tirar a tella"? Cantos pazos galegos seguen a manter as súas funcións primixenias e non son xa "casas de turismo rural"? Cantos galegos e galegas levan hoxe pola rúa o traxe tradicional? O carro galego apenas canta polas corredoiras, nin o arado romano de abeacas ara nas leiras tirado por vacas ou bois: os que quedan, son pezas de museo, o que podería considerarse un mal menor, de non sermos demasiado puristas.

Ás veces non resulta doado discernir se un produto é de todo ou en parte folclórico, ou tradicional. Unha canción de fiada pode ser reproducida nun auditorio municipal por unha cantante profesional vestida en Zara; ou pode ser interpretada por unha campesiña, con traxe tradicional, e nun contexto de recuperación do xa esquecido labor do liño, cun escenario levantado *ad hoc*. Un grupo de gaitas, con traxe tradicional, pode dar a alborada nunha festa patronal no medio rural, tocar nunha procesión, ou amenizar unha romaría, con clara continuidade do papel



da música tradicional ou vocal por parte de cantantes ou grupos actuais, na busca dunha maior complexidade técnica da que posuía. Nesta clase encaixa perfectamente a música das Bandas de gaitas, e moi especialmente Ancoradoiro, polo uso específico valorativo e moderno que fai das pezas tradicionais, que somete a un proceso de harmonización e innovación estrutural e formal.

Pero se algo cambia notoriamente, isto é o uso e a funcionalidade deste novo produto folclorizado. Os romances eran narracións de feitos reais. As coplas de cegos, con zanfona, acordeón ou violín, cantaban e contaban nas feiras retallos de episodios e noticias verdadeiras, rechamantes, e a miúdo trágicas. Hoxe, un recital tradicional perdeu a tradicional función de informar. E se queremos comparar entre o que foi tradición viva e o que hoxe é folclorismo puro, vexamos esta nota da Voz de Galicia do xoves, 4 de outubro de 2007, a propósito das festas de San Froilán en Lugo:

"Un espectacular desfile de ganado puso ayer la nota de colorido por las calles de Lugo en la víspera del inicio de las fiestas de San Froilán. Más de unha docena de vacas de raza rubia galega y frisona, una pareja de bueyes, dos burros, varios ponis, caballos, corderos y tres crías de porco celta, junto con dos perros palleiros y un magnífico toro de más de mil kilos de peso, integraron la singular comitiva que a última hora de la tarde recorrió algunas de las avenidas más emblemáticas del casco histórico de Lugo.

"Miles de personas se concentraron para contemplar el espléndido paseo ur-

bano de los animales, organizado por la Delegación Provincial de Medio Rural en colaboración con el Concello de Lugo y diversas asociaciones. Con él, la ciudad quiso 'revalorizar a gandeiría e as razas autóctonas para rememorar aquelas antigas feiras do San Froilán', como resaltó días atrás el delegado Emilio López Pérez".⁹

Temos aquí un claro exemplo de utilización folclorística dun feito tradicional como era a celebración das afamadas Feiras no casco urbano de Lugo, cita comercial e escaparate da contorna agrícola e gandeira da Terra Cha. Pero reducido, hoxe en día, a puro espectáculo visual, festivo e de consumo turístico, no arranque das Festas Patronais, no que desfilan modelos que xa non son, outros

Pepe Romero,
con 10 anos.
Músico xa



PEPIN ROMERO
(De la agrupación Folclórica "OS ROSALES")

que están a piques de non ser, e algúns deles importados hai pouco, ou ben, recuperados in extremis do esquecemento. E todo á maior gloria da Comisión de festas, e dos representantes políticos locais e autonómicos, en plena escenificación ideolóxico-patriótica. Vemos o *que, o como e o porqué* do proceso folclorístico nitidamente representados, paradigma claro de metamorfose formal, semántica e funcional no paso da tradición ao acto folclórico urbano.¹⁰

A GAITA E O GAITEIRO

A Música folclórica, e a súa compañeira inseparable, a danza, é a expresión máxima da identidade cultural dun pobo, elemento diferenciador das súas raíces, e espello da vida e dos sentimentos dos seus devanceiros. A música do pobo e para o pobo, de transmisión oral, procedente dun espazo e dun tempo pasados, susceptible de evolución e de improvisación melódica. Nace como un obxecto funcional, relixioso ou pagán, e polo tanto



Edelmiro
Fernández.
Gaitero

non só estético, asociada especialmente aos duros traballos rurais, artesanais ou a certas profesións, e representa os xeitos de pensar e de sentir de outrora.¹¹

E dentro do riquísimo patrimonio tradicional galego, a Gaita de fol é o Instrumento Rei, símbolo musical da nosa cultura. Orixinaria dos pobos agro-pastorís mediterráneos e asiáticos, mencionada en textos de Alfonso X, do Alcipreste de Hita e de Gonzalo de Berceo, a súa re-

¹⁰A folclorización implica, pois, ruptura temporal e/ou espacial, así como funcional, como vemos neste exemplo. Hoxe é a cidade a que produce folclore, que o leva mesmo ao campo, ao revés de antano. Noutros casos, a ruptura é esencialmente espacial: pensemos na actuación en Ribeira, do Grupo de baile andaluz, das Amas de casa, de Magdalena Bringas, que unicamente podemos ver como propio doutra cultura, esteticamente válido pero alleo á nosa tradición. Poderíamos falar tamén aquí da pretendida afección polas corridas de touros, por exemplo en Pontevedra ou en Noia, pero procedentes dunha cultura foránea á mentalidade do galego (Castelao definiuno maxistralmente: "Lástima de bois"). Ou a actual festa dos "Sanjuerguines" da Pobra, sen encerros pero coas mesmas ganas de divertirse. Ou a "Festa cubana" de Boiro. Ou a "Feira medieval", de Noia, etc. O caso da Festa da Dorna, xa antiga, foi cambiando, sobre todo nos últimos anos con continuas innovacións, que rompen coa festa tradicional, se ben, por outra, parte se recuperou a tradición do Baile de gala, aínda que non a doazón benéfica dunha dorna, que se lle facía a un mariñeiro en situación apurada economicamente.

¹¹Antonio Fraguas conta en *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas*, Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 51; 2ª ed. Sada, 1990, páx. 101: **Fiadeiros**: "Era la reunión de mozas y mozos que empezó siendo una fiesta de labor, la de fiar, lino y lana, y al concluir la labor se bailaba en la misma cocina...Más tarde se buscaba un local...en donde con música de pandeiro y panderetas acompañadas de coplas se hacía la fiesta. Había determinados días en los que aparecía algún acordeonista o un gaitero, mas lo general era la pandereta que iban tocando por parejas...Se bailaba la jota, la muiñeira, el rigodón, el vals, la mazurca, la polca, la danza, el pasodoble y la danza jaló que era la danza húngara conocida con el nombre de *galop*... Podía haber...*cunchas, ferriños y cucharas*. El baile comprendía las fiadas, las palilladas, y hasta los molinos donde se pasaba la noche de molienda". O mesmo podíamos dicir da esfolla, da malla, da vendima, dos canteiros, etc., cada un coa súa variante.



presentación iconográfica aparece xa no capitel de Melide (s. XII-XIII), nas miniaturas das Cantigas de Santa María, e en numerosos lugares da arquitectura galega relixiosa e civil. Todo o anterior a estas datas, só referencias escritas moi vagas ao instrumento e á danza.¹²

Sabemos xa moito da Gaita do fol como instrumento musical, da súa distribución xeográfica, evolución morfolóxica, variantes, técnicas de afinación e execución, uso profesional e social, etc., en procesións, cortexos, romarías, foliadas e bailes. Sabemos da importancia do Camiño de Santiago como alfa e omega, receptor e difusor da gaita por todos os centros marianos europeos, e de que Santiago se converte no centro gaiteril do mundo. Outro tanto sabemos do Gaiteiro, asociado literaria e romanticamente dende antigo a procesións e romarías, a cortexos e foliadas, entre a igrexa e a taberna, sempre presto a "mollar a palleta", alegre, xenuíno, galante, autodidacta, virtuoso, e mesmo artesán de gaitas e empalletados. Pero tamén temos grandes lagoas ao longo da súa historia.

Á parte da moi discutible orixe celta, ata o s. XIX a gaita non sería recoñecida

Os Rosales de Asados. Rianxo

¹²Rodrigo A. de Santiago (*La Música Popular Gallega*. La Coruña 1959, páx. 55) recolle a descrición do xeógrafo e historiador grego da época romana, Estrabón (Geografía, libro III, cap. III, 7) na que parece falar por primeira vez da muiñeira: "Después de beber, los hombres se ponen a bailar, tan pronto en corro, al son de la flauta y trompeta, como saltando uno a uno, porfiando quién levantará más en el aire y caerá de rodillas con más gracia". Suetonio historiador romano, fálanos da promesa feita polo emperador Nerón dunha audición de *utricularium* ("odre de coiro") nuns xogos pola celebración da vitoria. Estamos a falar da gaita? En Grecia, e na comedia de Aristófanes (448-380 a.C.), *Os alcanianos*, pódese ler: "Vós, gaiteiros que vindes de Tebas, soprade no traseiro do can cos tubos de óso", citado por A. Sánchez e E. Montero, *Os instrumentos da música popular*. I: Indo, Vigo 1992, páx. 59.

como instrumento rei, símbolo da música nacional, a pesar de ser un dos instrumentos musicais máis utilizado en Europa os s. XIV, XV, XVI e XVII, como se pode comprobar en innúmeros testemuños literarios, pictóricos e iconográficos. E esta recuperación e valoración da cultura da gaita viría da man dos escritores románticos, dos que un exemplo pode ser Xoán Manuel Pintos, precursor e provincialista convencido, coa súa *A Gaita Gallega* (1853), nun claro ton propagandístico. Mais tarde serían os Poetas da Fala, sobre todo Eduardo Pondal, o Bardo de Ponteceso, "gran poeta da raza" e celtista convencido.¹³ Ata entón, longos séculos de silencio e marxinação, que sumirá no esquecemento parte da súa historia, e que vai provocar unha grande variedade formal nas melodías e nas danzas (muiñeira Ribeirana, muiñeira Montañesa, muiñeira de Chantada, Muiñeira de Noia...), que pode multiplicarse dependendo mesmo de quen leve o traballo de campo, pois unha mesma peza pode ofrecer distintas variantes.



¹³Outros autores galegos teñen falado da gaita e do gaiteiro. Rosalía: "O repoludo gaiteiro"; Curros: "Gaiteiro de Penalta"; Cabanillas: "Gaiteiro de Cambados"; Manuel Antonio: en "Muiñeira", fala do "Vello gaiteiro que tocas...", Lamas Carbajal: "Do novo gaiteiro as vellas..."; Celso Emilio: "No lusco e fusco, pasa un gaiteiro..."; Luis Pimentel: "O roncón no norde..." ...



DE “OS GAITEIROS DE SOUTELO” A “OS ROSALES”

Aínda hoxe se segue a facer música tradicional, de gaitero e tamboril, ou de cuarteto, a imaxe e semellanza de “Os gaiteiros de Soutelo” de Avelino Cachaifeiro e familia, pero 80 anos despois. Na posguerra, porque a represión sobre o idioma e a gaita por parte do réxime (léase Sección Feminina), converte o gaitero e a súa música en produto desvalorizado, “teloneiros” de bandas e orquestras que, “cando cobraba, cobraba o último”, Ricardo Portela dixit.¹⁴ Identificación de gaita con réxime que vai provocar sentimentos de menosprezo e rexeitamento en parte da sociedade. Logo, cando a técnica, o ambiente, as influencias e a reflexión podían xerar novos imaxinarios da man da innovación, houbo quen se se afianzou na liña do purismo tradicional, que hoxe en día defende a Asociación de Gaiteiros Galegos.

Mencionemos algúns dos máis ilustres representantes, gaiteiros e grupos, do que Estévez-Losada denominan “versións recicladas dos Gaiteiros de Soutelo de Montes”. Ricardo Portela (Viascón), Enrique Otero (Lavadores), Os Reparigos do Ferrol, Quinteto Tradicional Muxicas, con “Moxenas” á cabeza. E preto de nós, Os Rosales de Asados. Este grupo, xunto cos de Soutelo de Montes e o grupo Muxicas, forman unha triloxía emparentada pola calidade interpretativa, o tradicionalismo “latino” das súas pezas, máis partidarios da calidade ca da afinación,

¹⁴Ricardo Portela, facho recollido por Milladoiro, enorme gaitero, presidente honorario da Asociación de Gaiteiros, morto en 1992. En entrevista n’A Nosa Terra, nº 378.

contrarios a todo tipo de experimentación e mestizaxe instrumental e temático. Entre os de Asados e os de Soutelo, indicar as semellanzas da voz feminina, e que o grupo naceu como unha extensión familiar: pais, fillos, mulleres, irmás...que fai da necesidade virtude, como logo vai ocorrer numericamente nas Bandas de gaitas. Nos tres casos, Avelino Cachaifeiro, José Romero e Nazario González representan a esencia do gaitero tradicional: intérpretes e mestres formadores de novas xeracións, modelos a imitar e a emular. De Xosé Romero, sabemos por J. A. Durán: “José ha sido siempre, antes que nada, un extraordinario e intuitivo ejecutante; un creador que –dentro de sus posibles– revolucionó el papel de la gaita en la fiesta”. E o propio Xosé Romero fálanos da “erótica da gaita” nestas palabras: “¡Eu agárrome da gaita! ¡Cólloa como se colle un rapaz! ¡Síntoa por todo o corpo como se sente unha moza! Fala. Eu téñoa por moi completa e distinta dos demais instrumentos”.¹⁵



Os Gaiteiros de Soutelo

¹⁵J.A. Durán: *CRÓNICAS-4. Conflictos de hoy, historias románticas y diarios modernos*. Akal bolsillo, 1986. páxs. 185 e 195. Capítulo dedicado a “El cambio en la fiesta popular (Historia de José Romero, el Gaitero que creó “Os Rosales”. páxs. 184-198. Interesante polo que se di e polo que se intúe sobre as peripecias da gaita e dos seus intérpretes nesta difícil época.



Sabido é que un produto folclórico que se limita a imitar o vello sen innovar acelera o proceso folclorístico do mesmo, o que vai afectar ao funcionamento da cultura popular no seu conxunto, sometida a un mero exercicio de fetichismo etno-arqueolóxico destinado ás teas de araña de arquivos e museos.¹⁶ No outro extremo, e en casos extremos de ideoloxización, a creación e/ou uso de parcelas da cultura popular con fins non estéticos e de lecer, tampouco contribúe á súa posta en valor en si, pero pode chegar a supor un revulsivo contra vellas e equivocadas inercias. Pensemos no uso da *Nova canción galega*, en tempos da transición política, que foi percibido e utilizado máis como unha arma cargada de futuro e compromiso contra a ditadura (recordan? “abaixo a dentadura”, do vello *Can de paleiro*, de Bibiano), que coma obra de raíces populares, estética e transcendente.

Galicia, país de historia alienada e confiscada fala, sabe moito de interrupcións forzadas no seu desenvolvemento normalizado. Na lingua, a diglosia; na música, un uso alienante do seu instrumento máis representativo. E cando a cadea da continuidade innovadora se rompe, prívase nos de modelos que imitar e emular, reducidos a meros actos individuais e illados, carentes de suficiente tecido social. Non é de estrañar, polo tanto, que os cidadáns con certo sentido da ética e da estética lle desen as costas a esta música, relegada ao rol de recheo e comparsa. Lonxe quedaba o seu prestixio gañado en catedrais, misas, procesións, enterros e festas populares! E neste contexto de autopenreireira, a gaita sobreviviu grazas ao

esforzo e á paixón de gaiteiros coma Ave-lino, Romero, Moxenas ou Portela. Todos grandes e sacrificados Mestres dunha arte socialmente minorizada!

NOVA CANCIÓN GALEGA E FOLK: MORTE E RESURRECCIÓN DA GAITA

En paralelo co uso e abuso da música folclórica, temos que esperar ata o 1969 para vermos un novo xeito de facer música popular. Estamos a falar da *Nova canción galega*, coa aparición de “Voces Ceibes”, e o Movemento Popular da Canción Galega, presentado no pavillón de Santiago o 3 de marzo do 1975, con influencias, entre outras, da Nova cançó catalana, do bretón Allan Stivell, dos irlandeses The Chieftains, ou do grupo francés Malicorne. Na liña marcada por José Afonso (*Zeca*) en Portugal, quen, o 10 de maio do 1972, canta “Grándola, vila morena” no comedor do Burgo das Nacións, en Santiago, concerto ao que temos o privilexio de asistir. Música non folclórica, pero de fondas raíces populares, mesmo medievais. Música sen folclore, que cambia a gaita pola guitarra, e de forte contido político, ao servizo, igual ca no Rexurdimento, da loita polas liberdades. Este movemento renovador, que nese intre nos homologa co resto dos países, vai comezar a esmorecer aos dez anos, xunto coa ditadura que combatía, quizais por un exceso de contido máis ético e emotivo que estético, polo seu carácter elitista, por non ser música feita polo pobo e para o pobo, e pola censura e divorcio cos mass media (en contraste cos apoios outorgados a outras opcións menos críticas como Andrés do Barro, Juan Pardo

¹⁶Antón Figueroa: Diglosia e texto, páxs. 12-13.



ou Ana Kiro). Manolo Rivas explica así: “Non había exilio máis doente que o interior, que a canción silenciada. Canción para o pobo sen pobo, mensaxe sen meio (...) Cando non deixan existir, estalan as tensións na propia casa. E en “Voces Ceibes” estalaron ben pronto...”¹⁷



¹⁷Manolo Rivas: “Unha historia da canción galega” en, *Historia e futuro da música e a canción galegas*. Ed. Rueda, A Coruña, 1980, páx. 18.

Neste movemento, e en escaso tempo, asistimos a cambios importantes: o paulatino abandono da palabra musicada, omnipresente en Voces Ceibes, e o progresiva implantación do modelo de música instrumental, xa na liña do que se facía “nos países celtas”, e á que Galicia se suma por primeira vez “como país irmán”, e que vai dar nacemento á música Folk “galega”, de cantautor e de grupo.¹⁸ Pero aquí prodúcese ademais outra consecuencia de gran valor para o noso estudo: xunto coa zanfona, o acordeón, o violín, etc. REGRESA A GAITA aos escenarios, con forza, esta vez xa sen connotacións pexorativas, desprovista dos estigmas de instrumento menosprezado, redimida do seu recente pasado reprobatorio. E faino con sonoridades do noso xenuíno folclore, con letra do cancionero popular, dos nosos poetas e da nosa tradición, mais tamén da man do prestixio acadado en “terras alleas”, que a vai levar ao recoñecemento nacional e internacional.¹⁹

¹⁸Con *Fuxan os Ventos* como transición, entre a canción protesta e a comercial, entre grupo vocal e grupo folk, que non emprega a gaita ata o final da súa andadura. Logo, un dos primeiros e máis importantes grupos, *Milladoiro* (1978) nado da fusión de Faíscas do Xiabre con Seoane e Romani, tradicional e atlántico, culto e popular, artesán da música clásica, galegos universais. Despois, *Na Lúa, Luar na Lubre, Carlos Núñez, Berrogüetto, Budiño*, es gaiterías *Cristina Pato* e *Susana Seivane*, etc. Sen esquecermos a *Luis Emilio Batallán* (que por primeira vez usa a gaita cunha sonoridade non folclorizante), *Emilio Cao* (arpista e precursor do celtismo), *Amancio Prada* (zanfonaista e músico-poeta). Moi aconsellable a excelente aproximación de Xoán Manuel Estévez e Óscar Losada, *Crónica do folk galego. 25 anos de historia*. Ed. Tris Tram, Lugo, 2000.

¹⁹Estévez-Losada: “Eran tempos de liortas dialécticas, nos que a sempiterna gaita non as tiña todas consigo na procura dunha sonoridade universal e con identidade propia (...) recuperar os nosos sinais de identidade era recuar no tempo, e paradoxalmente buscar un novo horizonte, novidoso, estimulante”. Nesta liña, aparece o disco de Luis Emilio Batallán *Ahí vén o maio* (1975), con poemas de Rosalía, Curros, C.E. Ferreiro, Cabanillas e Cunqueiro, onde soa “unha sorprendente gaita na instrumentalización, utilizada por vez primeira cunha sonoridade non folclorizante”. Op. cit. Páx. 17.

Voces Ceibes

The Chieftains



O senso das recentes palabras de Xosé Manuel Budiño: "Antes ninguén cría na gaita e esta profesión no tiña futuro, mais agora a mocidade identifícase con

este instrumento e procura unha música tradicional que sente como propia"²⁰ debemos entendelo á luz deste feito, entre outros.

Cartel 1º Festival do Mundo Celta de Ortigueira. 1978



IRRUPCIÓN DAS BANDAS DE GAITAS. ANCORADOIRO

Por outra parte, década dos 80, coa transición política e social afianzándose, no intre en que a canción protesta esmorece, e que os cantautores e grupos folk inician a súa andadura, asistimos asemade á aparición dun novo fenómeno no eido da música tradicional pero sen tradición: o do nacemento das Bandas de Gaitas en Galicia...e no Barbanza, en especial con Ancoradoiro, en Ribeira e, máis tarde, con Suevía, no Son.

Fagamos memoria. Despois das dúas formacións, Os Chaveiros, de Francisco Landín (Marín), e do grupo de mulleres Follas novas, de Ribadeo, que non crearían escola, no 1978 nace o *Festival Celta de Ortigueira*,²¹ da man de Javier Garrote, mestre e fundador nesta época da primeira Banda de Gaitas tradicional, aínda chamada Escola de Gaitas de Ortigueira, con vinilo incluído, e que entón se denominou

José Afonso, Zeca



²⁰Afirmación recente, que recolle Estévez-Losada, op. cit. Páx. 197.

²¹"Música celta" fai referencia á música dos pobos de tradición celta, máis ou menos común: Irlanda, Escocia, Gales, Cornualles, Illa de Man, Bretaña, Asturias e Galicia. Existen diversos subtipos de "música celta". Galicia é asimilada a esta corrente principal a partir dos anos 60, e organiza desde o 1978 o *Festival celta de Ortigueira*. Dentro da música folk galega destacaríamos a Milladoiro, Luar na Lubre, Berrogüeto, Susana Seivane, Carlos Núñez, etc. Pero, de atérmonos con rigor á Historia, nin os territorios célticos son só celtas, nin o celtismo se limita a estes lindes, nin a gaita é exclusiva destes territorios. Hoxe englobaría tanto a música tradicional como a popular porque, máis que un xénero, viría sendo unha marca comercial da industria discográfica.



un “cuarteto dilatado” ou “multiplicado”. No 1977, Xosé Lois Foxo funda en Barcelona a Escola de Gaitas e Danzas Galegas, e unha banda de gaitas tradicionais en Sabiánigo, no 1979. En Galicia asistimos á proliferación espontánea das Escolas de Gaitas e Percusión municipais, feito dunha gran transcendencia para o noso instrumento, por canto o ensino do mesmo pasa de ser fundamentalmente autodidacta, individual e emulativo, a ser masivo e regulado, con graos na aprendizaxe, e unha certa metodoloxía. Son momentos de certa desorientación, dadas as carencias pedagóxicas da maioría do profesorado, amais da falta de recursos e material de apoio didáctico e, incluso, dunha idea precisa nos obxectivos a acadar. Reconversión, pois, do Mestre gaiteiro en Mestre formador. Nin tan sequera o nome era común para estas escolas, que, en Ribeira, o seu profesor o seu profesor, Pepe Romero²², bautizaría nos inicios como “Centro de ensino de música tradicional”. Nin a finalidade era común, pois nalgúns sitios a meta era a creación dunha Banda (caso de Xarabal), mentres que noutros, como Ribeira, aspiraba a ser escola de formación de gaita e percusión.

Certo que as **Bandas de gaitas** non xorden premeditadamente. Pero aí están, mesmo con avances técnicos no instrumento, como é o sistema temperado nos punteiros de Corral e Seivane, a fin de levar a gaita aos escenarios, como un ins-

trumento sinfónico máis. Entre as causas do seu nacemento, estarían:

a) Desexo de facer rendible, por parte dos Concellos, o traballo das Escolas. b) Dar saída ao numeroso grupo de gaiteiros formados nelas. c) A posible influencia das Bandas de Gaitas escocesas, presentes xa nos festivais de Ortigueira, influencia que Pepe Romero nega como imitación consciente e directa, pero que podía estar xa no ambiente dun xeito difuso (Ortigueira, Garrote...) e que coincide, iso si, temporalmente co feito diferencial ourensán). d) Desexo confeso de prestixiar o instrumento e a súa funcionalidade. e) Aproveitamento dos grandes avances técnicos musicais e instrumentais (dixitación, anotación, composición, afinación...) para mellorar a gaita e a súa música, amais da incorporación de novos instrumentos.²³

Innovación, e tamén unha certa desorientación, consubstancial co carácter pioneiro desta nova realidade, que supón cambios ostensibles en comparación coa música de cuarteto (ou quinteto ou sexteto). No **grupo tradicional**, o espectáculo é moito máis participativo, espontáneo e aberto ao público, que en gran medida interactúa cos executantes, establecéndose unha sorte de comunión afectiva en canto que a performance é coñecida de antemán. Por outra parte, os criterios estilísticos non son determinantes, a música é lineal, repetitiva (destinada ao baile, ou á alborada), pode incluír o canto, e a técnica da execución permite grandes doses de improvisación e virtuosismo, tendente ao lucimento individual e á expresión líri-

²²Pepe Romero, fillo de Xosé Romero e de Maruxa (a voz do grupo Os Rosales), é chamado polo entón alcalde de Ribeira, X.A. Ventoso Mariño para dirixir a “Escola” de gaita e percusión municipal no ano 1983. Dous anos máis tarde, nace Ancoradoiro que, para subsistir, crea a Asociación Cultural do mesmo nome, dirixida por pais de alumnos e polo propio Director, e que, a data de hoxe, segue viva pero inactiva.

²³Antón Corral: Anuario da Gaita nº 5. 1990; páx. 6.



ca do sentimento da terra. Todo isto froito dunha formación autodidacta por imitación e emulación dos grandes mestres gaiteiros, familiares ou non.

Ancoradoiro nos
eus comezos.
1990



Nas **Bandas de gaitas** cambia esencialmente a organización melódica e a técnica. Búscase o efectismo, a sonoridade, os efectos dinámicos propios da música sinfónica, onde o gaiteiro deixa de ser libre e devén "organizado", suxeito do/ao grupo. As Bandas aportan un sistema de notación (privativo) e de articulación ou ornamentación, que aparecen xa reflectidos nas partituras.²⁴ Prescinden do canto

²⁴Reivindicación longamente demandada e necesaria para o ensino-aprendizaxe nas novas Escolas de Gaita foi a da elaboración dun Sistema de Escritura para Gaita Galega. Con esta finalidade, créase unha Comisión, formada por Xaime Estévez, Carlos Núñez, Pepe Romero, Anxo Pintos, Tiano Labraña, Xabier Carro e Raúl Galego. Dous anos de discusións no colexio La Salle de Santiago (1992-93) sen final feliz, pero con publicación clandestina no Anuario da Gaita. Neste labor traballa arreo tamén a Asociación de Gaiteiros (Melide, 1989). Outros métodos clásicos son os de Casto Sampedro e Folgar, *La gaita*, no Cancionero Musical de Galicia (1942); V. Cobas Pazos, *La gaita gallega (Esbozo de un estudio)*, Santiago 1955; R.A.de Santiago, *Método completo de gaita*, Vigo, 1964; *Manual práctico de la gaita gallega*, Madrid, 1971; E. Otero Covelo, *Leccións de gaita*, Vigo 1978; Miguel de Santiago, *Método de gaita por cifra y música*, Santiago 1978; Xaime Estévez, *A Gaita no eido da Música*, Ed. Centro de E.M. Mayeuisis, Vigo, 1987; Xaquín Xesteira Losada, *Método de Gaita*, V.I., Ed. Cumio, 2007.

e da danza. A percusión é a "universal", parche de plástico de tensión media. E, canto aos novos instrumentos, aínda que non inicialmente, vaise logo vendo a necesidade de ir integrándoos segundo as esixencias das pezas: acordeón, teclado electrónico, percusión latina, timbais sinfónicos... dependendo de cada momento e grupo.²⁵

Nas actuacións das **Bandas de gaitas**, establécese un rixido xogo de roles que van facer que o espectáculo se peche e limite a participación espontánea e directa do público. Nestas representacións, o espectador está presente sen xa coñecer previamente todo o que vai oír, en silencio e expectante, igual que na música clásica, pendente da excelencia técnica da execución, ou impactado polas "novidades" do produto. Isto é o que ANCORADOIRO denomina "música concertante". Avelino Cachafeiro, adiantado en moitas cousas, xa soñara con levar a gaita á Universidade. Ancoradoiro apostou por levar a gaita das carballeiras ao escenario. Isto é, facer música para ser oída, para escoitar, lonxe de desfiles e pasacalles, sentíndose e actuando como protagonista principal do acto, sexa ao aire libre, en auditorios ou teatros. Sen antecedentes, as Bandas de gaitas abrollan como unha "aportación dos tempos", en palabras de Pepe Romero, como un

²⁵Na década dos 70 e inicios dos 80, as carencias formativas eran enormes. Por primeira vez en 1971 a Gaita pasa a ser estudada no Conservatorio Municipal de Vigo. A isto, había que engadir a falta de instrumentación, tanto nas Bandas coma nos grupos folk, polo que os músicos estaban obrigados a importar os instrumentos do estranxeiro, sobre todo de Inglaterra. E isto pese ao gran labor do artesáns como Xosé M. Seivane (primeiro en Ribeira de Piquín e logo en Tambre), e Antón Corral que en Lugo, e logo en Vigo, no seo da Universidade Popular, por onde pasaron ilustres figuras da música: Carlos Núñez, Anxo Pintos, Budiño...



novidoso e necesario “aggiornamento” no folclore galego.²⁶

AS GAITAS DA DISENSIÓN²⁷

Hoxe en día, é notorio que en Galicia conviven tres modelos opostos á hora de entendermos a Gaita. Por un lado, os gaiteiros da escola de Xosé Lois Foxo, director da Escola Provincial de Gaitas de Ourense, partidarios dunha filosofía, unha técnica instrumental, e unha estética manifestamente escocesas. Polo outro, os defensores da vía tradicional, fundamentalmente enraizada na cultura oral do noso país, en torno á Asociación de Gaiteiros Galegos. E no medio, Bandas de Gaitas, tipo Robaleira, Xarabal, Augas de Xuntanza, Ancoradoiro e Suevia, por mencionarmos algunhas das máis representativas.

Para o colectivo en defensa da Gaita (CDG), a experiencia das “Bandas marciais” ou “escocesas” é un engano sistemático e intencionado ao pobo galego,

²⁶Tomamos o ano 2000 como referente, e podemos ver que na *Guía Cultural* da Xunta de Galicia: “Teatro, música e danza de Galicia 2000”, aparecen inscritas ao redor de 100 Bandas de Gaitas en Galicia. E non están todas as que entón eran nin moito menos hoxe son. Con todo, un número respectable, que testemuña da importancia deste fenómeno musical, cun esplendoroso presente e cun incerto futuro. Sen contarmos as Bandas da emigración no resto de España e nos cinco continentes. O tempo e a peneira do pobo dirán.

²⁷Guerra incruenta pero a morte, entre os defensores da liña tradicional (Asociación de Gaiteiros Galegos) e os defensores da “Gaita marcial” (Asociación Galega de Bandas de Gaitas), personificada en Xosé Lois Foxo e a Deputación de Ourense, pese ao armisticio asinado en Mos en 1995 por Fernando Dopico (Presidente AGBG), Hipólito Cabezas (Presidente Assoc. Bandas de Gaitas de Pontevedra) e L.E. Correa, M^a X. López e C.L. Peixoto (CGG con Conciencia). Testemuñada ata a saciedade nos mass media, remitimos, porén á revista *Na Gaita*, os *Cadernos A Nosa Terra de Pensamento e Cultura n^o 20*, ao *Anuario da Gaita*, da Escola Provincial da Deputación de Ourense, ao capítulo “A guerra das gaitas” do libro de Óscar Losada Castro, *Alento de Gaita*, Ed. Toxosoutos, 2000.

e unha agresión á identidade cultural e musical de Galicia. E, encima, con financiamento público de institucións e organismos oficiais. En concreto, criticánlle: a gaita “grileira” en RE, con tres ronquetas en vertical, e fol rectangular; a percusión de bombos, mazas e tambores “Premier”, en plástico de alta tensión, tipicamente escoceses na morfoloxía, nos ritmos, no son, no xeito e na técnica de execución; o saio da vestimenta para homes; a estética de corte militar; e os ritmos, repertorio, técnicas e formación alleos á nosa tradición.²⁸

O CDG fala de auténtico proceso de colonización musical, e considera unha falta de respecto e unha traizón a adopción de formas e modelos alleos, dende a ignorancia, complexo ou afán de lucro. A frase de Foxo, nun cruzamento de acusacións, tachando ao mestre Seivane de “culturalmente humilde”, e cando admite ter sentido vergoña de asistir ao Festival de Lorient con “traxiños folclóricos e coas súas “gaitiñas”, poden darnos a clave dese intento de “dignificar” a nosa tradición a través do modelos “alleos” como é o “celtismo”. Habería que dicir, quizais, que non hai dignificación posible á marxe dos nosos valores identitarios. E que, en todo caso, se Galicia pertence ao mundo celta, no que non todos coincidimos, debe facelo co que ten e co que é; a saber, co

²⁸O propio Foxo, pertencente no seu día á AGG, e expulsado dela, xustifica a súa postura, entre outros, no artigo “Antecedentes históricos da formación da Banda de Gaitas Galega” publicado en *Cadernos A Nosa Terra*, 20, páx. 32-33. Aporta, segundo el, xustificacions históricas deste cambio da morfoloxía da gaita, a vestimenta e a percusión. Pero acaba o artigo dicindo que esta xustificación histórica non sería necesaria “xa que se trata dunha formación nova no contexto da música galega; paralela ás agrupacións folclóricas de gaiteiros, grupos de baile tradicional, grupos folk ou calquera outra variante existente no contexto da música de Galicia”.



seu propio legado cultural. E o que parece menos comprensible, é que todo isto se faga, baixo a proclama da "recuperación e afianzamento dos xéneros máis xenuínos da música popular e tradicional da Galicia, traducidos no instrumento Rei de Galicia: A GAITA GALEGA".²⁹

Real Banda de Gaitas. Ourense



A GAITA GALEGA HOXE AO SON DA ESTÉTICA DA RECEPCIÓN

Trataremos de achegarnos ao fenómeno actual das Bandas de Gaitas á luz da moderna teoría da Estética da Recepción, vinculada á escola de Constanza, e ao seu gran teórico Hans Robert Jauss,³⁰ facilmente extrapolable do ámbito da literatura ao da música tradicional. Falamos xa dos modelos alleos e/ou distantes na cultura, e da recuperación, creación e recepción do folclore en situacións de baleiro prolongado no tempo. Pero, que sucede cando se importa un modelo foráneo, sen precedentes culturais? Vai poder, a sociedade receptora, aceptalos como seus?

²⁹Parágrafo recollido do Regulamento do Campionato da Liga de Bandas de Gaitas.

³⁰Hans Robert Jauss: *Pour une esthétique de la réception*. Bibliothèque des Idées. Ed. Gallimard 1978. Con prólogo de Jean Starobinski.

Para H. R. Jauss, a persistencia das tradicións, isto é, a súa creación e recepción, só é posible a través de mutacións e reconstrucións, nas que xogan un papel histórico determinante, non tanto os autores e as obras, senón os receptores: son estes os que "acollen as obras, gozan con elas, xúlganas e, eventualmente, recoñécenas ou rexéitanas, elíxenas ou esquécenas", en clara función de escolla e criba crítica. E isto é posible porque unha obra non pode romper totalmente co seu pasado, senón que debe inserirse nunha tradición, nun xénero, que en parte o receptor normal coñece, salvo naquilo que a obra engada como novidade estética. Serán, pois, estes "efectos poéticos novidosos", unha vez aceptados polo pobo, e polo tanto inseridos de novo na tradición, os que fagan que esta avance diacronicamente, e perdure no tempo. Certo que entre o presente e o pasado ten que existir unha certa tensión estética. Pero, que pasa cando este novo produto cultural transgride, rompe a sabendas o "horizonte de espera" do receptor?³¹

Nesta situación de desorientación, a amplificación estética pode verse afectada negativamente por un exceso de "novidade". O perigo está en querer encher baleiros pasados con formas non xenuínas nosas, alleas á nosa cultura popu-

³¹O "horizonte de espera" ("horizon d'attente") viría sendo a experiencia que o "público" ten do xénero desa música que se presta a escoitar. O problema aparece cando o que se escoita excede a marxe necesaria de innovación estética: neste caso, córrese o risco de que ese espectador non sexa capaz de recoñecer, de assimilar, e de homologar como propio o espectáculo que se lle ofrece. Parece evidente que, diante dunha Banda Marcial, o desconcerto sexa a reacción normal, se nos atemos ao horizonte do que xa oíu (experiencia acumulada) e do que está a oír (produto demasiado innovador ou importado doutra cultura).



lar, mitificando outros tempos ou outras xeografías foráneas a nós: pertenza a unha pannación celta no ámbito musical, esquecendo a nosa propia evolución, importando un modelo cultural alleo. Isto é o que está a suceder coas “gaitas de guerra” escocesas, e coa conseguinte “guerra de gaitas”, sen posibilidade de solución a curto prazo. Polo tanto, e á luz desta moderna teoría, será o decurso do tempo o que vaia peneirando estes aparentes excesos. E de acordo co modelo estético da recepción sinalado, o problema non está xa tanto na produción dese modelo, senón en como o pobo normal, receptor e divulgador por antonomasia, vaia vulgar este novo produto, estraño á experiencia previa que ten dese xénero musical.

Hoxe por hoxe, sen a pátina necesaria da antigüidade, non somos quen de saber se un día o “fenómeno ourensán” chegará a integrarse como algo propio na nosa tradición. Poida que as Bandas de Gaitas “normais”, con todas as súas peculiaridades, o teñan máis doado. Porque, como sostíña Baudelaire,³² a proba do algodón de calquera “modernidade” válida pasa por que un día, máis ou menos distante, poida ser e sexa aceptada como “antigüidade”. No caso das “escocesas”, “militares”, “marciais” ou “marcianas”, importadas *ad pedem litterae*, quizais que estean

gañando a batalla mediática actual. Pero o que é a guerra do futuro...³³

BANDA? DE GAITAS ANCORADOIRO

Dito o cal, sabemos que, no “universo folclórico”, calquera nova manifestación cultural, sexa danza, canción ou peza musical, non aparece *ex novo*, senón como un mosaico de citas e de influencias intertextuais ao longo do eixo da tradición, e que son comúns a todos os membros dunha mesma colectividade etnocultural. Presentado así o problema, hai que dicir que **Ancoradoiro**, de Ribeira, sendo unha Banda de gaitas, pouco tivo que ver xa ao inicio coas “marcianas” de Ourense, e nada ao final da súa andaina de 15 anos. Dunha altísima calidade, contrastada en todos os concursos en que participou,³⁴ loada pola crítica especializada, aclamada con fervor polo público, sempre se caracterizou ademais, e de aí proveña quizais a súa progresión musical, por un excelente ambiente de empatía, amizade e respecto entre os seus compoñentes, Director incluído, esixente mais por outra parte sempre comprensivo. Todo isto,

³³Desta opinión participa Xosé Ferreirós, músico de Millaadoiro. Á pregunta de “que fai que unha peza musical entre ou non a formar parte da tradición”, contesta: “...o marchamo? ponllo a xente, se lle gusta vaino tocar outro gaiteiro que está en Foz ou Becerreá. Por que? Porque se senten identificados con esa música e pasa a outras xeracións. Uns temas pasan e outros non, hai como unha peneira na mesma xente que se non asume unha peza nunca pasará a engrosar o acervo tradicional”. *Cadernos A Nosa Terra* nº 20. Páx. 29.

³⁴Campionato Provincial de Bandas de Gaitas, ano 1992. Campionato Nacional de Bandas de Gaitas, ano 1992. Primeiro premio no I Certame de Bandas e Grupos de Gaitas da Consellería e da TVGA, *Con música propia*, ano 1995. Conta, pois, os premios por participacións en concursos, o que fala ás claras da súa valía.

³²Charles Baudelaire: *Oeuvres*, Paris, 1951, páx. 875: “que toute modernité vaille vraiment de devenir un jour antiquité”. H.R. Jauss, op. cit. Páx. 203.



Ancoradoiro.
Foto do Grupo.
Ribeira 1998



xunto coa continuidade no tempo, é o que vai propiciar, sen dúbida, o alto grao de calidade acadado.³⁵

Ancoradoiro, exhibe un repertorio que reza: "Música tradicional. Música de Autor. Temas Propios". E á hora de interpretar, fai unha música "de forte inspiración tradicional, aínda que non exenta de certa experimentación innovadora", pero "sempre enmarcada nunha concepción musical clásica chea de imaxes sensoriais e poéticas". O que vai significar que o seu labor marcoulles a liña a seguir, conceptual, temática, técnica, e esteticamente a moitas das Bandas do panorama musical

³⁵Valla como exemplo a Carta que Pepe Romero lles dedica a todos os compoñentes, inmediatamente despois de gravar o segundo CD, *Sui Generis* (1998) e que titula "CON LICENCIA (Crónica dunha realidade)", publicada en Na Gaits nº 2, 1998, xunto coa portada de *Sui Generis* e un estudo sobre el. Despois de reparar en clave de humor, pero moi en serio, as distintas Seccións da Banda (Bombeiras, Pandereteiras, Tambores e Gaiteros, e de subliñar o mellor de cada unha, acaba dándolles as grazas emocionadas, e recordando a frase a miúdo repetida no grupo: "estar en Ancoradoiro non é só facer música, é unha forma de vida", e rematar cun "Gracias RIBEIRA, gracias ANCORADOIRO. Se non medrardes tanto, isto non remataría nunca".

galego, e máis a aquelas que, coma ela, optaron pola liña da innovación sen rupturas coa tradición.


Ancoradoiro, como Banda, saca en 1992 o seu primeiro disco, interpretado por 23 músicos, *Andaina*, pioneiro en Galicia. Oito temas que inclúen pezas clásicas do folclore e outras de autor.³⁶ Canto ao contido, o propio Director augura que "este traballo cubrirá un baleiro que se establece entre a música de Milladoiro e as composicións estritamente tradicionais".³⁷ Seis anos despois, sae *Sui Generis*, con 15 gaiteros e 12 percusionistas. Traballo que, sen renunciar á tradición, mestura influencias da música portuguesa, irlandesa e francesa, para rematar fundido coa

³⁶Os oito temas son: "Alborada de Celanova" de Francisco Landín; "Recolleita", tradicional do cancionero Casto Sampedro; "Canta rula", tradicional; "Lixeiriña/Mulatiña" e "Paxariños", de Xosé Bandín; "Santiago", de Shaun Davey, e "Iriadona" e "Balada para un gaitero e outras fantasías", do propio Pepe Romero. Gravado en SoniarTE, e distribuído por Tecnosega.

³⁷La Voz de Galicia, 12 de abril de 1992. (a tradución é nosa). Xa entón, toda unha manifestación de intencións de cara a onde Ancoradoiro se encamiñaba, sendo aínda formalmente unha Banda de Gaitas.



Andaina. Portada
disco. 1992




Orquestra de Cámara de Aguiño na lenda de María Xelda.³⁸ Título non casual, froito

³⁸Once temas: Danza das cacharelas, Marron Glacé, Pa-sarrúas do Seixal, Suite do Alcacén, Vilamar, Alfándega, Suite da lamprea, Outono do arrieiro, Suite France, O Castelo da Lúa, e María Xelda. 23 melodías dispersas en muiñeiras, jotas, alboradas, polcas, mazurcas, marchas, vales e ata unha fantasía en tres movementos. Con colaboradores de sona: Orquestra de Cámara de Aguiño, Mara Sánchez (voz), Carlos Vázquez (timbal), X.M.Sánchez (bodhran), Roberto Grandal (acordeón), Gustavo A. Barcia (contrabaixo), e o Grupo folk, Crema de Gaita). Con debuxos de Pilar Ageitos. En con fermosos textos cabeceiros de cada peza, de Pepe Romero, Cartea, Pedro, Juancho e Adrián. En Edicións do Cumio e distribuído por Distribucións Arnoia.

dunha evidente evolución artística, que vai estremar a innovación ata os lindes da transgresión. Mellor ca nós, resúmenolo Javier López, nun texto pensado para acompañar o CD.: “A singradura desta formación acolle moitos compañeiros de viaxe de diverso carácter e procedencia: a propia constitución como banda e as súas moitas posibilidades aínda por explorar, o estilo concertante, a variedade tonal, as “especies” doutros timbres instrumentais, o senso orquestral nos arranxos, a percu-




Sui Generis.
Foto grupo



sión dialogante, o folk que naceu a partires dos anos setenta...; un xogo onde as

únicas regras son investigar e experimentar desde o noso propio legado musical, sen referentes unívocos e inflexibles”.³⁹

Sui generis:
Portada Disco.
1998



Sui Generis vénnos demostrar que os lindes musicais dunha Banda de Gaitas eran demasiado estreitos para Ancoradoiro. De feito, a “crise de crecemento” estaba a punto de estalar. Crecemento en

³⁹Javier María López Rodríguez, Profesor de música de Secundaria. O escrito comeza coa frase de Julio Cortázar en *El perseguidor*, “Estoy tocando esto mañana”, que ilustra moi ben o sentido deste segundo traballo musical de Ancoradoiro. Texto entre crítico e laudatorio como corresponde a algo pensado para acompañar o libriño do CD, e que, aínda que non saíu, recolle magnificamente o sentido e as connotacións musicais do mesmo.



idade, en sabenza, competencia e habilidade.⁴⁰ O 29 de decembro, ás 5 da tarde, en asemblea xeral, despois dun lento e longo proceso de “conxelación”, acórdase rematar coa actividade musical, se ben a Asociación cultural continuaría como tal. E outro dos acordos deixaba aberta a posibilidade de emprender un “único e aínda indeterminado proxecto musical” para o que se abría un período de reflexión individual a fin de sumarse, ou non, a el. Últimas boqueadas dun proxecto que foi ilusionante e fértil e que loitaba por non desaparecer. Pero *tempus fugit!*

Cabe preguntarse, claro está, cara a onde podía camiñar Ancoradoiro nesa nova singradura musical. A verdade é que nos quedamos sen asistir a un parto de novo cuño, poida que entre unha Banda evolucionada e un típico grupo folk. Ou un grupo folk. Ou non. Para Ancoradoiro o tempo de Banda de gaitas xa pasara

había tempo,⁴¹ sen nunca sentirse, de feito, moi de acordo con tal denominación. Pero soubo finar, iso si, gozando dunha excelente saúde, e deixando no ar a gran interrogante da súa evolución, e da de todas as agrupacións deste tipo que poboan a Galicia do interior e a do exterior, Asturias incluída.

Como penúltima reflexión, notar e aportar que, hoxe en día, e quizais a causa do signo dos tempos, assistimos a unha certa “apatía” no consumo dos produtos folclóricos, nos que sobresa a música. E isto, sendo evidente nos grupos tradicionais, tamén está chegando ás Bandas de gaitas, e mesmo ao folk. Voces se erguen xa nese sentido. Esgotamento do xénero? Indiferenza de público e autoridades? “O pobo é quen máis goberna”, certo. Porén, desde esta atalaia barbanzá, non nos resistimos a pedir máis atención e máis demanda polo noso pasado, porque, sendo pouca cousa, tamén a pouquiños se constrúe o futuro. E así queda dito.

⁴⁰Nesta década dos 90, os mesmos músicos outean xa outros horizontes, como soe pasar neste tipo de formacións: Aparte dos varios cuartetos (Gueimaría, Ofoiro, “Ancoradoiro”) que actúan en paralelo coa Banda, con varios triunfos en diversos concursos, aparecen as primeiras colaboracións con outros grupos por parte dalgúns dos seus membros, como é “Bastantes Llon” (rock), logo “Compañía do Ruído” (fusión), “Os Diplomáticos de Monte Alto”, etc. Edelmiro Fernández colabora con diversos grupos en actuacións e gravacións, como maxistral gaitero solista, que, por certo, vén de gañar por quinta vez o premio MacCrimmon de Gaita na XXII edición do Festival Intercéltico de Lorient.

⁴¹O 27 de abril de 1997, eu, como Presidente, recibo de Pedro Fernández Castelao, membro de Ancoradoiro, un denso escrito de tres folios onde reflexiona sobre o carácter de Ancoradoiro como grupo. Banda? Non Banda? Despois de constatar a asimilación que se estaba a facer do concepto “banda de gaitas” coas “marciais” de Ourense, conclúe que Ancoradoiro non é unha “banda de gaitas”. “Somos sui generis, somos nós mesmos. Somos unha realidade nova, recente, non hai que esquecerlo”. E, entre outras cousas, pide que no próximo CD a piques de ser gravado, Sui Generis, “non vaia nada referente a banda de gaitas”. Tampouco con vestimenta tradicional. E así se fixo.

Esta idea de cambio trasladaríamola ao Ferrol, diante de membros da Asociación Toxos e Frores, no 1978, onde expuxemos e debatemos os posibles cambios no devir das Bandas de gaitas, con Fernando Dopico, presidente da Asociación de Bandas de Gaitas, presente, sendo atentamente recibidos, ágape incluído, por Juan Fernández, Concelleiro de Cultura do Concello do Ferrol. E mal que ben, fixémonos entender, se ben o camiño emprendido por Ancoradoiro resultoulles novidoso e un tanto innovador.



E xa como derradeira, dicir que a distancia entre Ancoradoiro de Ribeira e Os Rosales de Rianxo , é a mesma distancia que hai entre Xosé Romero, pai, e Pepe Romero, fillo. Unha xeración. Dous virtuosos da gaita, dous mestres gaiteiros, pero mentres que un funda e dirixe un cuarteto tradicional, o outro crea e dirixe algo semellante a unha banda. Pero hai algo, ao meu ver, que os distingue, máis alá do tipo de formación concreta; isto é, o papel social da gaita en Galicia, hoxe e antano, a súa funcionalidade. Porque máis alá de tonalidades, morfoloxías e guerras, aceptar a gaita como instrumento normalizado, pasa primeiro por aceptarmos con normalidade a realidade política, social e cultural que herdamos, na que nos movemos, e que temos o deber de mellorar. O futuro está aí: “estamos tocando esto mañana”, que dicía Estévez que dixo Cortázar.




s heroes do racú “San Antonio”

Manuel Fajardo Piñeiro



Na noite maina, clara e de lúa chea dun luns de agosto do ano 1958, ás once da noite, na ría de Arousa, o son que máis se escoitaba era o dos acordes dos gaiteiros que celebraban a romaría de Exipto, na parroquia de Abanqueiro do concello de Boiro. Pero non todos estaban na festa; doutra volta, algúns veciños de Cabo da Cruz traballaban a bordo dunha embarcación de pesca que faenaba na procura de xurelos ou buraces, nun mar en calma, á altura da illa da Bensa, fronte á praia de Carrageiros. A bordo do racú “San Antonio” navegaban dous homes: Manuel Vázquez e Benigno Romero, de 48 e 60 anos respectivamente, acompañados de tres rapaces, José Outeiral, de 17 anos; Francisco Muñiz, de 15; e Manuel Vázquez, de 11. A xornada era de fartura e boa pesca, e as pezas estaban á espera de seren transportadas para a venda, na lonxa de Vilaxoán. Porén, pouco se imaxinaban os tripulantes do “San Antonio” o que esa noite lles tiña deparado. De súpeto conmoveunos un grande estrondo: o patrón tranquilizou aos rapaces dicíndolles que se trataba do ruído da solta do vapor das caldeiras dun barco, mais un dos mozos, José Outeiral “O Tonero”, permaneceu atento aos sons, pois parecíalle moi estraño semellante bruído, como se se axuntasen media ducia de tronos á vez. Seguiu atento e de repente pareceulle oír uns lamentos: “Axuda, axuda por Deus...” Os gritos proviñan do interior da ría, á altura da punta do Chazo, a unhas tres millas de onde eles se atopaban. Tiraron de inmediato as redes e as capturas ao mar, e puxéronse a remar coma posuídos, como se esa distancia en millas non fose nada. Inmersos na aventura cara ao descoñecido, vogaron ata quedaren exhaustos. O panorama que atoparon era

estarse: un gran mercante de 6.000 toneladas cargado de pasaxeiros chocara contra un penedo chamado “A Barsa”, situado a uns cincocentos metros da punta do Chazo. Todo eran laídos e queixas; mentres, algúns tripulantes tiraban as madeiras que transportaba o barco, coa intención de salvárense agarrados a elas; outros esperaban alcanzar terra nadando, pero a corrente frustraba o seu intento levándoos mar adentro, mentres que os máis desafortunados flotaban xa cadáveres.



O Cabo Razo navegando pola ría de Arousa

Os mariñeiros, coa súa barquiña de cinco metros de eslora, trataban de izar a bordo a cantos náufragos podían. Os rapaces sacaban forzas e valor, aterrados pola escena da que eran testemuñas, sen nin sequera mirárense os uns aos outros, dando todo de si. O racú estaba a piques de afundirse co peso, pois auxiliaron e salvaron a once persoas. Cando xa non puideron embarcar a máis náufragos, levantaron os ollos e viron cómo o resto dos superviventes se ataban aos madeiros e eran levados pola corrente mar adentro. Xa non lles quedaba máis remedio que iren ao porto dar voz de alarma o antes posible e, ao mesmo tempo, deixar a salvo a xente que rescataran. Ao chegaren ao peirao de Cabo da Cruz, deron a voz de alarma e saíron en auxilio dos náufragos.



Unha gamela, no Chazo, cun nome que fai acordanza do afundimento do Cabo Razo



gos os barcos "Natividad", "Nosa Señora de Gracia" e "O Can da Rabia", e foron quen de rescatalos preto da Illa de Rúa, a unhas seis millas do afundimento. Os rapaces do racú salváranlles a vida a dez homes e unha rapaza francesa de 20 anos. Despois de desembarcalos, leváronos á panadería de Saborido, onde, ao carón do forno do pan, os secaron e lles deron roupa enxoiada. Para a rapaza francesa, non sabían que vestimenta traer, polo que "O Toner" lle foi buscar a roupa da súa nai. Esta rapaza chamábase Anny Tissier, e non deixaba de preguntar polas tres amigas do colexio que con ela viaxaban. Ninguén se atrevía a contarlle que desaparecieran no remuíño que produciu o barco ao afundirse. Tampouco ninguén era capaz de informar a dona e o fillo do temoneiro –que era veciño da aldea boirense de Triñáns–, pois levaban toda a noite no porto agardando por novas, de que o lograsen rescatar, pero por desgraza xa morto. Xunto co temoneiro morreron outras doce persoas, algunhas delas veciñas do mar de Arousa. Anny Tissier foi levada de volta a Vilagarcía, o seu punto de partida, para retornar máis tarde a Francia. Dende entón, hai xa corenta e nove anos, Anny segue enviando unha tarxeta de agradecemento polo Nadal aos seus salvadores.

Cando se afundiou o *Prestige* nas costas galegas, en novembro do ano 2003, saíu publicada na prensa a nova de que unha anciá francesa enviara unha importante doazón económica no interior dunha carta dirixida aos mariñeiros da ría de Arousa. Esa anciá non era outra que Anny Tissier.

Das demais persoas rescatadas non se volveu saber nada, pero pasados os anos encontráronse cun oficial ao que eles lle salvaran a vida, que recrutaba mariñeiros para o buque "Monte Palomares". Foron pedirlle traballo e denegoullo sen telos recoñecido, pero en realidade, sen sabelo, estáballes devolvendo o favor, porque o "Monte Palomares" afundiuse ao ano seguinte nas Azores, e non houbo superviventes.

O "Cabo Razo" partira do porto de Vilagarcía ás 10:30 da noite con destino a Málaga, cargado con leite condensado, conservas de sardiñas e madeiras galegas, por un total de 260 toneladas; ademais, viaxaban cincuenta pasaxeiros. O buque fora construído no ano 1926 nos estaleiros Euskalduna, tiña un rexistro de 5900 toneladas e pertencía á compañía navieira Ybarra y Cia. Facía servizo de cabotaxe entre os portos da península e contaba cunha longa historia de navegación, pois xa nos inicios da Guerra Civil fora "cabeza de ponte", prestando servizo de desembarco ás tropas franquistas do 2º Tambor de Regulares de Ceuta cara á península, no porto de Alxeciras, sendo este punto crucial no futuro desenvolvemento da contenda. Antes, durante o inicio da Segunda República, a nai do actual Rei de España, María das Mercedes, e a súa familia, descenderan no barco desde



Preto da illa de Rúa, a varias millas do afundimento, puideron ser rescatados os náufragos do Cabo Razo.
©JJCANDAN

Sevilla, polo río Guadalquivir, cara ao seu desterro, en Marsella. Despois de tantas singraduras, o “Cabo Razo” rematou a súa historia na Ría de Arousa, encaixado contra a rocha d’A Barsa, afundíndose e levando consigo a vida de trece persoas, para ser despois tragado polo mar e ficar a unha profundidade de quince metros, xacente sobre un leito de area, escorado a babor nun ángulo de 90º, a cen metros da actual baliza da rocha, coa proa N-NDE, esperando a ser reflotado en outubro de 1959, e finalmente varado na praia da Piquita, onde aínda hoxe se poden ver as tres plataformas de cemento e ferro que serviron de suxeición ás grúas, na punta do Chazo. Deste triste acontecemento queda como testemuña un balizamento que marca o perigo desta rocha, para facer acordanza por sempre do lugar onde se afundiou o buque, pero ata agora en ningún sitio se fixera mención da valentía duns rapaces que arriscaron as

súas vidas, nunha noite clara e serea de lúa chea.

A día de hoxe, son dous os tripulantes do racú “San Antonio” que aínda sobreviven: José Outeiral “O Toner” e Manuel Vázquez de Lucho; e este artigo espero que sirva agora de homenaxe, cando se van cumprir os cincuenta anos da heroicidade.



Baliza Cabo Razo

A sociedade “La Protección
Social Esteirana”, revisitada
Algunhas consideracións sobre
as súas orixes e obxectivos iniciais

Alfonso González Asenjo



O coñecemento do pasado é labor arduo; o tempo pasa e as testemuñas desaparecen, máis ou menos, a xeito irreversible. As testemuñas non están sempre á nosa permanente disposición para a contemplación, estudo ou análise.

O caso da Sociedade de Esteiro ten algo disto. O feito da súa desaparición repentina e nun contexto histórico de grande dramatismo colaborou decisivamente para que o que puido quedar dela (documentos, lembranzas, obxectos diversos...) esmorecese tamén. Os libros desapareceron (ata esta data só puídemos consultar un libro de contabilidade entre os anos 1918 e 1926); hai conservados algúns Regulamentos da asociación. Pero, a falta de que apareza algo agachado, pouco máis. Testemuñas orais, poucas e cada vez menos; dende logo, persoas que tiveran participación activa, e non simples socios ou fillos de socios, ningunha. Evidentemente, todo isto non fai máis que dificultar, aparentemente, a investigación sobre un suxeito social moi importante e significativo para a vida de Esteiro durante moitos anos.

Pero, dende un punto de vista máis positivo, hai persoas que teñen diferentes, particulares e lexítimas visións do que foi a Sociedade, o que demostra que esta asociación non pasou desapercibida para as xentes de Esteiro, e segue a ser tema de discusión e de achega de ideas e reflexións, e tamén de lembranzas e anécdotas, o que quere dicir que, a pesar da súa desaparición, dende hai moitos anos a Sociedade de Esteiro segue viva.

A reflexión que pretendo presentar nace do meu propio interese profesional

pola existencia deste suxeito colectivo na memoria do pobo de Esteiro, e como achega ao coñecemento do pasado máis inmediato da comunidade á que me sinto vencellado.

Quero agradecer a axuda imprescindible de Xaquín Mayo Romani, Kino, sen a cal este traballo non existiría.

A Asociación Agrícola, Benéfica e Instructiva La Protección Social Esteirana naceu no ano 1915 da man dun feixe de homes preocupados por mellorar o seu país partindo da súa parroquia, pero como veremos, proxectando a súa idea, non só aos esteiráns senón mesmo ao territorio común do concello, e vinculándose tamén, máis adiante, a movementos sociais de alento nacional.

A Sociedade rexistra o seu Regulamento ou estatutos no Goberno Civil da Coruña, que o aproba e autoriza, e polo tanto a constitución da asociación, dando comezo as súas actividades legais dende o día 16 de marzo de 1915.

Pero loxicamente antes deste paso tivo que haber outros tan importantes coma este que rematarán na data citada.

Os 14 homes que formaban a Comisión organizadora e asinaban o Regulamento deberon reunirse abondas veces antes de tomar a determinación. ¿Que foi o que os levou a constituír a asociación? ¿Feron inspirados por outras persoas? ¿Tomaron exemplo do que estaba a acontecer noutras vilas e lugares de Galiza? ¿Estaban marcados por experiencias asociativas previas, noutros lugares, na emigración americana, por exemplo?



Ata a data de hoxe, sabemos moi pouco dos fundadores da Sociedade. Eis un labor que está por facer. Non temos descrições biográficas da súa vida porque se trataba de homes modestos, que apenas deixaron pegadas materiais, pero é indubidable que a súa maior e mellor testemuña foi o traballo que desenvolveron a prol da Sociedade; pero podemos deducir que serían cabezas de familia con oficios e dedicacións profesionais diversas que lles permitiron gozar de tempo dispoñible, con coñecementos (ler, escribir con soltura, noción de contabilidade e de como levar libros de rexistros e de actas...) como para redactar un regulamento complexo e de estruturar unha asociación que atendía varias facianas da vida comunitaria, e mesmo para saber que, coma toda asociación suxeita á normativa legal, tiña que manter unha relación coa Administración, o que impoñía coñecementos legais e de procedemento. Todo isto pon de manifesto que estes homes tiñan unha idea que levaron á práctica organizando unha asociación, repito, complexa nos seus obxectivos e, polo tanto, nos seus instrumentos de acción, amais do convencemento de que a perdurabilidade do seu proxecto era cuestión de dedicarlle horas e esforzo. Eran persoas claramente conscientes de que a entrega calada, ingrata e constante era a garantía de que

o seu traballo iría avante. ¿De onde procedía esa, digamos, capacitación? Non sabemos que estudos puideron ter, que lecturas fixeron previamente, a quen escoitaban; pero tiveron formación, leron e escoitaron o que estaba a pasar; e a este respecto temos unha breve proba das súas lecturas periodísticas; concretamente o recibo de pagamento da subscrición (non sabemos dende que ano) ao periódico "El Noroeste, Diario de La Coruña", correspondente a 1926. O tempo para dedicarllo á Sociedade, quitáronllo en moitas ocasións ao descanso. Non hai máis que ver no libro de contabilidade as citas de pagos de gasto de luz eléctrica "en hacer los trabajos de escritura de noche para todos los escritos de la asociación". Xentes que lían a prensa para estar informados do que sucedía e que mantiveron contacto con persoas de ideais semellantes.

Para poder desenvolver todas esas actividades, imaxinamos que estes homes non podían ter ocupacións a tempo completo tal coma as entendemos hoxe; probablemente foron ferreiros, carpinteiros, canteiros ou mestres de obras, zapateiros, ou agricultores; ocupacións sen un horario fixo e xefe a quen dar contas do gasto do tempo propio; profesionais que no seu taller recibían os compañeiros naqueles momentos de descanso entre labor e labor, tempo e momento para matinar sobre ideas e proxectos de futuro; tempo para darlle unha volta aos asuntos colectivos.

A Sociedade, coma portavoz das preocupacións, obxectivos e instrumentos de solución dos problemas da sociedade esteirá, e galega en xeral, que imaxinaban os seus motivadores, vai ter unha

Casa Social





orientación fundamentalmente agraria. Isto é algo que resulta curioso e algo chocante, xa que Esteiro semella unha comunidade onde o mar e a vida relacionada co mar debería ter unha importancia capital; onde a vida económica estaría capitalizada pola pesca, preferiblemente da sardiña, e a vida mariñeira en xeral. Pola contra, o que aparece é unha preocupación centrada na agricultura, e uns propósitos dirixidos a conseguir melloras na actividade agropecuaria. É esta a realidade económica na que se insire a Sociedade. A Sociedade titúlase "Agrícola", e máis cousas, certamente, pero en ningures, nin sequera no desenvolvemento do seu Regulamento, aparece algo que poidamos relacionar co mar ou as actividades mariñeiras; nada! Isto móstranos que, para os organizadores da asociación máis importante da parroquia, o rural, o agrícola, era primordial.

Por outra banda hai que ter en conta que os mariñeiros adoitaban contar con outro tipo de institucións asociativas máis propias, como eran os Pósitos de Pescadores. Esteiro contou con un; e de feito o actual Centro de Saúde levántase sobre as escolas do Pósito, pero carezo de información para saber cando se constituíu. ¿Estaría xa formado no tempo da fundación da Sociedade? É posible, aínda que creo que debe ser posterior, talvez do tempo da Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930).

En calquera caso, a Sociedade puxo o seu interese completo no eido agrícola. Con isto non facía máis que adherirse a unha corrente máis ou menos organizada na Galiza dos primeiros anos do século XX, que tomou o nome de agrarismo. Do

agrarismo compre destacar dúas facianas: unha primeira vinculada á loita política, ben para acadar unha voz propia para os labregos, fóra do dominio caciquil e enfrontado aos eternos detentores do poder político, ou a loita contra dos foros e a súa trastenda política; e por outra banda, o agrarismo "técnico", digamos así, que pretendería organizar os labregos dende unha perspectiva algo máis apolítica (entendida como militancia partidista), e encarada a resolver problemas máis prosaicos, especialmente o lanzamento dunha agricultura moderna e eficiente, mellorando as técnicas e os métodos, amais de educar os labregos para que puidesen formarse nos novos coñecementos agronómicos, e nos adiantos que se estaban a producir e que se espallaban constantemente. Adianto técnico e educación poderían ser os dous piares deste pensamento. Pero o desenvolvemento deste proxecto debía realizarse no seo dunha estrutura social determinada na que a pequena propiedade e o conflito entre os individuos, causado pola forte presión sobre a terra, constituía unha eiva á hora de acompañar os intereses de cada un dos que compoñían a colectividade. Así que, cohesionar o grupo humano, ofrecendo unha alternativa fiable e eficaz ao individualismo, aparecía coma unha solución posible para que as ideas de progreso e desenvolvemento económico puidesen callar nunha estrutura labrega tradicional.

É posible que algúns dos membros fundadores da Sociedade tivese algunha experiencia cooperativista previa, probablemente na emigración americana, ben en Cuba, ou na Arxentina, malia que eu non desbotaría en absoluto a influencia norteamericana. As ligazóns de Esteiro



cos Estados Unidos, e máis concretamente coas localidades de Newark e Bayonne, no Estado de New Jersey, deben ser bastante antigas; de feito, a Sociedade recibiría doazóns de emigrantes da bisbarra, naquel país, nos anos 1923 e 1924.

En calquera caso, e coas influencias que fosen, a capacidade de autoorganización, de unión de esforzos individuais para acadar unha fin colectiva, a confianza nos sentimentos de solidariedade e de compromiso das persoas e dos colectivos sociais permitiu artellar unha estrutura social firme e duradeira capaz de cumprir uns obxectivos colectivos definidos.

Pero a Sociedade non foi a única asociación que existiu na parroquia. Certamente, sabemos doutras entidades como o xa nomeado Pósito de Pescadores de Esteiro, e o Sindicato Agrícola Católico de Esteiro y Tal, se ben nalgunhas ocasións aparece citado sen a segunda parroquia. Non obstante, na memoria dos esteiráns, será a Sociedade a que quedará definitivamente ligada ás ideas de asociacionismo, progreso e actividade digna de lembranza.

Navegar polas augas sociopolíticas dos anos 10 e 20 do século pasado non debeu ser cousa doada. Imperante o caciquismo e a arbitrariedade do poder político, cambiantes sorpresivamente os responsables políticos, manter un proxecto de continuidade a pesar das circunstancias, non comprometerse con ninguén e manter a independencia de ideas e comportamento debeu ser tarefa complicada. Semellante éxito de supervivencia debeu depender en grande medida do carácter dos propios directivos da Sociedade. Hai

que lembrar que, daquela, unha nimia discrepancia coa Administración podía implicar sancións ou dificultades que se podían amosar insuperables para calquera proxecto de futuro; periódicos e outras publicacións pereceron pola aplicación desapiadada das posibilidades legais de sanción aos propietarios por parte dos que se consideraban ameazados polos seus comentarios. Agrupacións políticas e sindicatos non seguidores dos grandes partidos da Restauración ou confesionais tiñan a espada de Damocles sobre a cabeza: podían ser perseguidos e clausurados nas súas actividades, incautados os seus locais para facer fronte ás multas e outras sancións. Loxicamente, non era este o caso da Sociedade, pero o seu carácter independente, desvinculada de forzas políticas que a protexesen, non confesional, asistencial (Benéfica, alcu mábase tamén), poderían ter espertado algún receo. Pero, pola contra, semella que foi moi considerada polos poderes públicos. Con todo, na época da Ditadura de Primo de Rivera aparece un feito quizais dubidoso na súa interpretación polo que respecta ás relacións co poder político imperante nese tempo. Durante este período, primeiro foron removidos todos os Concellos como consecuencia do golpe de Estado, e cesados Alcaldes e concelleiros; inmediatamente foron nomeados Delegados Governativos e novos concelleiros, e quizais nese momento, ou despois da publicación do Estatuto Municipal de 1924, incorporáronse aos Concellos representantes das asociacións locais (denominados "concejales corporativos"), entre eles un, Constantino Mayo Ysla, en representación da Protección Social Esteirana, é dicir, da Sociedade. Polo que demostran as actas do conce-



llo, figurou tamén Domingo Brea Olveira, “secretario que fue de la Sociedad”, entre os concelleiros dese tempo, e daquela pasou a formar parte da Comisión de facenda. Pero ao pouco tempo, no outubro de 1925, foi destituído o concelleiro Mayo Ysla (ou, como se dicía, deixouse “sin efecto el nombramiento”) porque resultou que a Asociación carecía de dereito de representación. Ese dereito derivaba de figurar no Censo Corporativo provincial; como queira que a Sociedade non estaba inscrita, o concelleiro non tiña dereito a representala. O mesmo lle sucedeu á Sociedad Amigos Mutuos de Abelleira y Torea ¿Cal foi o motivo para non estar inscrita no Censo? Descoñecemos os motivos desta situación. Por certo, que na mesma sesión na que foi inadmitido o concelleiro representante da Sociedade, tamén dimitiu por renuncia Domingo Brea Olveira, probablemente en solidariedade co seu compañeiro Mayo Ysla.

A Sociedade tamén buscou algunhas estratexias de protección para poder desenvolver a súa actividade, e mesmo para procurarse axuda material. Non pretendeu vivir illada ou subsistindo ela soa; intentou, pola contra, vincularse co mundo e acudir a todo aquel foro onde os seus intereses o demandasen, en busca de melloras ou de axuda para un mellor cumprimento dos seus obxectivos.

No ano 1918, cando se procede a unha ampliación do regulamento, correspondente ao aspecto relacionado cos instrumentos de arbitraje e de resolución de conflitos entre os asociados, á continuación está rexistrada unha visita en consulta a tres expertos xuristas en Noia “sobre algunas dudas en la marcha o funciona-

miento de esta asociación”. E nese mesmo ano, o Secretario viaxou a Vilagarcía e a Vigo “para poner a esta asociación en inteligencia con los comerciantes de dichas poblaciones respecto a la cooperativa de esta asociación y a berificar(sic) compras para la misma”. Aparentemente, buscaron a protección de alguén que vivía en Madrid (Don Domingo Paramés) a quen nomearon “Socio y Presidente honorario”; e tamén gastaron algúns cartos en festexar con “pan y vino” a elección do señor Paramés, aínda que non sabemos quen era o tal señor Paramés, a que eleccións se refire a anotación, e cal era a aparentemente estreita relación entre esta persoa e a Sociedade. Ao ano seguinte(1920) aparece unha anotación de gastos “por dos poderes para cobrar mil pesetas que se consiguieron del Ministerio de Fomento”. ¿Conseguírallelas o don Domingo?

Nos anos 1920 e 1921 a Sociedade diríxese ao seu Deputado, é dicir, ao deputado polo distrito ou circunscrición electoral de Muros, para tratar de conseguir que se instale unha escola na casa social, e tamén lle consultan sobre asuntos concernentes á Asociación, sen que se especifique a súa natureza. De todos os xeitos, era bastante común dirixirse ao Deputado do distrito en petición de diversos asuntos que se podían “conseguir” en Madrid, ou na capital da provincia, a onde acudirían no ano 1926, nunha “Comisión social”, D. Joaquín Rama Cernadas, D. Francisco Rodríguez Suárez e D. Manuel Fernández Lago, diante do Gobernador Civil.

Pero a Sociedade non se moveu só en busca de axuda material ou para conseguir algo; tamén se buscaba un acubillo



noutro tipo de institucións na procura de apoio, pero á súa vez tamén para prestalo. E así, no ano 1921, o presidente Manuel Rama Piñeiro acudiu á cidade da Coruña "para representar a esta asociación en la Asamblea Regional celebrada en dicha ciudad". Non temos localizado ese acto nin quen o organizaba; nin sequera sabemos de que se trataba exactamente, pero unha asemblea na que participase a Sociedade, co seu perfil, ben se podería referir con moitas probabilidades a unha xuntanza de asociacións de carácter agrario, aínda que non dispoñamos de datos concluíntes para afirmalo. Baseamos a nosa intuición, ao respecto, en que tamén enviou a dous representantes á vila de Negreira, o ano 1923, para tratar dunha alianza entre as Federacións agrícolas dos partidos de Negreira e Muros, o que nos pon sobre a pista de que a Sociedade debería estar formando parte, polo menos neses anos, dunha estrutura máis ampla (as devanditas Federacións agrícolas de partido) nas que se acollerían outras asociacións da mesma orixe (agrarista ou agraria), vinculadas pola pertenza a un mesmo partido xudicial, o que loxicamente permitiría sumar máis forzas que se se tratase simplemente dunha estrutura de ámbito municipal ou local. Desgraciadamente, coñecemos bastante mal o desenvolvemento e as actividades das organizacións agrarias na provincia da Coruña como para poder saber con exactitude a cal estaría adscrita a Sociedade de Esteiro.

Por fin no 1926 don Francisco Rodríguez Suárez foi a Pontevedra coma delegado "por esta asociación y la federación". Nesta cidade celebrouse a finais de xullo e principios de agosto o "3^{er} Congreso

agrario Regional"; sabémolo porque se lle aboaron os gastos que lle orixinou o seu desprazamento.

Aínda sendo escasas as informacións, creo que son suficientemente reveladoras da relación que a Sociedade estableceu con estruturas sociais de máis envergadura no ámbito galego. Sería interesante profundar no coñecemento destas asociacións agrarias, pero escapa á nosa intención neste momento.

En calquera caso, o que resulta máis interesante é a actitude de integración da Sociedade en ámbitos máis amplos que o meramente local. Mágoa o que descoñecemos, polo momento, ao respecto; pero falta moita documentación, destruída ou desaparecida co paso do tempo.

A Sociedade non pretendeu ocultar a súa existencia nin as súas actividades senón máis ben o contrario; e tal é así que, pola información que temos, sabemos que o coñecemento da súa existencia e das súas actividades chegou lonxe. Hai unha anotación nos ingresos do ano 1921 referida a unha doazón de 25 pesetas (case a cota anual de oito socios) do médico forense de Muros. Pero as informacións chegaron aínda máis lonxe: ata Bayonne, nos Estados Unidos e, dende alí, no ano de 1923, oito esforzados emigrantes enviaron 401,52 pesetas (contravalor dos dólares orixinais enviados) cunha emocionante nota na que se expresaban así: "A V. le dirige esta lista como copia de mi esfuerzo hecho ante los buenos compañeros hoy súbditos en esta que en ideas pertenecemos a la Protección Social Esteirana y para que Vdes den lectura en una asamblea general." Ao ano seguinte,



volveríase recibir un novo donativo enviado dos Estados Unidos, por valor de 50 pesetas.

Penso que parte das posibilidades de existencia da Sociedade durante un período de 21 anos debéronse á súa propia idiosincrasia, a manterse afastada da loita partidista, non estar vinculada esencialmente a ningunha forza política concreta, e estar orientada a unha actuación máis social e económica. Opino que a Sociedade, se ben vinculada ou inmersa no movemento agrario, ou mesmo no agrarismo, non se decantou pola acción política dese movemento (basicamente a loita antiforal e anticaciquil), probablemente por cálculo, pero tamén porque nesta bisbarra a problemática foral non debeu ter a importancia que acadou noutras zonas. Que eu saiba, non houbo nin grandes fundacións relixiosas propietarias de terras ou rendas, nin unha importante fidalguía intermediaria, “herdeira” das rendas e do seu cobro. Respecto do caciquismo, tampouco semella ter habido algunha figura moi característica na zona de Muros, aínda que é evidente que habelos, debeunos de haber. De feito sabemos que o distrito de Muros era un dos que non estaba “enfeudado”, é dicir, non había nel alguén que o “ocupaba” lexislatura tras lexislatura, se ben durante moitos anos foi o distrito dun fillo de Montero Ríos. Queremos dicir, polo tanto, que tampouco semella que existise un conflito por librarse dun abafante cacique ou rede deles; ou que a cuestión foral constituíse unha situación de forte tensión no agro muradán, e esteirán en particular; do mesmo xeito que os consumos e outros impostos municipais non parecen ter sido elemento de confli-

tividade manifesta, como por desgraza ocorreu en concellos da mesma ría.

Deste xeito poderíamos imaxinar unha asociación con intereses máis ben orientados aos asuntos máis “terreais” como era acceder a bens e servizos a bos prezos, dispor dunha certa garantía fronte a adversidades cotiás, e progresar económica e socialmente na medida das súas posibilidades. Proba de que este principio de “aurea mediocritas” funcionou é o alto número de asociados que tivo ao longo do tempo. Cotas modestas que aseguraban



Francisco García,
1º presidente

a participación nun proxecto social a un grande número de persoas, iso foi o que perseguíu a Sociedade, e semella que o conseguiu.

A Sociedade estaba organizada arredor de tres elementos fundamentais: a



cooperativa de consumo, o tribunal arbitral e os servizos sociais.

Os principios inspiradores figuraban no propio regulamento: “Liberdade, Unión e Progreso”, tres sólidas e fermosas ideas. Lema que se complementaba con outro máis de andar por casa: “Uns por outros e Deus por todos”.

O asociacionismo era a resposta a unha situación económica, política e social moi difícil, que se pretendía superar ou modificar mediante a unión e o agrupamento organizado dos individuos na defensa dos seus intereses. En certa maneira, as asociacións pretendían intervir na solución dos problemas dos seus socios, xa que outros mecanismos e instrumentos se revelaban incapaces. O asociacionismo cívico de comezos do século XX tiña os seus verdadeiros alicerces nunha amplísima tradición histórica, dende tempo inmemorial, de convivencia tanto no seo da familia coma entre veciños de rueiros, aldeas, e mesmo da parroquia. Uns axudaban os outros para seren axudados polos demais en caso de necesidade. En certo modo, tratábase dun clásico “do ut des”; pero esta praxe axudaba en grande maneira a superar situacións persoais e colectivas difíciles, e amais estaba moi recoñecida e valorada socialmente. Nun tempo no que a influencia da acción positiva do Estado era bastante escasa sobre a vida dos cidadáns, especialmente nas áreas rurais, resultaba habitual que os individuos acudisen aos espazos e mecanismos familiares e veciñais á hora de organizarse e defenderse. Así que, desconfiando da acción positiva do poder, tendo por certo que a unión dos esforzos individuais e colectivos po-

día constituír a verdadeira áncora da súa supervivencia e mellora material, e confiando nas capacidades da solidariedade e do esforzo das persoas e dos colectivos sociais que eles tan ben coñecían por experiencia, catorce homes de Esteiro foron artellando a Asociación como instrumento de mellora da súa Terra, da grande, e da pequena tamén.

A cooperativa de consumo buscaba plasmar o declarado no artigo 3º do regulamento: “Será objeto de la Asociación en general, cuanto directa o indirectamente tienda a lograr ventajas para los socios, ya en relación a sus personas ya a sus intereses y en especial cuanto se precise a la consecución de sus fines, que se condensarán en los siguientes: económico, benéfico e instructivo. El fin benéfico abraza: 1º. Cooperativa de consumo para los socios. (...)”

E así foi creada a citada cooperativa, dotada do seu propio regulamento, no que o seu artigo 1º sinalaba as fins a acadar, entre as que destaca “la adquisición al por mayor de artículos de consumo para los asociados...abonos químicos, semillas y otros útiles para las faenas del campo agrícola, y los de consumo corporal que cada socio necesite, procurando que sean de las mejores condiciones en calidad, baratura y salubridad...”

O que se buscaba coa creación da Cooperativa era pór a disposición dos asociados o que precisasen para a produción agrícola e pecuaria, e tamén para o consumo doméstico; todo adquirido a prezos máis baixos, xa que se adquirían pola Cooperativa ao por maior.



O contexto deste obxectivo económico era impulsar a produción relacionada co sector agropecuario, buscando poñer á disposición dos asociados os elementos (materiais e de coñecemento) imprescindibles para acadar a fin proposta. No artigo 3º explicitábanse os tipos de bens que se consideraban necesarios; entre eles destacan: os “aperos y maquinaria agrícola”, “abonos, plantas, semillas”, pero tamén “ejemplares reproductores de animais”; é dicir sementais, ou ben a “aplicación de remedios contra plagas del campo y enfermedades del ganado”. Como se pode observar a intervención abranguíu un amplo espectro de medios para acadar o progreso na produción. Pero a cousa ía máis lonxe, posto que dentro do que propoñía a Sociedade tamén se contemplaba a “Venta, exportación, conservación, elaboración o mejora de productos de cultivo...”, así como a “construcción, exportación(sic) o reparación de obras aplicables o útiles a la agricultura o industrias derivadas o auxiliares”. Estaríamos diante duns plans verdadeiramente ambiciosos de desenvolvemento e pulo ás actividades tradicionais. Loxicamente, unha cousa era indicar até onde se quería chegar, e outra sería a realidade que verdadeiramente se podía acadar. Certamente que non estamos en disposición de coñecer se eses proxectos se puxeron en práctica e se triunfaron ou fracasaron. En calquera caso, o mero feito de seren contemplados como estimables ou necesarios, xa nos pon sobre a pista dunha mentalidade activa e decidida a poñer en práctica medidas que o senso común indicaba como imprescindibles para mellorar a condición económica dos labregos galegos: investimento nos medios de produción, aplicación das modernas téc-

nicas agropecuarias, e a constitución de colectivos que, reforzando a cohesión do grupo e evitando liortas internas, permitisen facilitar o acceso dos labregos aos medios imprescindibles para impulsar a explotación da terra e dos seus recursos.

O funcionamento era simple: cada asociado anotaba o que precisaba nunha folla impresa, e mesmo puidera ser que se lle esixise un adianto en metálico. Unha vez chegado o pedido, comunicárase-lle para ir recollelo, e aboaría o valor do solicitado, no que se podería incluír unha comisión. Quedaba terminantemente prohibido “ceder la compra por la Directiva o más bien por la Asociación a quien no pertenezca a ella...”; non se trataba de lucrarse coa revenda aos máis pobres, nin se vendería máis que aos que fosen socios. Non sabemos se nalgún momento se venderon xéneros directamente aos non asociados, aínda que hai un par de anotacións nos gastos do concello de Muros, correspondente aos anos 1924 e 1925, nos que se recoñecen débedas coa “Protección Social Esteirana” por “géneros empleados en la confección de un uniforme del Guardia municipal”. Logo, a “Sociedade” tamén vendeu a persoas, neste caso institucionais, non asociadas. Debemos supor tamén que a natureza do que se adquiría por parte da Cooperativa para os seus socios abranguíu unha ampla diversidade, especialmente produtos alimenticios (fariña de trigo, aceite, sal, etc.) e bens intermedios (tecidos, roupa confeccionada, calzado, sementes, apeiros...). A Cooperativa foi en determinados momentos unha importante fonte de financiamento para a “Sociedade” á que prestaba ou adiantaba importantes cantidades precisas para o desenvolvemento



das súas fins, como a edificación da sede social e a súa posterior ampliación, ou mesmo para quitala de problemas económicos. Se ben se trataba de dúas institucións diferentes dende o punto de vista legal, unha complementaba a outra.

A segunda grande creación da Sociedade foi o Tribunal arbitral.


Para acadar os obxectivos de cohesión interna, a Sociedade dotouse dun instrumento práctico, o Tribunal arbitral. Este foi creado coma mecanismo para dar cumprimento á determinación exposta no artigo 3º no seu punto 6: "...impedir o evitar contiendas judiciales caprichosas entre los socios y sus familiares, ya se refieran a sus personas ya a sus intereses", nese mesmo artigo, liñas máis adiante.

Pero deberíamos de partir da estrutura organizativa, xa que a institución arbitral só ía ter capacidade nas disputas entre os socios ou asociados. O artigo 13º sinalaba que "El socio tiene el deber de mirar a los demás como hermanos, ha de inspirarse siempre en sentimientos de caridad, procurando evitar rencillas, caprichos y litigios "(o subliñado é noso). Isto supón unha especie de declaración de principios, pois establécense os sentimentos de fraternidade e solidariedade na procura de evitar aquelas cuestións que minasen os valores de cohesión e implicasen a aparición de terceiras persoas, alleas en certa forma ao grupo e máis á mesma comunidade, na resolución, cando non no fomento, dos conflitos entre veciños. Había que evitar a toda costa a aparición de problemas innecesarios e, por tanto, a posibilidade de recorrer a ámbitos exteriores no papel de árbitros da

conflitividade xerada polas disputas entre asociados.

Á organización do tribunal privativo da asociación dedicábaselle o capítulo VI do regulamento. A sustancia desta interesante instancia xudicial propia estribaba no feito de circunscribir a conflitividade, inevitable entre os individuos, á esfera básica do colectivo ao que voluntariamente pertencían. De feito, vedábase o inicio dun preito civil, ordinario, ao consentimento do Tribunal da Sociedade. Máis aínda, previa a convocatoria do tribunal de arbitraje, intentábase (de xeito obrigatorio) unha avinza entre os enfrontados e, se estes non a acadaban, entón acudíase ao órgano de xustiza da institución societaria. As súas decisións (sentenzas, poderíamos dicir) eran de obrigado cumprimento, e a desobediencia (ou o rexeitamento) constituían un acto contrario aos deberes dos asociados, que podía ser sancionado (punto 3º do artigo 56) coa expulsión do asociado.

Que dúbida cabe que na sociedade agraria tradicional o conflito de intereses entre as persoas era moi forte, habida conta da grande competencia entre aquelas respecto do maior dereito ou a maior xustiza na explotación dos recursos. A maior pobreza relativa e maior número de individuos, o aumento da conflitividade estaba asegurado. Unha sociedade conflitiva é proclive á desintegración e ao estancamento debido á perda de enerxías causada polos enfrontamentos internos. Os grupos na sociedade agraria tradicional, que vivían tamén en competencia con outros grupos, non podían permitirse o desgaste inútil por liortas internas que debilitaban as comunidades. Deste xeito



Libro de contas

to, a conflitividade interna, admitíndose como inevitable en certa medida, implicaba que a resolución dos problemas tamén se considerara desexable e mesmo imprescindible, polos motivos sinalados anteriormente. Dende moito tempo atrás, as colectividades agrarias dispuxeron de mecanismos internos para controlar e resolver as temidas disputas. En case que todos os barrios, rueiros e aldeas existiron persoas e sagas familiares a quen a comunidade atribuíu este papel de resolución, mediación e conciliación entre partes enfrontadas. Á altura de 1915, a Sociedade pretendía mellorar e ampliar o mecanismo de intervención e intermediación entre os asociados mediante a constitución dun tribunal de arbitraje formado por varios individuos que garantisen unhas decisións xustas e equilibradas. O compromiso que se adquiría deste xeito era, loxicamente, moi elevado. Obrigar os asociados a dirimir os conflitos diante

dunha instancia arbitral atípica, se ben lexítima, supuña que o tribunal tiña que ter a plena confianza dos asociados na súa capacidade; nada afirma máis a un tribunal que a convicción da colectividade na xustiza das súas resolucións. A ecuación era doada: a maior satisfacción co tribunal, menor conflitividade, e maior prestixio para a Sociedade, que así se reforzaba no seu papel integrador, e medraba respecto da súa influencia social.

Nun país onde os profesionais do amplísimo mundo do dereito gozaban dunha fama inversamente proporcional ao recoñecemento do enorme poder do que dispuñan, especialmente para facer o mal, era evidente que a sede de xustiza non debía ser calmada con augas tan purgantes. Para a sociedade tradicional, a xustiza era necesaria. Pero a xustiza ordinaria, allea e imposta á comunidade non era desexable; para iso debía bas-



tarse a propia colectividade. Recorrer voluntariamente á xustiza allea, rexeitando conscientemente os mecanismos comunitarios era coma traizoar o propio; podía entenderse coma unha mostra de desconfianza nos mecanismos de autorregulación. A determinación de recorrer á xustiza oficial de xeito voluntario e unilateral poñía, en certa forma, as persoas fóra da comunidade.

A xustiza allea, foránea, contiña moitos males: era lenta, arbitraria, desenvólvese nun idioma distinto e cunha linguaxe arrevesada e inexplicable; e tan cara, que podía rematar arruinando os individuos, e até as familias. Ás sentencias desfavorables adoitaban seguir as inevitables apelacións e recursos diante das instancias superiores, na procura da, ás veces imposible, resolución favorable, ao preiteador. A ollos de moitos, a xustiza era un mecanismo diabólico, inspirado por

avogados, secretarios xudiciais, e unha longa cohorte, para arruinar os labregos con falsas promesas dunha sentenza favorable ou dunha vitoria sobre a outra parte. Diante desta situación, era lóxico crear canles para solucionar as disputas e impartir xustiza nos contenciosos entre os individuos, sen recorrer á xustiza ordinaria. Iso requiría, dunha banda, dispor duns elementos substitutivos (xuíces, tribunal) que garantisen a alternativa diante dos socios; e doutra, obrígalos a utilizar o mecanismo e comprometerlos a que non recorran á xustiza ordinaria sen pasar previamente, e de xeito forzoso, polo tribunal da asociación. A imposición da utilización desta instancia de arbitraje aos socios era a forma de garantir a súa utilidade e consolidala. A existencia deste organismo xudicial privativo e obrigatorio para os membros da Sociedade di moito sobre a desconfianza no papel do Estado, e nunha área das máis relevantes dos seus poderes, a xustiza. Pero tamén sinala as alternativas que a colectividade buscou para cubrir esa carencia ou imperfección manifesta que o Estado lle ofrecía: impartir auténtica xustiza, ou unha xustiza que ofrecía confianza, a aquelas persoas que a demandaban. A existencia deste tribunal arbitral, dunha xustiza privativa para os asociados, móstranos a capacidade da Sociedade para asumir de xeito autorregulado, un dos aspectos máis críticos na comunidade rural: a administración de xustiza, segundo principios propios e recoñecidos pola colectividade.

O terceiro grande obxectivo da Sociedade estaba protagonizado polos servizos sociais que ofrecía aos seus asociados.

Regulamento





A pertenza ao colectivo dos socios viña acompañado dunha serie de vantaxes prácticas e materiais moi apetecibles. Formar parte dun colectivo con peso na parroquia, e mesmo no concello e na bisbarra, outorgaba un certo recoñecemento social a quen formaba parte del, por non falarmos do orgullo de ser integrante dunha asociación moi valorada. A Sociedade era dona do seu propio edificio social, que despois ampliou; os socios recibían unha medalla e un diploma acreditativo cando se incorporaban; a Sociedade adquiriu un pendón que a individualizaba, e identificaba os seus membros cando se producía un acto social; membros da asociación formaban parte dos concelleiros de Muros (polo menos durante algún tempo na Ditadura de Primo de Rivera). Pero non só se trataba de elementos simbólicos, que alimentaban o sentimento de solidariedade colectiva dos socios; era tamén a cuestión práctica. Pertencer á Sociedade traía aparelado unha serie de beneficios materiais, moi valorados nunha sociedade que carecía de moitas cousas, como era a sociedade non urbana da Galiza dos comezos do século XX.

Neste senso, os artigos 14º a 17º sustanciaban, de xeito práctico, ese sentimento de solidariedade duns socios respecto dos outros, especificando algunhas das prestacións máis desexadas. No primeiro deles asegurábaselles aos socios máis pobres a axuda económica á súa familia por parte dos outros asociados, caso de caeren enfermos ou estaren impossibilitados. O artigo seguinte garantía a atención a aqueles socios enfermos que, ben non tivesen familia, ou persoa que os asistise por motivo de pobreza. No 16º atendíase a unha circunstancia de gran-

de importancia social: asegurábaselles aos membros da asociación sen recursos ou familia un enterro digno, e segundo “la costumbre del lugar”. E no ano 1926, mercouse unha “corona...para uso de actos fúnebres con los asociados y sus familiares convivientes(sic)”, na que se bordaron “las cintas de la corona de luto”. O artigo 17º, pola súa banda, dispuña que o socio en dificultades, especialmente a carencia de animais nas épocas dos labores, sería axudado polos asociados veciños del. Como podemos observar, tratábase de momentos ou circunstancias moi especiais na vida, nos que a carencia ou a presenza da axuda solidaria dos veciños acadaba un valor extraordinario. Na enfermidade, na morte ou na adversidade nos labores, os socios da Protección Social sabían que non ían quedar abandonados; tratábase, dalgunha maneira, dunha especie de seguro vitalicio que só custaba o pago da cota mensual, e a obriga de prestar axuda aos demais socios. A actitude solidaria dos membros da Sociedade garantía a súa presenza en caso de necesidade; isto estaba especialmente indicado para aquelas persoas de escasos recursos ou sen familiares, que eran os que máis podían precisar dos veciños cando xa non se puidesen valer por si mesmos, en caso de enfermidade, velez ou incapacidade. O custo da cota mensual viña a ser como pagar un seguro de ampla cobertura. Certo é que a solidariedade espontánea entre os veciños estaba moi estendida por motivos relixiosos (o exercicio da caridade e das obras de misericordia) ou puramente prácticos ou humanos, coma a reciprocidade ou o que se expresaba na frase de “mirar uns por outros”, ou “hoxe por ti mañá por min”, e que constituía un dos valores clásicos da



sociedade rural tradicional. Pero certo tamén que, a pesar de tan asentados alicerces, a práctica destes principios dependía tamén da vontade, posibilidade real, circunstancias, e mesmo do carácter das persoas, de xeito que era imposible esixir o cumprimento práctico destas consideracións con algo máis que unha apelación aos sentimentos relixiosos, de veciñanza, ou unha recriminación. Nin desexándolle o mal a alguén era posible conseguir o seu concurso se a persoa se negaba.

A alternativa que ofrecía a Sociedade poñía estas inquiredanzas ao abeiro do seguro que supoñía ser asociado para recibir a axuda. Non cabía dúbida que, ser membro da Protección Social Esteirana, constituía unha boa solución fronte a estas complicadas situacións. A contraprestación á percepción destes beneficios radicaba simplemente na dispoñibilidade económica para facer fronte ao pagamento da cota anual. O amplo listado de cotizantes e as facilidades para a satisfacción das cotas, deberon de deixar fóra a poucas persoas.

Para finalizar, sinalar que outro dos obxectivos da actividade social da Sociedade foi o da educación. Lembremos que as características sobranceiras da asociación foron as de Asociación Agrícola e Benéfica, pero tamén a de Instructiva. No longo artigo 3º do Regulamento recollíase que: "El fin instructivo se levará a cabo: 1º. Con enseñanzas, publicaciones, exposiciones, experiencias, conferencias, certámenes, reuniones y cuantos medios conduzcan a difundir los conocimientos útiles al engrandecimiento de la Asociación y en especial al adelanto de la agricultura y mejora de la raza de gana-

dos(...) 3º. Escuelas diurnas, nocturnas o dominicales, según la mayor conveniencia de la población". A idea de instalar unha escola primaria (supoñemos) nos locais da Sociedade aparece, polo menos, no ano 1920, cando se anota coma gasto "una instancia para ver de conseguir la escuela para la casa social...". Apenas existía o edificio (botárase o piso aquel mesmo ano, asentárase o teito e dividírase a Cooperativa), e debeuse de conseguir, pois na contabilidade de 1921 aparecen gastos por xornais a Manuel García Romaní, por "hacer una mesa de escribir, un tablón, marcos para mapas y una alasena (sic) todo para la escuela de esta Sociedad". No ano 1923 xa aparece o nome da mestra D^a Juana Lojo, á que se aboaban distintas cantidades por ocuparse do ensino diurno, se ben hai referencias a ingresos por ensino "de noche". E sabemos que tal ensino era impartido tamén por Juana Lojo. Se a Asociación se facía cargo dos gastos da mestra, os alumnos pagaban á Asociación o ensino que recibían. Polo que sabemos, no ano 1924 o ensino resultaba deficitario para a Sociedade; o soldo da mestra (1.324,90 pesetas) era superior aos ingresos aportados polos alumnos (846 pesetas).

Moi probablemente, esta situación de déficit foi a que provocou que a partir do ano seguinte, 1925, as cousas cambiasen, e a Sociedade, en vez de facerse cargo do ensino primario, cuestión que resultaba moi gravosa, arrendou os baixos do local social para escola nacional de nenos, pola cantidade de 98,70 pesetas ao semestre. En anos sucesivos, figurará o pagador do arrendamento, que era o Concello de Muros. Tres anos máis tarde, esta corporación recoñecía o non



pagamento da renda anual á Sociedade pola ocupación do local para escola nacional de nenos. Curiosamente, era a Sociedade a que pagaba o mestre polo concepto de casa-habitación. A escola estivo instalada no local social ata o ano 1931 aproximadamente. E sabemos que, a poucos meses da proclamación da IIª República, a Sociedade ofreceu trasladar as actividades escolares para outro local.

Ata aquí esta aproximación ao coñecemento dalgúns dos principios e ideas, e tamén algunhas manifestacións das actividades desenvolvidas pola Sociedade de Esteiro, nos seus primeiros tempos, á luz dos escasos documentos dos que dispomos neste momento.

Queríamos chamar a atención con este artigo a consideración que merece a grande capacidade de traballo e organización que amosaron tantas persoas de Esteiro, quen ao longo do tempo souberon levantar e manter un proxecto social amplo e de grande calado nuns tempos cheos de dificultades de toda sorte; animados polos seus veciños e confiados na capacidade da comunidade para construír e manter unha serie de instrumentos colectivos destinados a mellorar a vida comunitaria, tanto no eido material coma no social, non escatimaron esforzos para unirse e unir aos veciños de Esteiro, do concello, da bisbarra e da Galiza na procura dunha sociedade máis xusta, máis feliz e máis igualitaria. Para eles o noso recoñecemento e a memoria na que fican os bos e xenerosos da nosa Terra.

As Lombas, Esteiro. Xuño de 2007

orto do Son no
Catastro de Ensenada (1752)
As respostas do interrogatorio
da freguesía de San Vicente de Noal

Manuel Mariño del Río



Para o estudo da historia de Porto do Son no século XVIII, ademais das contribucións de José Cornide Saavedra ¹, Lucas Labrada ², Meijide Pardo ³ e Manuel Rodríguez Pazos ⁴, entre outros, sobre o tema da pesca e a industria da salgadura, contamos tamén coa importante achega documental que se extrae do catastro do Marqués de la Ensenada, realizado en 1752.

Aquel catastro ou inventario estatístico e fiscal levouse a cabo nas diferentes provincias da Coroa de Castela, de 1750 a 1756, para rexistrar e avaliar todos os bens, rendas e beneficios dos seus habitantes, recibilos con regularidade, para substituír o complexo sistema fiscal que existía daquela por unha única contribución.

Este catastro fora encomendado polo rei Fernando VI ao Marqués de la Ensenada, daquela secretario, ou ministro de Guerra e Mariña, Facenda e Indias. Non chegou a surtir efecto, pois non se aplicou, porque supoñía dismantelar centos de arbitrios e trabucos. Por outra banda, e a razón seguramente máis importante, pola forte oposición do poder caciquil e eclesiástico.

Para efectuar os correspondentes interrogatorios, Ensenada creou unha Xun-

ta de Única Contribución, con residencia no Pazo do Buen Retiro de Madrid que só se dedicaría ao catastro, nomeándose un intendente provincial que logo tería un ou máis subdelegados, un escribán, un oficial administrativo, un ou máis escribentes, un xeómetra para medir as terras, varios peritos, un asesor xurídico e un alguacil, que executaba as ordes do intendente.



Porto do Son a finais do século XIX

Durante os días que duraba o interrogatorio, o oficial e escribente dedicábanse a recoller os memoriais dos veciños, e mesmo dos forasteiros que tiñan bens nese lugar ou vila. Os cabezas de familia tiñan que declarar os datos persoais da mesma, bens e rendas fixas ou periódicas. Tamén recollían os chamados bens de propios (propiedade dos concellos) e bens do común, gozados en conxunto por toda a comunidade. Por último, comprobábase a veracidade das declaracións de casas, rendas e terras.

Todo aquel material recollido no interrogatorio nos memoriais e nos recoñecementos pasaría a dous libros: o de cabezas de familia –que rexistraba os datos de todos os habitantes residentes– e o libro do real ou do raíz, que deixaba testemuño dos bens e rendas do pobo. Os dous libros tiñan que ser dobres: un para leigos e outro para eclesiásticos.

¹Cornide Saavedra y Folgueira, J.A. *“Memorias sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia”*. Madrid, 1774

²Lucas Labrada, J. *“Descripción Económica del Reino de Galicia”*. Ferrol, 1804.

³Meijide Pardo, A. *“Hombres de negocios en La Coruña dieciochesca, Jerónimo Hijosa”*. Revista José Cornide de Estudios Coruñeses. Ano III, nº 3. A Coruña, 1967.

⁴Rodríguez Pazos, Manuel. *“Un pleito de pesca en la ría de Muros y Puerto del Son”*. Edición Especial del Sindicato Nacional de la Pesca. Madrid, 1972.



Preguntas do
interrogatorio

INTERROGATORIO

A QUE HAN DE SATISFACER, BAJO
de Juramento, las Justicias, y demás Personas, que han
comparecer los Intendentes en cada Pueblo.

- A.**
1. **C**ómo se llama la Poblacion.
 2. Si es de Realengo, ò de Señorio: à quién pertenece: què derechos percibe, y quanto producen.
 3. Què territorio ocupa el Termino, quanto de Levante à Poniente, y del Norte al Sur: y quanto de circunferencia, por horas, y leguas: què linderos, ò confrontaciones; y què figura tiene, poniendola al margen.
 4. Què especies de Tierra se hallan en el Termino; si de Regadio, y de Secano, distinguiendo si son de Hortaliza, Sembradura, Viñas, Pastos, Bosques, Matorrales, Montes, y demás, que pudiere haver, explicando si hay algunas, que produzcan mas de una Cosecha al año, las que fructificaren sola una, y las que necesitan de un año de intermedio de descanso.
 5. De quantas calidades de Tierra hay en cada una de las especies, que hayan declarado, si de buena, mediana, è inferior.
 6. Si hay algun Plantio de Arboles en las Tierras, que han declarado, como Frutales, Mórems, Olivos, Higueras, Almendros, Parras, Algarrobos, &c.
 7. En quales de las Tierras están plantados los Arboles, que declararen.
 8. En què conformidad están hechos los Plantios, si extendidos en toda la tierra, ò à las márgenes: en una, dos, tres hileras; ò en la forma que estuvieren.
 9. De què medidas de Tierra se usa en aquel Pueblo: de quantos passos; ò varas Castellanas en quadro se compone: què cantidad de cada especie de Granos, de los que se cogen en el Termino, se siembra en cada una.
 10. Què numero de medidas de Tierra hayrà en el Termino; distinguiendo las de cada especie, y calidad: por exemplo: Tantas Fanegas, ò del nombre, que tuviere: &c.



O proceso de recollida de datos remataba coa lectura pública dos dous libros, antes de envialos á Xunta de Única Contribución.

O catastro recolleu os datos de todas e cada unha das diferentes freguesías do Concello. Neste traballo recolleremos tan só as respostas do interrogatorio da freguesía de San Vicente de Noal.

Na freguesía de San Vicente de Noal a vinte e tres días do mes de decembro, ano de mil setecentos cincuenta e dous, ante o señor licenciado Don Jacobo Troche y Silva, xuíz e xustiza ordinaria da vila e xurisdición de Noia e subdelegado en virtude de Reais ordes e baixo as da súa señoría o señor Don Francisco Xavier García Seron, ministro privativo por S.M. para a práctica das dilixencias e establecemento da Única Real contribución na dita freguesía e o seu termo e para efecto de avaliar e encher as preguntas do interrogatorio impreso da letra A que vai por cabeza deste atado na operación que se está practicando nesta freguesía e o seu termo concorreron (tendo precedido recado político) Don Manuel Romay, cura párroco e na forza das prometidas precedentes nos autos xerais compareceron tamén Gregorio Novo, mordomo, Domingo Vinagre e Ignacio Periaos postos pola dita freguesía, Juan Antonio, escribán de número e concello da devandita vila e xurisdición, Miguel de Quintáns, veciño da freguesía de San Martiño e Andrés García da de San Xoán de Camboño, peritos postos pola parte do Rei, uns e outros como de boa opinión, coñecemento e práctica das persoas, casas, terras, número, calidades, comidas, especies, froitos, cultura, artes, oficios, comercio, in-

dustria e demais utilidades coa reserva de engadir outras que sexan precisas, dando principio ás ditas declaracións e baixo o xuramento que teñen feito (a excepción do citado cura) de diciren verdade do que soubesen e alcanzasen segundo o seu saber e entender no que se ratifica, do cal o presente escribán dou fe. E sendo preguntados a teor do devandito interrogatorio dispuxeron o seguinte:

1ª Como se chama a poboación

Á primeira dixeron que esta freguesía chámase San Vicente de Noal, incluída na xurisdición de Noia, polo que é ben coñecida.

2ª Se é de reguengo ou señorío⁵; a quen pertence; que dereitos percibe e canto producen.

Á segunda dixeron que esta freguesía, como a maior parte desta xurisdición, é do señorío do reverendo Arcebispo de Santiago. Os veciños pagaban os antigos tributos do cambio⁶ que ascendía a doce reais de vellón anuais e a loitosa,⁷ que ascendía o seu produto a sesenta reais de vellón, tamén anuais.

3ª Que territorio ocupa o termo, canto de levante a poñente e de norte a sur e canto de circunferencia por horas e leguas; que lindeiros ou confrontacións e que figura ten, poñéndoa á marxe.

⁵De reguengo considérase o territorio pertencente ao Rei ou ao Estado. De señorío é o que está baixo o dominio e autoridade dun señor.

⁶O cambio era un antigo tributo que se pagaba en peixes.

⁷A loitosa era un imposto que os colonos pagaban ao señor por cada veciño, cabeza de familia, que morría.



Á terceira dixeron que o territorio que ocupa o termo desta freguesía ocupaba media legua de levante a poñente e de norte a sur un cuarto de legua. O seu perímetro percorríase en hora e media. Expresaron tamén que os lindeiros desta freguesía son polo levante a de San Andrés de Cures da xurisdición de Rianxo; polo poñente o mar; polo norte a de Santa María de Nebra e polo sur a de San Pedro de Baroña. A súa figura é triangular e componse de diversas casas espaxeadas, incluíndose nela Porto do Son.

4ª Que especies de terra se atopan no termo, se de regadío e de secaño, distinguindo se son de hortaliza, sementeira, viñas, pastos, bosques, matogueiras, montes e demais que puidese haber, explicando se hai algunhas que produzan máis dunha colleita ao ano, as que frutificasen só unha, e as que necesitasen dun ano de intermedio de descanso.

Á cuarta dixeron que no termo que deixan explicado hai especies de hortaliza, de sementeira de regadío e secaño, prados ou campos de regadío e secaño, viñas, matogueiras, carballeiras e montes comúns. Por outra banda indicaron que as terras producen froitos regulares, e nas de sementeira, que estercan, recollen dúas colleitas ao ano.

5ª De cantas calidades de terra hai en cada unha das especies que teñan declarado, se de boa, mediana e inferior.

Á quinta dixeron que as calidades de terra que hai en cada unha das devanditas especies son de boa, mediana e inferior, agás os montes comúns que son todos dunha única calidade.

6ª Se hai algunha plantación de árbores nas terras que declaran, como froiteiras, moreiras, oliveiras, figueiras, amendoeiras, parras, ervellacas, etc.

Lanchas
xeiteiras preto do
porto sonense
a comezos do
século XX





7ª *En que terras están plantadas as árbores que declararen.*

8ª *En que conformidade están feitas as plantacións, se estendidas en toda a terra ou ás marxes nunha, dúas ou tres ringleiras, ou na forma en que estivesen.*

A estas tres preguntas dixeron que non hai nada do que comprenden, tan só algunhas partidas de castiñeiros sen seren plantados e que se atopan dispersos polas terras e que dan castañas das tres calidades.


9ª *Que medidas de terras se usan naquel pobo; de cantos pasos ou varas castelás en cadro se compoñen; que cantidade de cada especie de grans, dos que se collen no termo, se sementa en cada un.*

Á novena dixeron que a medida empregada nesta freguesía é o ferrado que leva doce cuncas e cada unha destas en oitavas. O ferrado ten no perímetro do cadro noventa e oito varas de catro palmos cada unha que é a de Ávila. Cada cadro compúñase de vinte e catro varas e media. Se se sementa de trigo enche os tres cuartos de ferrado. Se se sementa de centeo enche un ferrado. Se se sementa de millo enche dúas cuncas, mentres que se é paíno⁸, só unha. Cando se sementa de liño enche ferrado e medio. Estas son as especies de gran que comunmente se sementan neste termo. As medidas do gran eran diferentes, así para medir trigo, centeo e paíno componse de doce

cuncas, mentres que para o millo, liñaza e castañas é de dezaseis cuncas.

10ª *Que número de medidas de terra hai no termo, distinguindo as de cada especie e calidade. Por exemplo: tantas fanegas (ou do nome que tivese a medida de terra de sementar) da de mellor calidade; tantas de bondade mediana e tantas de inferior. O mesmo as demais especies que tivesen declarado.*

Á décima dixeron que non poden dar ningún dato seguro sobre as medidas das terras que hai de cada especie e calidade nesta freguesía pois precisarían moito tempo, moito traballo e dispoñer de persoas cualificadas para que puidesen medir e recoñecer os terreos agás dos camiños, montes, ríos e outros terreos incultos dos que se remiten ás relacións que resulten das dilixencias que se tivesen practicado.



Primeira páxina do interrogatorio da freguesía de San Vicente de Noal

⁸O paíno é unha planta gramínea orixinaria da India. É tamén coñecido como millo miúdo ou millo dos paxaros.



11ª Que especies de froitos se collen no termo.

Á undécima dixeron que as especies de froitos que collen neste termo son: trigo, centeo, millo (o máis abundante), paínzo, liño, viño, hortalizas e castañas.

12ª Que cantidade de froitos de cada xénero, uns anos con outros, produce, cunha ordinaria cultura, unha medida de terra de cada especie e calidade das que houbese no termo, sen comprender o produto das árbores que houbese.

Á duodécima dixeron que a cantidade de froitos que produce a medida do ferrado de terra de sementeira que levan calculado uns anos con outros é deste xeito: o de primeira calidade sementado a trigo de primeira man dá cinco ferrados e de segunda man (restreba)⁹ seméntase de millo e produce outros cinco. Se outro ferrado se sementa de primeira man de liño dá sete lagoeiros¹⁰. Cando se sementa de segunda man con paínzo dá catro ferrados. Se sementan millo de primeira man dá seis ferrados e a continuación queda a campo e non produce utilidade.

O ferrado de terra de segunda calidade sementado de trigo de primeira man produce catro ferrados e de segunda seméntase de millo e produce outros catro. Se outro ferrado de terra se sementa de liño dá seis lagoeiros e de segunda man seméntase de paínzo e dá tres ferrados.

⁹Restreba é a terra que tivo sementado trigo, centeo ou cebada, logo de ser segado e no que só quedan os restos e que corresponde, polo tanto, á segunda ou terceira colleita que dá unha terra.

¹⁰Lagoeiro considerábase daquela o que unha muller podía levar na cabeza e abarcalo con ambos os dous brazos.

Se o ferrado se sementa de millo de primeira man dá cinco ferrados e de segunda queda a campo e non dá utilidade.

O ferrado de terra de terceira calidade sementado de trigo de primeira man produce tres ferrados e de segunda seméntase de millo e produce outros tres. Se o ferrado se sementa de liño de primeira man dá cinco lagoeiros e de segunda seméntase de paínzo e produce dous ferrados. Se outro ferrado se sementa de millo de primeira man dá catro ferrados e logo queda a campo non producindo utilidade.

Pasados tres anos o ferrado de terra de sementeira de secaño de primeira calidade seméntase de primeira man de centeo e produce seis ferrados e de segunda seméntase de millo e produce catro. Se vai sementada de millo de primeira man dá cinco ferrados e de segunda queda a campo e non dá utilidade.

O de segunda calidade sementada de centeo de primeira man dá cinco ferrados e de segunda man seméntase de millo e produce tres ferrados. Cando se sementa de millo de primeira man dá catro e de segunda déixase a campo e non dá utilidade.

O de terceira calidade sementado de centeo de primeira man dá catro ferrados e de segunda man seméntase de millo e dá dous. Se se sementa de millo de primeira man dá tres ferrados e de segunda queda a campo e non dá utilidade.

Se o ferrado se sementa con hortalizas, tanto de regadío coma de secaño, o de primeira calidade dá de utilidade cada



ano vinte e catro reais de vellón, o de segunda, doce e o de terceira, seis.

Se outro ferrado está a prado de herba ou campo de regadío de primeira calidade dá de utilidade pola herba que se sega vinte reais cada ano; o de segunda, quince e o de terceira, dez. Se é de secaño só serve para pasto e de primeira calidade dá de utilidade quince reais de vellón cada un, o de segunda, dez e o de terceira, cinco.

Se outro ferrado está posto a viña, tanto de regadío coma de secaño, o de primeira calidade dá tres canados¹¹ que son as tres partes dun moio¹² que se compón de catro canados e cada un destes de dezaseis azumes¹³ e cada azume de catro cuartillos, o de segunda calidade dá dous canados e o de terceira, un.

Se o ferrado está posto a xestas, córtase de tres en tres anos en cada unha das tres calidades, dando de utilidade a de primeira catro carros, a de segunda, tres e a de terceira, dous.

Se o ferrado está con toxos, córtase de cinco en cinco anos nas tres calidades de terra e na primeira obtéñense cinco carros, na de segunda, catro e na de terceira, dous.

Se o ferrado está plantado de carballos, córtanse de seis en seis anos en todas as terras, sexa cal sexa a súa calidade e o de primeira da seis carros, o de segunda, catro e o de terceira, tres.

Os montes comúns todos son dunha única calidade e non producen máis utilidade que o pasto para os gandos.

13ª Que produto se regula darán por medida de terra as árbores que houberse, segundo a forma en que estea feito o plantío, cada un na súa especie.

Á décimo terceira dixeron que como levan declarado, na pregunta sexta non hai plantío formal, só algunhas partidas de castiñeiros. O ferrado de primeira calidade desta especie dará seis ferrados, o de segunda, catro e o de terceira, tres.

14ª Que valor teñen, ordinariamente un ano con outro, os froitos que producen as terras do termo e cada calidade deles.

Á décimo cuarta dixeron que o valor que teñen ordinariamente un ano con outro os froitos que producen as terras deste termo é o seguinte: o ferrado de trigo, cinco reais; o de millo, catro; o de centeo, tres; o de paínzo, dous; o de liñaza, cinco; o moio de viño, vinte e catro reais; o ferrado de castañas, catro; o carro de leña de xestas, tres; o de toxo, outros tres, e o carro de carballo, catro reais. Polo que respecta ás hortalizas e prados, tanto de regadío coma de secaño, xa deron resposta na pregunta doce, ao non haber para estas dúas especies nin pesos nin medidas.

¹¹O canado é un recipiente de barro ou madeira que se empregaba como medida do viño. Adoitaba ser de dúas olas, ou sexa, trinta e dous litros.

¹²O moio é unha medida de capacidade para líquidos que equivale a catro canados ou oito olas, é dicir, cento vinte e oito litros.

¹³O azume é unha antiga medida de capacidade para líquidos que equivale a catro netos, aproximadamente dous litros.



15ª Que dereitos están impostos sobre as terras do termo, como decimo¹⁴, primicia¹⁵, terzo décimo¹⁶ ou outras, e a quen pertencen.

Á décimo quinta dixeron que os dereitos que se encontran impostos sobre as

pagan o voto ao apóstolo Señor Santiago os que teñen terra de labranza, entregando un terzo dun ferrado de centeo. Estes son os dereitos que hai impostos sobre as terras do termo e aínda que hai outras de distinta natureza como foros, censos, pensións e memorias, remítense ás relacións onde constarán.

16ª A que cantidade de froitos adoitan montar os referidos décimos de cada especie, ou a que prezo acostuman arrendar un ano con outro.

Á décimo sexta dixeron que certamente non poden dicir a cantidade de froitos que adoitan montar os referidos décimos de cada especie, nin en que prezo se arrendan porque o crego os administra e percibe en especie ó mesmo que o posuidor da capela de Alba e a sinecura por persoas no seu nome, remitíndose ás súas certificacións. Por outra banda no que se refire ao voto do Señor Santiago tampouco poden declarar o número de ferrados a que ascende o seu produto nin tampouco en canto está arrendado nin que utilidade lle queda ao arrendatario, Francisco López, veciño da freguesía de Santa Cristina de Barro, xurisdición de San Xusto de Toxosoutos por ter este arrendamento extensivo a toda a xurisdición e outras inmediatas.

17ª Se hai algunhas minas, salinas, muíños fariñeiros ou de papel, batáns ou outros artefactos no termo, distinguindo de que metais e de que uso, explicando os seus donos e o que se regula produce cada un de utilidade ao ano.

Á décimo sétima dixeron que non hai minas, salinas nin outros artefactos aos

Festas do Carme en Porto do Son en 1922



terras do termo e da calidade e natureza que comprende a pregunta son o décimo e a primicia. O décimo cobrábase por todos os froitos de gran, liño, viño, cordeiros e cabritos e divídense en tres partes iguais das que o cura leva unha, máis un desmeiro¹⁷ que escolle á súa elección. A segunda leva o patrón da Capela de Alba, incluída na Santa Igrexa do Señor Santiago, D. Andrés José de Porras, veciño da cidade de Santiago e o outra terceira parte percíbea D. Benito Sanjurjo San Millán e Arellano, veciño da mesma cidade como posuidor dunha sinecura¹⁸ e ademais o seu correspondente desmeiro, tamén a súa elección. Polo que afecta á primicia tamén a reparten entre os tres. Tamén

¹⁴Décimo é a prestación en froitos e gandos que se entregaba á Igrexa e que equivalía á décima parte das colleitas.

¹⁵Primicia é un tributo dos primeiros froitos que se pagaba á Igrexa.

¹⁶Terzo décimo é a renda recadada, consistente na terceira parte dun décimo.

¹⁷Desmeiro era a persoa que tiña o deito de recadar o décimo eclesiástico nunha parroquia ou a persoa que o recibía.

¹⁸A sinecura é un cargo retribuído que non esixe ningunha ou case ningunha dedicación nin esforzo..



que se refire a pregunta, agás os vinte e un muíños fariñeiros dos que xa se entregou unha lista na que se indicaron os donos, nomes, augas con que moen, cantos meses ao ano, que cantidade de ferrados moen cada día e regulando a utilidade de cada un deles.

18ª Se hai algunha rapada no termo, a quen pertence, que número de gando ven á rapada, e que utilidade dá a seu dono cada ano.

Á décimo oitava dixeron que non hai utilidade algunha nesta freguesía por razón das rapadas pois debido ao pouco gando que cada dono ten, cada un tosquíaa as súas ovellas. Ao respecto remítense as relacións e recoñecemento que se practicou dos bois, vacas, porcos, cabras e demais, indicando as utilidades de cada especie de gando. Tamén declaran que a la de cada ovella e os anos, sen contar o leite que precisan para eles deixará unha

utilidade de cinco reais cada ano, catro polo año e un pola la. Un carneiro dá dous reais pola la; unha cabra, descontado o cabrito e o leite que lle queda, dá cinco reais, catro polo cabrito e un polo leite. Un par de bois dá cada ano un beneficio de corenta e catro reais; un par de vacas sen crías, vinte e dous reais; unha vaca coa súa cría e leite produce sesenta e seis reais, corenta pola cría e vinte e seis polo leite. Unha porca de cría dá uns beneficios de corenta e catro reais. Unha galiña valórase en dous reais; un par de polos, seis cuartos; un carneiro, doce reais; un año, catro; un cabrito, catro; unha porca de leite, once reais; un par de perdices, cinco reais; unha ducia de pescadas curadas, vinte reais; un milleiro de sardiñas salgadas, vinte reais; un cento, dous reais; un cuartillo de manteiga, catro reais; un cuartillo de mel, outros catro; un carro de palla de trigo, doce reais e un carro de leña, catro reais.



Día de feira en Porto do Son no ano 1948



19ª Se hai cortizos no termo, cantos e a quen pertencen.

Á décimo novena dixeron que hai algúns cortizos no termo desta freguesía, remitíndose ás relacións que se practica-ron e que se acompañan. Estimábenselle uns beneficios de cinco reais e dezasete marabedís de vellón polo mel e a cera.

Feira de gando
en Porto do Son
en 1954



Hai tamén un pombal de Dona Catalina Rodríguez con vinte parellas de pombas para o seu gusto e agasallo. Obtense por cada par seis pombiños ao ano e cada par de pombiños da un beneficio de dous reais de vellón.

20ª Que especies de gando hai no pobo e termo, excluindo as mulas de coche e cabalos de pracer; e se algún veciño ten cabana ou recua que pasta fóra do termo, onde e que número de cabezas, explicando o nome do dono.

Á vixésima dixeron que as especies de gando que hai nesta freguesía son bois, vacas, carneiros, ovellas, años, cabras, cabritos, porcos, mulas, eguas e vacas que pastan no monte de Barbanza, común desta e outras freguesías, sendo difícil precisar o número exacto da cabana pois cada un ten as súas e constan nas relacións que se remiten. Din que

unha vaca sen cría deixa un beneficio ao ano de dezaseis reais e medio e con cría, cincuenta e seis reais; un tenreiro, once reais e o mesmo se é femia; unha egua sen cría da catro reais. A cría de mula, corenta reais; a cría de cabalo, vinte reais, un poldro trinta reais, unha poldra, cincuenta e unha mula, cen reais.

21ª De cantos veciños se compón a poboación, e cantos hai nas casas de campo ou casais.

Á vixésimo primeira dixeron que o número de veciños que hai nesta poboación e no seu termo é de trescentos dezaioito. Dixeron así mesmo que case todas as casas son de campo para habitación dos labregos, agás a do crego, algún particular e a dos veciños de Porto do Son.

22ª Cantas casas hai no pobo, que número de inhabitables, cantas arruinadas e se é de señorío, explicar se ten algunha carga que lle pague ao dono polo establecemento do solo, e canto.

Á vixésimo segunda dixeron que hai tantas casas como veciños declarados na pregunta anterior. Tamén hai algunhas máis que se empregan para gardar os animais. Tan só en Porto do Son haberá dez casas desocupadas.

En canto ás arruinadas e inhabitables haberá unhas quince por falta de recursos e descoido dos seus donos, situadas en Porto do Son polas que pagan á Dignidade Arcebispal do Señor Santiago dezasete marabedís anuais cada unha polo establecemento do seu soldo.



23ª Que propios¹⁹ ten o común e a que ascende o seu produto ao ano, do que se deberá pedir xustificación.

24ª Se o común goza dalgún arbitrio²⁰, sisa²¹ ou outra cousa, do que se deberá pedir a concesión, quedándose con copia que acompañe estas dilixencias; que cantidade produce cada un ao ano; a que fin se conceden; sobre que especies, para coñecer se é temporal ou perpetuo, e se o seu produto cobre ou excede da súa aplicación.

25ª Que gastos debe satisfacer o común, como salario de Xustiza e Rexedores, festas do Corpus e outras; empedrado, fontes, serventes, etc., do que se deberá pedir relación auténtica.

26ª Que cargos de Xustiza ten o común, como censos; que responda ou outros, o seu importe, por que motivo e a quen; do que se deberá pedir puntual noticia.

Ás do marxe dixeron que non había nada do que comprenden por non haber nin concello nin cabido como noutras poboacións nin outra cousa do que nelas se expresan.

27ª Se está cargado de servizo ordinario e extraordinario, ou outros, do

¹⁹Propios son os bens, fincas ou facendas que ten unha poboación para os gastos públicos, e que pertencen ao concello.

²⁰O arbitrio é unha carga impositiva sobre o consumo e o comercio tendente a acrecentar o prezo duna mercadería.

²¹A sisa é un imposto que se cobraba sobre xéneros comestibles (carnes, pan, viño, fariña, etc.) cunha rebaixa de certa cantidade nos pesos e medidas empregadas polos vendedores.

que igualmente se debe pedir individual razón.

Á vixésimo sétima dixeron que pagan os veciños desta freguesía cada ano cincocentos dezasete reais e catorce maravedís de vellón polo servizo ordinario e extraordinario, entre os do gremio de mar e de terra.

Por razón de centos e alcabalas²² pagan os do gremio de terra mil oitocentos nove reais de vellón cada ano e polos dereitos de sisa e millóns douscentos setenta reais cada ano. Unhas e outras repartidas en tres terzos e concorren con eles ás tesourerías de rendas provinciais da cidade de Santiago. En canto aos centos e alcabalas os do gremio do mar adminístranse por fidelidade de contas de S.M. segundo os adebedan. Por non estar encabezados por razón do consumo de augardentes, pagan os veciños do gremio de terra de Porto do Son quince reais.

28ª Se hai algún emprego, alcabalas ou outras rendas alleadas; a quen, se foi por servizo pecuniario ou outro motivo; de canto foi e o que produce cada un ao ano, do que se deberán pedir os títulos e que-darse con copia.

Á vixésimo oitava dixeron que non hai nada do que se pregunta.

29ª Cantas tabernas, mesóns, tendas, panadarías, carnizarías, pontes, barcas sobre ríos, mercados, feiras, etc., hai na poboación e termo; a quen pertencen e

²²A alcabala era un antigo imposto que consistía en pagar un tanto por cento (xeralmente un dez por cento) do valor do que se vendía ou trocaba.



que utilidade se regula que lle pode quedar a cada un.

30ª Se hai hospitais, de que calidade, que renda teñen e de que se manteñen.

31ª Se hai algún cambiador, mercador ao por maior ou a quen beneficie o seu caudal, por man de corredor ou outra persoa, o seu lucro e rédito; e que utilidade se considera que lle pode resultar a cada un ao ano.

Curiosa estampa do coche de liña en Porto do Son



32ª Se no pobo hai algún tendeiro de panos; roupas de ouro, prata e seda; lenzos; especiaria e outras mercadorías; médicos; cirurxiáns; boticarios; escribáns; arrieiros, etc.; e que ganancia se calcula que pode ter cada un ao ano.

33ª Que ocupacións de artes mecánicas hai no pobo, con distinción, como albaneis, canteiros, albeites, ferreiros, cordoeiros, zapateiros, xastres, teceláns, sombreireiros, manguiteiros, guanteiros, etc. Explicando en cada oficio o número que haxa de mestres, oficiais e aprendices, e que utilidade lle pode resultar ao día a cada un traballando exclusivamente no seu oficio.

34ª Se hai entre os artistas, algún que tendo cartos faga prevención de materiais correspondentes ao seu oficio ou a outros, para vender aos demais ou facer algún outro comercio ou arrendamento. Explicar quen son e o proveito que se considere lle queda a cada un deles.

35ª Que número de xornaleiros hai no pobo e como se paga o xornal diario a cada un.

Ás do marxe dixeron que en canto á trinta non hai nada que dicir ao respecto, e en canto ás demais declaran que se remiten á lista que teñen formada, asinada e entregada e onde constan todos os oficios, as industrias e xornais que hai nesta freguesía e o seu termo onde se lle sinala a cada un os beneficios diarios e anuais que lle produce o seu oficio, comercio ou industria. En canto á pregunta trinta e cinco, só no caso de que os labregos sexan considerados xornaleiros, outórganlles un beneficio de dous reais por día.

36ª cantos pobres de solemnidade hai no pobo.

Á trixésimo sexta dixeron que haberá como dez pobres de solemnidade que viven só de esmola.

37ª Se hai algúns individuos que teñan embarcacións que naveguen no mar ou nos ríos, o porte de cada unha ou se son para pescar. Cantas hai, a quen pertencen e que utilidade obtén de cada unha o seu dono ao ano.

Á trixésimo sétima dixeron que en Porto do Son, incluída nos termos desta



freguesía hai dezanove embarcacións de pesca propias dos matriculados e algunha delas doutros donos do gremio de terra. Reparten a pesca en quiñóns pola embarcación, polos aparellos e polas persoas. A tal efecto o subdelegado de Mariña entregou unha lista xurada e asinada, ratificada polo mordomo e perito que elixiu o gremio. Nas relacións foron deixando constancia do número de mariñeiros e xente de terra que eran donos de embarcacións. Tamén se facía constar o quiñón, a parte que obtiña cada un deles, resumindo que un quiñón suporá mil cen reais de vellón ao ano.

38ª Cantos clérigos hai no pobo

Á trixésimo oitava dixeron que só hai o cura Don Manuel de Romay e outros dous sacerdotes.

39ª Se hai algúns conventos, de que relixións e sexo e que número de cada un.

Á trixésimo novena dixeron que non había nada do que se pregunta.

40ª Se o Rei ten no termo ou pobo algunha finca ou renda que non corresponda ás xerais, nin ás provinciais, que deben extinguirse, cales son, como se administran e canto producen.

Á cuadraxésima que dixeron con respecto ás xerais e provinciais nesta freguesía a S.M. ten dúas fincas, unha de carballos e outra de piñeiros, así como un viveiro que non produce máis utilidade que a madeira cando a S.M. manda cortalas.

Das listas que acompañaron a aquel interrogatorio podemos tamén obter valiosísimos datos sobre a parroquia de Noal e de Porto do Son, que daquela aínda non posuía o título de vila.

Así, pola lista e relación que Don Diego Alonso García, subdelegado da Vila e Partido de Noia, en presenza do mordomo do gremio de mar de Porto do Son, José Vidal e do perito nomeado polo gremio figuran dezanove embarcacións, como xa quedou sinalado na resposta da pregunta trinta e sete.

Ademais podemos saber que catorce matriculados no gremio do mar eran donos de embarcacións, cinco eran donos de embarcacións pero non estaban matriculados, un era dono dun barco e da metade doutro, once eran donos dun barco e outros trece donos de medio barco.

Tamén sabemos que traballaban no mar un total de 128 mariñeiros que fan quiñóns. Dúas persoas de terra que fan quiñóns por aparellos e dez mulleres que tamén fan quiñóns por aparellos.

Noutra lista e relación xurada e asinada que entregou o licenciado D. Jacobo Troche y Silva, xuíz ordinario da Vila e Xurisdición de Noia, e Subdelegado da única contribución, con asistencia dos peritos A. de Quintana e Andrés García elixidos por orde do Rei e de Ignacio Díaz, Domingo Vinagre e Ignacio Blanco, nomeados pola freguesía de Noal, podemos saber os empregos, oficios, soldos, utilidade e xornais que se obtiñan na metade do século XVIII. Na relación figuran os seguintes: Un fiel de Contas (4 reais de vellón ao día), un garda de Rendas (2



reais de vellón ao día), un fiel de Rendas Provincial (cen reais de vellón ao ano), un notario (setecentos reais de vellón ao ano), dous estanqueiros (cen reais de vellón ao ano cada un), catro mercadores de viño (seiscientos reais de vellón ao ano; ao gremio de mar por dúas tabernas regulábase ao ano 1010 reais de vellón), dous vendedores ao por menor (un obtiña uns beneficios de cincocentos e outro trescentos reais de vellón), dous mesoneiros (un percibía cento cincuenta e outro só cincuenta reais de vellón), cinco panadeiros (aos que se lle regulaban uns cen reais de vellón a cada un), dezaseis arrieiros²³ (cuns beneficios que oscilaban entre os cincocentos e os dous mil seiscientos reais de vellón), nove zapateiros curtidores (entre cento cincuenta e seiscientos reais de vellón), sete tecedores (entre cento cincuenta e seiscientos reais de vellón), dous cordoeiros (entre cen e douscentos reais de vellón), tres tratantes de peixe (cento cincuenta reais de vellón cada un), tres taberneiras (cen reais de vellón cada unha), un mestre de nenos (cen reais de vellón), un medidor de terras (douscentos reais de vellón), un muiñeiro (catrocentos cincuenta e dous reais de vellón), sete carpinteiros (tres reais de vellón ao día), catro pedreiros (tres reais de vellón ao día), dous zapateiros (un gañaba dous e outro un real de vellón ao día), catro ferreiros (dous gañan catro reais de vellón ao día e outros dous que só gañan dous), un cerralleiro (un real e medio ao día), trece xastres (seis gañan ao día tres reais de vellón e sete gañan só dous e medio) e cinco oficiais (gañan ao día dous reais de vellón).

²³Os arrieiros eran as persoas que tiñan por oficio transportar mercadorías con bestas de carga. Tiñan unha reuca formada por catro ou máis cabalerías, sempre mulas ou machos.

Acompañando as respostas do interrogatorio ía unha relación xurada que presentara Gregorio Novo, mordomo pedáneo da devandita freguesía de Noal, coa asistencia e intervención dos peritos nomeados por parte do Rei, dando conta de que na canle do río Portobello había vinte e un muiños fariñeiros dos que figuraba a identidade dos seus donos, o nome con que se coñecía cada un, as augas con que moían, así como os meses que funcionaban ao ano, con que cantidade de ferrados de millo cada día e se estaba regulada ou non a súa utilidade.

Todos os muiños estaban naquel río, e recibían os nomes de muiños de Portobello os que se atopaban no curso medio. A continuación seguían os de Piñeiro e os da Escorrentada. Cando a canle está próxima á súa desembocadura, os muiños recibían o nome de Calqueirón, e finalmente muiños da Igrexa. Todos eles moían dous ferrados de gran ao día durante oito meses ao ano e regulábase unha utilidade anual de cento trece reais de vellón por cada un.

A propiedade dos muiños adoptaba variedades. Podían pertencer a un só dono, ser de varios veciños e, mesmo, comunais. Polo xeral, pertencían a un grupo de persoas –incluída a Igrexa– que moía para o que o desexaba ou arrendaba seguindo quendas para a moenda. Case todos eran considerados de media peza porque unha quenda moía polo día e outra pola noite, alternándose semanalmente.

Avanzaba así o século XVIII. Os mariñeiros de Porto do Son continuaban co longo preito de pesca cos seus homóni-



mos de Muros polo emprego das volantas dentro da ría.

Alguns anos máis adiante, 1773, Porto do Son ía adquirindo notoriedade entre os portos de Galicia. Paralelamente, outros asuntos de interese estábanse a resolver en Madrid. Por unha banda, a concesión dunha feira mensual á que concorrerían os gandeiros da bisbarra, e na que se comercializarían os froitos agrícolas e os animais. Por outra banda, a concesión por parte do Rei, Carlos III, do título de vila. Un terceiro asunto foi a concesión dun alfolín²⁴ de sal para o emprego na salgadura.

O sal era un artigo de gran importancia e o establecemento dun alfolín nesta vila era unha cuestión de primeira necesidade. Ata aquel ano a acumulación de sal facíase nos alfolíns de Noia e Muros. Neste intre, co preito gañado aos de Muros, e doado supoñer que as facilidades neste porto non serían xa as mesmas. Esta foi a razón pola que as autoridades de Porto do Son pensaron en posuír o seu propio alfolín, e para iso comisionaron a Felipe Fernández Hervilla para que levase a cabo as xestións pertinentes en Madrid. O alfolín comezou axiña o seu funcionamento, e debeu continuar así algúns anos ata que xurdiron problemas cos seus administradores, xa que o gremio de mar non satisfacía as importantes cantidades que lle adebedaban. Cabe supoñer que Porto do Son seguiu gozando do alfolín ata que o sal deixou de ser monopolio do Estado²⁵.

No mes de marzo de 1774 constituíuse a Sociedade Gremio de Mareantes de Porto do Son. Foron os seus primeiros directores D. Francisco Lourido e D. Antonio García, e o mordomo sería D. Roque Vidal. O seu regulamento debeu ter vixencia ata ben entrado o século XIX²⁶.



Dársena sonense na década dos setenta

Ese mesmo ano, 1774, o porto sonense pasa a ter un censo de 170 matriculados e 22 embarcacións de pesca. Capturábanse 17.000 millares de sardiña, 500 quintais de pescada e outros tantos de congro, e ademais unha gran cantidade de abadexo. A sardiña salgada enviábase preferentemente a Vascongadas e ás provincias do norte de Portugal. O congro e a pescada en seco, despachábase aos mercados galegos e casteláns²⁷. Estes datos relaciónanse coa estatística que Cornide incluíu no seu libro “Memoria sobre la pesca de la sardiña en las costas de Galicia”, publicado en 1774²⁸.

O despegue da industria tradicional desta vila coincide coa chegada a esta terra de Jerónimo Hijosa Rodríguez, na-

²⁴Un alfolín era un almacén onde se depositaba o sal.

²⁵Mariño del Río, M. “A industria derivada da pesca no concello de Porto do Son. As salgadeiras (1774-1934)”. Ed. Toxosoutos. Noia, 1996. Páxs. 43 e 44.

²⁶Mariño del Río, M. “A confraría de pescadores de Porto do Son. Desde 1774 facendo historia”. Deputación Provincial da Coruña. A Coruña, 2007. Páx.24.

²⁷Meijide Pardo, A. Obr. Cit. Páx. 137

²⁸Cornide Saavedra, J.A. Obr. Cit.



tural de Medina de Rioseco (Valladolid) e aveciñado na cidade da Coruña.

A que se denominou operación Hijosa non puido dar comezo ata o ano 1774. Contratou en San Juan de Luz un técnico francés de apelido Diabe, con gran experiencia na salgadura do bacallau en Terranova. Recoñecidas as costas galegas, e observando que a pesca capturada era suficiente para compensar a súa salgadura, decidiuse a instalar factorías neste litoral.

O prestixio de Porto do Son, a súa tradición mariñeira, e a abundancia das capturas, induciu a Hijosa a pensar en instalar aquí unha nova salgadeira, animado sen dúbida, polas súas dúas experiencias anteriores en Sálvora e Ribeira. Construíu en Porto do Son unha factoría de maior entidade, que por falta de calado, só admitía o acceso de barcos de mediana tonelaxe. A este porto acudían mariñeiros de Muros, Illa de Arousa, Bueu e do propio Porto do Son. Cos produtos obtidos, Diabe curou e salgou máis de 200 quintais de abadexo en dous meses.

O éxito daquela salgadura foi tal que o propio Rei, Carlos III, que fora agasallado por Jerónimo Hijosa cunha partida dos seus produtos, deu a súa aceptación, así como cantos ministros e altos cargos da Corte os probaron.

Así remataba o século XVIII. A chegada dos industriais cataláns ás costas de Porto do Son marcará o decurso do século XIX, e serán eles, sen dúbida, os protagonistas dese longo período de tempo na historia local.

**BIBLIOGRAFÍA:**

Libro de legos e eclesiásticos coas respostas do interrogatorio da freguesía de San Vicente de Noal. Arquivo do Reino de Galicia. A Coruña.

Cornide Saavedra y Folgueira, J.A. *“Memorias sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia”*. Madrid, 1774

Lucas Labrada, J. *“Descripción Económica del Reino de Galicia”*. Ferrol, 1804.

Mariño del Río, M. *“A industria derivada da pesca no concello de Porto do Son. As salgadeiras (1774-1934)”*. Ed. Toxosoutos. Noia, 1996. Páxs. 43 e 44.

_____ *“A confraría de pescadores de Porto do Son. Desde 1774 facendo historia”*. Deputación Provincial da Coruña. A Coruña, 2007. Páx. 24.

Meijide Pardo, A. *“Hombres de negocios en La Coruña dieciochesca, Jerónimo Hijosa”*. Revista José Cornide de Estudios Coruñeses. Ano III, nº 3. A Coruña, 1967.

Rodríguez Pazos, M. *“Un pleito de pesca en la ría de Muros y Puerto del Son”*. Edición Especial del Sindicato Nacional de la Pesca. Madrid, 1972.

*B*arbanza:
cultura, turismo e subvencións

Gonzalo Trasbach



Creemos que a Barbanza padece os males da enfermidade metafísica que afecta á actualidade galega, pero tamén á española. Por isto, a modesta aspiración deste artigo, coas súas inevitables esaxeracións, é a de localizar algúns dos riscos que se dan na nosa cultura e expliquen o noso presente. Para iso, deterémonos nalgúns detalles cunha soa idea: rexistrar en diversos ámbitos os símbolos ou figuras que caracterizan a nosa modernidade de despegue, sen retorno, que carece da coraxe de dialogar coa fatalidade do natal, coa nosa tradición, con dous bandos (o sector posmoderno e o premoderno) xunguidos polo seu rancor cara á orixe vernácula.

AVERSIÓN AO PASADO

Desde as institucións ata os medios de comunicación, pasando polos políticos, que acoden ás feiras e outros escaparares semellantes, fálase de, e publicítanse, as excelencias paisaxísticas, gastronómicas e culturais da nosa comarca, co fin de atraer visitantes, turistas. Pois ben, dígase o que se diga, nos últimos trinta anos, a Barbanza máis visible non só perdeu encanto, senón que se volveu chamativamente fea: as inmediacións das vías de comunicación son sinxelamente espantosas, compoñendo unha sorte de amasillo neindustrial, unha desolación de postes, torres de telefonía, eucaliptos e construcións que horrorizan incluso os máis devotos desta terra.

Ao mesmo tempo, as vilas barbanzás están perpetuamente en obras, en estado dunha constante liquidación de existencias. Todas xustificadas no nome do

chamado progreso social, pero no fondo do que se trata é de que ningunha pedra antiga quede en pé. É dicir: compartimos con todo o país e tamén con España esta vergoña polo noso pasado (do que unicamente interesa o seu aspecto arqueolóxico), un pasado encarnado na relación coa paisaxe (carballos, bidueiros e sobreiras) que hai que enterrar.



Os Chans da Barbanza

Neste senso, o lume que nos visita cada verán (este ano foi a excepción que confirma a regra) é como as obras públicas: expresa a nosa aversión a todo o antigo, que debe ser removido porque automaticamente o asociamos á pobreza, sen dármolos conta de que a pobreza máis fonda consiste nese automatismo, en versión de esquerda e de dereita.

Mal que nos pese, estamos constituídos por séculos de choiva, noites de pedra e lobos. E isto non pasará mañá por moito cambio climático que nos anuncien nin polas luminosas perspectivas que agora nos prometen. Non podemos acabar co labirinto boscoso da paisaxe porque o levamos nos nosos apelidos, no noso sangue. Deberíamos conectar a fortaleza dos materiais do pasado ás nosas superficies brillantes de agora, deberíamos ser máis



milenarios, máis conservadores, para ser máis modernos. Necesitamos a vontade dunha cultura forte, que recolla o tremor do natal e non fuxa cara a unha posmodernidade fácil.

DESPOBOAMENTO E IDEOLOXÍA PETROLEIRA

Tamén aquí soñamos con fuxir das sombras e das curvas da terra cara a luz artificial das cidades, dunha irregularidade terreal que vinculamos á pobreza, cara a comunicación total e aos escenarios posmodernos, escenarios un pouco cutres, pouco duradeiros, porque foron construídos sen raíces.

Empregando un argumento supostamente materialista, dise que Galicia é pobre, que a Barbanza é pobre e, polo tanto, necesita aproveitar esa riqueza un pouco bastarda que os demais rexeitan. Con outro tipo de materialismo, que poña por diante a resolución “política”, poderían plantexarse as cousas ao revés: se a Barbanza é pobre, é porque está atrapada por esa cultura da fuxida, porque se empeña nesta riqueza rápida de cemento masivo e pala mecánica.

Semella un feito evidente que a dispersión da poboación mantivo a integridade da nosa lingua. Porén, hoxe en día dáse unha concentración “americana” da poboación, que se xunta nos arredores das vías de comunicación, centros comerciais e cidades ou nas ribeiras do mar. Ademais do abandono da lingua galega entre a mocidade, a aposta por esta concentración e modernización sen retorno pon sobre a mesa outro fenómeno que

tamén preocupa aos nosos políticos: o despoboamento das aldeas e o descenso da natalidade que, así mesmo, é produto dunha modernidade terciaria, sen baixada á sombra do natal.

Dise que ter un fillo é unha carga económica. Pero no é só iso. Supón tamén afrontar un compromiso co pasado, coa lentitude da educación e o seu diálogo cos devanceiros. Este compromiso cae fóra dos nosos orzamentos actuais, magnetizados polo ouropel da comunicación e da fuxida cara adiante.

A nosa cultura é hoxe unha mestura apresurada de mentalidade decimonónica, coa súa inxenua fascinación polo progreso e pola tecnoloxía posmoderna acelerada. Non podemos seguir defendendo un materialismo romo que achaca o fenómeno da mingua da natalidade a factores só económicos. Hai, ademais, unha metafísica do consumo, unha cultura das vías rápidas que traballa contra a relación lenta coa infancia. Todo isto, xunto cos factores económicos, choca coa ideoloxía da aceleración reinante que se nos vende como única, a ideoloxía da pasta fácil —a propia dunha comarca de camareiros— e a liña ruidosa da comunicación.

Vivimos unha sorte de ansiedade que obedece ao modelo turístico, do que tanto se nos fala e que tanto se proxecta cara ao exterior, e que é propio dos “países en vías de desenvolvemento”. É dicir: dos países que non tiveron unha modernidade a tempo. Ocorre todo como se sentísemos vergoña do noso, como se a nosa modernidade non puidese dialogar con iso, agromar de aí, da lentitude dunha paisaxe cargada de séculos de choiva.



Toda a nosa práctica social e política está percorrida por unha mentalidade de novos ricos que renega do seu pasado, sen endexamais ter feito o esforzo de comprendelo.

Un exemplo desta ideoloxía petroleira. Hai pouco un directivo da banca galega dixo: “Se queremos progresar, o campo galego e os seus produtos –carne, leite, queixo, madeira, castañas, patacas...– debe desaparecer e reciclarse en masas de eucaliptos e campos de golf.” Aquí imos por este camiño, ¿cara a onde?

PARTIDO ÚNICO

Recordemos que a moi publicitada entidade Arousa Norte, un ente supracomarcal tecido co delgado fío do turismo e que pretende funcionar por enriba dos reinos de taifas existentes (concellos), intenta tapar os centralismos locais enfrontados, aos que lles falta a vontade política e cultural para baixar á profundidade da Barbanza real. Pero, ademais, neste senso tampouco ofrecemos algo diferente do que fan outros: praias, paisaxe, cultura, gastronomía...

Dá a sensación de que funciona por todos os currunchos o partido único do autoodio. De feito, BNG, PSOE e PP, cada un ao seu xeito, están bastante unidos na destrución do primario. Pero tamén a reconstrución, a volta ao noso, debería vir da man dunha corrente de contaminación –pre e pospolítica, pre e posideolóxica– que afectase a todos os partidos e crease unha sorte de consenso implícito.

Pero isto non vai a ocorrer mañá. Padecemos unha incapacidade terciarista para impolítico, para a metafísica do primario. O noso é a metafísica consumista, violentamente desarraigadora. Padecemos unha medianía terciaria que ten serios problemas coa violencia do sentido real, con todo o que non sexa negociable, nin brando, nin copia. Case sempre aceptamos o noso –arquitectura popular, a comida ou viño– cando xa vén avalado do exterior, co que supoñemos un selo de modernidade; cando se serve máis ou menos clonado por un clixé de cartón pedra, case sempre superficial e que fóra xa non está de moda.

Lembremos que o adelgazamento do primario, a súa laminación, vai da man dunha groseira obesidade dos servizos, telelixo incluído. Nos anos oitenta, mentres entre nós se daba unha desmobilización rural, nacía a movida coruñesa, santiaguesa e viguesa. É dicir: a nova economía subsidiaria, a súa ideoloxía do diñeiro fácil e sen esforzo, aceleraba a ruína de calquera economía básica e o desprezo por todo o elemental.



Cabalos en Iroite



VANGARDA E RETAGARDA

Se existe desde hai tempo unha puxante Galicia posmoderna, tamén existe unha puxante Barbanza posmoderna. O problema é que a nosa vangarda posmoderna do deseño e á moda é en boa medida “branda”, sen carácter para recoller a elementalidade do pasado (iso que fixeron os países modernos europeos, dende Inglaterra a Alemaña, pasando por Francia, Austria e Suíza).

Estamos no litoral, onde tende a concentrarse a poboación, e coma no resto da comunidade, tanto na roupa como na literatura reina a dicotomía entre unha vangarda tipo *New Age* e a retagarda rural. Os campesiños están motivados pola recta da fuxida e o cemento da separación. E a elite das vilas, por Antonio Pernas ou Adolfo Domínguez, os arquitectos de moda e os viños de marca.

Pero entre os dous polos falta unha mediación, como se entre a liña recta dura do rural e a curva branda do urbano faltase xustamente unha cultura radical, unha política –nalgún senso audaz– que fose fiel aos meandros da terra. ¿Non é esta esquizofrenia unha polvoreira posmoderna que se alía cunha vella práctica campesiña, a que alimenta o lume que nos visita cada verán?

A nosa ordenación forestal ten sido un arremedo da cultura política que falta. Ese baleiro échese con pinos e eucaliptos para que o territorio non pareza improdutivo nin abandonado. Pero, de feito, estao, desprezado por todos: os vellos do lugar e os políticos novos. Por iso arde cada ano cun lume que non deixa de expresar o desdén xeral da elite política, intelectual

e empresarial cara ao que se quere deixar atrás apresuradamente, sen entender que non existe unha modernidade que non teña que recoller a herdanza do territorio, o reto dunha terra que non cambia. ¿Que foi a modernización en Alemaña, Inglaterra ou Francia máis que un diálogo coas raíces, coa paisaxe natal?

¿Por que arderon e volverán a arder todos os arredores das vías de comunicación? Por unha ecuación moi sinxela: eucaliptos para hoxe, lume para mañá. É o modelo brutal da nosa modernización o que ten creado o lume neses bordes da nosa cultura do desarraigamento, esas periferias de pistas, toxos, pinos e eucaliptos que quedan como resto dunha política neuroticamente “urbanizadora”.

Temos que lembrar que todos os lugares que a prensa, no verán do 2006, puxo como exemplo de destrución das lapas, estaban arrasados antes, moito antes de que chegase o lume, polas “estruturas incendiarias” coas que afrontamos a organización do territorio. A xeometría do cemento e do alisamento, o lixo acumulado, as moles sen sentido, o despoboamento das aldeas, a proliferación do cultivo do eucalipto só estaban esperando á aparición da primeira chispa.

“VINGANZA” DA NATUREZA

Sospeitamos que nas avalanchas de lume e auga que vivimos o ano pasado tivo lugar unha sorte de “vinganza” do campo profundo (o reprimido sempre retorna, di Freud). Dun lado, vinganza dos elementos: unha sociedade que rexeitou os materiais nobres por lentos e improdutivo ve como se abate sobre ela a furia do



lume e da auga. Vinganza tamén dunha poboación humana elemental: como se os vellos que ficaron nas aldeas, abandonados por todos, se resistisen a ser os vixilantes dunha “riqueza” decorativa da que non van obter ningún beneficio.

Hai xa tempo que se decretou a extinción do campesiñado e axiña virá a doutros sectores –a tan reivindicada filosofía das subvencións para todo non é máis que iso–. Así pois, ata certo punto é normal que esa Galicia ou esa Barbanza profunda non se resigne a morrer sen facer un pouco de ruído. De aí ese instinto de terra queimada na que cristaliza a vinganza dos vellos sobre os mozos que fuxiron do lugar; a dos campesiños que quedan sobre os “señoritos”, que queren estar tranquilos tomando o sol nas praias da nosa ría. Neste aspecto, o lume non é produto do atraso, senón da nosa brutal modernización.

Os campesiños executaron, volverán a executar, o que senten por todos os currunchos como unha actitude xeneralizada: o desprezo do noso atraso cultural cara ao campo e o seu esforzo lento, desprezo que endexamais existiu nos países modernos. Dáse, ademais, neste “terrorismo” do lume a negativa dos campesiños que quedan a servir de gardabosques dunha política meramente decorativa que os condena a eles (vellos fundidos na depresión e na anomia) a ser gardaxurados do recreo dos outros, os que atravesan velozmente as vías rápidas entreténdose no verde dunha masa forestal de rápido crecemento.

A manía dunha “trama”, que un e outro Goberno reproduciron para defenderse, expresa ante todo a negativa a recoñecer a profundidade dunha conspiración

acéfala, non dirixida máis que pola marxinalidade, o alcoholismo, a depresión, a anomia de centos de miles de galegos que quedaron atrás, sen poder subirse a esta nova vida móbil.

MUTACIÓN ANÍMICA, SOCIAL E POLÍTICA

Estamos a falar dunha mutación anímica, social e política que, coma unha pantasma, percorre Europa enteira, pero que entre nós toma tinturas particularmente dramáticas. E o gravísimo problema que a nosa mentalidade mutada mantén coa terra agrávase sen dúbida no litoral. Igual que o lume arrasa as periferias urbanas, no pasado outono as choivas inundaron as partes novas das nosas vilas, o transformado por unha modernidade autista. E isto ocorreu logo de que os ríos fosen canalizados e sen ter por onde saír, logo de que os regatos fosen taponados por vertidos, entullos e canalizacións abusivas; de que as augas baixen en corga por montes queimados, esquilados de vexetación e cruzados por centos de pistas, que fan de canles rápidas; de cunetas que rompen as ladeiras e montes explanados.

¿Que pensar desta obsesión por instalar nas aforas de todas as vilas parques empresariais? Fixémonos que nunha distancia de 18 quilómetros, entre Boiro e Ribeira, hai tres. E que Rianxo soña con facer o seu para estar á altura dos demais. Terreo público e barato co que algúns, por outro lado, especulan. ¿Que pensar desta carreira sen meta na que todos queren ter un ou dous clubs náuticos? ¿Que pensar dos carteis nos que se anuncia que todo se vende ou se aluga?



A todo isto podemos engadir as desembocaduras dos ríos taponadas pola febre dos paseos marítimos e fluviais, e os edificios levantados en terreo que era da auga, mariña ou fluvial. Así pois, cando volve a natureza –que xa tiñamos esquecida– e o clima tradicional, un inverno non adaptado ao clima televisivo que temos na cabeza, é normal que todo o terreo “gañado” á auga se inunde. Resulta chocante, pero cando a deconstrución posmoderna anuncia que a natureza “desapareceu para sempre” é cando, igual na terra que no corpo humano, esta volve con catástrofes para as que apenas temos memoria nin argumentos.

Fervenza de
Cadarnoxo



DESARRAIGAMENTO E DEPENDENCIA

En paralelo e á sombra de todo isto xurdiu outro fenómeno: a cultura da subvención, que tan atractiva e satisfactoria nos resulta, pero que é, tanto no campo coma no mar, a cultura do desarraigamento. Trátase, claro está, dun desarraigamento subvencionado, naturalmente, por Europa. O que a UE subvenciona é a nosa dependencia. Páganos para que sexamos simpáticos cidadáns de segunda. Sen raíces nin un modo de produción independente, autóctono. Os servizos

que nos deixa como propina –gastronomía, paisaxe, turismo e “cultura”– son os propios da nosa condición de serventes.

A propósito disto, tense comentado que a contaminación máis alta e perigosa do *Prestige* non saíu do petróleo, senón da comunicación, do desarraigamento que facilitou, da pillería da subvención e das prácticas subsidiarias que introduciu. ¿Non foi isto o que se viu nas riadas do outono do ano anterior? Antes, aínda no verán, as confrarías xa estaban calculando as posibles perdas para pedir indemnizacións e así subvencionar a vida dependente. E así o Estado, desaparecido nos días cruciais, pode despois redimirse sendo paternalista e incluso “maternalista”.

Unha vez máis, estamos diante dun modelo en boa parte nacido na mentalidade paleta do franquismo. Semella, pois, que estamos fronte a unha encrucillada: participar ou non, ser cómplices ou non desta cultura destrutiva que practicamos. Por iso, talvez, temos por diante unha dura tarefa: urxe rescatar a política do seu sometemento á dualidade esquerda/dereita, goberno/oposición ou estado/mercado, para pensala como unha actividade do pensamento, dun pensamento arriscado, libre e propio. Isto é o importante. O de menos agora é a relación institucional que establezamos co Estado.

AIRES DE FÓRA

*B*abel Barbanza.

Os Nossos Tradutores

*Román Arén
Pastor Rodríguez*



I. INTRODUCCIÓN

É ben coñecido o mito da torre de Babel, un mito ascensional xa presente na cultura exipcia, que fala do castigo de Deus aos homes por querer acercarse ao ceo, castigo que consistiu en disolver a lingua universal, aquela lingua que viña dende o paraíso, e en facer que os homes e mulleres falasen idiomas diferentes. Un terrible castigo para a maioría, mais non faltan algúns intérpretes que consideran que en realidade foi unha bendición que diversificou os seres humanos, que os fixo libres e que os sacou da obsesión do sagrado. Nietzsche consideraba que a medida que se ascendía, se descendía. Lémbrese que xa Castelao dicía que algúns querían perfeccionar os humanos facéndoos descender na escala zoolóxica dándolles unha lingua universal que xa tiñan os cans, pois todos ladraban igual. Chesterton apuntaba que hai *“personas que intentan perfeccionar las cosas únicamente mediante su simplificación; al eliminar los rasgos particulares, el universo está lleno de pájaros sin alas, de ganado sin cuernos, de mujeres sin cabellos y de vino sin color, todos ellos desvanecidos en una especie de fondo sin forma”*. Mesmo Stefan Zweig, no artigo *“A torre de Babel”* que escribiu na I Guerra Mundial, aínda aténdose ao castigo de Deus que nos dotou de diferentes linguaxes, reconece que *“hasta dieron gracias a dios por lo que les había impuesto como castigo; le dieron gracias porque, con la pluralidad que les había impartido, les había dado la posibilidad de gozar del mundo de muchas maneras y de amar con conciencia más firme la propia unidad en medio de las diferencias”*. Cervantes tiña un criterio ambiguo sobre a tradución, pois afirmaba

“que el traducir de una lengua en otra, como no sea de las reinas de las lenguas, griega y latina, es como quien mira los tapices flamencos por el revés, que, aunque se veen las figuras, son llenas de hilos que las oscurecen, y no se veen con la lisura y tez de la haz”. É ben certo que toda tradución é unha recreación que non amosa totalmente o orixinal, pero sen fíos non hai tapiz e os fíos da tradución fortalecen un sistema literario, pois ábrenos a outras figuras, a outros tapices. Polo demais, engadía o autor do *Quixote*, que *“no por esto quiero inferir que no sea loable este ejercicio del traducir, porque en otras cosas peores se podría ocupar el hombre, y que menos provecho le trujesen”*. Chegando mesmo na gabanza dalgúns tradutores a afirmar que non se sabe cal é o orixinal e cal é a tradución.

Pois na Babel que se formou non faltaron xentes do Barbanza que fixeron de embaixadores doutras linguas entre nós, de espías dirían outros, de seres que nos trouxeron as riquezas alleas. Mesmo as físgoas que os tradutores, os que traducen formalmente e non funcionalmente, déixannos oco para entender o que vai dunha cultura a outra e o que se enriquecen entre si. Algúns toliños aínda andan á procura da lingua perfecta, da lingua de Adán e Eva no paraíso, que tan ben estudou Umberto Eco.

II. DOUS ESTUDOS DAS TRADUCIÓNS MEDIEVAIS

En xeral, as literaturas nacionais europeas comezaron a desenvolverse coa tradución dos clásicos gregos e latinos. En Galicia, no século XIV e xa con experien-



cia na creación dunha lírica, a trobadoresca, en lingua romance, vese a intención de crear un corpus prosístico axeitado ás necesidades do país, mais isto ten pouca viabilidade pola falta de apoio dun poder político forte que empregue a lingua vernácula como medio de expansión ideolóxica para dar prestixio á corte e á lingua. Na Galicia dos séculos XIV e XV non hai preocupación política pola lingua galega, pois é o castelán a lingua xa asociada ao poder. Galicia vai perdendo autonomía e deixando a creación literaria, mentres se fortalecen Portugal e Castela. O noso xa non é un país monolingüe, pero xorden as traducións e o interese polos textos doutras culturas, mais Camiño Noia sinala que é difícil saber se estas versións xurdiron para deixar constancia de literatura escrita na lingua do país ou por necesidades dalgúns membros da clase dirixente que descoñecían as linguas de orixe, o que parece claro para o latín, pero que non explica as versións do castelán, polo que estas non responden a sinxelo interese lingüístico. Contamos, pois, na Galicia medieval con obras narrativas, haxiográficas, xurídicas, históricas e didácticas. Dous homes do Barbanza estudarán algunhas destas traducións medievais. En primeiro lugar o noiés **Eladio Oviedo e Arce** (1864 - 1918), crego dedicado aos estudos medievais, que en 1901, na revista *Galicia Histórica* publicou "*Fragments de una versión gallega del Código de las Partidas*", que como é evidente refírese á obra do século XIII. Xa en 1915 publica un novo "*Fragmento de un códice galaico-castellano de las Partidas*". Máis importante foi a edición que fixo o boirense **Ramón Martínez López** (1907 - 1989) da *General Estoria*. Edición, *introducción lingüística, notas y vocabulario* (Oviedo, Universidad,

1963). Trátase dunha tradución parcial da *Grande e General Estoria* compilada por Afonso X, da que se conservan os seis primeiros libros e parte do sétimo, do segundo cuarto do século XIV, no reinado de Afonso XI. Editouse polo patrocinio dun Andrade, Nuno Freire, que segundo Martínez López puido ser o tradutor ou o copista. Este estudo do boirense foi moi gabado pola crítica e mesmo mereceu palabras positivas de Giuseppe Tavani.

III. HORACIO EN RIANXO (E EN BRUXELAS)

A grande erudición do profesor Alonso Montero permitiunos coñecer en 1992 unhas traducións de Horacio feitas por Eduardo e Olegaria Dieste en 1910, contidas no folleto *EPODOS Con la versión literal y diferentes traducciones en las lenguas ibéricas, recopiladas por el doctor Cosme Parpal y Marqués*. O compilador do volume, menorquino, nado en 1878 e falecido en 1923 incluíu no seu volume varias versións ao galego do grande clásico latino, entre as que están as dos dous irmáns rianxeiros. **Olegaria Dieste** (Rianxo, 1890 - 1981) traduce o epodo IV. Pouco sabemos das súas actividades intelectuais, mais si que estudara maxisterio e que fora unha boa pianista. O profesor Alonso Montero sospeita que se puido axudar de versións casteláns contando coa axuda de seu irmán Eduardo, quen era bo latino. Eis a versión da irmá de Rafael Dieste:

*Canto de séu son os lobos e años
amigos, tal nosoutros,
árdech'o lombo das cordas ibérica
y os pes das rexas trabas.*



*Inda que d'ouiro reloz'a suberba
fortúa non fai caste.
¿Ves, cando a rúa sagrada ti medes
con seis varas de toga
como se torcen os rostos, sen garda
de noxo que lles fas?
Velo ai vai, dinse; d'ir cu íse as azoutas
encheuse o pregoeiro,
y hoxe en Falerno ten agros abondo,
bate en xaca de luxo
A rua d'Apio, y alleo á ley, senta
decote cabe os grandes.
¿Pra qué ô mar por os rostos das proas
con bo lastre de guerra
e ir descontra piratas y escravos
de tal tribún às ordes?*

Sinalouse desta tradución a rareza dalgunhas formas nominais como *fortúa* e *tribún*, o exceso de apóstrofos e as deficiencias de puntuación, pero a tradutora demostra comprender ben o texto latino e mesmo acertar ao traducir o verso orixinal “*fortuna non mutat genus*”, por “*fortúa non fai caste*”.

Seu irmán **Eduardo Dieste** (Rocha, Uruguai, 1881 - Santiago de Chile, 1954) tiña unha boa formación en latín que adquirira no Seminario Conciliar de Santiago, onde estudara Latinidade, Filosofía e Teoloxía, recibindo clase do notable filólogo Amor Ruibal, chegando cos anos a ser un magnífico tradutor ao castelán de Shakespeare. En galego só se lle coñece un soneto publicado en 1911 na *Gaceta de Galicia*, ademais desta tradución do epodo V de 1910. Traduce a Horacio con ampla liberdade, mesmo engadindo adxectivos que non están no orixinal e quizais errando gravemente nos versos fi-

nais do poema, pero non hai que esquecer que se trata dun dos máis difíciles epodos horacianos para traducir. Como mostra ofrecemos os primeiros fragmentos:

*Dioses que dind'o ceo gobernades
o mundo e mail-os homes:
¿á qué ven tal liorta? ¿Qué me oullades
foscas, lurpias defromes?
Hou, velliñas, si acaso fillos tedes
eivos rogar que pol-o seu amore
miña ilustre nobreza e meu candore
impías n'aldraxedes,
pois viranvos do ceo mais á eito.
¿Pra qué d'aborrecida
madrasta posm'os ollos, ou á xeito.
da besta pol-o ferro mal ferida?*

Neste folleto acompañaban como tradutores aos Dieste, Javier Montero Mejuto e Juan Barcia Caballero.

A tradución de Horacio, que gozaba de moita tradición en castelán e de bastante en catalán, levaba aínda unha relativa andaina en lingua galega, aínda que é certo que contaba con antecesores ilustres, pois xa en 1868 José García Mosquera fixera a versión do *Beatus Ille* co título *A vida do campo*, que Juan Antonio Saco y Arce incluíra na súa *Gramática Gallega* do mesmo ano, pero que tamén, gabándoa, metera Marcelino Meléndez y Pelayo no seu xa mítico *Horacio en España* de 1876. Logo sería moitas veces reproducida esta tradución en xornais, revistas e antoloxías. Outro tradutor anterior de Horacio foi Florencio Vaamonde Lores, que en 1895, na *Revista Gallega*, editara a *Oda a Grosfo* e en 1901 na mesma publicación a *Epístola aos Pisóns*. Despois virán xa as coñecidas traducións dos *Carmina* por



Iglesia Alvariño en 1951, co antecedente da breve tradución *Escola de larpeiros* por Rey Soto en 1949 e as versións que fixeron Isidoro Millán, Álvaro de las Casas e varios máis. Mesmo non faltou en galego unha parodia da tradución castelá feita por Frai Luis de León, pois Manuel Lois Vázquez, no seu volume *Brisas gallegas* de 1890, incluíu unha “*Parodía d’a vida d’o campo*”.

Quen foi director do Instituto de Noia nos anos da República, **Álvaro de las Casas Blanco** (1901 - 1950) escribiu en Bruxelas en 1935 unha versión do epodo de Horacio que titulou *Beatus Ille*, versión ben estudada polo profesor Alonso Montero que a puxo en comparación cun soneto tamén horaciano de Xosé Creciente Vega. A versión é propia de quen se consideraba a si mesmo un nobre, moi fiel, en palabras do comentarista, a dous aspectos esenciais do orixinal latino: un panexírico da vida do campo dende a visión dun rico propietario agrícola e cun coro de servos que se senten satisfeitos, o que leva a Alonso Montero a considerar que non se avanzou nada dende o século I antes de Cristo ata o ano 1935. Velaí a versión que Álvaro de las Casas incluíu na súa segunda edición de *Sulco e vento*, feita en Lisboa en 1936 por un exiliado que quizais é un caso único, pois é un fascista que se exilia da España de Franco:

*Non hai no mundo felicidade
como a de ser bon labrador,
sempre contento no chan próprio,
traballando o próprio terrón.
Traballar nas searas o trigo,
e nas hortas o bon freixó,
herbilhas tenras, grosos repolos,*

*boas cereixas pra o San Antón.
Ter moito gado pelos lameiros,
na corte ter os melhores bois,
cuatro porquinhos para as matanzas
e uma boa vaca pra o requesón.
Ter pelos Santos ovos à farta,
bolas de anguias no San Ramon,
nos Reises tartas e figos doces,
e moitas galas para o Patron.
Ter vinho velho na pipa grande,
de noces novas todo un arcon,
e moito milho para que os pobres
venhan busca-lo xunto de nós.
Ter un cabalo de sete palmos
para ir ás festas como un senhor,
e cans de caza para as cazatas
pra cuando un poda ser cazador.
Que ao ver-nos digan nosos vecinhos:
–ao fin é sangue do seu avó.
E as maes lhe digan aos pequerrechos:
–dáilhe beixinhos que é un gran senhor.*

Non foi a única tradución de Álvaro de las Casas, pois o quince de outubro de 1920 publicaba na revista *Vida Gallega* unha versión na nosa lingua do famoso soneto castelán “*Non me move meu Dios para quererte...*”

IV. UN TRADUTOR DO SON NAS IRMANDADES DA FALA

A tradución na época das Irmandades da Fala

Ata a fundación das Irmandades da Fala en 1916 a historia da tradución en Galicia era relativamente feble e tiña os seus alicerces nas traducións da Biblia,



sobre todo os salmos, nos clásicos gregos e latinos e pouco máis, aínda que dende 1889 - 1890 a revista lucense *A Monteira* abrira as súas páxinas a traducións máis modernas, de poetas alemáns e cataláns.

Beatriz Pérez Real describiu xa nun estudo as traducións realizadas en Galicia polos homes das Irmandades, que unían o desexo de recuperar o galego e de protexelo, á necesidade de destacar o feito diferencial do noso país sen reduci-lo só á poesía, senón dende múltiples discursos, sendo un deles, e non secundario, o das traducións, que certamente teñen un uso político, o apoio ao nacionalismo, mais tamén son unha defensa contra os ataques ao galego como lingua rural e coloquial, pretendendo lograr unha ampliación do repertorio da literatura galega e demostrar a validez da nosa lingua, traducindo ao galego autores xa canónicos noutras literaturas. Será dende 1918 cando haberá unha renovación en *A Nosa Terra*, o xornal que serve de voceiro ás Irmandades, aportando traducións modernas e de vangarda, pois ata ese momento os textos traducidos son de autorías anteriores ao século XX. As traducións de Iglesias Roura entran claramente dentro do primeiro período do xornal, o período en que se traducen autores moi coñecidos para os lectores ou de relativo prestixio noutras linguas. As traducións non son en *A Nosa Terra* algo ocasional, senón parte dun programa que pretende lexitimar, con textos prestixiosos, a lingua galega, por iso existe unha sección no xornal co título "*Traducións*". Estas traducións faranse dende o castelán, o francés, o italiano, o catalán e o inglés.

Aínda que en xeral as Irmandades seleccionan os textos traducidos tendo en conta os seus intereses de defensa do nacionalismo, de reivindicación da cultura céltica e de desexo de renovar o repertorio literario, non se pode esquecer o desexo de lexitimar a poesía galega con exemplos clásicos da poesía europea. Iglesias Roura está claramente enmarcado nesta última característica e traducirá textos, sobre todo, de poetas románticos, franceses, italianos e alemáns, sen esquecer os seus acercamentos, máis actualizados, ao catalán e algunha aproximación á literatura española.

XOSÉ IGLESIAS ROURA

Xosé Prudencio Iglesias Roura, nacido en Goiáns, Porto do Son, en 1879 e falecido en Mera, Oleiros, en 1930, aínda que figura secundaria na literatura galega, foi partícipe de acontecementos culturais, sociais e políticos importantes na historia de Galicia, xa que foi un dos fundadores das Irmandades da Fala en 1916, dende posturas rexionalistas, ademais de ser membro correspondente da Real Academia Galega, director artístico do coro *Cántigas da Terra*, colaborador da revista *Nós*, de *A Nosa Terra* e doutros varios xornais galegos. Poeta tradicional, cultivou tamén o teatro, a prosa galega e a crítica literaria. Mais non son estes os méritos que nos fan ocuparnos agora da súa figura, senón o seu labor como tradutor, vinculado ao proxecto de expansión do galego que sostiñan as Irmandades da Fala. Traduciu dende o francés, o italiano, o catalán, o alemán e o castelán, sostendo un proxecto, como tradutor, conservador pois só en dúas ocasións traduce poetas



Tradución de
Roura en A Nosa
Terra

4

A NOSA TERRA

CURIOSIDADE LITERARIA

UNHA POESÍA ORIXINAL E DOUS PLAXIOS

LA FEUILLE

POR ARNAULT.
(1766-1834).

De ta tige détachée
prauvre feuille desséchée,
où vas tu? — Je n'en sais rien;
l'orage a brisé le chêne,
qui seul était mon soutien.

De son inconstante haleine,
le zéphyr ou l'aquilon,
depuis ce jour me promène,
de la forêt à la plaine,
de la montagne au vallon;
je vais où le vent me mène
sans me plaindre ou m'effrayer;
je vais où va toute chose,
où va la feuille de rose
et la feuille de laurier.

LA HOJA DE LENTISCO

POR J. NICASIO GALLEGO.
(1777-1837).

Hoja seca y solitaria
que vi tan lozana ayer,
¿dónde de polvo cubierta
vas a parar? — No lo sé.
Lejos del nativo ramo
me arrastró el cierzo cruel
desde el valle a la colina,
del arenal al verjel.

Voy donde el viento me lleva
resignada, por saber
que ni suspiros ni ruegos
han de templar su altivez.
Hoja de un pobre lentisco
voy a donde van también
la presunción de la rosa,
la soberbia del clavel.

IMITAZIONE

POR LEOPARDI.
(1798-1837).

Lungi dal propio ramo,
povera foglia frala,
dove vai tu? — Dal fazzoio
là dov'io nacqui, mi divide il vento.
Esso, tornando, a volo
dal bosco alla campagna,
dalla valle mi porta alla montagna.

Seco perpetuamente
vo pellegrina, e tutto l'altro ignoro.
Vo dove ogni altra cosa,
dove naturalmente
va la foglia di rosa
e la foglia d'alloro.

TRADUCCIÓN GALLEGA

POR JOSÉ IGLESIAS ROURA.
(1899).—..... por moitos anos.

Pr'onde vas seca follía
da ponla tua arredada?

— A cana que me sostíña
foi pol-o vento esgazada
e en cega redemuíña
son levada,

sople brisa ou vendaval,
da devesa pra chanzada,
dende o outeiro para o val.

Nin leda nin con tristura,
vou pr'onde a forza do vento
me leva en pulo inconstante,
pr'onde ten acabamento
o que verdexa ou fulgura
na vida por un instante.

Vou pr'onde en curso fatal
van parar, a vanitosa
gala da follá da rosa,
e a do loureiro trunfal.

NO TURREIRO

O can colorado

Con cousas vellas fanse ás veces cousas novas. E si non que o diga unha certa veciña qu'eu teño, que da roupa vella do seu home, faille traxes novos, ou qu'o parecen, ós fillos.

Mais non se trata agora de roupa vella nin de cousa ou'ou vala.

tiveron esa mesma afición. E non o digo por mal, porque si tal afición non houbera antr'os homes, fai moitos sigros que se tiña acabado esta patulea qu'anda pol-o mundo c-o nome de Humanidá, aunque mellor lle cadrara o de caninea.

E si non, vamos a ver: ¿non é máis propio de cans que d'endeviduos da especie humana, iso de s'estrozar en guerras com'á qu'está ardeno agora en Europa, Asia, África e non sei en can-



coetáneos, preferindo verter á nosa lingua a poesía romántica europea.

As traducións do francés

O poeta máis serodio traducido por Iglesias Roura dende o francés é **Vincent Arnault** (1766 - 1834), que aínda que hoxe poida sorprenden o lector, pois está case esquecido, gozou de certo prestixio entre os poetas europeos do século XIX e así a partir dun dos seus textos crearon imitacións o italiano **Leopardi** (1798 - 1837) e o español **Juan Nicasio Gallego** (1777 - 1837). Non foi Iglesias Roura o único tradutor ao galego de Arnault, pois o poema “A folla” foi vertido tamén á nosa lingua por Antonio Losada Diéguez.



Vincent Arnault

A tradución de Iglesias Roura apareceu en *A Nosa Terra* o dez de marzo de 1917, no número doce, a carón da versión orixinal e das paráfrases de Nicasio Gallego e Leopardi, cun curioso erro ao sinalar a data de nacemento do tradutor, pois sinalan o ano 1899, erro evidente por 1879. Cre Cristina Marchisio que a orixe da tradución de Roura é o volume terceiro da obra *Poetas líricos del siglo XVIII*, compilada por Leopoldo A. de Cueto, editada en Madrid en 1875. Arnault cultivara o teatro, mesmo escribindo libretos de ópera, e a poesía, pero destacou sobre todo como autor dunha *Vida política e militar de Napoleón* (1823) e gozou do aprecio crítico do prestixioso Sainte-Beuve. Todos os imitadores de Arnault fixeron variantes sobre o poema orixinal, convertendo Nicasio Gallego a folla do francés en folla de

lentisco, mentres Leopardi a volve folla de faia e Losada, folla de loureiro, o mesmo que fai Iglesias Roura. Sen embargo, Losada respecta os quince versos do poema de Arnault, que Iglesias Roura converte en dezanove, fronte aos trece da versión máis sintética de Leopardi e os dezaseis de Juan Nicasio Gallego. A tradución de Losada Diéguez foi posterior á de Roura, pois apareceu o vinte de xullo de 1918. Velaí a tradución do sonense:

*Pr'o onde vas seca folliña
da ponla tua arredada?
—A cana que me sostiña
foi pol-o vento esgazada
e en cega redemuíña
son levada,
sople brisa ou vendaval,
da devesa pra chanzada,
dende o outeiro para o val.
Nin leda nin con tristura,
vou pr'onde a forza do vento
me leva en pulo inconstante,
pr'onde ten acabamento
o que verdexa ou fulgura
na vida por un instante.
Vou pr'onde en curso fatal
van parar, a vanidosa
gala da folla da rosa,
e a do loureiro triunfal.*

Losada Diéguez fai quizais unha versión máis exacta e máis literaria ao mesmo tempo:

*D'a tua ponla abalada
probe folliña esfollada
onde vas? —Quen-o soupera!
Foise o carballo muchento
qu'agarimo a min me dera.*



Alfred de Musset

*Co empuxe d'o seu alento,
brando airiño ou vendabal
tenme sempre en movemento
dende a touza o chan pardento
dende a montaña hastra o val.
Vou onde me leva o vento,
sin layarme ô aventureiro;
eu vou onde todo vai,
d'a rosa a folla que cai
com'a folla d'o loureiro.*

Para que se poida apreciar a diferenza entre ambas as dúas traducións, anoto a versión orixinal:

*De ta tige détachée,
pauvre feuille desséchée,
où vas-tu? – Je n'en sais rien,
L'orage a brisé le chêne
qui était mon seul soutien.
De son inconstante haleine,
le zéphyr ou l'aiglon
depuis ce jour me promène
de la forêt à la plaine,
de la montagne au vallon.
Je vais où le vent me mène,
sans me plaindre ou m'effrayer;
je vais où va toute chose,
où va la feuille de rose
et la feuille de laurier.*

Parafraseando a Alonso Montero, Arnault non conta o que canta, pois o poema ten un significado histórico claro, xa que o francés fora o cantor oficial das glorias de Napoleón, agora no exilio e na derrota e a folla é un símbolo, quizais, como sinalou Marchisio, do propio poeta, orfo do seu protector e cun incerto destino.

O outro poeta traducido do francés por Iglesias Roura é o romántico **Alfred de Musset** (1810 - 1857), de quen se pon en galego o poema “*Estreliña do serán*”, tradución que apareceu no número dez de *A Nosa Terra*, o dezaseis de febreiro de 1917.



Que saibamos é a primeira vez que este autor francés aparece na nosa lingua, pero non a última, pois un tradutor ben coñecido xa dende 1897, Florencio **Vaamonde Lores** (1860 - 1925), publicará no mesmo xornal a tradución das estancias que Musset dedicou “*A Malibrán*” o quince de xuño de 1922, coa forma métrica de sextina, unha elexía en trinta e sete estrofas á famosa cantante de ópera e pianista María de la Felicidad García de Malibrán (1808 - 1836).

A tradución de Iglesias Roura é das máis acertadas que saíu da súa pluma:

I

*Pálida estrela do caer do día
que brilas entre os velos do serán,
dende o pazo de azur do seo dos ceos
¿qué vés na terra chá?*

II

*O trebon alexouse; veu o estiño;
é morno e calmo o ar;
da fraga, que aínda chora, as pingotiñas
sobre da herva cán;
por agros de verdura rescendentes
a vacaloura vai;*



*¿que é o que buscas na terra
adormentada,
estrela do serán?*

III

*Pero xa cara ós montes vas baixando;
surrindo o adiós nos dás,
—triste bagoa de prata que no manto
da noite presa está—
teu ollar sin sosego ó lonxe asexo
ó pastor no seu canso camiñar
de serra en serra a recadal-o gando;
melancónica amiga, ¿pra onde vás,
na hora do silencio, en noite inmensa?
¿Onde o acougo que buscas estará?
¿Vas nas oucas do río hachar teu leito,
ou vas, coma unha pelra, cair no mar?*

IV

*¡Ah si debes morrer, divina estrela
antes de nos deixar
¡párate, astro de amor, un soio instante
sin descer da outa bóveda en que estás!*

Unha tradución do italiano

O cinco de xaneiro de 1917, no número seis de *A Nosa Terra* apareceu, co antetítulo “*Canzone italiana*”, a tradución de Iglesias Roura do poema “*La rondinella*” de **Tommaso Grossi**, co título “*A anduriña*”. Tommaso Grossi nacera en xaneiro de 1790 en Bellano, nas beiras do lago de Como, e morrerá en Milán en decembro de 1853. Doutor en leis, é figura representativa do intelectual medio da literatura italiana na época romántica do Rexurdimento ita-



liano. Autor de poemas narrativos, foi moi coñecido pola novela romántica *Marco Visconti* e defensor da liberdade do seu país fronte aos austríacos. Non coñecemos ningunha outra tradución ao galego da súa poesía:

A anduriña

I

*Agarimosa anduriña
que no meu balcón me cantas
sempre, pol-a mañanciña,
un cantar con que me encantas
¿qué me di tua voz melosa,
anduriña agarimosa?*

II

*Orfa e sola n-esta vida,
do teu esposo esquencida
—¡pobre viudiña!— escoitas
con tristura as miñas coitas
e choras ante o meu pranto
que o teu se somella tanto.
Chora, chora á miña veira,
anduriña planxideira!*

III

*Pol-o menos, ti, confiada
nas tuas aás, no azul te perdes;
c-os teus píos, desolada,
vas do lago ós campos verdes,
enchendo os ars de armonía
con que o chamas todo o día.*

IV

*S'eu tamén poidese... axiña
voar de su o meu teito
onde vivo, baixo e estreito,
onde non chega a raíña
do sol, que pódose deixas,*

Tommaso Grossi



Hans Theodor
Storm

*d'onde apenas miñas queixas
a ti chegan anduriña*

V

*O setembro se aveciña,
e a deixar estes meus lares
te preparas anduriña;
saudarás outros mares,
novos montes, novas prayas,
co-as tuas voces mais gayas.*

VI

*E eu, solo na triste aldea,
os ollos abrindo ó pranto
mentras neva e sarabea,
coidarei ouvir teu canto
en que parece ó queixarte
que na miña door tés parte.*

VII


*Cando volvas –pobre e sola,
que os meus desposos che indique
unha cruz verás, sinxela;
no serán, cando a rayola
derradeira esa cruz bique,
plega as aás, pousando n-ela,
e paz dime, ou anduriña,
na tua fala á veira miña.*

Para que se puidese valorar acertadamente a tradución de Iglesias Roura, o xornal acompañábaa da versión orixinal, da que nós só reproducimos a segunda estrofa:

*Solitaria nell'obblio,
del tuo sposo abandonata,
piangi ferse al pianto mio
vedovetta sconsolata?
Piangi, piangi in tua favella,
pellegrina rondinella?*

As traducións do alemán

Creemos que Iglesias Roura non debía coñecer ben o alemán, pois nalgún caso puxo en verso o que outro traduciu, máis concretamente o poema de **Storm** (1817 - 1888), titulado “Xulio”, no que figura previamente “*Dos clásicos alemáns*”, leva unha nota final, que reproducimos literal: “*Vertido do alemán, por D. Antón Valcárcel, e traducid’o galego, por D. José Iglesias Roura*”. Velaí o texto:



Unha nai forte e leda ten un neno no colo;

de cantigas de berce énchese o ar co arrollo.

Fai calor que atafega, e o Sol ó campo abura;

en sazón e dourado o froito xa pendura.

Canta un pombo na fraga e namorada o atende

dende o édramo a femia. Todo a feno rescende,

a terra fecundada ó ánimo alborozada.

Só tí calas e pensas –¿En qué cavilas, moza?

Féchame os ollos, nena, co-as tuas mans que aloumiñan

e das acedas magoas fánme vil-o descanso;

e cando chegue o estiño da delor, onda a onda,

–do xeito que camiñan

a esmorecer na praya as do mar quedo e mansa–

cando da magoa fonda



*o final golpe sexa,
só ti serás quen encha meu corazón
cansado;
e así como es tí mesma todo o que n-él
latexa,
seu derradeiro folgo serás tí, ben amado.*

A tradución apareceu en *A Nosa Terra*, número cinco, o vinte e cinco de decembro de 1916. **Hans Theodor Storm** foi un xuíz alemán oposto ao dominio dos dinamarqueses sobre a súa provincia natal, Schleswig-Holstein, provincia que pasaría a Alemaña en 1864. Influidó na poesía polo seu amigo Mörike, que tamén traduciu Iglesias Roura, en 1852 publicou o volume *Poesías*, de carácter intimista e de grande melancolía. Os seus temas fundamentais son o amor e as paisaxes do Mar do Norte, sen esquecer os temas patrióticos situados en épocas remotas. Foi tamén narrador e a súa obra máis famosa é *O xinete do cabalo branco* (1888). Na prosa foi un dos mestres da narrativa alemá do século XIX.

O xa citado **Eduard Mörike** (1804 - 1875) apareceu tamén nas páxinas de *A Nosa Terra* o trinta de xullo de 1917, da



man de Roura, mais esta vez faise constar que a tradución é só da súa autoría. O texto leva por título "*Orfa e sin amor*" e non apareceu acompañada da versión orixinal. Velaí o texto:

I

*Xa estóu ergueita cando
aínda as estrelliñas parpadexan,
pra acomodal-o gando;*

*xa teño o lume aceso
cando os galos aínda cacarexan.
Cando, ô rayal-o día, pol-o teso,
en pingotas de luz desfaise o albor,
xa teño ben gañado
meu panciño acedado
pol-a door.*

II

*¡Amores que eu soñéi
e nas cordas prendín
do corazón!
¡Sin pôr mentes en mín,
pasáronme a carón!
¿Por qué che teño lei,
desleigado rapaz?
Non máis sonos teréi
de amor e paz...*

III

*Chuvia mansa de bágoas, sin estiño,
dos ollos a saír,
sin ouvir doces verbas de aloumiño,
¡que doido vivir!
Sempre en melanconía,
sin que os salayos meus ninguén escoite
ven pra mín o día
e así me colle a noite...*

Eduard Mörike

Mörike foi coñecido na súa época como "*o Goethe suabo*" e sobresaíu como poeta lírico no "*lied*", mais tamén nos idios humorísticos. En 1838 publicou os seus *Poemas* e en 1846 o *Idilio no lago Constanza*. Foi tamén autor de novelas como *Mozart en Praga* (1856).



As traducións de Maragall

Joan Maragall (1860 - 1911) foi o único autor coetáneo que Iglesias Roura traduciu para *A Nosa Terra*, mentres que Pedro de Répide foi verquido para a revista *Nós*. Maragall era un dos máis importantes escritores cataláns de finais do século XIX, a súa poesía caracterízase pola expresión da vida sinxela e das experiencias persoais, cunha poética contraria ao retoricismo doutros poetas decimonónicos. As súas *Poesías* de 1895 amosan estes principios, pero aínda teñen riscos decadentistas, que quedan xa eliminados en 1900 cando aparece o volume *Visións e cantos*, para ir cada vez máis cara a unha poesía de fonda raíz moral e de tons colectivos, evidentes nos poemarios *As dispersas* (1904), *Enllà* (1906), *Secuencias* (1911) e *Nausica* (1913).

Joan Maragall
por Ramón
Casas



Traduce Roura un dos poemas máis famosos de Maragall, “*A vaca cega*”, que leva como antetítulo “*Lembrándonos do homenaxe de Cataluña*”, aparecido en *A Nosa Terra* o dez de xuño de 1917, tradu-

ción que será reproducida polo suplemento “*Nós*” do xornal *El Noroeste* da Coruña o doce de novembro de 1918. Reproducimos o texto pola segunda edición, aínda que a primeira edición dá mellor solución ao primeiro verso, pois escribe “*baténdolle*” no canto de “*baténdolla*”:

*Baténdolla na testa a relfa dos valados
e tropezando en todol-os petons do
camiño,
marchando ô tino e soia, a probe vaca
vella
vai abrevar no río.*

*Un coyo mal guindado foille sacar un ollo
e cubréuselle o outro d'unha tea: está
cega.*

*Vai beber no regato onde adoito bebía
mais non co-as compañeiras,
nin co-aquel firme paso con que marcha-
ba outrora;
a vaca vai sin guía
anda ô tino e vai soia.*

*As irmás pol-os cómaros e prados e
ribeiras*

*pacen a fresca herba facendo soar as
chocas;*

*mais ela caería. Foi a bater co-os belfos
n'un aguzado seixo e cía recelosa,
mais volve e se abaixando hasta atopal-a
auga*

*bebe d'ela, calmosa, bebe pouco sin
sede.*

*Sobre as mortas meniñas palpebrexa e a
testa*

*cara ô ceo co-un certo aire tráxico ergue;
orfa de luz desanda con paso cauteloso
pol-as corgas e sendas nunca d'ela
esquecidas;*



*movendo a longa cauda, baixo d'un Sol
que abura
vacilante camiña...*

Maragall tivo relativa presenza en galego antes de 1936, pois xa en 1907 **Ramón Cabanillas** traduciu para o xornal *El Umia* o poema “*Preludio. Morrerei no meu niño*” e logo aparecerá en 1918 en *A Nosa Terra* a prosa “*Portugal e Cataluña*” e no mesmo xornal **Evaristo Correa Calderón** traduce “*Unha vos*” e o propio Iglesias Roura fará a tradución de “*Himno da arbre froital*”. Pero “*A vaca cega*” tivo e ten entre nós un ilustre tradutor, **Xesús Alonso Montero**, quen o dezaseis de maio de 1972 publicou a versión en *La Voz de Galicia*, versión que logo retocou para o *Faro de Vigo*, onde se editou o vinte e catro de outubro de 1980, cunha reedición nun volume en 1981. Velaí a primeira estrofa do poema de Maragall na versión deste último:

*Tropezando aquí e alí nos troncos,
camiñando outeona á procura da fonte,
soía, soía, vai a vaca. É cega.*

Pódese comparar a súa tradución coa de Iglesias Roura e tamén coa orixinal de Maragall. Alonso Montero segue a versión de 1885 e non a de 1893, versión dividida en cinco estrofas:

*Topant de cap en una i altra soca,
avançant d'esma pel camí de l'aigua,
s'en ve la vaca tota sola. És cega.*

Suxire Alonso Montero que no desamparo da vaca reflicte o poeta o seu propio desamparo.

O primeiro de xaneiro de 1929 aparece unha nova tradución de Maragall asinada por Iglesias Roura, o “*Himno da arbre froital*”, de novo en *A Nosa Terra*:

*Pranta a cantar, canta ô prantar
est'arbre espida.*

*Pratádoa ben, no Abril verás,
que froescida!*

*Chantado quedou;
na terra afincou.*

Arbre, prende, prende!

*Xa a fror t'anunciou
o amor que t'atende.*

*Mozos, con ardor
beilade ó redor!*

Medra! hale, hale!

Con gayo verdor

Abril te regale!

*Ouh! Como louzán,
con verdor galán
medra! Mira, mira!*

*Xa nas ponlas, vãn,
o vento sospira!*

Com'il, bons irmáns,

fortes, ledos, sáns,

medremos, e ôs lumes

das craras mañáns

mocidade: ôs cumes!

*Pranta á cantar, canta ô prantar
est'arbre espida.*

*Prantádoa ben; no Abril verás,
que froescida!*

Outras traducións

Non foron infrecuentes as traducións ao galego dende o castelán aparecidas entre 1916 e 1936 e o sonense Xosé



Iglesias Roura puxo na nosa lingua unha truculenta lenda titulada “*A sangrante namorada*”, que apareceu na revista *Nós*, número cincuenta e seis, o quince de agosto de 1928. O autor desta lenda é hoxe case un descoñecido, pois poucos son os lectores cos que conta **Pedro de Répide**. Nacera en Madrid en 1882 e cultivou a poesía, a narrativa e tamén as crónicas costumistas sobre Madrid, ademais de ser xornalista moi coñecido e autor de libros de viaxes como *Del Mar Negro al Mar Caribe* (1929) e de biografías como *Isabel II* (1932). En 1901 publicara o poemario *Las canciones*.

O poema traducido por Iglesias Roura leva por subtítulo “*Lénda sobre doña Catalina de Santiso, jacente no mosteiro de Sobrado*”, e esta orixe galega da protagonista é, seguramente, o motivo da tradución. Dividida en dezaseis estrofas, das cales a primeira, quinta, novena e a derradeira son unha especie de refrán neotrobadoresco:

*Ulo o cantor,
onde o joglar
para cantar
este milagre de un amor?*

A palabra *amor* deste primeiro refrán é substituída na quinta e novena por *dolor*, mentres que a derradeira coincide de novo coa do inicio. Reproducimos as dúas primeiras estrofas desta historia dun amor masoquista, que implica o sacrificio da muller ata a morte, pois é asasinada polo seu home.

*Na esbalancada vouta
de vetusto mosteiro
onde do tempo a pouta*

*fai ragañas na pedra
coberta pol-a edra
avístase no chan
a misteriosa albura dunha lousa
de un jacigo cristián.
Su esta lousa o eterno sono
da morte dorme unha muller;
santa esposa que ao seu dono
tanta ley soupolle ter
que por il asesinada
inda de morta e soterrada
soupo amosrarlle un bon querer.*

Cremos que a ortografía coa que se publicou a tradución non é a propia de Iglesias Roura, que en 1916 manifestaba o seu desacordo coa aproximación do galego ao portugués: “*cavilamos que non é lóxico acudir ó Portugués, como fan moitos, para remediar as fallas que o desuso creou na nosa lingua; non foi o gallego o que desviou do Portugués; foi o Portugués; foi o Portugués que derivou do noso curso desque foi nacionalizado...*”, aínda que puido ter cambiado de opinión, é posible que as solucións ortográficas as puxese a revista *Nós*.

Aínda quedan outras traducións espalladas nos xornais que realizou Iglesias Roura, entre as que se pode citar “*O amor que soño*”, da que especificamente se di que é unha tradución en *A Nosa Terra* o vinte de agosto de 1920, mais sen facer constar o autor orixinal, e coa sinatura **J. I. R.** Velaí o texto:

*Eu soño amor ardente,
de luz cheo, esplendoroso;
feito de sangue e rosas; de todo o que é
roxo e quente;*



*como unha luz de San Telmo, coma un
lóstrego lumioso:*

*un amor que pouco dure: extinto tan pron-
to aceso.*

–¿Que non dure? ¿Y-é amor eso?

*–¿E menos amor quizabes, porque morrer
deba axiña?*

*Si tal pensas, ¿é quo coidar que será mais
verdadeira*

a flor de trapo enganosa,

nunca murcha, do que a rosa,

da roseira

–fror raiña–

que foi nada

na alborada

e murchouse â seranciña?

É poema reproducido con evidentes erros polo xornal, ao que nós fixemos lixeiras correccións para que mantivese o sentido.

Beatriz Real Pérez atribúelle outra tradución, esta vez en prosa, un fragmento do *Apólogo de la ociosidad y el trabajo* de Luis Mejía, que apareceu en *A Nosa Terra* o vinte e cinco de xaneiro de 1917, mais a atribución é un erro evidente, porque aparece como tradutor de maneira explícita **Antón Valcárcel** (1887 - 1963), que xa citamos como colaborador de Iglesias Roura nunha tradución.

Aínda que non moi numerosas, as traducións de Iglesias Roura foron pioneiras para a lingua galega, pois apareceron por vez primeira na nosa fala importantes poetas románticos europeos.

V. CASTELAO TRADUTOR NA BRETAÑA

Non é Castelao só figura central da cultura galega do século XX, senón tamén un dos nosos autores máis traducido a outras linguas, con versións ao castelán, ao francés, ao portugués, ao esperanto, ao euskera ou ao inglés (*Things*, Wales, 2001), pero tamén debe ser súa a tradución do poema de orixe popular bretón “*Don Xoán Derrier*”, que apareceu en versión bilingüe bretón-galego na revista *Nós*, no número 67, o vintecinco de xullo de 1929, aínda que feita a través da versión francesa de F.M. Luzel, de 1868, formando parte do artigo “*Sant’Iago na Bretaña*”. O propio autor que fixo a viaxe para estudar as cruces de pedra da rexión francesa reconece el mesmo que “*eu abafado no ambiente das bibliotecas e non viñen a Bretaña para remexer libros e papeles; mais o tempo está podre, chove a fío, e dá gusto enfiar palabras ô amor d’unha fiestra branca...*”. O rianxeiro vai estudar a presenza do apóstolo Santiago no culto relixioso e nas lendas bretonas, mesmo recoñecendo que os bretóns chamaban ao noso apóstolo *Sant Jakes an Turkez*. Estrañoulle xa este nome de San Iago de Turquía a Luzel cando recolleu o romance que Castelao traduce da boca dunha esmolante, pero foi Le Men quen atopou unha pequena igrexa, a de Pouldavid cun San Iago de Turquía, cun bordón na man e vestido coa roupa de peregrino, coas cunchas de vieira, cunha ferradura fixada enriba da cabeza na punta dunha vara metálica e quen se preguntou se non sería unha reminiscencia da lúa turca. É caso raro porque nas igrexas bretoas o apóstolo San Iago é representado tendo nas mans unhas tenaces, que serían máis



Castelao na
Bretaña



SANT'IAGO NA BRETAÑA

POR CASTELAO.

Nas miñas andanzas por Bretaña a cata de cruces de pedra e nas poucas lecturas que podo facer, pol-o cativo estado dos meus ollos, atopo tanta fartura de lembranzas en col das pelengrinaxes a Compostela, que me arrisco a publicar iste traballo, nada mais que para aguilloar ós nosos novos traballadores. Ben sabido é que eu abafó no ambiente das bibliotecas e non viñen a Bretaña para remexer libros e papeles; mais o tempo está podre, chove a fío, e dá gusto enfiar palabras ó amor d'unha fiestra branca... Imaxinade, rapaces, o que tal pode haber eiquí e o que tal vos espera se vindes.

Os bretóns armoricanos foron sempre moi dados ás grandes pelengrinaxes e dispois da que chamaban o «Trou-Breiz», que consistía en visitar-as cinzas dos seus sete Santos Bispos evanxelizadores da Armórica e creadores da nación bretona, a mais popular foi a pelengrinaxe a Sant'Iago de Compostela. Os bretóns alá ían en greas por mar e por terra, e isto pódeno atestiguar d'abondo as cantigas e tradicións populares recollidas. Apenas hay libro referente ó pasado de Bretaña onde non xurda algunha lembranza de Sant'Iago.

Sabido é que os bretóns veneran santos que non figuran nos calendarios, santos inventados pol-a súa imaxinación celta e canonizados pol-a súa piedade cristián, santos da súa raza sempre; mais o noso Sant'Iago foi tamén un santo bretón, coma calisquera dos vellos taumaturgos ceitas arribados da Bretaña insular, porque tamén andivo por istas terras a conquistar almas, según contan as léndas. Velahí unha: O río Vilaine, dende Redon ó mar, aparece dispois de fortes temporais, c'unha cinta d'escumas que vai pol-o meio do leito do río, e os habitantes de Rieux ollan iste fenómeno con certo temor porque ista cinta d'escumas é o *camiño de Sant'Iago*. Cóntase que unha vez O Apóstolo remontaba o río camiñando por enriba das augas, e que estaba tan canso que quixo repousar en Rieux, que era unha vila grande; mais os habitantes d'ista vila eran uns *hugonotes* e non lle consentiron descansar. Entón o Santo alritouse e berrou en ton profético: —«¡Ou vila de Rieux, tí serás destruída!»—e seguindo seu camiño marchou a fundal-a vila de Redon. E foi por iso que en desagravio se lle ergueu a capela que leva o seu nome (*Paul Sebillot. «Petite Légende Dorée de la Haute Bretagne». Nantes, 1897.*)

O estraordinario está en que moitas veces o noso Apóstolo foi preferido ós santos do país. Abonda relembrar que Sant'Iago é o patrón dos mariñeiros. ¡Patrón dos mariñeiros de Bretaña! Coma se dixésemos patrón do mais arriscado, do mais grorioso; porque cand'os mariñeiros bretóns escolleron por patrón a Sant'Iago eran os donos do mar. Outra vez o noso Apóstolo derrotou ós santos do país, como íen pasado por enxemplo en Loquerec, perto de Morlaix. Conta Le Braz que amostrándose desconforme con que o culto a San Kirek fose substituído pol-o culto a Sant'Iago respondeulle unha vella:

—San Kirek non foi mais que un Bispo e Sant'Iago foi un Apóstolo de Cristo. Un día, ou cicais unha noite, uns mariñeiros d'ista costa ollaron unha barca estrana, que tiña



propias de San Eloi, o patrón dos ferreiros de cabalos, pero a palabra bretoa *turqués* significa “*tenaces*” e cada metade dunha tenace representa ben unha lúa minguan- te, concluíndo Castelao que “*isto pode sere a lúa crecente musulmán que os pelengrinos bretóns ollaban aeito na He- spaña e que por iso quixeron figurar eisi nas maus d’un santo que iles creían de orixen turco*”, partindo dunha explicación que ofreceu Luzel en 1886. España era o país dos mouros e as palabras *mouro* e *turco* “*remexéronse tanto no maxín dos bretóns que remataron por confundirse*”. No remate do seu artigo tan erudito apa- rece a versión da cántiga bretoa, da que só ofrecemos a primeira estrofa:

—Don Xoan Derrién, vós durmides
docemente en leito de plumas, i-eu non
podo!

—¿Qué a istas horas da noite
barulla na miña porta?

—Son eu, vosa nai, Don Xoan Derrién,
qu’estou eiquí a facer penitencia,
qu’estou a facer dura penitencia,
Don Xoan, dend’a hora da miña morte!

—Ay, miña probe nai, dígame:
qué é o que vos compre?

—Noutrora, cando estaba n’ise mundo
fixera un voto

d’ir a Sant’Iago de Turquía,
o camiño é longo y-está moi lonxe
d’eiquí!

—Miña probe nai, dígame:
servirálle qu’eu fose alá?

—Si, iso serviría
coma se alá fose eu mesma.

Don Xoan Derrién díxolle
a seu pai e â súa irmán aquel día:

—Meu pai, miña irmán: se me queredes

dádeme dous ou tres centos escudos;

dádeme dou ou tres centos escudos

porque teño que facer un longo viaxe.

—Ay, agora que vós sodes crego

agora, meu irmán, queredes deixarnos?

—Eu vou a Sant’Iago de Turquía

por miña nai e a vosa.

A carón da súa tradución colocou Castelao a versión bretoa e ademais a partitura musical da cántiga. Malia isto, Castelao, aínda que interesado polo que se facía noutras culturas, estaba máis preocupado por facer unha arte propia- mente galega, unha literatura propia e orixinal que partise do pobo.

VI. UN TRADUTOR DE RIANXO NO EXILIO. RAFAEL DIESTE

Non tomou o galego como lingua de chegada para traducir Rafael Dieste (1899 - 1981), senón como lingua de orixe para traducir ao seu coterráneo Manuel Anto- nio ao castelán. Así, en 1940, apareceu en Bos Aires, na editorial Emecé a versión *De catro a catro / De cuatro a cuatro*, que logo sería reeditada na madrileña edito- rial Visor en 1993 por segunda vez e da que seleccionamos a versión que fixo do poema “*Os cobados n-o barandal*”, que titulou “*De codos en la borda*”:

Encontramos esta madrugada

en la trampa del Mar

una isla perdida (1)

Armaremos de nuevo la trampa

Va a salir el Sol

improvisado y desorientado

Tenemos ya tantas estrellas



*y tantas lunas sumisas
 que no caben en el barco ni en la noche
 Reuniremos pájaros sin geografía
 para jugar con las distancias
 de sus alas amplificadoras
 Y los adioses de las nubes
 mudos e irremediables
 Y Armaremos una red de estelas
 para rescatar las saudades
 con su viaje hecho
 por los océanos de nuestro corazón.
 (1) La alta mar es una isla de agua
 rodeada de cielo por todas partes.*

Rafael Dieste fixo versións abreviadas para o español de autores como Oscar Wilde, Tolstoi, Daudet ou Hoffmann, mais cónstanos que puxo en galego un poema de W. Sand, que se publicou en 1991. Foi, sen embargo, autor moi traducido dende o galego, e entre as versións das súas obras poden citarse *De los archivos del trasgo* (Madrid, Espasa-Calpe, 1989), coa versión española do actual ministro César Antonio Molina; *A doncela guerreira*, traducida en 1981 por Manuel Lourenzo; *Viaxe e fin de don Frontán*, que pasou do español ao galego da man de Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro (Sada, O Castro, 1982); *Histoires et inventions de Félix Muriel*, tradución ao francés feita por Teófila Rodríguez (Madrid, Iberia, 1986); *Historia de un juguete*, conto probablemente traducido polo propio Dieste e que apareceu na revista bonaerense *Saber Vivir* en xullo de 1941; *The Stuffed Parrot*, versión de *El loro disecado*, que apareceu na antoloxía *Spanish Writers in Exile*, unha edición de 1950 en Sansolito, a cargo de Ángel Flores; a versión francesa do acto I, escena III, de *La fin de*

don Frontan”, aparecida na revista *Europe* en 1958 da man de Mathilde Pomès; a versión inglesa do “*Nuevo retablo de las maravillas*” co título “*The New Spectacle of Wonders*”, na revista *New Writing*, en Londres no outono de 1937, en tradución de A. Lloyd; “*Acerca de la muerte de Bieito*”, versión do seu conto galego que apareceu en Bos Aires en 1941 no volume *Veinte cuentos gallegos*; *Intxixuen Artxibotik*, versión euskera de *Dos arquivos do trasno*, aparecida en Donostia en 1995 en tradución de Koldo Izagirre. Carballo Calero, para o seu *Breviario antológico de la literatura gallega* (Barcelona, 1966) traduciu do galego ao español o relato “*En la muerte de Estrellita*”, mentres que “*El niño suicida*” e “*Nueva York es nuestro*” apareceron en español no *Tesoro breve de las letras hispánicas VII. Mosaico español 2. Literatura gallega*, na colección que dirixía Díaz-Plaja (Madrid, 1974); K. March incluíu algún dos seus contos na antoloxía *An Anthology of Galician Short Stories* de 1991 e Xesús Ferro Ruibal fixo unha versión latina para a revista *Ólisbos* (nº 1, 1986) de “*Cum Benedictus vita Functus est*”. Sheila Ingrisano fixo a versión inglesa de *Tales and Inventions of Félix Muriel* (Madrid, Iberia, 1986), obra da que hai tamén versión dun dos seus contos en alemán: “*Wie Felix Muriel auf die welt kam: Zwölf Erzählungen ans spanien*”, feita para unha editorial de Bonn en 1990. Outros relatos e poemas de Dieste foron traducidos a diferentes linguas e de exemplo pode servir “*Agoiro*”, versión galega do seu poema “*Presagio*” que apareceu no número sete da revista *Nordés* en 1982.



VII. UN TRADUTOR NOIÉS NA POSGUERRA. MANUEL FABEIRO GÓMEZ

En 1992 falecía unha das figuras fundamentais da historia cultural de Noia no século XX, **Manuel Fabeiro Gómez**. Aínda que nado en Muros en 1916 estivo vinculado a Noia dende a súa mocidade e dende alí desenvolveu un moi amplo labor cultural non só a nivel local e comarcal, senón tamén a nivel galego, sen esquecer a súa participación en revistas españolas e da emigración galega. Notable poeta, autor de *Follas de un arbre senlleiro*, poemario editado na famosa colección pontevedresa Benito Soto en 1951 e que foi reeditado pola Deputación de Pontevedra en 1991, pero con moita obra aínda dispersa en xornais e revistas e mesmo con outro poemario, *Cachemare da saudade*, de 1953 só editado parcialmente. Sería xa tempo de que as institucións de Noia e as xentes preocupadas pola cultura fixesen o posible por reunir, cando menos, toda a súa poesía galega, aínda que foi tamén notable poeta en español. Mais a poesía foi só unha das caras do seu poliédrico labor, que abrangue a historia, a filatelia, a etnografía, a crítica literaria e outros moitos aspectos da cultura referidos a Noia e a Muros, que parcialmente foron xa recolleitos en *Páxinas históricas de Noia* e nalgún outro volume. Nós imos tratar un labor que, aínda sendo menos fundamental no seu traballo, desenvolveuno ao longo de moitos anos, o de tradutor. Comezara colaborando en 1936 en *A Nosa Terra* e despois da guerra civil vencellouse ao xornal compostelán *La Noche*, no que colaborou con poemas en galego e español, artigos e tamén traducións.

As traducións de La Noche

A historia da tradución galega é relativamente moderna e pobre con respecto a outras áreas da Península Ibérica, pois malia algúns antecedentes medievais e algúns textos bíblicos traducidos a finais do século XVIII e na primeira metade do XIX, máis por interese lingüístico que literario, pódese dicir que comeza en 1868 cando **José García Mosquera** traduce o *Beatus Ille* de Horacio co título *A vida do campo*, que Saco e Arce inclúe na antoloxía da súa *Gramática Gallega* e que logo Menéndez y Pelayo reproduce no famoso volume *Horacio en España*. A partir dese momento, e moi de vagar, van aparecendo algunhas traducións nos xornais e revistas galegos, chegando en 1897 a publicarse o primeiro volume de traducións en galego, as *Odas de Anacreonte*, traducións feitas por **Florencio Vaamonde Lores**. Xa no século XX, serán o xornal *A Nosa Terra* e a revista *Nós* os maiores impulsores da tradución en galego, que ten o seu momento esencial cando **Otero Pedrayo** traduce fragmento do *Ulysses* de James Joyce. A guerra civil significou un profundo corte neste labor de ir achegando á lingua galega, galeguizando dalgunha maneira, os autores doutras linguas, aínda que, ben é verdade que, nin sequera no período bélico, desaparecen totalmente as traducións ao galego dos xornais, pois *El Compostelano* publica en 1938 varias traducións de **Couceiro Freijomil**, de pouca importancia por estaren feitas dende o castelán e ser autores menores os traducidos. *El Compostelano* foi sucedido en 1946 por un vespertino titulado *La Noche*, xornal esencial para entender a cultura galega na primeira posguerra, pois durante a di-



Traducións
de Fabeiro en
Vieiros 1968

Poesía Allea Verquida o Galego

por MANUEL FABEIRO GOMEZ


Poema De Taras Shevchenko

TANTO ME TEN

*Tanto me tén! Na Ucrania
vivirei, ou fora dela.
Non sei si lembrarán
que estou en neve allé,
ou si me esquecerán
nas longuras estereas.
Tanto me tén! E o mesmo!
Antre xente eixtraneira
crescín na escravitude;
e nas miñas meixelas
non sentín as bagullas
garimosas e ledas,
nin manciñas de nai,
nin dos meus as apertas.
Hei de morrer, chorando
nunha moura cadéa.
Irá todo conmigo,
i unha sinal non queda
de min, e do meu paso
na Ucrania feitiçeira;
na nosa, nosa Ucrania,
pero non nosa terra.
O pai non lembrará
ó fillo miña ideía,
nin lle dirá: "Rapaz,
prega por él, pois pregas
polo mártir da Ucrania."
Ha de pregar, Cecais...
Tanto me tén! É o mesmo!...
Pero non é igual...
E cando os homes malos
abalén nosa Ucrania,
e no meio do lume
a esperten atroïnada...
¡Entón non será certo
que non me importa nada...!*

*¿Ou esqueceronme xa?
¡Xa me esqueceron! ¡Xa dormen!
De min, nada saberán.
Da miña sorte, estreliña,
¡nunca lle queiras contar!*

Na Cadéa, 1847.



Poema de Xosé Hernández

MARTIN FIERRC

*Mais onde outro crioulo pasa,
Martín Fierro ha de pasar.
Ninguén o fai recuar,
nin as pantomas o espantan,
e dendes que todos cantan
eu tamén quero cantar.*

*Groria miña é vivir ceibo
como o paxaro do ceo:
non logo niño no chan
onde hai tanto que sufrir,
e ninguén me ha de seguir
cando me boto a voar.*

*Si dás o teu corazón
a unha muller querida,
non fagas mala partida
que ofenda a esa muller:
sempre nos bota a perder
unha muller ofendida.*

*Ninguén se vexa ofendido,
pois a ninguén incomodo,
e si canto díste modo
é por atopalo ben:
non é por mal de ninguén,
sinón para ben de todos.*

Poema de Paul Verlaine

CHOIVA

*No meu corazón hai choros,
como choiva na cibdá.
¿De onde vén ista langor
que no corazón está?*

*Un doce balbor de choiva
nos tellados e no chan.
¡Para un corazón dorido
cómo ise balbor non hai!*

*Meu corazón abajado
non se cansa de chorar.
¡Si non tivo treidorías
non se debe de laiar!*

*Teño unha pena moi grande:
De non poder eispicar
que sin amor nin xenreiras
triste o corazón está!*



rección de Borobó deu ampla cobertura a toda manifestación cultural galega e en galego, dentro do que os tempos permitían e mesmo chegou a editar un suplemento entre o 15 de outubro de 1949 e o 28 de xaneiro de 1950, cun programa explícito que pretendía *“descubrirnos a nosotros mismos descubriendo a Galicia, para restablecer así una imagen más auténtica y cabal del mundo próximo –de este insoslayable concierto peninsular– y de nuestra radical significación dentro de la universal misión en que, solidariamente, compartimos los diarios esfuerzos”*. Xa dende 1946, o ano da súa aparición, **Manuel Fabeiro Gómez** aparece, unhas veces co seu nome e outras con pseudónimo, asinando poemas, prosas en galego e castelán e traducións.

Din os estudosos da tradución, e do papel que lle corresponde no repertorio literario galego, que estas poden ser de dous tipos: as que pretenden confirmar o repertorio xa existente en galego e as que pretender anovar este repertorio por medio de autores foráneos. As traducións de Manuel Fabeiro pertencerían maioritariamente ao primeiro tipo, pois en xeral traduce autores que xa o foran na nosa lingua ou que confirman uns gustos literarios que xa estaban entre nós antes da guerra civil. Atenderemos, fundamentalmente, a dous exemplos publicados en 1946: *Gazel I^o*, de **Hafiz** e *Pasamento de Rabindranath Tagore*.

O dez de agosto de 1946 aparece a tradución feita por Fabeiro de Hafiz, cunha nota do xornal que indica o seguinte: *“Acogemos gustosos en esta página los primeros aleteos de los poetas que comienzan. Manuel Fabeiro Gómez, de*

quien tenemos en cartera algunas composiciones, es digno de que llamemos la atención acerca de él”. Naturalmente, para os que seguisen a cultura galega de antes da guerra, Fabeiro non era unha sinatura descoñecida, pero non estaban os tempos, tan duros, para ese tipo de lembranzas. **Hafiz** foi un poeta persa, que realmente se chamaba **Sams Al-Din Muhammad**, nado arredor de 1325 en Shiraz e morto sobre 1390, autor de *Diwan*, que contén uns cincocentos poemas, sobre todo amorosos e místicos. A primeira edición da súa poesía fíxose en Calcuta en 1791 e logo apareceron as edicións de Bulak en 1834 e de Constantinopla en 1870, mentres que en Europa a edición de referencia foi a de Leipzig, editada entre 1854 e 1860. Foi autor moi gabado por Goethe e que tivo como tradutor ao alemán a Hammer Purgstall e ao inglés a Palmer. Desta tradución inglesa ou dalgunhas versións francesas debeu partir Fabeiro, xa que non cremos que o fixese do persa. A presenza da poesía persa en Galicia ten certa importancia, pero non no caso de Hafiz, autor do que non coñecemos ningunha outra tradución ao galego. quen si está moi presente na nosa lingua é **Omar Khayyam**, con traducións realizadas por Plácido R. Castro e Miguel González Garcés das famosas *Rubaiyat*, a partir da versión inglesa de Fitzgerald, a versión dominante en todo occidente, e da que xa había algunha pequena mostra en *A Nosa Terra*. Fabeiro decide ampliar o repertorio da poesía persa entre nós coa tradución que transcribimos:

*Do arume dos teus cadrellos
está ciumenta a viola:
diante as froles do teu rír
rompe suas follas a rosa.*



*¡Ouh rosa, cuio arrecendo
 enfeitiza miña i-alma,
 non deixes morrer d'amores
 ô reiseñol que che canta!
 Esqirbir na miña fronte
 teu nome o Destiño quixo;
 o pô dos teus ventanaes
 é todo meu Paradiso.
 E a tua face rousada
 miña alegría e acougo;
 o amor é un esmoleiro
 malfadado e farraposo.
 Tén tesouros acochados
 e à sorte se bandóa;
 pide a vegadas esmola...
 e rocolle unha coróa.
 De tresvarío estou bébedo
 Dar miña testa non marcha
 hastra qu-a baixe pra o pô
 onde se pousa túa pranta
 ¡Túa beleza, Amada miña,
 un ramo e mil frois;
 i-estes 'gazeales' os doces
 cantos dos teus reiseñols!...*

Malia a nota que o xornal puxo á tradución de Hafiz, o dous de maio do mesmo ano xa aparecera outra tradución no xornal feita por Fabeiro, "Pasamento" do Premio Nobel **Rabindranath Tagore**:

*Os rayos do sol que nasce
 e escomenzan a rachar
 as brétemas de este día
 en que teño que marchar.
 O Ceo fita pra a Terra,
 cal maravela de Deus.
 Meu corazón está triste
 porque preguntan por él,*

*e non sabe quen—o chama,
 nin de onde esa voz lle vén.
 ¿Trai a bafaxe o salayo
 do Mundo que deixo atrás
 e unha múseca na paz
 de iste silencio rayoso
 en que se envolve a mañán?
 ¿Ou trai o alento da Illa
 do Mar Lonxano, gozosa
 na leda maturidade
 das froleciñas iñotas...?*

O caso de Tagore é moi diferente ao do poeta persa, pois aínda que escribía en bengalí, o Premio Nobel de Literatura deulle unha enorme



popularidade en todo o mundo e en España será Risco quen presuma de ser o seu introdutor, nunha conferencia que pronunciou no Ateneo de Madrid en 1913, á que recoñece que só asistiron catro u cinco persoas e que serviu para que o alcumasen a el os amigos como "Tagore". Foi, pois, Risco pioneiro na divulgación da obra do poeta hindú, pois as traducións de Juan Ramón Jiménez e Zenobia Camprubí viñeron despois. A Risco interesáballo de Tagore non só o seu misticismo, senón tamén o seu nacionalismo, como ben manifesta no artigo "Rabindranath Tagore i-o nazionalismo indio" de 1920, no que chega a cualificar ao bengalí como "o meu vello mestre". Este interese de Risco é quizais o que explica o importante número de traducións de Tagore presentes en *A Nosa Terra*: "Os dous paxaros" (nº 26, 1917), "O desterro" (nº 38, 1917), "O mestre e as xoyas" (nº 38, 1917), "A baiadeira" (nº 47 - 48, 1918), "Xa o sol..." (nº 54, 1918), "O

Tagore, por
 Risco



santo Narottam” (nº 56, 1918), “*O poeta Tulsidas*” (nº 56, 1918), “*O derradeiro tra-to*” (nº 101, 1919) e “*Poemas de nenos*” (nº 104). Ningunha destas traducións está asinada, aínda que é probable que sexa o mesmo Risco o autor das versións, seguramente a través do inglés. Non terá despois da guerra civil tanto éxito a obra de Tagore en galego, probablemente polo mesmo motivo que o tivo antes, é dicir, a forte carga nacionalista dalgúns textos, aínda que é certo que en 1976 foron traducidas dúas das súas obras teatrais por Xulio Cuns Lousa: *O carteiro do Rei / Malini* (Sada, O Castro). Tamén Cabanillas traduciu o poema de Tagore “*Xa é hora*”, que apareceu postumamente na revista *Grial* (nº 54, 1976).

Non foron as únicas traducións que Fabeiro publicou en *La Noche* xa que apareceron outros textos como a versión de *Santa Rosa de Lima* de **Alphonsus de Guimaraens**, aparecida o catorce de setembro de 1946. Trátase dun poeta brasileiro, nado en Mariana, no estados de Minas Gerais, en 1918, autor de obras como *Lume de estrelas* (1940) e *A sobrinha de D. Quijote* (1959), cunha poesía que se caracteriza por seguir en parte a liña “penumbriada” de seu pai, o interesante poeta Eduardo Guimaraens.

Un poeta alemán no Tapal

Unha das iniciativas fundamentais para a cultura do Barbanza na posguerra foi a fundación da revista **Tapal** en novembro de 1950, dirixida por Manuel Fabeiro e Andrés Rodríguez Millares. Revista bilingüe, que deu ampla presenza ao galego, con sinaturas tan ilustres como as de Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Gar-

cía-Sabell, Manuel María e outros moitos. Será nesta revista que dirixe Fabeiro onde publica outra das súas traducións, a titulada “*O lobicán*” do poeta alemán **Franz Werfal**, aparecida en agosto de 1954:

*O madido ambre da sua meniña
fítame tristemente, e con brasmar
antergo,
como si sofrira, porque non comprendo
seu corazón de ermo.
Eu falo, garimoso, e a sua tristura
compensar pretendo.
Pecha as palpebras i-ergue a orela
docemente eiseltado,
sentindo o loumiño
de mans de anxos.
E cando do noso orixe irmán
quedamente lle falo,
chora sua i-alma
oubeando,
e non seus ollos tén bágoas.
E sinte fadiga sua i-alma de can.
Entón, calo
De novo iste loito rispido
do brasmar primitivo.
E volta tristemente seus ollos,
axexando a mosca que na fiestra
fai o baixo de órgo...*

A lingua das traducións é propia da época, aínda sen normativizar e con arcaísmos e vulgarismos que eran frecuentes en todos os autores do momento. Sen embargo o verso “*e non seus ollos tén bágoas*” ten un claro erro de imprenta pois o que debe dicir é “*e nos seus ollos tén bágoas*”.



Franz Werfel é un xudeu nado en Praga en 1890, cando Chequia pertencía ao Imperio Austro-Húngaro. Comezou cunha poesía de relixiosidade panteísta, para ir evoluíndo cara a unha poesía máis expresionista, pero sen abandonar as preocupacións relixiosas, intentando conciliar o xudaísmo e o catolicismo. Non foi só poeta, senón tamén dramaturgo e novelista, moi coñecido por “*A canción de Bernardette*” (1941), porque foi levada ao cinema.

Este interese por Werfel non foi exclusivo de Fabeiro na cultura galega, pois Ramón Cabanillas xa traducira o poema “*O laio dos mortos*”, aparecido na revista *Aturuxo* en 1953, mais tamén traduciu o mesmo texto que o poeta de Noia, esta vez co título de “*O can de lobo*”. Ambos os dous textos foron recolleitos no volume *Versos de alleas terras e de tempos idos*, publicado en Santiago en 1955. A tradución de Cabanillas, como a de Fabeiro, non é literal, senón unha paráfrase, que o que pretende é manter o senso do texto, mais non as súas características formais, configurando agora un novo poema que é xa parte da poesía en galego. Velaí a tradución de Cabanillas:

*Con ollos ambariños
mírame con tristura.
N-eles vexo unha anterga
e queixosa amargura,
como si padecera vendo que non acerto
a ler sua nostalxia de fillo do deserto.
Amostrando ledicia, fálolle con cariño,
arquexa o lombo, pecha os ollos
manseliño
e endereita as orellas collendo novo azo
como si lle afagaran os ánxes o espiñazo.*

Fálolle de que temos os dous a mesma mágoa.

Mírame, xeme, tébralle na palpebra unha bágoa:

A sua alma de can sofre fonda fadiga.

Calo. Torna de novo á súa coita antiga...

*Enxergando a cabeza, vixiante o sentido,
torce os ollos atentos ó fungador zunido,
com'o do órgano grave, d-un moscón que batela*

no mintireiro espello dos vidros da xanela.

Non foron só Cabanillas e Fabeiro os únicos tradutores ao galego de Werfel, pois en 1951 apareceu o volume *Musa alemá*, onde se incluía a este poeta. As traducións foron feitas por **Antonio Blanco Freijeiro** e **Celso Emilio Ferreiro**, onde probablemente o alemán o poñía o primeiro e a poesía o segundo. De xeito parecido deberon actuar Cabanillas e Fabeiro, partindo de traducións literais, probablemente ao español, e pasándoas logo en forma poética ao galego.

As traducións da revista Vieiros

No verán de 1959 apareceu en México a que foi, sen dúbida, a máis importante revista do exilio galego, *Vieiros*, subtitulada “*Revista do Padroado da Cultura Galega en México*”. Tirou do prelo só catro números ata 1968, cun fermoso formato, con magníficas ilustracións e grande calidade literaria e ensaística. No derradeiro número, o cuarto, publicáronse unhas páxinas co título “*Poesía Allea Verquida o Galego*”, da autoría de Manuel Fabeiro Gómez. Na revista apareceron outras traducións, algunha delas doutro poeta do Barbanza, **Faustino Rey Romero**. Cóm-



pre lembrar ademais que nese momento o Padroado da Cultura Galega de México estaba presidido por outro home da nosa bisbarra, o pobrense exiliado **Manuel Venerando Porteiro Viña**.

As traducións de Fabeiro levan un texto en prosa final que xustifica dalgún xeito as súas versións, asinado en Noia nese mesmo ano de 1968. Contamos hoxe na cultura galega cunha magnífica antoloxía de textos sobre a tradución á nosa lingua, da autoría de **Xosé Manuel Dasilva**, titulado *Babel entre nós* (Vigo, 2003), que inclúe varios textos de autores do Barbanza, pero non o de Fabeiro. Polo demais tampouco outros repertorios sobre tradución en Galicia, que hoxe van sendo máis frecuentes, mencionan os textos traducidos do noso poeta. Di Fabeiro nesa nota final que *“Temos necesidade de lér, en versión galega, as literaturas doutros pobos, e de amosar ó mundo que a nosa feiticeira fala reune condicións pra iso”*. Esta nota explica as razóns fundamentais das traducións ofrecidas, pois trátase de dar prestixio á lingua galega e de amosar aos seus críticos que calquera literatura pode ser verquida na nosa lingua. Engade Fabeiro que *“son homaxes, verdadeiramente sentidos, a outras lingoas, a outras xentes e a outras terras”*. Non son traducións literais, pois mesmo nalgún caso confecciona poemas a partir de distintos fragmentos dunha obra ou varía as estrofas, dado que a súa intención é *“alcontrar o corazón do poeta”*, concluíndo que *“nada me preocupou a forma, soio busquei a idea”*.

Catro son os poetas traducidos: **Taras Shevchenko, Xosé Hernández, Paul Verlaine e Amado Nervo**. Comezaremos

polo derradeiro. **Nervo**, aínda que algo esquecido hoxe, foi o poeta máis popular do Modernismo hispanoamericano despois de Rubén Darío e aínda conserva moitos lectores, sobre todo, polo seu poemario amoroso *La amada inmóvil*, que lle fai competencia ao de Pablo Neruda. Nacera en Tepic, México en 1870 e foi diplomático. Morrerá en Montevideo en 1919. Poeta, mais tamén narrador e ensaísta, o seu verso foi evoluíndo dende a opulencia do Modernismo máis sonoro cara a unha poesía máis sinxela, intimista, sempre dominada polo sentimento relixioso, ás veces heterodoxo, con grande presenza da morte. O texto elixido por Fabeiro foi seleccionado do poemario *Elevación* (1917), mais varioulle o título e a medida dos versos. No libro de Nervo levaba o título de *“Tú”*, mentres que o noiés titulouno *“Señor”*. Na versión orixinal estaba formado por catro estrofas de oito versos heptasílabos. Fabeiro converte o poema en catro estrofas de versos de arte maior, en alexandrinos:



Amado Nervo por Vázquez Díaz

*Señor. Ti primeiro. Ti logo. Ti na fondura
inmensa do vacío. Na fondura interior.
Ti no abrente que canta e na noite que
pensa.
Ti na frol das carqueixas; nas carqueixas
sin frol.
Ti a un tempo no Cénit e no Nádír. Ti en
todas
as transefiguracións, i en todo o
padescer.
Na capela dos Mortos. Na noite do
casoiro;
no derradeiro bico; no primeiro tamén.*



*Ti nos ollos azúes e nos ollos escuros;
na frivolidade quinceleira crudel;
nas horas garimosas dos tempos xa
maduros.*

*Ti na máis negra algarve. Ti no mais outo
Edén.*

*Si a Cencia enfonchada non te vé, eu
véxote;*

*si os seus beizos negárate, eu che
proclamarei:*

*por cada home de dúbida, miña alma di:
“Eu creio”*

*¡E con cada fé morta, mais grande é miña
fé!*

Para poder comparar, veláí vai a primeira estrofa de Amado Nervo na súa lingua orixinal:

*Señor, Señor, Tú antes,
Tú después; Tú en la inmensa
hondura del vacío*

y en la hondura interior:

Tú en la aurora que canta

y en la noche que piensa;

Tú en la flor de los cardos

y en los cardos sin flor.

Na tradución de Fabeiro, propia deses anos, conviven arcaísmos como “outo” con vulgarismos como “pirmeiro”, pero quizais o que máis sorprende é a escolla léxica para traducir a palabra castelá “sima”, que el substitúe por “algarve”, un claro lusismo.

Amado Nervo non é frecuente atopalo traducido ao galego, pero Fabeiro contaba cun antecedente aínda que non para o mesmo texto, pois un descoñecido **F. Pita** traduciu en 1921 o poema “*Frente a Irlan-*

da” para *A Nosa Terra* (nº 141), do que re-
producimos as primeiras estrofas:

*Que tristes as olas van
a bicar tua praia ignota
onde parece que lloa
toda a brétema d’Ossián!
Saberán cecais os mares
do sufrir da tua Raza
que entre saloucos s’abraza
aos Cristos dos seus allares?*

A tradución deixa mala impresión polos erros de imprenta, pois está claro que o que debe dicir no terceiro verso da primeira estrofa é “flota” e non “lloa”, o que se pode comprobar pola versión orixinal:

*¡Qué tristes las olas van
a besar tu playa ignota,
donde parece que flota
toda la bruma de Ossián!*

Tamén o derradeiro verso da segunda estrofa contén un erro, pois ofrece “allares”, por “altares”.

*¿Saben acaso los mares
el tormento de tu raza
que, entre sollozos, abraza
los Cristos de sus altares?*

O poema pertence ao libro *Éxodo y las flores del camino*. Non coñecemos outras versións de Amado Nervo ao galego.

Xosé Hernández (1834 - 1886) é o representante por excelencia da poesía gauchesca, que levou ao seu máximo de popularidade co *Martín Fierro* (1872), que coñeceu, cando menos, catorce edicións ata 1894. En 1879 publicou *La vuelta de*



Martín Fierro e hoxe adoita editarse as dúas obras xuntas. Fabeiro confecciona un poema co título “*Martín Fierro*” formado por catro sextetas, estrofa tamén

coñecida como ‘hernandina’, pero que en realidade corresponde a distintas partes das dúas obras, e así os seis primeiros versos correspóndense cos versos 25 a 30 do Canto I da primeira parte, mentres que a segunda sexteta corresponde aos versos 91 a 96 tamén da primeira parte, mentres que a terceira estrofa pertence xa a *La vuelta de Martín Fierro*, versos 4.757 a 4.762 do Canto XXXII e a derradeira estrofa é tamén a derradeira de *La vuelta de Martín Fierro* e da obra, é dicir, os versos 4.889 a 4.894. As razóns que dá Fabeiro para traducir este texto consisten en que considera que non hai “nin-

guén mellor que o Martín Fierro, pra falar na nosa língoa. Moitas veces, parece ver anacos das nosas cantigas populares nos mañíficos versos de Xosé Hernández”. Velá a tradución:

*Mais onde outro criollo pasa,
Martín Fierro ha de pasar.
Ninguén o fai recuar,
nin as pantasma o espantan,
e dendes que todos cantan
eu tamén quero cantar.
Gloria miña é vivir ceibo
como o paxaro do ceo:
non logo niño no chan
onde hai tanto que sufrir,
e ninguén me ha de seguir
cando me boto a voar.
Si dás o teu corazón
a unha muller querida,
non fagas mal a partida
que ofenda a isa muller:
sempre nos bota a perder
unha muller ofendida.*

.....
*Ninguén se vexa ofendido,
pois a ninguén incomodo,
e si canto diste modo
é por atopalo bén:
non é por mal de ninguén,
sinón para bén de todos.*

Para poder ver como traduciu Fabeiro a Hernández, nada mellor que reproducir os versos orixinais da segunda estrofa, que é a que trae un certo problema de sentido debido á palabra “logo” do terceiro verso, que é claramente un erro de imprenta, pois debía dicir “fago”:



José Hernández
por Francisco de
Santo

Martín Fierro de
José Hernández





*Mi gloria es vivir tan libre
como el pájaro del cielo;
no hago nido en este suelo
ande hay tanto que sufrir,
y naides me ha de seguir
cuando yo remuento el vuelo.*

José Hernández non aparece só pola man de Fabeiro en lingua galega, pois en 1980 apareceu en Buenos Aires unha tradución completa do *Martín Fierro*, feita por **Bernaldino Souto**, un galego emigrado dende a adolescencia á Arxentina dende a súa Ribadavia natal. Esta tradución foi reeditada pola Xunta de Galicia no ano 2003. É un caso case único o de que un poeta arxentino teña un volume completo traducido ao galego, aínda que é verdade que existe tamén o caso de Rafael Obligado, do que hai tradución do seu *Santos Vega* en 1981 pola man de **Alexandro Castro-Morgadas**. É interesante comparar como traduce Souto a derradeira estrofa de *La vuelta de Martín Fierro*:

*Ningún se vexa ofendido
pois a ninguén incomodo;
e se canto deste modo
por encontralo oportuno,
non é para mal de ningún
senón para ben de todos.*

Máis estraño é o caso de **Taras Shevchenko**, o poeta nacional de Ucraína, do que non coñecemos ningunha outra versión en galego. Nacera en Morinzi, preto de Kiev en 1814 e faleceu en San Petesburgo en 1861, fillo dun servo, sendo redimido por dez mil rublos, pasando en 1838 a estudar na academia de belas artes da cidade na que faleceu. Foi un nacionalista que dirixiu a Liga Patriótica

para unir os pobos eslavos e abolir a servidume. Preso durante dez anos, foi logo amnistiado por Alexandre II. Só viviu en liberdade doce anos da súa vida. Partindo da poesía popular, a súa obra manifesta unha grande preocupación pola liberdade e polos oprimidos. Moi famoso pola obra *Cáucaso*, a súa obra completa editouse en 1888. Probablemente represente para Fabeiro Gómez un símbolo de liberdade nacional e cumpra o papel que tivo para os nacionalistas de preguerra **Arand Nazariantz** (1881), o poeta armenio polo que tanto interese sentiu Risco e do que apareceron traducións na revista *Nós* en 1921 e no xornal *A Nosa Terra* o ano anterior. A única razón que dá Fabeiro para traducir este texto é que o considera “*moi excitado pra unha revista eisi*”, supoñemos que querendo dicir que un poeta da liberdade é axeitado para unha revista do exilio que representa esa mesma liberdade fronte ao franquismo. Velaí o texto, titulado “*Tanto me tén*”, asinado na cadea en 1847:

*Tanto me tén! Na Ucraína
vivirei, ou fora dela.
Non sei si lembrarán
que estou en neve alléa,
ou si me esquecerán
nas longuras estéreas.
Tanto me tén! É o mesmo!
Antre xente eistranxeira
crescín na escravitude;
e nas miñas meixelas
non sentín as bagullas
garimosas e ledas,
nin manciñas de nai,
nin dos meus as apertas.
Hei de morrer, chrando
nunha moura cadéa.*



Irá todo conmigo,
 i unha siñal non queda
 de mín, e do meu paso
 na Ucraina feitiçeira;
 na nosa, nosa Ucraina,
 pero non nosa terra.
 O pai non lembrará
 ó fillo miña idea,
 nin lle dirá: "Rapaz,
 prega por él, pois pregas
 polo mártir da Ucraina".
 Ha de pregar. Cecais...
 Tanto me tén! É o mesmo!...
 Pero non é igual...
 E cando os homes malos
 abalen nosa Ucraina,
 e no meio do lume
 a esparten arroiñada...
 ¡Entón non será certo
 que non me importa nada...!

¿Ou esqueceronme xa?
 ¡Xa me esqueceron! ¡Xa dormen!
 De mín, nada saberán.
 Da miña sorte, estreliña,
 ¡nunca lle queiras contar!

O derradeiro dos textos que imos reproducir é un caso moi diferente, pois existen varias versións do mesmo feitas por tradutores distintos. Estamos a falar de **Paul Verlaine** (1844 - 1896) e do poema "Choiva":

No meu corazón hai choros,
 como choiva na cidada.
 ¿De onde vén ista langor
 que no corazón está?
 Un doce balbor de choiva

nos tellados e no chan.
 ¡Para un corazón dorido
 cómo ise balbor non hai!
 Meu corazón abafado
 non se cansa de chorar.
 ¡Si non tivo treidorías
 non se debe de laiar!
 Teño unha pena moi grande:
 De non poder eispricar
 que sin amor nin xenreiras
 triste o corazón está!

O poema pertence á obra *Romances sans paroles* (1874) e foi composto en Londres por Verlaine en 1872. Poema moi apreciado polos homes da Xeración Nós e conservamos un manuscrito de Vicente Risco que reproduce a versión francesa, a partir do cal fixo a súa tradución **Antón Losada Diéguez**:

Choros n-a-y-alma miña
 e chuvia n-a cidá



Manuscrito de
 Risco co poema
 de Verlaine



*donde ven a morriña
 que fire n-alma miña?
 Que doce e o chover
 n-a terra e n-os tellados!
 Pr-a y-alma esmorecer
 que cántiga o chover!
 Eu non sei porque chora
 este meu curazon
 ningunha cousa o acora
 e sin ferida el chora.
 Y-este é o gran dolor
 o non saber porqué
 sin noxo nin amor
 miña alma ten door.*

O poeta noiés di que traduciu este poema, “*Pluie*”, comentando que coñece moitas versións tanto en galego como en castelán, pero que ningunha era popular. O máis sorprendente da tradución de Fabeiro quizais sexa a solución “*langor*”, para o orixinal “*langueur*”, creando un galicismo, o que tamén fixeron outros tradutores, mais non Losada que o substitúe por un acertado “*morriña*”.

Xa en 1890 **Emilia Pardo Bazán** fixera unha versión en prosa castelá, de mala calidade, do poema de Verlaine “*Parrafeo sentimental*”, do que logo hai tradución ao galego de **Correa Calderón** en 1918 e de Losada Diéguez en *A Nosa Terra* en 1920. Tamén **Lois Tobío**, en 1949, no volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, que apareceu en Buenos Aires, en colaboración con Plácido Castro e Delgado Gurriarán traduciu o mesmo texto que Fabeiro. Outros textos de Verlaine foron traducidos por Cunqueiro (“*Despedindo uns poemas*”), en 1970, ou por Xesús González Gómez que traduciu

“*Canción de outono*” en 1971. Este último fixo un repertorio das traducións do francés ao galego, no que non inclúe as feitas por Fabeiro.

Non contamos aínda cun repertorio completo das traducións feitas ao galego, aínda que nos últimos tempos aparecen moitos estudos parciais sobre a tradución en Galicia. Cremos que non se debe esquecer o labor de homes como **Manuel Fabeiro Gómez**, que contribuíu a enriquecer o repertorio galego ao poñer na nosa lingua os autores estranxeiros.

VIII. UN RIBEIRÁN TRADUCE A BIBLIA. ANTONIO DE LORENZO SÁNCHEZ

Figura moi esquecida da cultura galega é Antonio Lorenzo, nado en Ribeira en 1920 e que estivo moi vinculado ao Centro Galego de Barcelona, pois dirixiu o órgano de prensa desta colectividade, a revista *Alborada*, nos anos 50, onde publicou, co pseudónimo “*Amaro Chaín*” unha versión ao galego dos capítulos I e IV do *Cantar dos Cantares*, co título “*Dous analeitos da versión galega de A Cantiga das Cantigas*”, tradución que fixo a partir do latín e que nun caso é unha paráfrase: *Chegara de cantiga/no mareiro ventíño da alborada./Meus sensos sin fadiga/outas torres de briga/estivéranlle á espreita en debruzada*. Logo refaría esta versión de 1952 a partir do hebreo coa axuda de José María Fórneas. Non foi a tradución a súa única preocupación pola cultura galega, pois en 1956 publicou con Ramón Cabanillas o libreto *Macías o namorado*, que levou música do mestre Maiztegui. En 1951 gañou un premio no Centro Ga-



Dous analeitos do versión galega de "A Cantiga das Cantigas"

Verión literal
Cabidoo IV, da Vulgata

Verión parafrástica
Cabidoo I

O ESPOSO

¡Cán formosa ti és, ouh miña amiga!
¡Cán formosa!... Teus ollos son de pomba
Sen falla da atobada virxindade.
Unha grea de cabras teus cabelos
Rubindo ò Galaad me ben somellan.
Coma un fato de ovelas tosquindas
O safr do asperxorio son teus dentes;
Todas elas con años, nula códega.
Coma fio de pórpora os teus beizos,
Coma o mel tal a fala garimosa,
E coídáranse meidades de granadas,
A soma das vedellas, as fazulas.
Coma a torre de David, outa e condida
Suso dondos outeiros té-a gorxa:
Fendentes de ela están milenta escudos
Defesa seique todas de esforzados...
E como años xemeos que pasceran
Antre azuecas, ceives, os teus peitos...

A ESPOSA

Deica o arexo do día, deica as somas
Non seian a fuxir, vaites, amado,
Na montana da mirra recendente...
No quenlle do incenso busca achego.

O ESPOSO

Toda ti es fremosa,
¡Can fremosa!... ¡negua!... ¡En ti no qu...
Ven do Líbano, miña esposa, ven, ¡culla!
Ven do Líbano pra te coroare
Do cumo do Amaná e dos curutos
De Snir e de Hermón, pra ser raiña
Das furnas dos líos, dos montes mestos
Onde ceives acaman os leopardos.
Ferichisme o curazón, ña esposa,
Ña iramneña, o curazón ferichisme,
Con soio un ter ollar, e, ¡ai!, roubáchesmo
Frendido n'un sartal dos do teu colo.
¡Qué bós os teus amores, niña amada,
Na dona!... Mais que o viño saborosos
E mais tamén fragante que en ningueres
o de arumes arume dos teus bálsamos.
Entena distilante son teus beizos,
O mel e o leite están na túa lingua
E ben como é o cheiro do encenso
Así é o arrecendo das tuas roupas.
Horto fechado és, ¡ouh, miña amiga!
Horto pechado és, fonte aselada...
Frora do teu xardin son as maceiras
E tamén as romás e o cipro e o nardo,
O nardo o asafrán mail-a canela
I-alén do cinamomo as outras todas
Arbres do Líbano: a mirra, a i-áloe,
Asemado dos bálsamos meliores.
Fontela dos xardins, és, niña amada,
E puzo de augas vivas, das que xorran
Cristaiñas, con impeto do Líbano.
Vaite, vaite corisco, e ven galgueiro,
E deoira meu horto benamado
A espallares doado o seus arumes.

A ESPOSA

Veña ò seu horto o meu amado, veña,
E doce froito das maceiras coma.

O ESPOSO

Fun ò meu horto, ña iramneña, esposa,
Miña mirra apañel e os meus arumes,
Do meu viño bebín e do meu leite,
E comín do meu mel e o meu sangueño...
Tamén, ¡ouh, meus amigos!, vos comede
Bebede e embededádevos, carismos...

A I-ALMA

Chegara de cantiga
No marzo ventifio da alborada.
Meus sences sin fadiga
— Outas torres de briga —
Estivéranlle á espreita en debruzada.

Veu mollado de lúa
Con verbas de coitelos máis estrelas
As azas de garúa...
Ficara eu toda súa
Os roibéns nas granadas das meixelas.

O nardo que me aruma
Acogara ao meu colo antre os meus seos:
Fora o ébano pruma
Pra sua grávida escuma
Luar sóbor de min, noite sin véos...

A bágoa do abreinte
É o segredo de lus da miña achega
O misterio fremente
— Mainiña, mainiña —
... mor na sua adega.

Agora vou ferida.
Unha morte de lílios, ¡ai!, me leva
En tépeda fuxida...
Máis doce do que a vida
É iste viño de morte que me enleva.

Abábaro de fogo
Frechou no curazón mouro da ababa.
¡Ouh, namoroso xogo,
Outismo botafogo,
Que en música de sangue embedebaha!

Salgado e tolo araldo
D'un fervor de azueca entre silveira...!
No meu peito ao rescaldo
Seu bico — repinaldo —
Queimara encenso e mirra e primaveira.

Agora son caveco...
Aceso o curazón do seu degoro
Arreita no meu beco.
Olláime de él á seco
Seu nome e seu amor feito de acoro.

Perdéumo a correidoira
Na silveira froirida enguedellada.
Na súa dobaidoira
— Saudade de amadoira —
Tecéuse de namoros a xiada.

Levóuno o remuño
Nas azas de unha brétema harmonía...
Ficou a manselífo
O recendo do viño
Dos bicos da su boca en testemoía...

AMARO CHAÍN

A cantiga das
cantigas.

Amaro Chaín



lego de Madrid co ensaio *La lengua galle-
ga de Curros*, poeta de quen apreciaba a
poesía costumista, pero do que rexeitaba
a poesía cívica e progresista. Velái a súa
versión do *Cantar dos cantares*, paráfrase
do capítulo I:

A I-ALMA

*Chegara de cantiga
no mareiro ventiño da alborada.
Meus sensos sin fadiga
–outas torres de briga–
estivéranlle á espreita en debruzada.
Veu mollado de lúa
con verbas de coitelos máis estrelas
as azas de garúa...
ficara eu toda súa
os roibéns nas granadas das meixelas.
O nardo que me aruma
acougara ao meu colo entre os meus seos:
fora o ébano pruma
pra sua grávida escuma
luar sóbor de min, noite sin veos...
A bágoa do abrente
é o segredo de lus da miña achega
o misterio fremente
–mainiña, mainamente–
metéume meu amor na sua adega.
Agora vou ferida.
unha morte lilios, ¡ai!, me leva
en tépeda fuxida...
Máis doce do que a vida
É iste viño de morte que me enleva.
Abábaro de fogo
frechóu no curazón mouro da ababa.
¡Ouh, namoroso xogo,
outismo bota fogo,
que en música de sangue embebedaba!
Salgado e tolo araldo*

*dun fervor de azucea entre silveira...!
No meu peito ao rescoldo
seu bico –repinaldo–
queimara encenso e mirra e primaveira.
Agora son caveco...
Aceso o curazón do seu degoro
arreita no meu beco.
Olláime de él á seco
seu nome e seu amor feito de acoro.
Perdúmo a correidoira
na silveira frorida enguedellada.
Na súa dobadoira
–saudade de amadoira–
tecéuse de namoros a xiada.
Levóuno o remuíño
nas azas de unha brétema armonioa...
ficóu a manseliño
o recendo do viño
dos bicos da su boca en testemoia...*

Foi o galego unha das últimas linguas europeas en ter versións completas da *Biblia*, e ademais as versións que circularon de fragmentos xa dende finais do século XVIII non tiñan valor pastoral, é dicir, non eran para o uso dos fieis na liturxia, senón sinxelos exemplos en volumes que se dedicaban ao comparatismo lingüístico, aínda que xa dende o século XIX se fixeron versións dos salmos con funcións estéticas, pero tampouco pretendían o seu emprego por parte dos cristiáns. Así, de 1787 conservamos o *Pater Noster* en galego na obra *Saggio pratico delle lingue con prolegomeni, e una raccolta di orazioni dominicali in piú di trecento lingue e dialetti*, publicada polo xesuíta Lorenzo Hervás e Panduro en Cesena, tras a súa expulsión de España.



En 1861 apareceu en Londres a versión do *Evanxeo de San Mateo*, traducido por José Sánchez de Santa María a petición do lingüista Luis Luciano Bonaparte, quen debeu promocionar tamén a tradución dese mesmo evanxeo por Vicente Turnes e que permanece aínda inédito. Neste século XIX conservamos tamén a *Parábola do fillo prodigo* no volume de Magíns Pers i Ramona, *Historia de la lengua y de la literatura catalana*, impresa en Barcelona en 1857, ano no que tamén aparece a *Parábola do sementador* nun volume de Luis L. Bonaparte publicado en Londres e que permaneceu descoñecida en galego ata 1983. Habería que citar tamén neste período as traducións dos salmos feitas por Saco e Arce ou Pérez Ballesteros.

Xa na segunda metade do século XX virán as traducións da *Biblia* completa, primeiro a través da *Vulgata* latina e dende os orixinais posteriormente. Nesta versión da *Biblia* ao galego dende as linguas orixinais terá un papel destacado outro home do Barbanza, **Andrés Torres Queiruga**.

IX. UN RIANXEIRO TRADUCE A JUAN RAMÓN JIMÉNEZ

O sacerdote rianxeiro **Faustino Rey Romero** (1921 - 1971), que faleceu en Bos Aires e que é un dos poetas destacados do que Ferrín denominou *Promoción de Enlace*, autor dun notable poemario titulado *Escolanía de melros* (1959), poemario que reeditaría en Bos Aires, cidade na que se estableceu polas súas discrepancias coas autoridades relixiosas galegas, foi asemade poeta notable en español, con

obras como *El ángel descielado* (1961), ademais de crítico literario e mesmo tradutor. Como tal tradutor publicou na revista do exilio galego en México *Vieiros* o poema “*O Nome acadado dos Nomes*”, no número tres correspondente a 1965:

*Se eu, por ti, creei un mundo para ti,
deus, ti tiñas de certo que vir a el
e ti viñeches a el, a min seguro,
porque o meu mundo todo era a miña
espranza.*

*Eu acugulei a miña espranza
en língua, en nome falado, en nome
escrito;*

*a todo eu lle tiña posto nome,
e ti tomaches o posto
de toda ista nomería.*

*Agora podo eu deter xa o meu
movimento,*

*coma a chama se detén en áscoa roxa,
con relustro de ar inflamado azul,
na áscoa do meu perpetuo estar e ser;
agora eu son xa o meu mar entredado,
o mar que eu decía pro non duro,
entredado en vagas de concencia en luz
e vivas cara arriba todas, cara arriba.*

*Todos os nomes que eu puxen
ó universo que por ti me recreaba eu
estánseme trocando non e nun deus.*

*O deus que é sempre ó final,
o deus creado, e recreado e recreado
por gracia e sin esforzo.*

O Deus. O nome acadado dos nomes.

O poema, ao que lle actualizamos só a ortografía, está asinado en Madrid nese mesmo ano de 1965 e leva unha introdución previa: “*Homaxe a Xohán Ramón que, mozo, verteu ó castelán pra*



un xornal de Huelva algúns poemas galegos. Agora fala il na nosa língoa, da que tanto gostaba". É ben verdade que Juan Ramón Jiménez traduciu algúns poemas dos nosos clásicos do Rexurdimento ao castelán, que andan hoxe xa reunidos nun volume que recolle as traducións do Premio Nobel. Non era dende logo a única vez que Juan Ramón aparece en galego, pois en 1965 apareceu tamén un curioso folleto, *Platero e mais eu*, en Lugo, como calendario para 1966, onde se traducían partes deste volume da man de escritores tan prestixiosos como Ánxel Fole, Sebastián Risco, Celso Emilio Ferreiro, Xesús Alonso Montero, X.L. Méndez Ferrín, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán, A. López-Casanova, Xohana Torres, Manuel María, Carballo Calero, Ben-Cho-Shey, Antía Cal e Núñez Domínguez. Xa en 1990 Eubensei (Manuel Beiras) traduciu completo *Platero e mais eu* (Sada, O Castro), tradución que trouxo consigo algunha polémica.

Perse traducido
por Avilés


Mais Faustino Rey Romero foi tamén traducido a outras linguas, e así existe unha versión árabe do poema "A ágoa", que apareceu en Xerusalén en 1962, en versión bilingüe. A versión árabe foi feita polo franciscano sirio Rafael Khoury. Ao castelán foi traducido por Ramón González Alegre na *Antología de la poesía gallega contemporánea* (Madrid, Rialp, 1959), na que figuran os poemas "Canta, pajarito, canta" e "La rosa deshojada", acompañadas da versión galega. Ofrecemos a versión do segundo poema:

*Tus pétalos hacen un montón breve
como de alas de un ángel pequeñito
o de plumas de un muerto pajarito,
o de copos de la mansa nieve.*

*El viento fue que tu perfume bebe,
quien te arrancó del trono del ramito,
el polvo que pisa el verme del camino
el viento fue asesino alevé...
Él derrivó toda tu arquitectura,
él entregó al sol tu frescura
y él la va consumiendo con su lumbre;
pero tú, aun cadáver, das aroma
y con orgullo en tu seno prendes
la perla sin par de una luciérnaga.*

X. AVILÉS DE TARAMANCOS, TRADUTOR

O autor dos *Cantos caucanos* foi tamén quen de poñer na nosa lingua a poesía doutras latitudes. Tradutor de Valéry, foino tamén de Saint-John Perse (1887 - 1975), o poeta francés Premio Nobel de Literatura en 1960. Non a escolleu ao chou, pois ambos os dous poetas están





intimamente relacionados. En Noia, en 1991 creou Avilés a colección *Vento de fóra*, na que editou *Crónica*, a obra que Perse publicara nos sesenta. Comparten a visión cósmica, a solemnidade, o gusto polo versículo que procede xa de Rimbaud e mesmo as antíteses (“*porque teño o corazón ardendo de amar tanta frescura*”), as sinestesias (“*as ascuas rechouchían*”), o amor pola infancia (“*de ponla en ponla na nenez tan íntima*”) e o exilio (“*o folgo eivado de amar o que se perde*”), mais tamén a unión na poesía do íntimo e do colectivo, son voces da pluralidade. Son dous poetas épicos, cosmopolitas.

Saint-John Perse, premio Nobel de Literatura en 1960, publica o ano anterior a súa obra *Chronique*, onde se manifesta como un poeta de plural simboloxía, polivalente mais non ambiguo, realizando unha epopea sen heroe, buscando afastar o eu lírico e a biografía do poeta da poesía, buscando tratar o escuro polo claro e non ao revés. Unha poesía que Caillois consideraba enciclopédica, sensual e visionaria, dun surrealismo a distancia e ao mesmo tempo dunha grande forza creativa. O metro amplo, solemne, máis de poema en prosa que de verso, terá un influxo claro na poesía do noiés, que traduce así o comezo do capítulo I de *Crónica*:

“Vellez, eis-nos aquí. Frescura do serán sobre as alturas, sopro de alto mar en todas as soleiras e as nosas fronteas espidas para mais vastos circos...”

Un solpor de vermella e longa febre no que se abaten as lanzas, temos visto o ceo cara o Oeste mais roxo e cor de rosa, coa cor de rosa dos insectos dos pánta-

nos salgados: serán do grande erg e de moi grande orbe no que as primeiras elisións do día foron para nós como vágados da linguaxe.”

Para esta tradución creou na Casa da Cultura de Noia a colección *Vento de Fóra*, coa pretensión de dar a coñecer en galego a poesía universal, aínda que desgraciadamente esta iniciativa de 1991 non tivo continuidade pola morte do poeta. Era a primeira vez que se traducía unha obra completa de Perse ao galego, aínda que é certo que Cosme Barreiros, pseudónimo de Francisco Fernández del Riego, publicara a tradución dun poema, “*Cantando á que estivo aquí*” en 1982.

Non foi esta a única tradución realizada polo poeta de Noia, pois en 1985 publicou na revista *Dorna*, no número nove, a tradución de dous poemas de Jack Hill co título “*Desembarcos en Sicilia*” e “*Imprecación da moza celta ó soldado romano*”. Hill foi un poeta a quen Avilés tratou persoalmente en Noia e de aí partiu a idea de ofrecer varios dos seus poemas en galego, do que reproducimos o segundo, facendo dúas correccións que cremos foron erros de imprenta: no verso cuarto di en *Dorna* “*Mais si non es sagrado*”, que nós consideramos erro por “*Mais ti non es sagrado*”. Colocamos tamén o til na voz “*país*”, que figura “*pais*” no verso dez e suprimimos o til na voz “*ti*” que figura con el no verso dezasete.

Imprecación da moza celta ó soldado romano

A troita vermella é sagrada.

O espiño vermello é sagrado.

Sagrado é o sol vermello.

Mais ti non es sagrado.



Sagrado é o bode negro.

Sagrada é a pizarra negra.

A foca negra é sagrada.

Mais ti non es sagrado.

Forte é o río brincando.

Forte son os fillos do país de Gael.

Forte é o escarabello na raíz do carballo.

Ti non es forte.

Hai un deus no mencer sobre Sleddale.

Hai un deus no tourón.

Hai un deus no porco azul.

Ningún deus hai en ti.

Mais en ti non hai a aveleira branca.

E hai un deus no sangue e na pedra de aveleira branca.

Hai un deus no sangue da troita vermella, comida pola foca negra.

Hai un deus na semente de meu pai brincando no río.

Hai un deus no sangue da pizarra.

Mai ti non es un deus.

E branca son as follas da aveleira na neve.

Brancas son as sementes do temporal do río.

Brancos son os dentes do raposo vermello.

Brancos son os dentes da cadela de caza.

Ti non es branco.

De aquí é o salmón.

De aquí é a cadela.

O monte é de aquí.

Ti non es de aquí!

A tradución é unha versión libre do poema *The Native Girl to the Solider*, do volume de 1971 *An Eagle Each*. O outro texto, *Desembarcos en Sicilia*, tamén versión libre do poema *Landings in Sicily*,

pertence ao volume *Passport to Walk* de 1982. Ambas as dúas versións van precedidas dunha nota de H.M., sen dúbida Henrique Monteagudo, titulada "A poesía galega de Rosalía en inglés", na que explica que Jack Hill está a vivir unha tempada en Noia aproveitando un ano sabático que lle concedeu a Universidade de Essex para traducir os poemas galegos de Rosalía ao inglés, dos que ofreceu un adianto no mesmo número da revista no que figuran as traducións de Avilés.

Á súa morte deixou o poeta de Noia inédita unha boa tradución dun dos poemas máis famosos da literatura europea, *O cemiterio mariño* de Paul Valéry (1871 - 1945). Un poeta do que xa existían abundantes versións en galego, pois ese mesmo texto tivera unha tradución de Florencio Delgado Gurriarán en *Opinión Gallega* de Bos Aires en 1951, que logo se reproduciu en 1969 en *Grial*. Tamén Salvador Lorenzana, é dicir, Francisco Fernández del Riego, volveu traducir o poema en 1965 na revista *Grial* e parece que Vicente Risco, coa colaboración de José Luís López Cid, deixou inédita unha versión deste longo poema. Poema que aparecera no volume *Charmes* de 1922, con vinte e catro estrofas, que son unha meditación metafísica no cemiterio de Sète á beira do mar, fundindo reflexión sobre a morte e a inmensidade do mar, nunha poesía que André Gide consideraba que unía o absoluto rigor ao máximo valor poético, mentres que outros críticos falaban, como é o caso de Thibaudet, de fusión entre a técnica pura e a poesía. Valéry foi para moitos o derradeiro e máis valioso dos poetas neoclásicos, sempre que non se entenda neoclasicismo no senso xa arcaico de predominio rixido da



forma, pois o poeta francés negaba a división entre forma e fondo e que houbera primacía de ningún dos dous elementos. Así traduce Avilés de Taramancos a primeira estrofa deste poema:

*Teito tranquilo a onde se van as pombas,
entre os pinos latexa e entre as tombas.*

Fogos de meio-día a crepitar

o mar, o mar, por sempre renovado!

*É como un pensamento, logo
recompensado:*

na paz dos deuses o meirande ollar!

Pero Avilés de Taramancos non foi só tradutor, senón tamén un poeta traducido a distintas linguas. Emma Lázare traduciu *Le pied du marin* ao francés para a antoloxía preparada por Anxo Angueiro *La poésie galicienne de 1936 à 1990*, aparecida en Namur en 1999, mentres que Elena Zernova traduciu tres textos do noiés ao ruso para a *Antoloxía da literatura galega III. Voces nova*, aparecida en San Petesburgo en 1997. Ánxeles Penas traduciu completos *Cantos caucanos*, que apareceron en edición bilingüe galego-español na coruñesa editorial Espiral Maior, no ano 2000, na colección Auliga. Había xa outra tradución ao español do poema *Hay un país prístino*, que apareceu no *Tesoro breve de las letras hispánicas VII. Mosaico español 2. Literatura gallega*, na colección que dirixía Guillermo Díaz Plaja e que saíu en 1974, probablemente traducido por Basilio Losada ou por Salvador García Bodaño.

XI. TRES INICIATIVAS NO BARBANZA

Até o de agora falabamos de tradutores do Barbanza, mais non de tradutores no Barbanza, agás a excepción do poema alemán que Fabeiro Gómez introduciu na revista *Tapal* nos anos cincuenta. Hoxe podemos xa falar de varias iniciativas na nosa bisbarra que afectan á tradución. En primeiro lugar, a creación da editorial **Toxosoutos**, que vai publicar en Noia traducións tanto formais como funcionais. No primeiro aspecto hai que destacar a colección *Trasmontes*, onde apareceron traducións como *Os pazos de Ulloa*, da Pardo Bazán, feita por Olga Patiño en 2001; *O despertar de Kate Chopin*, feita por María Ana Valladares en 2002; *A dama das camelias*, de Alexandre Dumas fillo, realizada por Antonia Vega Prieto; *A máquina do tempo* de Wells, a cargo de Raúl Araya Tauler; *Bouvard e Pécuchet*, de Flaubert que versionou Ana María Galego Gen, así como varias obras de Rosalía ou do Marqués de Sade. Non faltan outras traducións nesta editorial e dalgunhas foi responsable Ramón Blanco Fernández, quen, por exemplo, traduciu as novelas de Fernando Lillo Redonet, *Teucro. O arquero de Troia* (2004) e *Medulio. O norte contra Roma* (2005), así como algunhas obras da colección *Keltia* como *Os celtas da antiga Gallaecia*, de Manuel Alberro.

En Rianxo celébrase anualmente o **Seminario Internacional de Tradución** dende 2000, a cargo de Antonio Domínguez Rey, no que participan expertos de diferentes procedencias, con traballos sobre tradutoloxía e que tamén promociona edicións bilingües, algunha delas tomando o galego como lingua de orixe (*Cantos*



caucanos, de Avilés, a cargo de Ánxeles Penas). Nestes seminarios cómpre lembrar as intervencións de Fabio Scotto, Jerusa Pires Ferreira, Simone Pisano, Pedro Aullón de Haro, Lowri Catrin Jones, Camino Noia, X.R. Brea Rei ou Jorge Rodríguez Padrón, entre outros moitos.

Este artigo aparece no anuario **Barbantía**, que dende a súa creación no 2005 inclúe unha sección chamada “*Aires de fóra*” e que no primeiro número incluía a tradución de **Xabier López Marqués** (Ribeira, 1959) de Francis Ponge (1899 - 1988), *Caderno do piñeiral*, obra que forma parte de *La rage de l’expresion*, de 1952. Foi unha tradución pioneira en galego, aínda que circulase algún poema solto deste poeta francés feita por Xesús González Gómez co título “*O anaco de carne*”, en 1976. Ponge comezou a ser un poeta importante en 1942 con *Le parti pris des choses* e tivo o seu primeiro tradutor no ámbito hispánico en Jorge Luis Borges, quen en 1947 traduciu dous poemas para a revista *Sur*. Sempre foi un poeta francés máis apreciado en Hispanoamérica e así hai mesmo unha tradución do *Caderno del bosque de pinos* feita por Enrique Carrión e Mirko Lauer en Lima en 1987, aínda que en España saíra tamén unha versión de Enrique Carrión en 1976.

No ano 2006, apareceron dúas traducións, a primeira a cargo de **Alberte Paganán**, natural do Carballiño e profesor en Boiro, que puxo na nosa lingua *A caída de Finnegan* de James Joyce. É a primeira vez que esta obra se traduce ao galego, aínda que Joyce e as súas versións galegas están moi presentes na nosa cultura, comezando pola pioneira versión de Ramón Otero Pedrayo, “*Ulysses. Anacos*

da soadísima novela de James Joyce, postos en galego do texto inglés”, que apareceu en 1926 na revista *Nós*. Logo virán as traducións de García-Sabell, de Vicente Araguas, de Elvira Souto ou de Alfredo Conde.

A segunda tradución foi responsabilidade de **Manuel Cartea**, profesor en Ribeira, que versionou as *Iluminacións* de Rimbaud. Cartea xa tiña publicada algunha outra tradución na nosa lingua, como é o caso da noveliña infantil *Rosmón e o mamut peludo*, de Derek Sampson (1991). Rimbaud apareceu por vez primeira entre nós da man de Vicente Risco en 1919, quen en *A Nosa Terra* puxo en galego “*Dempois do dioibo*” e logo será traducido por Lois Tobío e Xesús González Gómez, entre outros. Como mostra do labor de Manuel Cartea amosamos a terceira das *Iluminacións*:

*No bosque hai un paxaro, o seu canto
detenvos e ponvos colorados.*

Hai un reloxo que non dá as horas.

*Hai unha valgada cun niño de animais
brancos.*

*Hai unha catedral que descende e un
lago*

que sobe.

*Hai un coche cativo abandonado na mato-
gueira, ou que baixa o sendeiro a correr,
todo adobiado.*

*Hai unha compañía de cómicos disfrazados,
albiscados na estrada por entre os
lindes do bosque.*

*Hai, finalmente, cando un sente fame ou
sede, alguén que te axota.*



XII. OUTROS TRADUTORES

Fóra da nosa atención quedaron outros tradutores e tradutoras do Barbanza, mais pasaremos unha breve revista a algúns nomes: a pobrense **Ana Isabel Boullón Agrelo**, da que lembramos a tradución *Un ordenador nada ordinario*, de Michèle Kahn (Madrid, Alfaguara, 1990); **Carme García Rodríguez**, rianxeira, quen en colaboración con Ricardo Carballo Calero fixo a versión de “*O redondel*” de L. Hsing-Tao (*Grial*, nº 64, 1969); **Aurora Marco**, quen puxo en galego *Fausto*, *Margarida e Aqueloutro* de Tomás Barros (Sada, O Castro, 1993); o noiés **Ramón Mariño Paz**, responsable das traducións *Xelmírez*, *xenio do Románico* de Otero Pedrayo (Vigo, Galaxia, 1993) e *Poesías de Pero da Ponte*, de Severo Panunzio (Vigo, Galaxia, 1992); **Blanca-Ana Roig Rechou**, de Porto do Son, da que recordamos as traducións *Aquela Xulia Redfern* de Eleanor Cameron (Madrid, Alfaguara, 1990), *Cipi*, de Mario Lodi (Madrid, Alfaguara, 1992) ou *Rosalía de Castro e a súa obra literaria* de Claude H. Poullain (Vigo, Galaxia, 1989); **Andrés Torres Queiruga**, responsable da tradución dos *Evanxeos* de Mateo, Marcos e Lucas, en colaboración con Rodríguez Pampín, para a *Biblia* galega (Vigo, Sept, 1989), así como da *Carta de Paulo aos romanos*, en colaboración con Losada Castiñeiras e da primeira epístola do apóstolo Paulo aos Corintios, ademais de coordinar e revisar a edición da obra completa. É figura fundamental na introdución da lingua galega na liturxia e, xa que logo, preocupado dende moi cedo pola tradución dos textos bíblicos.

Aínda poden engadirse os nomes do noiés **Martín Veiga**, responsable do volume *Raiceiras e vento*, onde traduce poemas de Trevor Joyce, Gerry Murphy, Gregory O'Donoghue, Desmond O'Grady ou Liz O'Donoghue; **Eva Veiga Torre**, quen en colaboración con Ana Gabín Iglesias puxo en galego *A rúa e outros relatos* de Gerry Adams (A Coruña, Bahía, 2000); **Francisco Antonio Vidal**, quen publicou a versión galega da novela de Manuel Murguía *Dende o ceo* (Vigo, A Nosa Terra, 2000) e **María Dolores Millán Vidal**, que en 1998 versionou a obra de Carlos García Bayón *Guía das heráldicas da Pobra do Deán e Vila do Caramiñal*.

No ano 2006 apareceu a tradución da novela *Molloy*, de Beckett, da man de **Anxo Rei Ballesteros**. O autor irlandés ten maior presenza como dramaturgo en traducións ao galego, pois contamos con *Á espera de Godot* (2003), en versión de Francisco Pillado Mayor, que xa tivera unha anterior aparición nos *Cadernos do Espectáculo*; na revista *Grial* editouse *Imaxinación morta*, *imaxina*, en tradución de F.P.R., e varios grupos galegos representaron *Acto sen verbas* (1976), *A derradeira cinta*, en tradución de Miguel Pérez Romero, que logo se publicou en 1990 e Alberto Avendaño traduciu para *Faro de Vigo* “*Un anaco de monólogo*”. A novela, sen embargo, é a primeira deste autor que aparece na nosa lingua, manténdose fiel ao orixinal da versión francesa e non á versión que o propio Beckett publicara logo en lingua inglesa.



XIII. O GALEGO COMO LINGUA DE ORIXE

Xa fomos enumerando algunhas traducións que se fixeron a outras linguas de textos de autores do Barbanza, mais a nómína é máis ampla e non estará de máis lembrar algúns dos nosos autores traducidos, que nalgúns casos habería que dicir autotraducidos, o que indica un problema teórico aínda non ben estudado. Entre os máis antigos dos nosos escritores traducidos está **Paio Gómez Charriño**, de quen versionou algún texto ao inglés Annette Meaking en *Spanhis Galicia* (1922) e de quen apareceu versión castelá dalgúns poemas na antoloxía *Ocho siglos de poesía gallega* (Madrid, Alianza, 1972) de Carmen Martín Gaité e Andrés Ruiz Tarazona. Na mesma escolma apareceu unha tradución de “*A un capitán portugués apellidado Carballo...*”, de **Cernadas e Castro**, mentres que **Francisco Añón** non só está presente nesa antoloxía, senón tamén no *Tesoro breve de las letras hispánicas*, aínda que a tradución sexa tamén de Ruiz Tarazona, e aínda Elena Zernova puxese en ruso o seu poema “*Amor apresurado*” na *Antoloxía da literatura galega. Entre dous silencios* (San Petesburgo, 1996). Moitas son as traducións a outras linguas de fragmentos de obras de **Castelao**, con versións mesmo en chinés dalgún dos seus álbumes, pero por citar algunhas cómpre lembrar *Les croix de pierre en Bretagne* (Brest, 1987), que xa tivo unha edición de 1967 en versión de Yvan Cousquer; *Los dos de siempre*, que apareceu en 1937 con pé de imprenta en Valencia, pero que en realidade foi editada en Montevideo en tradución de Arturo Carril; *Cincuenta hombres por dos pesos* (Buenos Aires, Emecé, 1940); *Cuatro*

(Madrid, Cátedra, 1982), tradución de Alonso Montero; a versión ao esperanto *Viveroj*, de Fernando de Diego en 1983; a *Antología literaria bilingüe* (Madrid, Taurus, 1983), responsabilidade de Carballo Calero; *Things* (Aberystwyth, Wales, 2001), en tradución de Kirsty Hooper, Isabel Mancebo, Craig Patterson e Manuel Puga. O crego boirense **Celestino García Romero** foi posto en italiano, “*Inno alla Galizia*” por Guido Battelli, aínda que fose só para circular en Galicia, pois apareceu na revista *Nós* en 1931. **Manuel Antonio** conta tamén xa con moitas traducións aparecidas en antoloxías, mais hai que citar a versión inglesa que John Hoover Burns fixo no ano 2000 para *Puckerbush Review*, de Orono, Spring, nos Estados Unidos co título “*From Four to Four*”, que logo apareceu nun volume en 2001 acompañado da versión de *Máis alá!*, sen esquecer os textos postos en ruso por Elena Zernova e as traducións ao castelán que do rianxeiro fixeron César Antonio Molina, Dieste, González Alegre, González Garcés e outros, así como a versión catalá do poema “*Sols*”, feita por Tomàs Garcés en *Deu poemes gallecs* (1954). Tamén **María Mariño** foi versionada en francés por Emma Lázare, en alemán por Marga Romero, en ruso por Elena Zernova e en inglés por K.N. March, mentres que en castelán foi versionada por César A. Molina ou Miguel González Garcés. **Carlos Mosteiro** ten xa algunhas das súas obras traducidas ao castelán, ao catalán, ao bable, ao aragonés e ao éuscaro, mentres que **Antón Riveiro Coello** viu en portugués, da man de Dina Almeida, *As rolas de Bakunine* (2006) e **Ana Romaní** foi versionada en inglés por John Burns. Moi traducido a outras linguas está o teólogo de Ribeira **Andrés Torres Queiruga**, do



que circulan versións castelás, portuguesas, alemás e italianas. Ata unha figura do século XVII como **Martín Torrado** foi posto en castelán por Martín Gaité e Ruiz Tarazona.



BIBLIOGRAFÍA

I. INTRODUCCIÓN

CERVANTES, Miguel de: *Don Quijote de la Mancha*, Madrid, Anaya, 2ª ed, 2000. Ed. de Ángel Basanta.

CHESTERTON, Gilbert K.: *William Blake*, Sevilla, Espuela de Plata, 2007. Traducción de Victoria León.

CIRLOT, Juan Eduardo: *Diccionario de símbolos*, Madrid, Siruela, 2ª ed., 1997.

ZWEIG, Stefan: "La torre de Babel", en *El legado de Europa*, Barcelona, Acantilado, 2004, pp. 293-298. Traducción de Claudio Gancho.

II. DOUS ESTUDOSOS DAS TRADUCCÍONS MEDIEVAIS

DASILVA, X.M.: "*Panorama da traducción literaria*", *Galicia*, T. XXXIV, A Coruña, Hércules, 2000, pp. 340-353.

NOIA CAMPOS, María Camino: "*Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea*", *Viceversa*, nº 1, (1995), pp. 13-62.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X.P.: *Escritores da Barbanza*, A Pobra do Caramiñal, Concello, 1999.

VIDÁN TORREIRA, M.: "*General Estoria, versión gallega del siglo XIV*", *Grial*, nº 4, (1964), pp. 265-266.

III. HORACIO EN RIANXO (E EN BRUXELAS)

ALONSO MONTERO, Xesús: "*Horacio en galego: catro epodos descoñecidos de 1910*", *Grial*, nº 116, (1992), pp. 530-539.

ALONSO MONTERO, Xesús: "*Dous imitadores do 'Beatus Ille' de Horacio nos anos da II República: Xosé Crecente Vega (1933) e Álvaro de las Casas (1935). Unha análise gramsciana*", en *Os escritores galegos ante a guerra civil española 1936-1939. Textos e actitudes*, Vigo, Galaxia, Memoria 14, 2006, pp. 77-92.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Escritores da Barbanza*, A Pobra do Caramiñal, Concello da Pobra do Caramiñal, 1999, pp. 52-54.

IV. UN TRADUTOR DO SON NAS IRMANDADES DA FALA

ALONSO MONTERO, X.: *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*, Sada, O Castro, 1981, pp. 338 – 340.

GIANNESI, F.: "*Grossi, Tommaso*", *Diccionario de autores de todos los tiempos y de todos los países*, Barcelona, Hora, 4ª ed., t. II, 1992.

IGLESIAS ROURA, José: "*Orientación*", *A Nosa Terra*, nº 1, 14 – 11 – 1916, p. 4.

LOSADA DIÉGUEZ, A.: *Traduccions poéticas*, Pontevedra, Bibliófilos Gallegos, 1999. Ed. e estudo de Cristina Marchisio.

MUSSET, A. de: "*A Malibrán*", *A Nosa Terra*, nº 165, 15 – 06 – 1922. Trad. de F. Vaamonde.



NOIA, C.: “Tradución”, *Gran Enciclopedia Galega*, Lugo, El Progreso / Diario de Pontevedra, 2003, t. 42, pp. 118 – 123.

REAL PÉREZ, B.: “A traducción e os textos traducidos ó galego no período 1907 – 1936”, *Viceversa*, nº 6, (2000), pp. 9 – 36.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, X.P.: “Un poeta de Porto do Son: Iglesias Roura”, *Alameda*, nº 18, marzo 2005, pp. 35 – 38.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: “Un tradutor do Son nas Irmandades da Fala”, *Alameda*, nº 27, xuño 2007, pp. 34 – 42.

WEYDT, G.: “Storm, Hans Theodor”, en *Diccionario de autores de todos los tiempos y de todos los países*, Barcelona, Hora, 4ª ed., t. V, 1992.

V. CASTELAO TRADUTOR NA BRETAÑA

CASTELAO: “*Sant’Iago na Bretaña*”, *Nós*, III, nº 67, 25-07-1929, pp. 115-121.

DASILVA, X.M.: “*Creación autóctona e literatura traducida en Castelao*”, *Congreso Castelao*, Santiago, Xunta de Galicia, 2001, pp. 75-102.

DASILVA, X.M.: *Babel entre nós. Escolma de textos sobre a traducción en Galicia*, Vigo, Universidade de Vigo, 2003.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: “*A viaxe a Bretaña de Castelao*”, *Galicia en Madrid*, nº 18, (1986), pp. 9-10.

VI. UN TRADUTOR DE RIANXO NO EXILIO. RAFAEL DIESTE

AXEITOS, X.L.: “*Cronoloxía e bibliografía*”, en VV.AA.: *Rafael Dieste, un creador total*, Vigo, Galaxia, 1995.

FREIXEIRO MATO, X.R.: *Rafael Dieste. Vida, personalidade e obra*, Santiago, Laiovento, 1995.

VII. UN TRADUTOR NOIÉS NA POSGUERRA. MANUEL FABEIRO GÓMEZ

ALONSO GIRGADO, L. (Dir.): *Plumas e letras en La Noche (1946 – 1949)*, Santiago, Xunta de Galicia, 1996.

CASTRO RODRÍGUEZ, X.: “*Tres poetas de Noia ancorados á patria*”, en V.V.A.A.: *Noia. Ribeiras de mar enxoiro*, Noia, Sociedade Liceo, 2003.

FABEIRO GÓMEZ, M.: “*O Iobicán*”, *Tapal*, Noia, nº 8, agosto, 1954. Traducción de Franz Werfel.

_____ : “*Poesía allea verquida o galego*”, *Vieiros*, México D.F., nº 4, (1968).

GONZÁLEZ GÓMEZ, X.: “*Franza nos nosos escritores*”, *Grial*, nº 99, (1988), pp. 102 – 111.

HERNÁNDEZ, José: *Martín Fierro. El gaucho Martín Fierro. La vuelta de Martín Fierro*, Buenos Aires, Peuser, 2ª Ed., 1964. Edición crítica de Ángel J. Battistessa.

_____ : *Martín Fierro*, Santiago, Xunta de Galicia, 2003. Trad. de Bernardino Souto e prólogo de Luís Martín Tobío.

LOSADA DIÉGUEZ, A.: *Traduccions poéticas*, Pontevedra, Bibliófilos Gallegos, 1999. Edición e estudo de Cristina Marchisio.



NERVO, A.: *Primavera y flor de su lírica*. Madrid, Aguilar, 1971. Prólogo e selección de Alfonso Méndez Plancarte.

NOIA, C.: “*Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea*”, *Viceversa*, nº 1, (1995), pp. 13 – 62.

PITA, F.: “*Frente a Irlanda*”, *A Nosa Terra*, nº 141, 31 – 05 – 1921. Trad. de Amado Nervo.

REAL PÉREZ, B.: “*A traducción e os textos traducidos ó galego no período 1907 – 1936*”, *Viceversa*, nº 6, (2001), pp. 9 – 36.

RISCO, V.: “*Rabindranath Tagore i-o nazionalismo indio*”, *A Nosa Terra*, nº 123, 15 – 07 – 1920, pp. 3 – 5.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: “*Manuel Fabeiro Gómez, tradutor*”, *Alameda*, nº 24, setembro 2006, pp. 48 – 47.

SANTORO DE MEMBIELA, J.: “*Recepción alemana e identidade literaria galega: o papel das traduccions*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1999*, Vigo, Galaxia, 2001, pp. 149 – 162.

VIII. UN RIBEIRÁN TRADUCE A BIBLIA. ANTONIO DE LORENZO SÁNCHEZ

ALONSO MONTERO, J.: “*El príncipe Luis Luciano Bonaparte en la lingüística gallega*”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, VII, 57-58, (1962), pp. 124-128.

ALONSO MONTERO, J.: “*Dos versiones gallegas del Padrenuestro en el siglo XVIII*”, *Compostellanum*, (1965).

ALONSO MONTERO, X.: “*A literatura relixiosa en galego*”, en ALVILARES MOURE, J.: *O clero i-o uso do idioma galego*, Lugo, Anteo, 1965, pp. 27-35.

ALONSO MONTERO, X.: “*A comparanza do fillo pródigo. Primeira traducción dun texto bíblico (1857)*”, *El Ideal Gallego*, 18-05-1974.

RODRÍGUEZ, Pastor: “*Antonio Lorenzo Sánchez. Un tradutor de Ribeira*”, *La Voz de Galicia*, “*A Voz de Barbantia*”, nº 27, 28-09-2007.

VILAVEDRA, Dolores, coord.: *Diccionario da Literatura Galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

IX. UN RIANXEIRO TRADUCE A JUAN RAMÓN JIMÉNEZ

AGUIRRE, A.M.: “*Rosalía en Juan Ramón*”, *Grial*, nº 97, (1987), pp. 263-271.

AMENEDO, Cristina: “*Platero traducido*”, *El Correo Gallego*, 10-05-1998, p. 4.

ALONSO MONTERO, Xesús: “*Literatura galega en lingua árabe*”, *La Voz de Galicia*, Culturas 190, 09-12-2006, p. 13.

ALONSO MONTERO, Xesús: “*Do Nadal: homenaxe a unha empresa de cartóns*”, *La Voz de Galicia*, Culturas 193, 06-01-2007, p. 13.

GONZÁLEZ ALEGRE, Ramón: *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid, Rialp, Adonais CLXI-CLXII, 1959.

PIÑEIRO, Ramón: “*Platero e mais eu*”, *Grial*, nº 11, (1966), p. 125.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Escritores da Barbantia*, A Pobra do Caramiñal, Concello da Pobra do Caramiñal, 1999, pp. 141-142.



VÁZQUEZ, Pura: "O Platero en galego de Eubensey", *O Correo Galego*, 20-12-1998, p. XVII.

X. AVILÉS DE TARAMANCOS, TRADUTOR

BARREIROS, Cosme: "Cantando á que estivo aquí", *Grial*, nº 75, (1982), pp. 89-90.

RODRÍGUEZ, Pastor: "Antón Avilés de Taramancos. O poeta noiés tradutor e traducido", *La Voz de Galicia*, "A Voz de Barbantia", nº 19, 24-11-2006.

SAINT-JOHN PERSE: *Chronique/Crónica*, Noia, Casa da Cultura, Vento de Fóra, 1991.

VALÉRY, Paul: *O cemiterio mariño*, A Coruña, Espiral Maior, A Illa Verde, 12, 1994. Trad. de Antón Avilés de Taramancos.

VELÁZQUEZ EZQUERRA, José I.: "La poesía", en "Siglo XX", in Javier del PRADO, coord.: *Historia de la literatura francesa*, Madrid, Cátedra, 1994.

XI. TRES INICIATIVAS NO BARBANZA

ARÉN, Román: "Rimbaud entre nós", *Barbantia*, nº 2, (2006), pp. 254-255.

ARÉN, Román: "Joyce en Galicia", *Barbantia*, nº 2, (2006), pp. 214-216.

DOURADO DEIRA, Manuel: "A traducción como diálogo entre culturas", *O Correo Galego*, 18-12-1999, p. 2.

FERNÁN VELLO, M.A.: "Rianxo, capital da traducción", *O Correo Galego*, 16-12-1999, p. 3.

GONZÁLEZ GÓMEZ, X.: "O anaco de carne", *El Progreso*, Lugo, 25-07-1976.

VILLAR JANEIRO, Helena: "Poesía na Arousa", *El Correo Gallego*, 10-12-1999, p. 3.

XII. OUTROS TRADUTORES

ARÉN, Román: "A elexía da perda", *La Voz de Galicia*, A Voz de Barbantia, febreiro, 2007.

BECKETT, Samuel: *Molloy*, Vigo, Galaxia, Clásicos Universais 12, 2006. Trad. de Anxo. A. Rei Ballesteros.

FERRO RUIBAL, Xesús: "Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego", *Viceversa*, nº 5, (1999), pp. 11-39.

FILGUEIRA VALVERDE, X.: "A nova versión da Biblia en galego", *El Correo Gallego*, 01-07-1989.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: "¿El gallego en la liturgia?", *Faro de Vigo*, 04-09-1964.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: "Biblia. Significado de su traducción al gallego", *Gran Enciclopedia Gallega*, T. 3, p. 247.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: "Galego na liturxia", *Galicia. Almanaque 1950-1975*, Vigo, Galaxia, 1974, pp. 120-121.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: "A traducción da Biblia ao galego", *Grial*, nº 44, (1974), pp. 233-237.



XIII. O GALEGO COMO LINGUA DE ORIXE

CASTRO, Xavier: “*Unha obra de Castelao traducida ao francés*”, *Grial*, nº 101, (1989), pp. 128-129.

COUSQUER, Y.: “*Un galicien en Bretagne*”, *Cahiers de Bretagne Occidentale*, nº 6, pp. 63-74.

DASILVA, X.M.: “*Creación autóctona e literatura traducida en Castelao*”, *Congreso sobre Castelao*, Santiago, Xunta de Galicia, 2001, pp. 75-102.

DUNNE, Jonathan: “*En quixen traducir un galego: a translación de Castelao ao inglés*”, *Congreso sobre Castelao*, Santiago, Xunta de Galicia, 2001, pp. 53-62.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA, Celestino: “*Castelao nunha escolma de humor negro*”, *Grial*, nº 47, (1975), pp. 113-114.

IZAGUIRRE, Koldo: “*Os vellos non deben de namorarse, inda que sean de Tolosa*”, *Senez*, nº 2, (1985), pp. 83-89.

NEIRA VILAS, X.: “*Xornalista e mariñeiro deserto*”, (sobre o tradutor de Castelao, Martínez Quelle), *Crónicas galegas de América. Rolda segunda*, Sada, O Castro, 2000.

NEIRA VILAS, X.: “*Castelao en México*”, *El Correo Gallego*, 22-10-2006, p. 2.

PATTERSON, Craig: “*Traducir Castelao ó inglés: desafíos de difusión e recepción no mundo anglófono*”, *A Trabe de Ouro*, nº 69, (2007), pp. 57-71.

S.S.: “*Castelao nunha antoloxía do humor negro*”, *Grial*, nº 18, (1967), p. 514.

S.S.: “*Presentación oficial da versión catalana de Retrincos*”, *Grial*, nº 99, (1988), pp. 124-125.

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “*James Joyce e a Xeración Nós*”, *Grial*, nº 101, (1989), pp. 29-46.

GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “*Cara a unha teoría da traducción para sistemas literarios marxinais. A situación galega*”, *Viceversa*, nº 1, (1995), pp. 63-72.

NOIA, Camiño: “*El ámbito de la cultura gallega*”, en LAFARGA, Francisco e Luis PEGENAUTE, eds.: *Historia de la traducción en España*, Salamanca, Ambos Mundos, 2004, pp. 721-790.

ESPECIAL
MARÍA MARIÑO

A VIDA

*M*aría Mariño
Biografía
Xerardo AgraFoxo



María Mariño naceu hai cen anos, o 8 de xuño de 1907, nunha humilde casa da Rúa Cega de Noia. Ao día seguinte bautizárona na igrexa parroquial de San Martiño. Os seus pais eran o zapateiro Xosé Mariño Pais e a costureira do arrabalde do Couto Filomena Carou Lado. Antes naceran seus irmáns Concha (1898), Emilio (1901) e Cándido (1902). Despois vería a luz Asunción (1908). Debido ás dificultades polas que atravesaba o seu fogar, axiña deixaron a escola e comezaron a traballar: Emilio como mecánico, Cándido como carpinteiro e as rapazas como costureiras. Algúns pensan que María Mariño se chamaba “A Fiscala” porque traballara na casa dun fiscal, pero o nome obedecía a que o seu pai fora fiscal de paz no xulgado municipal.



A súa infancia e mocidade na vila de Noia correspóndese coas manifestacións

de 1910, que provocaron dúas mortes e quince feridos pola represión exercida pola Garda Civil, e o azoute de “gripe española” do ano 1918 que levou ata o cemiterio de Santa María A Nova a 70 veciños.

Talvez por estes tráxicos acontecementos e as penalidades económicas da súa casa sempre a retrataron como un ser fráxil e vulnerable, unha moza solitaria, sentimental e triste. Unha rapaza de cabelo negro e ollos expresivos que se sentía mellor soa que coa xente. Mesmo dicían que era unha muller con certo complexo porque tivera unhas aspiracións e ansias de cultura que non se correspondían coas das súas amigas do casco histórico. Un lugar onde sempre se sentiu incómoda porque as súas inquietudes eran alleas ao tempo que tivera que aturar nesta vila ancorada ao redor dunha muralla medieval.

A imaxe máis reproducida da escritora noíesa

Despois de pasar os primeiros vinte anos en Noia, trasladouse coa súa familia ata Escarabote. Preto deste peirao atopábase o Pazo das Torres de Goiáns onde vivía a súa tía Consuelo Carou e o seu home Vicente Martínez Martínez. Casaran o ano 1910 e herdarían a nobre mansión, onde traballaran como criados, porque os seus propietarios, o Xeneral da Armada Joaquín Barrière Pérez e a súa muller dona María Caamaño García, non tiveran descendencia. Aproveitando esta circunstancia seu pai montou unha pequena zapatería no lugar.

Mentres viviu en Escarabote cos seus pais e a súa irmá Asunción, acudía con frecuencia ata o pazo situado á beira dun río. Visitaba os seus tíos, charlaba cos



primos, participaba nas tarefas da recolección da froita e pasaba moitas horas lendo os libros que se gardaban na biblioteca. Estas foron as primeiras lecturas que realizou despois de abandonar a escola para dedicarse a traballar de costureira. Nas Torres de Goiáns coñecía como Maruja “La Prima”, talvez debido ao agarimo que lle dedicaron sempre os cinco fillos da tía Consuelo.

A carón do novo fogar e as prolongadas estadias nesta inmensa propiedade, vinculada cos personaxes máis ilustres da nobreza galega, deixou atrás os días amargos do seu berce noiés para converterse nunha moza alegre e faladora. De todos os xeitos, aínda que procurou comportarse como unha persoa educada e humilde, os veciños sempre consideraron que era unha moza rara porque, naquel peirao onde as mulleres vestían de negro e mariscaban nas praias da ría, ela xa pintaba os ollos e arranxábase moito.

Villabeitia, que coñecera no Pazo das Torres de Goiáns mentres realizaba o servizo militar. Tiñan catro fillos: Mercedes, Juan Antonio, Teresa e Soledad.

Cando o exército franquista comezou a ofensiva do Norte, para apoderarse das minas de ferro vascas, contemplou arripiada os combates máis encarnizados da guerra. Atopábase en Berango cando se produciu o trágico bombardeo da Lexión Cóndor en Gernika e o ataque das “Furchas Negras” italianas contra Bilbao. Pasouno moi mal durante aqueles días por culpa dos continuos bombardeos dos avións que cuspián lume preto das trincheiras que se ergueran a carón da casa. As horas nos refuxios dos trinitarios foron eternas.

Cando rematou a ofensiva traballou de costureira nalgunha casa de Berango. Aproveitaba esta tarefa para facer vestidos para ela. Sempre andaba moi arranxada. Quizais por este motivo tivo varios pretendentes, pero naquela época non quería comprometerse con ninguén. Prefería andar ao seu aire, aínda que a súa irmá e as súas sobriñas a criticasen. Dicían que era moi altiva porque non lle facía caso a un comerciante que a roldaba a todas horas. Tamén a criticaron porque apenas lles escribiría cartas. Valéronse da expresión dunha amiga para rexeitar a súa conduta: “Maruja se llevó el cariño en el bolsillo”.

Pero apoiaron o seu proceder cando, nunha vila controlada polos milicianos vascos, escondeu debaixo dun colchón a bandeira e o cáliz dunha amiga facha. Tamén a axudaron cando, para evitar que algún mozo fose recrutado para a guerra,

María Mariño e a súa amiga Carmen Orrilla en Berango. Ano 1936



A Guerra Civil sorprendeuna en Berango, unha pequena localidade situada na periferia de Bilbao onde vivía a súa irmá Concha. Casara no ano 1919, na igrexa de San Martiño de Noia, cun mariñeiro de Sopelana, Juan Barrenechea



chegou a acubillalos nunha casa abandonada. Arriscouse porque aquela contenda estaba a converter as trincheiras nun cemiterio.

Cando aínda non rematara a Guerra Civil regresou a Escarabote. Marchara para Euscadi coa soa compañía dunha pequena maleta e regresou coa cabeza ateigada de pesadumes. Da experiencia daqueles días escribiu un libro que aínda non saíu á luz: *Los años pobres. Memoria de guerra y posguerra*. Montou un pequeno parvulario, a onde acudían os máis cativos do lugar, e vivía preto dos seus pais. Non deixaba de visitar o Pazo das Torres de Goiáns e os parentes que deixara no arrabalde do Couto de Noia.

Foi durante esta época cando coñeceu o mestre da escola de nenos de Escarabote. Roberto Pose Carballido nacera en Santiago no ano 1915. Era oito anos máis novo. Tocaba o clarinete na Banda Municipal de Santiago e durante a guerra fora mobilizado. Logo dunha curta estadia na Plana Maior do Rexemento de Asturias volveu a Santiago porque unha lei dicía que os pais que tivesen tres fillos na fronte podían liberar a un. Regresou de Oviedo coa enfermidade auditiva, que padecera dende a súa infancia no arrabalde de San Lourenzo, agravada.

Roberto era un home triste, pero unha persoa amable e educada. Malia que ela nunca tivera moitas amizades, porque gozaba dos paseos solitarios, seduciuna o acougo que se respiraba ao seu carón. Casaron dous meses despois de rematar a guerra na igrexa de Santiago de Lampón. Apenas asistiron invitados á voda. Despois dunha curta lúa de mel en

Santiago, regresaron a Escarabote onde vivirían os seguintes anos.

Pero a voda deixaría na súa biografía unha mancha que nunca conseguiu borrar. Cando só lle faltaba unha semana para cumprir trinta e dous anos, no Rexistro Municipal de Boiro fixo constar que tiña vinte e seis. Ante o crego da igrexa parroquial de Lampón soamente se quitou dous anos. Mergullada nunha sociedade onde se postulaba a superioridade do home con respecto da muller dentro da parella, viuse na necesidade de cambiar a data do seu nacemento. Unha actitude que levou a moitas persoas a cualificala como unha muller vaidosa.

Catro anos despois da voda celebrada na igrexa de Lampón, partiu co seu home para unha escola rural situada no concello de Arzúa. Estiveron no lugar de Currás, parroquia de Igrexa-Dodro, durante dous cursos. Vivían na mesma casa onde estaba situada a escola, e viaxaban de vez en cando ata Santiago para ver a familia de Roberto.



Roberto Pose e María Mariño permaneceron durante o curso escolar 1945-1946 en Elantxobe, un espectacular porto da costa vasca

No ano 1945 Roberto Pose foi destinado a unha escola da vila biscaíña de Elantxobe, un pequeno peirao da costa cantábrica erguido sobre unha ladeira que



morría a carón do mar. Como o lugar era moi pequeno e aburrido, durante as fins de semana viaxaban ata Algorta, onde vivía a súa irmá Concha coa súa familia. Foi durante unha daquelas visitas cando fixo a capa de veludo negro que aparece na súa fotografía máis recoñecida. Talvez polo coidado que gardaba coa roupa, as súas sobriñas sempre afirmarían que era unha persoa moi presumida. Unha apreciación que se acentuou cando un día lles confesou que lle mentira ao crego de Boiro con respecto á súa verdadeira idade.

Esta é a única imaxe que se conserva do fillo de María Mariño. San Finx, 1946

As súas sobriñas querían moito. Pero cando ao ano seguinte, no 1946, regresou co seu home para Galicia soamente volveu a ver a maior: Mercedes. Foi o seu home, Fausto Pasozábal, quen tirou a única instantánea que se conserva do seu fillo. Soamente nalgunhas ocasións lles escribía algunha carta, pero sabían da súa vida no Courel a través das confidencias que ela mantiña cunha amiga de Algorta que se chamaba Carmen Ornilla. Ela foi a depositaria das confesións máis íntimas.

Regresaron de Euscadi levando no seu corpo o alento dunha nova vida. Despois de sete anos de matrimonio estaba embarazada. Entón, logo dunhas breves estadias na Coruña, Santiago e Noia, dirixiron os seus pasos ata as minas de volframio de San Finx, onde traballaba como mecánico seu irmán Emilio que andaba cos falanxistas de Boiro e gustaba que lle chamasen “O Fiscal”. Dícialle a todos que era fillo do fiscal de Noia. Con el estaba súa nai Filomena dende que quedara viúva. Vivían nas Casas Baratas

que construíran os propietarios das explotacións para os obreiros.

Aproveitando que había no val un médico moi recoñecido, quedaron alí ata o intre do parto. O seu fillo naceu o 6 de setembro do ano 1946. Puxéronlle o nome de Roberto José. Foron os días máis felices da súa vida naquel lugar situado preto de Noia. Mesmo recibiron varias visitas de familiares, e Fausto tirou a foto que inmortalizou para sempre o seu neno.



Pero o neno comezou a poñerse mal de repente. Morreu o 10 de outubro daquel mesmo ano. Soamente viviu 34 días. As Casas Baratas quedaron sumidas nun profundo silencio. Nunca soubo cal foi a causa que provocou aquela traxedia que a deixou eivada. Talvez o seu neno morreu por culpa dun mal biberón. Déronlle auga ou leite en mal estado, e comezou a

poñerse mal. Non se recuperou. A escritora nunca superou a dor que a asolagou durante aqueles días. Sempre lembraría aquel acontecemento como un episodio definitivo. Días despois de soterrar o seu neno, partía co seu home rumbo a outro destino. Unha aldea perdida de Galicia, un lugar incerto para recuperarse das súas doenzas.

Despois dos sufrimentos padecidos nas Casas Baratas, chegaron a un val enclavado entre os cumes dunha serra que dende un principio intuiron estraña. Aquel illamento fixo que medrase a súa crise nerviosa. Vivían reclusos nun espazo alleo aos seus ollos. Cando o curso escolar latexaba os seus últimos alentos e os días comezaban a medrar, dous acontecementos acentuaron as súas penalidades. Nun curto espazo morreu seu irmán Emilio en San Finx, cando só contaba con corenta e dous anos, e a súa nai, nesta aldea de nome inesquecible.

Malia as palabras de acougo do seu home e o agarimo que lle proporcionaban os veciños, sempre pendentes dos seus pasos polas corredoiras, apenas saía da casa. Nin sequera abría as fiestras para contemplar a paraxe atravesada por un regato fraco. Soamente baixaba ata Seoane para acudir á consulta que abrira neste lugar o doutor Xosé Baltar. Era el quen lle trataba a depresión nerviosa que sufría dende que perdera de maneira inexplicable o seu fillo. Sería este amable médico quen lle recomendou a Roberto que deixaran Romeor para solicitar no seguinte curso a escola que quedaría vacante na aldea de Parada.



Cando nos derradeiros días do verán de 1947 chegaron a Parada do Courel non podían intuír as sorpresas que lles depararía aquel lugar. Algunhas serían reconfortantes, outras trágicas. Aquí viviría os momentos máis felices da súa vida, pero nun cuarto da casa escola tamén alentaría os derradeiros salaios. Chegou tan afectada, que semellaba difícil consolala. Con todo, grazas á protección que lle prestaron os seus veciños, conseguiu recuperarse.

Pasaba as horas paliando, axudándolle ao seu home nas tarefas da escola e lendo algúns libros. Cando os días do inverno eran máis duros refuxiábase na casa dos veciños. Ás veces recibía a visita da súa irmá Asunción e os seus fillos, que lle alegraban a vida sempre monótona naquela aldea afastada.



Casa-escola de Parada, onde viviron María Mariño e Roberto Pose Carballido dende que chegaron ao Courel no ano 1947

Na aldea de Romeor de Courel morreu Filomena Carou Lado, nai da escritora noíesa, o 29 de marzo do ano 1947



O destino fixo que a carón da escola vivise o poeta máis recoñecido desta terra: Uxío Novoneyra. El viu con outros ollos. Non reparou na persoa de saúde delicada nin na dona do mestre que falaba en castelán. Coido que a viu como unha muller que alentaba nos seus miolos uns versos que soamente necesitaban dunha man delicada para que saísen á luz. Uxío conseguiu abrollar os poemas que latexaban no seu corazón dende que era unha moza que paseaba solitaria polas rúas máis reforcidas do recinto histórico de Noia.

salía de Castro e fixo fortuna a expresión de Uxío cando afirmou que era unha “dinamiteira da fala”.

Neste tempo, mentres permanecía illada na aldea de Parada, comezou a gabear pola súa cabeza a idea de marchar daquelas terras tan distantes das paisaxes que viran os seus ollos na mocidade. Durante as vacacións alugaban unha casa na Coruña, sempre preto do mar, e tamén viaxaban ata Madrid para visitar a súa irmá Asunción e os seus fillos.

María Mariño e Roberto Pose Carballido paseando polos Cantóns de A Coruña

Á sombra duns castiñeiros escribiu os primeiros versos da súa vida. Preto dunha fonte agromaron dos seus beizos as confesións máis delicadas. A frondosidade do val proporcionoulles a intimidade que necesitaban para illalos da vida rixida daquela aldea ancorada no tempo. Grazas á xenerosidade de Uxío conseguiu satisfacer os seus soños máis ambiciosos.



María Mariño e o seu home cun grupo de amigos no Courel



Dezasete anos despois de chegar abatida ao Courel, conseguiu publicar os seus primeiros poemas. Este libro serviu tamén para ceibala dos sentimentos que a agriñoaran durante tanto tempo. Don Ramón Otero Pedrayo fíxolle un fermoso limiar e os críticos déronlle unha acollida favorable. Mesmo a compararon con Ro-

Fuxir da aldea de Parada converteuse nun pesadelo. A xente comezou a murmurar sobre a súa relación con Novoneyra. Dician que se miraban como dous namorados e que desaparecían da aldea para vérense a carón duns carballos que había á beira do río. Cando o seu home comezou a desconfiar, a vida naquel lugar virou nun



inferno. Ela tampouco axudou a clarificar aquel nobelo sentimental porque sempre respondía co silencio ás interrogantes.

Os 70 poemas de *Palabra no tempo* convertéronse nun acontecemento dentro do panorama literario galego. Na primeira parte, integrada por 35, María Mariño fala da nostalxia da súa nenez (“rapaza para a fiada, correndo co ollar da lúa”), a presenza da nai (“Atopeiche miña nai”), o vértice da morte (“E por ningún esquecida”), os momentos vitalistas da súa existencia (“Días e días tecín na tea do meu tear”) e o afastamento de Noia con motivo do seu traslado a Romeor e Parada (“E logo, pasando a Ponte, camiño da Pedra Chan”).



Nos 29 poemas que aparecen na segunda parte establece un diálogo constante coa natureza (“Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeada”), realiza alusións á aniquilación individual da escritora que chega a confundirse co

cosmos identificado co tempo metafísico da existencia (“Sinto todo este mundo, sin podelo separar”), observa como a paisaxe exterior conduce á paisaxe interiorizada (“No silencio está o mundo que peito sinte del”), procura un coñecemento sobre a realidade do mundo e sobre si mesma (“¿sodes vós a miña vela ou de ti soia unha cruz?”) e constrúe fermosas reflexións sobre o paso do tempo (“onte os días, as noites iban facendo os meus anos”), a inqueda dos temores individuais (“Ando polo camiño que non vexo o seu sendeiro”) e as angustias e loitas espirituais (“Vivo no preto quedo / dun lonxano latexar”).

Polas solucións estéticas e as propostas temáticas que se amosaban nos versos, radicais e trementes, os círculos intelectuais encadrárona dentro da Xeración do 36. Dende que partira de Noia nunca os seus soños agoiraran esta realidade. Tamén conseguiu escribir uns poemas que titularía *Más allá del tiempo*.

Coa morte xa espreitando as súas pegadas, escribiría os 33 poemas que compoñerían *Verba que comenza* (1990), onde agroma cunha arrepiante claridade, ademais das súas crises emocionais, a angustia existencial na que a mergullaba a terrible enfermidade, a impotencia ante o curso das derradeiras horas (“aquí che deixo neste branco papel trillado, neste / percurro das horas”) e a inexorabilidade da morte (“¿Quen manda na hora de hoxe?”) que a levará á terra (“baixo a terra que a presada nos vai decindo / nos di: Había que chegar”). O libro contén tamén continuas referencias ao mar: “Nacín en pleamar lume gris e branco; De lonxe vin rubir o mar; e rebélanse as ondas ós mares”.

María Mariño e a súa sobriña Teresa García Mariño durante unha estada da escritora en Madrid



Alumnas de Roberto Pose Carballido diante do cadaleito de María Mariño na igrexa de Seoane

María Mariño faleceu de leucemia o 19 de maio de 1967. Ao día seguinte foi enterrada no cemiterio de Seoane de Courel. As imaxes que se tiraron daquela lutuosa xornada amosan a homenaxe dos veciños á muller que soubo gabar cun estilo propio a sensualidade das súas paisaxes.

Os veciños de Parada acompañan o féretro da escritora ata o cemiterio de Seoane do Courel. 20 de maio de 1967



A mesma admiración expresaría a unha semana despois o poeta Uxío Novoneyra a través dunha “Apología póstuma” publicada no xornal *La Voz de Galicia*: “Una extremada potencia del destino, un giro amplio, intenso sobre el centro puro —La Naturaleza y la Muerte—, que muchas veces se alza perdiendo tierra, pero sin caer nunca en la evasión. Con “VERBA QUE COMENZA”, la llamada “noyosa del Caulrel” y “nueva Rosalía” (ahora ya las dos tienen la misma edad) se revela como el poeta más hondo y revolucionario de este siglo. Nada hay, tampoco, comparable a alguno de sus poemas en la prosa ni en el arte de hoy”.

Malia que morreu hai corenta anos, cando neste 2007 se celebre o seu **Centenario** e o **Día das Letras Galegas**, a súa voz intimista e conmovedora rexurdirá como un facho incandescente.



on María Mariño,
da man dos seus versos

Yolanda Castaño



Curro de Noia



E agora aquí, hoxe, dende esta túa Noia, como non che vou tender a man, eu, cen anos despois, tan lonxe e tan preto de ti, que un arrepío case me fai como mirar polos teus ollos.

Cen anos despois eu, que nacín aínda dez despois de que ti morreras, seis decenios antes de que foras nada –coquete-rías a parte– nesta Noia fermosa e calma que hoxe nos acolle para que escoites baixiño dende onde queira que ti esteas. Entre estas ruelas de pedra aínda vas na mesma meniña que fogueaba sin leite, a que caladiña chamaba –en berros que hoxe esquecería– cando o navío de lonxe ao seu mar cheo atracaba. Ignorábalo todo e todo xa o sabías: consciencia da inconsciencia e indeterminación do coñecemento: María, eu tampouco sei.

Agora comprendo como parece que mesma ti te me figuras diante: non es tan apoucada como se cadra quixeron facerte. Douche a man coma neta de costureira, porque ti ben o sabes, es filla. E as fillas de costureira levan broslados na

pel pespuntes tan fermosos, bolboretas trezadas e puntos de cruz. Coma ti sei que os fíos cósense ao sangue e por iso resólvense en vainicas dobres, en guatas e godés arborecidos, nas delicadas pezas perfectamente conxuntadas, no fino empeño por saber que as fundas que nos revisten tamén falan de nós, forman parte indivisible e sincera do conxunto que somos. Bieses de sombra, frunces, panos, e sobre todo seino na capa de veludo que fixeches dun abrigo negro. Veludo negro con que te retrataches e ficarías para a Historia. Suave e escura. Aloumiñadora ao tacto e negra coma o que queda sen resolver, coma aquela capa. Misteriosa e a piques de botar a voar.

Pero ti tes algo moi baixiño e tes algo de enxordar, e sentes todo iso xunto sen podelo separar: o devezo pola soidade e o reclamo dos outros, as ansias de facer algo diferente e a de ser aceptada e entendida polos demais.

Ti naciches aquí, de Xosé e Filomena, e criácheste longo á beira do mar. Ai, a



María con
Filomena e
Mercedes en
San Finx.1946



túa naiçiña boa e protectora! Dela foches cadea e ela en ti foi ó tempo. Ai, a túa naiçiña que sempre che ha de aplacar, na escaleiriña de pedra, no recendo do pinar, no banco de San Martiño, co rosario na man. Cantas cousas non verías ti nesta Noia da túa infancia, imaxes que prenderon das túas retinas hiperestésicas. Canta morte ti viviches polo alento ó revés do teu sentir! Amotinamentos con feridos e mortos, andazos de gripe, traballar dende ben nova. Nada era sinxelo nas primeiras décadas da Noia do XX. A anguria pegouse ao mouro dos teus ollos e acompañaríache sempre, calellas arriba. Peneirar entre a miseria e un incerto desdén: ti, María, soñando sempre, sempre protexida entre os teus xogos soñadores. Eras anduriña, o serán cantigaba, a pradeira aboiaba no retorno da meniña. Ti querías saír a un camiño e non sabías por onde andar. Esculcabas coa túa ollada acugulante de arelas e esperanzabas que algún día chegarías a algo grande. Que escaparías de alí e de todos lados. Que medrarías.

Mesmo nos teus traballos temperáns de costureira, para as casas que te chamaban e nas que a ti che apetece, fías os teus soños de chegar a facer algo, de proxectar os teus pensamentos, de facer algo e ser querida. Rara e fermosa, orgullosa e serena. Unha leve, remota extravagancia nos teus xeitos adubiados. Sempre o que resulta cativante pinta unha sombra de dúbida e enigma na súa representación. E ti es distinta, túa. Es a rapaza dos paseos solitarios e os silencios, sabes xa que na poesía –ás veces– valen case máis os versos polo que calan que polo que contan, que un baleiro, unha elipse, pode resultar intensamente revelador, e que sempre hai verba que non di e bon alalá que non zoa.

Coñeciches a emigración de mans baleiras do teu pai e ti tamén aprendiches que de case todo se volve sen nada. Dónos aires te levaron e en cantos vés que non tés. Só a túa tía si volveu con algo, era certo que herdarían a terra, ela e mais seu home traballaran para os señores das Torres de Goiáns que agora –trasladados– deixaban nas súas fieis mans o garrido patrimonio. Vós todos marchastes para alí preto para vivirdes baixo a influencia de todo aquel legado. No porto boirense de Escarabote instalaríase a túa familia para un bo tempo. Ti daquela seguías ensoñada, facendo visitas á casa señorial, provista dunha biblioteca que ti envexabas coma ningunha, e entre esas paredes alimentaches as túas ansias. Pasábanseche as horas mergullada nas súas páxinas, a través delas fuxías cara a moitos outros mundos. Fuxías de Escarabote e esquecías a pobreza das cousas. Podías ser outros, vivir outras vidas, a

lectura mercábache ás, e ti, deleitabas no despegue.

María Mariño con moito tino na maquillaxe, a maquillaxe proxecta, pinta na cara os valores da arte, matiza e salienta, cubrindo descobre. (Se souberas que, co tempo, as súas virtudes perverteríanse... Resultaría amenazante, levantaría suspiencias, restaría creto de verdade, malinterpretaríase. Pero ti es sabedora de que a verdade é complexa, e que ás veces fala máis por nós ou é máis verdadeiro o que, por algo, mente).



Ai, aquel Escarabote triste e apoucado! Casas, casiñas vellas, en fume e fume brilades, recendendo a vidas pobres e a paz dos vosos lares. Mais nalgún tempo algo viches, algo amodo fuches vendo, naquel clima de preguerra que xa asomaba o seu xesto. Augas turbias, camiños enlamados, o chisco de ollos da morte rondando polas cancelas. De forte ollar, amiga, e frío que non se quenta.

Algo presentías que te desacougaba, e decidiches marchar para Euskadi. En Berango agárdante amorosos a túa irmá e o teu cuñado. Pero hai cousas das que non se foxe, das que resulta en balde



Algorta

fuxir, e na costa vasca presenciarás capítulos imborrables para a túa memoria. A historia da violencia fratricida, a historia da ira, da guerra. Todo medraba fóra! Ti non entendías tanta angustia. Negábaste a comprender ese delirio. Agachabas a un mozo da fronte nunha casa abandonada. Ou camiñabas ergueita mentras bombardeaban Gernika. Moza ben plantada que a ninguén deixaba indiferente. Froriña de alto talle entre herba ben nacida, hoxe toda peito eres do alento daquel día. Pero foi un trago amargo e tamén fuxiches do seu rastro. Aínda que a partir da túa volta xa nunca máis camiñarías soa.

Vista dende a torre de Goiáns

Roberto estaba alí. Roberto Pose Carballido. Un santiagués chamado a filas pero cun título de mestre. Un recrutado a contragusto e logo liberado do exército franquista. Un mozo aqueixado dun problema auditivo que se agravara despois dos incívís bombardeos. Para que ía necesitar el escoitar os teus silencios. Pero escoitoute a ti, e quíxote de veras. Atópacheste con el ao teu regreso a Galiza. Eran os días pequenos, tempo grande a súa obra. Regresaches a Galiza, ruada de chuvía ergueita.

Ti sempre fuches moi túa, unha muller de carácter, non querías ir á misa e



Roberto



eras displicente cos que te pretenderon. Andabas ao teu aire, un aire á vez cativador e independente. Pero Roberto é bo, e ficarás ao seu lado. A pesar de que el

nunca chegue de todo a entender os teus comportamentos.

Ti abriras un parvulario de volta en Escarabote. Sempre gostaches dos nenos, e de ensinarlles o que sabes. De abri-lles ollos e mente, de agarimalos co teu alento. Ti rexentabas aquel centriño e, Roberto, era xa todo un mestre. Ti semellabas afastada do mundo, delgada e coqueta, sempre cun estilo un tanto diferente. Toda a vida teimando en quitarte uns cantos anos, en realidade trinta e dous na voda e, Roberto, vinte e catro. Agora quítome oito, agora alá só un par deles, cunha pá-tina de cores ninguén ha notar que non son nena.

Mais seguiches a Roberto alí onde a el o destinaron, nómades da vida nun tempo de posguerra. Primeiro nunha aldea de Arzúa, logo aqueloutra de Euskadi. Pobos onde ti viviches! Algúns eran máis feitos e queríanme enganar, mais ti nunca sentiches neles o teu fogar. Ti axudabas

Escola no
Courel



a Roberto cos meniños da escola. Os ve-
ciños axudábanvos en todo canto podían.
Ti eras espiritual, emotiva, gozabas coa
contemplación de todo canto che rodea.
De todo o que é puro e é honesto. Reser-
vada, e equilibrada. Todo che inflúe e ti es
catalizador de todo. En pouco tempo iso
comezará a florecer, a florecer e a dar.

Cando volves de Euskadi, de novo
para Galiza, xa nunca máis serás a mes-
ma. Regresades os dous para onda teu
irmán Emilio e algo acontecerá que che
cambie para sempre. Porque ti xa non es
ti cando regresas ás minas de preto de
Lousame, onde está tamén a túa nai que
precisas ao teu lado. Ti levas contigo o
froito do teu amor e da túa dor, o froito da
túa felicidade, da frustración, do soño e
da derrota. E nace o teu fillo dun parto di-
fícil, nace a carón dos teus e co nome do
teu home. Nace ese fillo agardado duran-
te días e días tecendo na tea do teu tear,
nace ese fillo soñado, arelado a través do
tempo. Esperado con paciencia finísima e
infinita. Pero nada foi teu por moito tem-
po, nin paz nin felicidade por completo.
Un mesiño apenas a pequena criatura,
un fugaz mes de vida que che regalou
aquela prenda, unha araxe, un estralo,
todo darías deste mundo pola comuñón
do tremor do seu abrazo. Por un minuto
só da delicadeza do seu peito. Sentiches
como te acababan. Como te daban forza.
Fuches o humor da nada, fuches o que se
lle antolla.

Un novo traslado será o xeito de
fuxir desa verdade, de agacharse lonxe,
de pecharse. Como quen tapa os ollos
e non sae da casa. Así que marchades
ao Courel, ao Courel definitivo. Paisaxe
intricada que xa non marchará máis dos

teus ollos. Verxel salvaxe, refuxio verde.
Océano e gruta de bosque acedo e doce.
Paisaxe á que lle berraches “Natureza
soia, trai de ti unha compañía, trai algo
que sea novo da voz vella que me fala!”.
Un cambio, un cambio libre e radical que
che revolucione os poros, ti querías. E lo-
grarás a revulsión. Aínda que as feridas
eran fortes e deixarán fondas cicatrices.



Aldea de Parada

Porque os comezos non serán ama-
bles para o teu corazón expedicionario
no Courel. Todo fondo cambio implica
varias perdas, e a ti, precipitáronseche
coma nun naufraxio. Despois do do teu
neno será o do teu irmán, só algúns días
despois, a perda da túa nai querida. O teu
chan volveuse cume. Canta morte ti vivi-
ches polo alento ao revés do teu sentir!
Soa sen nai e sen neno, soa ateigada de
ausencias. Aí sentiches o que non tiñas
aló no fondo do teu chan. Tres mortes en
pouco tempo poñerán, nas chagas, sal.
E ti péchaste na montaña coma na sima
do teu mal. Tristeza do mundo atacando o
teu costado esquerdo. Desalento recon-
coméndoches o corazón.

Pero o tempo é implacable. O tem-
po é un monstro que devora. Tempo do
tempo é pouso desta luz por onde andas.



Uxío e Elisa



Tempo e tempo e o mesmo Tempo. Así que andan os días e andan as noites, e as máis duras cicatrices irán amolecendo. Ti non sabes se xa pasou ou se aínda ten que pasar, ou se aquilo que ti sentiches non foi sentir, foi soñar. Pero entón despertoute un barullo que parecía de onte, porque sempre estivera, ficara como dormido pero latexaba de antigo nun recanto do teu peito, o mellor, o máis profundo. Erguícheste axiña para velo. O sol debeu coller medo, alumaba coma a noite. Era como un trebón, unha luminosa descuberta. Un resplandor.

Lugo, 1964

Uxío estaba alí, estaba alí a súa casa. Unha casa na que bulían os afectos e as ideas. A leña ardendo e os corazóns, o alento, a fiestra aberta. Uxío catalizador enorme, Uxío alquimia, alma xemelga, transformador dos materiais intactos, Uxío axitador da túa conciencia algo queda; Uxío revulsivo tremendo, pulo e concre-

ción, Uxío estímulo. El soubo darlle canle ao que ti xa sospeitaras, a aquilo que ti presentías dende nena, e ás veces torpe non sabías por onde mandar. Naceu en ti un novo longo con mofo na raíz tecida. Ti non sabías donde agromara ou se viñera dunha fontiña. Abalaba, abalaba o seu mecer os aires que a ti che viñan. Cando zoaban sin mal tempo, pensaches que o longo naceu do vello que o novo tiña. Algo antigo en ti, anterior en ti, daquela, virxe.

O ambiente fresco e rico da casa de Novoneyra sanará os teus altibaixos e, pouco a pouco, permitiríche a entrada ao mundo literario. Ti andaras por un camiño que non vías o seu sendeiro. Dabas topadas que te ferían buscando o teu verdadeiro. Como te ías propoñer ti conquistar o sol dos libros? Pero agora gañarás ás, unhas ás para ti propia, unhas ás que foras tecendo coa túa fe e co teu esforzo. Mesmo Roberto, e desde logo ti, demorábades horas na casa da Fonte. O teu home guindábache de vez en cando olladas de celos e de suaves reproches. Envexaba a túa faciana iluminada polos achádegos, quería só para el, deslumbrada e deslumbrante. Amigos e veciños, colegas creadores e... algo máis. El moveuche a dar saída a todo aquilo que levabas. E pronto pasabas horas escribindo na túa libreta. Devecías por





escribir, letras, frases, palabras, versos. O medo xa non sabías del. Xa ía secando aquel mar longo. E sin saber donde veu, si era doutro ou era teu, navegabas soa nun mar de fondo. Afondada nun bon s3n fuches medrando sin sabelo. Fixécheste alta, moi alta, rompiches tantas cadeas. Deconstruíches o constructo, rebentaches a linguaxe. Arrasaches as normas porque ti non collías dentro, a túa gana de expresar saltou todas as cancelas, fíxose maior có idioma, fixo canto lle deu a gana. Saíu da tripa e do est3mago, saíu da carne e do ventre, saíu por todas as regandixas, correu, buliu por onde puido, ceibe, libérrima, pura, tremecente.

Devagar fuches collendo forza, dona dun maxín rebordante. Reverenciadora da palabra de Rosalía e do propio Uxío, mais co tempo procurando o 3nico na túa propia voz. 20 anos naquelas paraxes estimulantes e talvez ao mesmo tempo fechadoras. A túa voz facíase grande, coma un x3iser, unha fervenza. Comezaron a facerse eco de ti. Puxéronte polas nubes os señores das musas. Chamáronte de todo, non resultabas ameazante. Chamáronte mística, mítica, absoluta revolucionaria. Otero Pedrayo prologou o teu libro. Aínda así alento e anos houbo que agardar a verte impresa. Todos os cantores esquecen o seu día e dóense do que saben que lle chega. Ti seguiches escribindo os versos dun libro que nunca xa verías. Ti querías ver o mar, debuxarte outro horizonte. Pero chegou o 3ltimo mal e foi coma unha guerra. Coóuseche no sangue traspasando a túa pele. A enfermidade abrazouche con forza de cobiza. A morte quería reclamar o seu imperio, erguido durante anos no pouso do negro dos teus ollos. A morte camiñaba curso arriba as túas veas. O

milagre do canto en ti pouco a pouco esmorecía. Aínda que conquistaches os teus soños antes do brutal rapto: quedares para o resto. Alentar en nosoutros. Facer que, cen anos despois, todo o mundo te relembrese. María Mariño de elásticos poemas. A túa obra alenta en nós, e nós, celebrámoste.



LA SEÑORA

Doña María Mariño Carou

FALLECIO EL DIA 19 DE MAYO, EN SEOANE DE CAUREL (LUGO), HABIENDO RECIBIDO LOS AUXILIOS ESPIRITUALES

— D. E. P. —

Su esposo, Roberto Posse Carballido (maestro nacional); hermanos, Concepción y Asunción; madre política, hermanos políticos, sobrinos y demás familia,

RUEGAN a sus amistades una oración por el eterno descanso de su alma y la asistencia a la conducción del cadáver, acto que tendrá lugar hoy, día 20, a las cinco de la tarde, en el Cementerio parroquial de Seoane de Caurel (Lugo), por todo lo cual les quedarán muy agradecidos.

Necrol3xica

A OBRA

A large, stylized, grey initial letter 'P' with elegant, flowing calligraphic flourishes.

resenza e ausencia.

María Mariño nas antoloxías poéticas.

Román Arén



LIMIAR

É case un tópicos que a obra de María Mariño non foi ben valorada cando se publicou e que a crítica desprezou a súa obra. Así Méndez Ferrín escribía en 1984 que a obra da noíesa “*ten sido caseque unánimemente desdeñada pola crítica*”. O dicionario da literatura galega coordinado por Dolores Vilavedra e editado en 1995 sinala outros problemas que fan referencia a María Mariño, como a dúbida sobre a súa data de nacemento, hoxe xa moi clara, a atribución a Novoneyra da obra da autora de *Palabra no tempo* e mesmo o xuízo de que houbo quen fixo consideracións sobre a calidade e a relevancia non moi grandes da súa obra, fronte a outros críticos que quizais a sobredimensionaron. Tamén se atribúe a César Antonio Molina un papel relevante noutros medios na recuperación da poesía da nosa autora, pois incluíuna na súa *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1984). E aquí entramos no campo específico desta nota: o papel que María Mariño ten nas antoloxías galegas que se publican dende 1963 até os nosos días, ou cando menos, as máis significativas. Por que nas antoloxías?, pois porque as antoloxías son un criterio moi válido para vulgar o eco dun autor ou autora e a súa posición no canon literario.

Escribía o comparatista recentemente desaparecido Claudio Guillén que a antoloxía é unha forma colectiva intratextual que supón a reescrita ou reelaboración por parte dun lector, de textos xa existentes mediante a súa inserción en conxuntos novos. A lectura é o arrinque de toda antoloxía e o seu destino final, pois o antólogo arrógase a facultade de

dirixir as lecturas dos demais e de modificar o horizonte de expectativas dos seus contemporáneos. Son os antólogos uns escritores de segundo grao, pero que fan unha función indispensable en toda cultura, pois non hai civilización que non teña cánones, autoridades ou clásicos e instrumentos de autoselección. Naturalmente as antoloxías responde a diferentes tipoloxías que van dende as posicións conservadoras, para lexitimar un canon, até as máis anovadoras que pretenden abrir camiños de futuro. Hai, ademais, antoloxías cronolóxicas ou historicistas e antoloxías sincrónicas ou temáticas, sen esquecer as antoloxías escolares que teñen importancia porque pretenden transmitir ás xeracións futuras unha literatura xa seleccionada a través dos seus clásicos. Todo antólogo pretende crear un conxunto onde haxa intratextualidade e unidade, pois o antólogo é tamén un crítico, sexa só práctico, ao ensinar só o que considera válido, ou tamén teórico, ao explicar os motivos da súa selección. Non é pois o antólogo un simple reflector do pasado, senón que explica no presente unha idea do literario ao fixar xéneros, ao destacar modelos e autores, afectando así o presente do lector e orientando o seu futuro. É un crítico e un superlector, un eu que quere conformar un nós.

UNHA ANTOLOXÍA PRECURSORA

Tras a publicación de *Palabra no tempo* en 1963, a primeira antoloxía poética importante da literatura galega é a de **Xesús Alonso Montero** publicada co título *Os cen mellores poemas da lingua galega*, en febreiro de 1970 pola editorial luguesa Celta, a mesma que editou a María



Mariño porque o *Breviario antolóxico de la literatura gallega* publicado por Carballo Calero en 1966 só inclúe autores que xa tivesen algunha obra publicada antes da guerra civil e ese non era o caso da noiosa, por iso no volume se vai de Rosalía a Cunqueiro, e non inclúe só poetas, senón tamén prosistas.

Alonso Montero



Esta antoloxía de Alonso Montero é temática, pois agrupa os textos en deza-sete campos que van dende o paisaxismo á emigración, da denuncia á morte. María Mariño foi incluída nesta antoloxía, que só inclúe a corenta e oito poetas, con dous textos procedentes do seu poemario de 1963 no apartado “*Á procura da intimidade*”, na compañía de Pondal, Cabanillas, Iglesia Alvariño, Pimentel, Antón Tovar, López Casanova e Bernardino Graña. Non é mala compañía, pero é que ademais só son incluídas na escolma outras dúas mulleres: Rosalía de Castro e Pura


Vázquez. A antoloxía tivo un notable éxito pois saíu do prelo a cuarta edición en maio de 1975. Nas microfichas que acompañan o volume os datos dos autores son moi sucintos e no caso de María Mariño cítase como ano de nacemento o de 1918, cousa normal até hai pouco, e o antólogo ten noticia de que existe un inédito que se titula *Verba que comenza*. Os poemas de María Mariño corresponden aos textos corenta e cinco e corenta e seis da escolma e coma o resto do volume foron sometidos por Alonso a un criterio de unificación ortográfica. Non valora criticamente o seleccionador a poesía dos autores, mais o simple feito de incluílos nun volume que leva por título *Os cen mellores poemas da lingua gallega* é xa de por si unha canonización, unha selección restritiva que concede a María Mariño un papel importante. Non se esqueza que Alonso Montero era nesa altura de 1970 o maior promotor da poesía social e cívica da literatura gallega, representada por Celso Emilio Ferreiro, mais que demostrou nesta antoloxía ter un criterio amplo e de grande sensibilidade literaria.

A ANTOLOXÍA DE O CASTRO

A segunda editorial en importancia na Galicia de posguerra é Edicións do Castro, que en 1976 publica unha antoloxía en dous volumes co título *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, a cargo dun compañeiro de xeración de María Mariño, **Miguel González Garcés**, tamén notable poeta. O volume segundo inclúe quince poemas galegos, entre eles a autora de Noia, que se sitúa a carón de Pura Vázquez e Emilio Álvarez Blázquez. Selecciona dous poemas, “*Aquí che deixo, meu*



Poesía gallega
de posguerra



e serei castigo dunha onda". Considera a obra de María Mariño "*terminada, concluída, perfecta*" e conclúe con xuízos moi positivos para a noíesa: "*Aún no hemos entrado totalmente en el mundo poético de María Mariño*", pero nela "*no falta grandeza y aliento en esas enumeraciones extrañas, caóticas, de elementos naturales gallegos y de angustia y lucha espiritual y aun de enferma debatiéndose*".

É a primeira antoloxía que inclúe á noíesa que non vai dirixida só a galegos, senón tamén aos lectores casteláns. Corrixe así Miguel González Garcés o criterio que empregou noutra antoloxía dirixida ao público español en 1974, *Poesía gallega contemporánea*, publicada na barcelonesa editorial Plaza & Janés, onde non inclúe a María Mariño, pois só son oito os poetas seleccionados, ningún deles muller e coa sorpresa de atopar ao propio antólogo na compañía de Camilo José Cela, Moreiras, Manuel Antonio, Iglesia Alvariño, Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro e Pimentel.

peito canso, aquí" e "*Había que chegar*", pero ademais ofrece unha versión castelán do textos feita polo antólogo do que este anaco pode servir de exemplo:

*Aquí te deixo, cansado pecho, aquí
te deixo,
aquí te deixo en este blanco papel trillado,
en este
inquirir de las horas.*

O máis interesante é a valoración que fai de María Mariño, adiantándose en moitas conclusións a César Antonio Molina. Así comeza dicindo que "*la obra de María Mariño Carou es al mismo tiempo una realidad y una incógnita*" e sinala os influxos do Courel e de Novoneyra, sen esquecer tamén a influencia rosaliana. Destaca a lingua galega empregada, para el con palabras-maleta e onde sorprenden as aliteracións e os fonosimbolismos. Mesmo destaca a beleza dun verso: "*Fun, son*

UNHA ANTOLOXÍA DE GALAXIA

Galaxia foi a editorial principal da primeira posguerra e os seus manuais e antoloxías tiveron e aínda teñen unha extensa repercusión. Baixo o título colectivo de *Poesía galega* foron aparecendo escolmas que abarcaban dende a Idade Media ata a década dos oitenta, responsabilidade de Xosé María Álvarez Blázquez para a Idade Media, Landeira Yrago para os Séculos Escuros e de **Francisco Fernández del Riego** para os séculos XIX e XX. En 1980 parecía o volume *Poesía galega. Do posmodernismo aos*




novos, que incluía un limiar, unhas fichas biográficas e bibliográficas de cada autor, unha bibliografía, a antoloxía e unha cronoloxía histórico-literaria. A obra comezaba con Manuel Antonio e remataba con Darío Xoán Cabana. Inclúe sesenta e oito poetas, entre eles Anne Marie Morris, Pura Vázquez, María Mariño, Luz Pozo Garza, María do Carmen Kruckenberg, Xohana Torres e Margarita Ledo Andión. Da autora noiessa son tres os poemas seleccionados, o primeiro de *Verba que comenza*, o segundo de *Palabra no tempo* e o terceiro figura como inédito e comeza co verso: “Era á migalla dun home o que facía andar o mar”. Supoñemos que este inédito lle chegaría a través de Novoneyra. Se ben cita *Palabra no tempo*, na ficha bibliográfica, na que coloca a data de nacemento de María Mariño en 1918, di que en 1963 publicou un libro titulado *Tesos cumes*, erro que repite no seu *Dic-*

cionario de escritores en lingua galega de 1990, pois ese epígrafe correspondía ao nome da colección. Esta antoloxía tivo tamén amplo eco na bibliografía galega e aínda se emprega con utilidade, pois a maioría dos autores seguen a figurar nas antoloxías máis modernas.

ANTOLOXÍAS PARA ESPAÑOIS

Algúns críticos galegos sinalan a importancia que tivo para a canonización literaria de María Mariño a antoloxía publicada por **César Antonio Molina** en 1984 baixo o título de *Antología de la poesía gallega contemporánea*, que non só inclúe á noiessa, senón que aporta unha valoración crítica moi positiva, sinalando as súas características fundamentais que logo herdarán outras antoloxías e outros críticos: orixinalidade lingüística, intimismo existencial, orixinalidade poética, fusión coa natureza. Sen dúbida esta antoloxía dá un papel importante a María Mariño, que é a única muller incluída, por dirixirse a un público non só galego, senón a un público español, ofrecendo versións bilingües. Esta importancia non pode facer esquecer que xa para un público español, aínda que dende Galicia, **Miguel González Garcés** aportara unha consideración crítica en xeral positiva na súa antoloxía de O Castro, de 1976, aínda que a súa difusión fose menor. Certamente a obra de Molina viña substituír no panorama editorial español ás dúas antoloxías editadas por **Basilio Losada** na década anterior, que non concedían ese papel relevante a María Mariño: *Poetas gallegos de posguerra* (1971) e *Poetas gallegos contemporáneos* (1972), ou a que o mesmo González Garcés publicara en 1974 co título *Poesía*

Fernández del Riego





gallega contemporánea. Carmen Blanco e Anxo Tarrío destacaron o papel xogado pola antoloxía de Molina, por estender a súa fama máis alá do lectorado galego.

Esta antoloxía de César Antonio Molina ven corrixir o esquecemento da poetisa noíesa noutra escolma de poesía galega para españois como foi a feita por **Carmen Martín Gaité e Andrés Ruiz Tarazona** en 1972, *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe*, que apareceu na madrileña editorial Alianza e que só incluía como poetisas a Rosalía de Castro, Anne Marie Morris e Pura Vázquez, antoloxía que provocou unha fervenza de críticas polas pésimas versións castelás dos textos, chegando Carlos Casares nunha “*Carta abierta a Alianza Editorial*”, publicada en *Grial*, a falar de “*zafiedad intelectual*” e considerando que “*pocas veces nuestra cultura y con ella su idioma han sido tan injustamente maltratados por nadie como lo ha sido recientemente por ustedes*” e que era “*doblemente incomprendible la equivocación...que ha supuesto la antología hecha por Carmen Martín Gaité y Andrés Ruiz Tarazona*”.

Francisco Rico publicou unha antoloxía comentada da poesía española en 1991, cun criterio que incluía a poetas non só casteláns senón tamén unha representación de autores das outras linguas do estado español, pero do noso sistema literario só están representados dous autores contemporáneos, Luís Pimentel e Celso Emilio Ferreiro.

ESCOLMAS ESCOLARES

A tradición de seleccionar textos canónicos para o ensino dos rapaces ven xa do Renacemento e o galego non tivo ata hai pouco esa tradición ao non estar presente no ensino regulado. Mais agora son xa correntes as antoloxías escolares, ás veces mixtas, pois inclúen tamén prosa a carón da poesía. En 1988 os profesores **Miguel Mato Fondo, Pilar Pallarés e Francisco Salinas Portugal**, coñecidos todos tres tamén como poetas, publicaron a escolma *Literatura do século XX*, onde incluíron o poema “*O meu tempo*” de María Mariño, pertencente a *Palabra no tempo*. Ademais nos esquemas finais cítana varias veces ao incluíla nos epígrafes do paisaxismo con preocupación existencial e telúrica, que mitoloxiza a paisaxe e tamén como representativa da poesía da angustia vinculada á escola da tebra.

En 1992, **Carme Fernández Pérez-Sanjulián e Miguel A. Mato Fondo** editan *Literatura galega. Textos escollidos*, tamén unha antoloxía mixta con poesía e prosa. Inclúen a María Mariño cun texto varias veces antologado, “*O meu tempo*”, agrupada a carón de Díaz Castro, Iglesia Alvariño, Antón Tovar, Manuel María e Avilés de Taramancos nun apartado xeral baixo o epígrafe de “*O intimismo*”.

Xa no ano 2000 **Ramón Gutiérrez Izquierdo, Gonzalo Navaza Blanco e Luciano Rodríguez Gómez** publicaron unha obra dirixida ao alumnado de Bacharelato co título *Literatura galega. Antoloxía*, que inclúe prosa e poesía e no que a noíesa María Mariño figura no apartado do século XX titulado “*A recuperación*”, entre Pura Vázquez e Celso Emilio Ferrei-



ro, co poema “*Está caíndo a folla e en min nace primavera...*”, tomado de *Verba que comenza*. Esta antoloxía leva unha breve presentación, pero non unha valoración crítica dos autores que se supón que se fai no volume de texto correspondente.

Outro exemplo que pode servir para amosar a presenza de María Mariño é o volume *Literatura galega do século XX* aparecido en 2006 da man de **Rosário Fernández Velho e Xesús Sambade Soñeira**, no que a autora noiense é estudada na unidade sexta, titulada “*Celso Emilio Ferreiro e outros poetas*”, non aportando novidades críticas, pero que inclúe un poema da poetisa na súa “*Escolma de textos*”, poema xa antologado outras veces, pois trátase do que comeza co verso “*Está caíndo a folla e en min nace primavera*”.

ANTOLOXÍAS PARA RAPACES

Non parece María Mariño unha voz poética fácil de dixerir e apreciar por parte de lectores mozos nos tempos que corren e aínda nos que pasaron, pero, cando menos dous antólogos atrevéronse a dirixir a un público xuvenil dúas escolmas que incluían á poeta noiense. **Antonio García Teijeiro** (1952) é ben coñecido como poeta e narrador en lingua galega, mais tamén como autor importante da literatura infanto-xuvenil. En 1997 publicou a antoloxía *Os nosos versos*, que tivo bastante difusión e que logrou unha segunda edición no ano 2000. Na selección están presentes doce autores e só inclúe dúas mulleres, Rosalía de Castro e María Mariño, que pecha a selección. Da noiense ofrécense os textos “*Noia*” e “*Eu non sei*

si xa pasou...”, ademais dunha nota na que sinala o que xa é frecuente en todos os antólogos, que María Mariño viviu fóra das relacións literarias. Os seus xuízos dependen da editora da obra completa de María Mariño, Victoria Sanjurjo, a quen cita explicitamente. A colección na que se presenta comeza con este volume e leva por nome *Sopa de libros*, dirixida a lectores maiores de doce anos. García Teijeiro rende unha homenaxe a María Mariño non só nesta escolma, pois no seu poemario infantil *Na fogueira dos versos* (1996) parte dunha cita da noiense para construír o seu propio poema. Velaí a cita: “*O meu camiño hoxe / ten un mirar dun antonte*” e a primeira estrofa do texto:

*Seguen o mesmo camiño
como o fan esas follíñas
que das árbores descenden
semellando poesía.*

O seu camiño séguelo **Fran Alonso** (1963) ao publicar no ano 2006 a escolma *Poetízate*, moito máis ampla que a de García Teijeiro e cun prólogo titulado “*A poesía non morde*”. O volume é un meritório intento de acercar o xénero máis difícil aos máis mozos, seleccionando autores do século XIX e XX, cun total de oitenta poetas. María Mariño está presente entre Miguel González Garcés e Pura Vázquez. As outras mulleres son Rosalía, Luz Pozo, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Marilar Aleixandre, Marica Campo, Ana María Fernández, Chus Pato, Pilar Pallarés, Luísa Villalta, Eva Veiga, Xela Arias, Ana Romaní, Marta Dacosta, Lupe Gómez, Olga Novo, María do Cebreiro, Yolanda Castaño, Emma Couceiro, María Lado, Lucía Novas e Antía Otero. Da noiense ofrécese un poema moi coñecido, o que comeza co verso “*Aquí che deixo, meu*

peito canso, aquí...”tomado de *Verba que comenza*, pero sinalando aínda nesta altura que María Mariño naceu en 1918.

Dirixido a rapaces máis pequenos está a antoloxía de **Xosé María Álvarez Cáccamo** e **Marisa Núñez**, *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega*, que non inclúe a María Mariño entre os corenta e dous autores, mais si a Rosalía, Anisia Miranda, Luz Pozo, Gloria Sánchez, Pura Vázquez e Helena Villar.

UNHA ANTOLOXÍA DE XÉNERO

Maximino Cacheiro Varela (1943) é coñecido no sistema literario galego como poeta, profesor e antólogo. En 1987 publicou *Poetisas galegas do século XX*, escolma de xénero que comeza con Filomena Dato Muruais e remata con Pilar Pallarés, incluíndo a María Mariño a carón de Pura Vázquez e Luz Pozo Garza, sen que fallen os nomes de Anne Marie Morris, Pura Vázquez, María do Carmen Kruckenberg, Xohana Torres, Ánxeles Penas e Margarita Ledo Andión. De María Mariño ofrece varios textos de *Palabra no tempo*, precedidos dunha nota introdutoria que sinala o influxo de Novoneyra, a asimilación de Rosalía e da poesía popular. Parécenos que o xuízo depende claramente do que César Antonio Molina fai na antoloxía de 1984.

Non foi a única antoloxía temática organizada por Maximino Cacheiro, pois anteriormente o seu volume *O mar na poesía galega* (1985), reuniu unha mostra cronolóxica e ao mesmo tempo temática de poetas galegos que cantaron ao mar, que vai de Fernando Esquíu a Méndez



Ferrín, incluíndo a Rosalía, Pura Vázquez, Luz Pozo e Xohana Torres, mais non a María Mariño, que tería perfecta cabida nesta escolma con algúns dos seus poemas dedicados ao mar, e se non pénsese nos coñecidos versos do poema “Noia”:

¡Ribeiras de mar enxoiro!
 ¡Ribeiras de pleamar!
 Quedas, vellas ribeiras,
 agardan un mar i outro mar.

Xa no ano 2004 organiza a antoloxía *Poemas de amor*, onde só inclúe ás que considera poetisas da Xeración dos cincuenta, Pura Vázquez, Luz Pozo e María do Carmen Kruckenberg. É máis normal esta exclusión porque non foi o erotismo a temática da poesía de María Mariño, o que a exclúe tamén doutra antoloxía do mesmo antólogo que apareceu en 2006 baixo o epígrafe de *Amor en feminino. Antoloxía das poetas galegas. De Rosalía*



Poetisas galegas do século XX



á *Xeración dos 80*, que inclúa a Pura Vázquez, Luz Pozo, María Xosé Queizán, María do Carmen Kruckenber, Helena Villar Janeiro, Ánxeles Penas, Marica Campo, Ana Romaní, Marta Dacosta e Pilar Pallarés. Iso xustifica tamén a ausencia da autora noíesa na *Antoloxía de poesía galega erótica e amatoria* (1988) preparada por **Xosé Luís Axeitos**.

MARÍA MARIÑO PARA RUSOS E FRANCESES

Unha das preocupacións máis evidentes dos axentes culturais galegos é a preocupación pola tradución, mais xeralmente refírense á tradución que ten o galego como lingua de chegada ou a importancia que esta ten para configurar o sistema literario galego, e só en menor medida ao problema das traducións do galego a outras linguas, é dicir, ao galego como lingua de orixe, pois a miúdo o espallamento da nosa literatura faise a través dunha lingua ponte que é o castelán. A mais diso son poucos os autores galegos que teñen unha proxección fóra de Galicia, e cando a teñen, trátase de edicións que frecuentemente están dirixidas a públicos minoritarios, moito máis no caso da poesía.

En 1997 unha profesora da Universidade de San Petesburgo, **Elena Zernova**, quen é ademais Presidenta do Centro Galego nesa cidade, publicou o terceiro tomo da súa *Antoloxía da literatura galega* co título *Voces novas*, unha escolma poética que agrupa aos autores galegos de posguerra, dende Aquilino Iglesia Alvariño até Darío Xoán Cabana. María Mariño é a décima autora entre vinte e seis

poetas e só a acompañan outras catro mulleres: Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Xohana Torres e Helena Villar Janeiro. Selecciona catro poemas da noíesa, que vai situada entre Miguel González Garcés e Pura Vázquez, é dicir, enmarcada na Xeración do trinta e seis. Os poemas son os que comezan cos versos “*Oio algo alá moi lonxe e nada del sei decir...*”, “*Chega a hora que marcou o tempo*”, “*Hoxe que me teño toda, amigo...*” e “*De forte ollar, amiga...*”, figurando o orixinal galego na páxina esquerda e a versión rusa na dereita. Ao final do volume figuran notas sobre os autores, pero que se ofrecen só en lingua rusa. O volume é prologado polo profesor da universidade compostelá Anxo Tarrío Varela, que fai referencia a María Mariño con estas palabras:

“Un caso á parte de todo o que levamos visto ata aquí constitúeo María Mariño (1907-1967), extraña e enigmática poeta (ata hai uns poucos anos coidábase que nacera no ano 1918), descoñecida practicamente en vida, a quen sacou á luz Uxío Novoneyra, un dos poucos amigos escritores que tivo e de quen se chegou a sospeitar que María Mariño era unha pura invención del, que propiciou, ademais, a publicación do único libro que ela puido ver en vida, Verba que comeza (1963). A pesar do ano do seu nacemento, esta poeta non comparte en absoluto as liñas xerais da xeración do 36 á que pertence e elabora unha poética propia, extraña, allea a lecturas cultas, como non fose a do propio Novoneyra.”

Ademais do evidente erro de confundir *Palabra no tempo* con *Verba que comenza*, a valoración de Anxo Tarrío é moi significativa, pois fai depender a María Mariño case exclusivamente de Novoneyra. A antoloxía de Elena Zernova

pertence ao tipo do que se consideran antoloxías conservadoras ou antoloxías museo, que pretenden a continuidade e a canonización, é dicir, a conservación das formas dominantes, pero en xeral é unha antoloxía seria e solvente se excluímos unha concesión moi evidente e que ten que ver probablemente con amizades persoais, pois ninguén medianamente serio pode considerar a Alfredo Conde un poeta importante ou anovador, cando se exclúen outros nomes destacados.

En 1999 aparece en Namur, na editorial Sources, unha antoloxía de poesía galega en edición bilingüe, con tradución ao francés de **Emma Lázare**, tradutora solvente ben coñecida no noso sistema literario por varias traducións, entre elas unha de Balzac. A selección é de **Anxo Angueira Viturro**, un poeta e ensaísta da Xeración dos oitenta, que ademais do prólogo e dunhas notas interesantes, fixo



Entre dous
silencios

unha seria selección da poesía galega de posguerra co título *La poésie galicienne de 1936 à 1990*, onde inclúe un total de corenta e sete poetas con cadanseu poema, agás no caso de Cunqueiro e Méndez Ferrín que contan con dous textos.


Antoloxía rusa de
Elena Zernova

A antoloxía vai organizada en catro apartados: Xeración de 1936, Promoción de Enlace, Xeración das Festas Minervais e Novas Xeracións, abrangendo dende Aquilino Iglesia Alvariño (1909-1961) até Eusebio Lorenzo Baleirón (1962-1986). Están presentes seis mulleres: María Mariño, Luz Pozo Garza, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Chus Pato e Pilar Pallarés. Quizais se bota en falta a presenza de Pura Vázquez e Xosé María Álvarez Blázquez e poida ser discutida algunha outra presenza, pero en xeral é unha antoloxía seria e unha boa presentación ante os lectores franceses da nosa poesía.



Nas notas sobre autores, sinala que María Mariño viviu separada dos círculos culturais e literarios da época, engadindo que foi mestra no Courel e que destaca polo sentido especial da paisaxe e polo seu intimismo, ademais de polo seu estilo que racha a norma sintáctica de xeito moi eficaz.

La poesie
galicienne



ANTÓLOGOS DA XERACIÓN DOS 80

A xeración galega dos oitenta, mergullada maioritariamente na poesía culturalista procedente de Ferrín e López Casanova, ofreceu varias relecturas do canon literario galego. Unha das máis coñecidas foi a que prepararon **Xosé María Álvarez Cáccamo** e **Carlos L. Bernárdez** en 1994 co título *Cincuenta anos de poesía galega*. Do tomo primeiro encargouse o poeta Xosé María Álvarez Cáccamo (1950), que *inclúe* a María Mariño cunha valoración positiva con opinións que con-

sideran que a voz da noiesa chegou a un grupo reducido de lectores, pero que é unha voz esencial, "*fixada con certeza a súa figura histórica*", María Mariño entra en diálogo coa natureza animada e desdobra as voces para falarse así mesma dende fóra. Os seus poemas son como paradoxos místicos. Non esquece tampouco o seu materialismo, o seu traballo coas estruturas profundas da lingua e a súa capacidade de abstracción. Neste volume hai trece poetas e entre eles están Pura Vázquez e Luz Pozo. De María Mariño selecciona once textos, catro deles pertencentes a *Palabra no tempo*.

Caso diferente é o de **César Morán** (1954) que en 1999 editou *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega*, onde María Mariño non entra no repertorio aínda que se cita brevemente. As poetisas incluídas foron Rosalía de Castro, Luz Pozo, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Isabel de Castro, Yolanda Castaño, Marica Campo, Emma Couceiro, Chus Pato, Ana Romaní e Pilar Pallarés. Non foi excluída só a noiesa senón tamén Pura Vázquez e María do Carmen Kruckenberq.

Luciano Rodríguez Gómez (1951) editou en 2004 unha restritiva escolma co título *Poetas galegos do século XX. Antoloxía*, que inclúe a trinta e oito poetas, que van de Noriega Varela a Manuel Forcadela e que aporta as voces de Pura Vázquez, Luz Pozo, Xohana Torres e Pilar Pallarés, pero que non selecciona nin a María Mariño nin ningunha outra voz feminina.

Tampouco **Manuel Forcadela** (1958) incluíu a María Mariño na súa *Poesía de*



posguerra. *Antoloxía*, onde están once poetas, cos nomes femininos de Luz Pozo e Pura Vázquez.

OUTRAS ANTOLOXÍAS

Se nalgunha escolma sorprende a ausencia de María Mariño é na aparecida en 1978 co título *Antoloxía da poesía galega actual*, baixo a responsabilidade colectiva da revista *Nordés*, pero que pensamos realizada por **Luz Pozo** e **Eduardo Moreira**s. A escolma inclúe dezaseis poetas, entre os que están a propia Luz Pozo e Pura Vázquez. Camino Noia censurou que esta obra non levase á fronte o nome dun antólogo responsable, aínda que cita ao equipo de *Nordés* con Tomás Barros á fronte e critica a ausencia de Xohana Torres, Manuel María e García-Bodaño, aínda que sorprendentemente bote de menos tamén a Carlos Casares como poeta, concluíndo que é unha edición “*pouco coidada e preparada cuns criterios suxeitivos*”.

No proceso de canonización dos autores o ensino ten un papel importante que sería motivo doutra reflexión, para examinar a presenza de María Mariño en libros de texto de literatura galega e en historias da literatura. De todos os xeitos un manual como *Literatura galega*, baixo a responsabilidade do colectivo **Seitura** (Gutiérrez Izquierdo, Navaza Blanco, Rodríguez Gómez e Varela Jácome), aparecido na vaguesa editorial Xerais en 1988, ofrece a carón dos estudos e valoracións unha antoloxía en cada tema e María Mariño está presente no que leva o número dezaioito, que ten o epígrafe “*A literatura galega de posguerra. A poesía a*

partir de 1950”, aportando un poema da noíesa que xa foi antologado varias veces, o que comeza co verso “*Está caindo a folia e en min nace primavera*”. Seitura cualifica a María Mariño como unha poetisa do ensimesmamento e da comuñón coa paisaxe, que loita por transmitir o seu intimismo radical, a conciencia da morte e a aniquilación, considerándoa influída por Rosalía e, ademais, unha revolucionaria no aspecto lingüístico.

Non pode considerarse exactamente unha antoloxía a obra de **Xesús López Fernández**, *Poesía de Galicia. Poemas á nai*, que apareceu en edición de autor en Santiago en 1999 e que inclúe cento noventa poetas que dedicaron textos á figura materna, entre os que está María Mariño. Cómpre tamén citar *Festa da Palabra: An Anthology of Contemporary Galician Women Poets*, obra editada en New York en 1999, que tamén inclúe á poeta noíesa, baixo a responsabilidade de K. N. March. Onde non está María Mariño é na importante escolma de **Arturo Casas** *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*, que aparecida en 2003 marca un fito nas nosas antoloxías e que inclúe vinte e seis poetas seleccionados por diferentes persoeros do sistema literario galego, aínda que maioritariamente se trate de autores vivos, pero cómpre lembrar que *Verba que comenza* se publicou neste período. Tampouco inclúe a noíesa a *Antología de poesía galega* de Yara Freteschi Vieira, que publicada en 1996 vai dos trabadores até os nosos días e que si inclúe a Avilés de Taramancos.

Sería tamén de interese saber a valoración que se fixo na bisbarra do Barbanza sobre a obra de María Mariño. Só a modo



de exemplo pode citarse o volume *Escritores da Barbanza*, aparecido en 1999, que é un dicionario biobibliográfico, pero que ofrece unha escolma de textos en prosa e en verso de moitos dos autores. Neste caso **Pastor Rodríguez** selecciona un breve texto de *Palabra no tempo*, titulado “Cruceiro”. Naturalmente a carón do texto figura unha bibliografía específica e unha breve valoración da autora á que se cualifica de “rupturista no plano da linguaxe e dunha grande fondura existencial”.

CONCLUSIÓNS

Malia ás queixas de Méndez Ferrín en 1984, a poesía de María Mariño non foi totalmente desdeñada pola crítica, pois as recensións de González Garcés, o propio Méndez Ferrín, Luís Trabazo e Traperero Pardo demostran que houbo críticos comprensivos coa noíesa, sen esquecer as valoracións de López Casanova, Uxío Novoneyra e a do prologuista de *Palabra no tempo*, Otero Pedrayo. Pero, ademais, a súa presenza en importantes antoloxías tanto a nivel só galego como de ámbito español comezou relativamente cedo, coa antoloxía pioneira de Alonso Montero, seguido logo de Fernández del Riego, e para o campo español, por González Garcés, que se adiantou oito anos á antoloxía de César Antonio Molina. Xa que logo a interpretación da sorte literaria da autora de *Verba que comenza* ten que ser, cando menos, máis matizada que a valoración que fai Ferrín. Cómpre lembrar que toda antoloxía é un produto destinado á polémica porque se trata de dilucidar cuestións cambiantes como o valor ideolóxico, a utilidade docente ou a calidade estética. Nada é inocente nunha antoloxía, lembra-

ba a profesora da Universidade de Sevilla, Marta Palenque, pois toda presenza indica unha ausencia e fronte ás historias da literatura, as antoloxías ofrecen un canon máis fluído e cambiante na medida en que como texto se vai renovando e sumando novos títulos e novos autores. De aí derivan o seu mérito e o seu perigo, así como o seu poder, porque ao tempo que uns nomes son incluídos, outros quedan nas tebras exteriores, na exclusión.

Cada vez hai máis interese polas antoloxías como xénero literario híbrido e no sistema literario galego non faltan estudos importantes sobre a materia como o de María do Cebreiro Rábade Villar, *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica* (2004), ou traballos que fan a historia das antoloxías galegas, entre os que foi pioneiro o de divulgación incluído na *Gran Enciclopedia Gallega* por Dobarro Paz e Fandiño Veiga, aínda que non chega máis que ata 1976. Máis recentemente Álvaro Varela estudou as nosas antoloxías literarias dende o Rexurdimento a 1936. Non son, por tanto, as antoloxías, algo prescindible para consolidar o prestixio literario de autores e autoras.

Non sería unha mala idea reunir os textos que os antólogos seleccionaron de María Mariño nun traballo, pois iso amosaría as preferencias dos axentes literarios e a súa posible evolución no tempo, o que se podía acompañar dunha selección de comentarios críticos dos diferentes estudosos. Teríamos unha imaxe de María Mariño diacrónica, amosando a súa presenza poética ao longo das décadas e comprobaríamos que algúns textos da autora foron permanecendo en moitos



antólogos. Chegou o tempo xa agora, por mor do Día das Letras Galegas, de María Mariño, que seguramente estará cada vez máis presente nas futuras antoloxías.



BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO, Fran: *Poetízate. Antoloxía da poesía galega*, Vigo, Xerais, Fóra de Xogo, 2006.
- ALONSO MONTERO, Xesús: *Os cen mellores poemas da lingua galega*, Lugo, Celta, 4ª ed., 1975, (1970).
- ALONSO MONTERO, Xesús: “Dezasete poetas en ruso”, *La Voz de Galicia*, 30-05-1996, p. 9.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Xosé María: *Cincuenta anos de poesía galega*, T. I, A Coruña, Penta, 1994.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, Xosé María e Marisa NÚÑEZ: *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega*, A Coruña, Espiral Maior, 2002.
- ANGUEIRA, Anxo: *La poésie galicienne de 1936 à 1990*, Namur, Sources, Poésie des Régions d'Europe, 1999.
- AXEITOS, X.L.: *Antoloxía galega de poesía galega erótica e amorosa*, Sada, O Castro / Luzes de Galiza, 1988.
- BERNÁRDEZ, Carlos L.: “*Ler poesía galega en Europa*”, *Guía dos Libros Novos*, nº 12, (1999), p. 28.
- BLANCO, Carmen: *Literatura galega da muller*, Vigo, Xerais de Galicia, 1991.
- CACHEIRO VARELA, Maximino: *O mar na poesía galega*, Sada, O Castro, 1985.
- CACHEIRO VARELA, Maximino: *Poetisas galegas do século XX*, A Coruña, 1987.
- CACHEIRO VARELA, Maximino: *Poemas de amor. Xeración dos 50. Pura Vázquez, Luz Pozo, M.C. Kruckenberg*, Santiago de Compostela, Tórculo, 2004.
- CARBALLO CALERO, Ricardo: *Breviario antolóxico de la literatura gallega*, A Coruña, Real Academia Gallega, 1966.
- CASARES, Carlos: “*Carta aberta a Alianza Editorial*”, *Grial*, nº 38, (1972), pp. 487-490.
- CASAS, Arturo: *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*, Lugo, Tris Tram, 2003.
- CORDAL FUSTES, Xabier: “*La poésie galicienne de 1936 à 1990*”, *A Trabe de Ouro*, nº 40, (1999), pp. 589-590.
- DOBARRO PAZ, X.M. e X.R. FANDIÑO VEIGA: “*Escolmas*”, *Gran Enciclopedia Gallega*, Xixón, Silverio Cañada, T. 10, 1974 ss., pp. 102-104.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, Vigo, Galaxia, 1980.
- FERNÁNDEZ VELHO, Rosário e Xesús SAMBADE SONEIRA: *Literatura galega do século XX*, Vigo, A Nosa Terra, 2006.
- FRETESCHI VIEIRA, Yara: *Antologia de poesía galega*, Campinas, UNICAMP, Matéria de Poesia, 1996.
- GARCÍA TEIJEIRO, Antonio: *Na fogueira dos versos*, Vigo, Xerais de Galicia, Merlín, 1996.
- GARCÍA TEIJEIRO, Antonio: *Antoloxía. Os nosos versos*, Madrid, Anaya, Sopa de Libros, 1, 2ª ed., 2000, (1997).



GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel: *Poesía gallega contemporánea*, Barcelona, Plaza & Janés, 2ª ed., 1974, (1974).

GONZÁLEZ GARCÉS, Miguel: *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, Sada, Ediciones del Castro, Vol. II, 1976.

GONZÁLEZ GÓMEZ, X.: “Unha antoloxía de poesía galega e portuguesa”, *Grial*, nº 88, (1985), pp. 213-216.

GUILLÉN, Claudio: *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada (ayer y hoy)*, Barcelona, Tusquets, 2005.

GUTIÉRREZ IZQUIERDO, Ramón, NAVAZA BLANCO, Gonzalo e Luciano RODRÍGUEZ GÓMEZ: *Literatura gallega. Antoloxía*, Vigo, Xerais de Galicia, 2000.

LORENZANA, Salvador: “*Poesía gallega de posguerra. Antología bilingüe, por Miguel González Garcés*”, *Grial*, nº 55, (1977), pp. 125-126.

LOSADA, Basilio: *Poetas gallegos de posguerra*, Barcelona, Ocnos, 1971.

LOSADA, Basilio: *Poetas gallegos contemporáneos*, Barcelona, Seix Barral, 1972.

LUCA, G.: “*Elena Zernova, traductora de poesía galega ao ruso*”, *A Nosa Terra*, nº 729, 06-06-1996, p. 25.

MANUEL MARÍA: “*Unha antoloxía única*”, *El Correo Gallego*, 10-08-1999, p. 3.

MARTÍN GAITE, Carmen e Andrés RUÍZ TARAZONA: *Ocho siglos de poesía gallega: Antología bilingüe*, Madrid, Alianza Editorial, 1972.

MATO FONDO, Miguel, PALLARÉS, Pilar e Francisco SALINAS PORTUGAL: *Literatura do século XX*, A Coruña, Vía Láctea, 1988.

MATO FONDO, Miguel e Carme FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN: *Literatura gallega. Textos escollidos*, A Coruña, Bahía, 1992.

MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: *De Pondal a Novoneyra. Poesía gallega posterior á guerra civil*, Vigo, Xerais de Galicia, 1984.

MOLINA, César Antonio: *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid, Júcar, 1984.

MORÁN, César: *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía gallega*, Vigo, Xerais de Galicia, 1999.

NEIRA VILAS, Xosé: “*Nai e poesía*”, *O Correo Galego*, 06-06-1999, p. 3.

NOIA, María Camino: “*Antoloxía da poesía gallega actual*”, *Grial*, nº 60, (1978), pp. 246-247.

NORDÉS: *Antoloxía da poesía gallega actual*, Sada, O Castro, 1978.

PALENQUE, Marta: “*Cumbres y abismos: las antologías y el canon*”, *Ínsula*, nº 721-722, Madrid, xaneiro-febreiro, 2007, pp. 3-4.

PEREIRA, Víctor Campio: “*Poemas á nai*”, *La Región*, 18-04-1999, p. 29.

PIÑEIRO, Ramón: “*Poetas gallegos de postguerra, por Basilio Losada*”, *Grial*, nº 35, (1972), pp. 111-112.

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro: *As antoloxía de poesía en Galicia e Cataluña. Representación poética e ficción lóxica*, Santiago, Universidade de Santiago, 2004.

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro e Iria SOBRINO FREIRE: “*O manifesto e a antoloxía como discursos de intervención no sistema literario galego (1975-2000)*”, *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2003*, Vigo, Galaxia, 2004, pp. 60-65.



RICO, Francisco: *La poesía española. Antología comentada III. Del Romanticismo a nuestros días*, Barcelona, Círculo de Lectores, 1991.

RODRÍGUEZ, Luciano: *Poetas galegos do século XX. Antoloxía*, A Coruña, Espiral Maior, 2004.

RODRÍGUEZ FER, Claudio: "Antoloxía da poesía galega. Do posmodernismo aos novos, por Francisco Fernández del Riego", *Grial*, nº 71, (1981), pp. 111-113.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Escritores da Barbanza*, A Pobra do Caramiñal, Concello da Pobra do Caramiñal, 1999.

S.L.: "Poesía gallega contemporánea, por Miguel González Garcés", *Grial*, nº 44, (1974), pp. 250-251.

S.L.: "Antología de la poesía gallega contemporánea, por César Antonio Molina", *Grial*, nº 87, (1985), pp. 122-123.

S.S.: "Poesía galega contemporánea", *Grial*, nº 34, (1971), p. 509.

SEITURA, Colectivo: *Literatura gallega*, Vigo, Xerais de Galicia, 1988.

TARRÍO VARELA, Anxo: "Galego en Rusia", *O Correo Galego*, 26-05-1996, p. 3.

VALCÁRCEL, Xulio: "Poemas á nai", *El Ideal Gallego*, 02-05-1999, p. 9.

VARELA SUANCES-CARPEGNA, Álvaro: "As antoloxías literarias galegas: do Rexurdimento a 1936", *Anuario de Estudos Galegos 1999*, Vigo, Galaxia, 2001, pp. 69-102.

VÁZQUEZ, Dora: "Poemas á nai", *O Correo Galego*, 17-04-1999, p. 4.

VIDAL, Carme: "Antoloxía en ruso, catalán e francés para a poesía galega", *A Nosa Terra*, nº 909, 18-11-1999, p. 21.

VIDAL CARAMÉS, María D.: "Monumento literario", *A Nosa Terra*, nº 884, 27-05-1999, p. 27-28.

VIDAL VILLAVARDE, Manuel: "La poésie galicienne de 1936 à 1990", *Atlántico Diario*, 20-10-1999, p. 54.

ZERNOVA, Helena: *Voces novas. Antoloxía da literatura galega*, T. III, San Petesburgo, 1997.

Historia dun prólogo

Patricia Arias Chachero



P*alabra no tempo* o poemario editado en 1963 por Ediciones Celta de Lugo, foi o primeiro e o único libro publicado en vida por María Mariño Carou. Segundo se pode ler no seu colofón saíu do prelo un “vinteún de outubro de mil novecentos sesenta e tres”. A través da correspondencia gardada na Fundación Penzol de Vigo, sabemos que tres anos antes a escritora e o seu veciño na aldea de Parada do Courel, o tamén poeta Uxío Novoneyra, iniciaran os trámites necesarios para pedirlle a Ramón Otero Pedrayo a redacción do prólogo que había de abrir este poemario.

Seguramente a iniciativa partira de Novoneyra quen coñecera ao escritor de Trasalba nos anos 50, mentres realizaba o servizo militar en Santiago de Compostela. Ramón Otero Pedrayo exerceu nesta cidade entre 1950 e 1958 como profesor de Xeografía e Historia na Facultade de Filosofía e Letras. Sabemos que o courelao participou xunto con moitos outros mozos universitarios da época no concurrido e coñecido faladoiro que o profesor tiña no café Español, na rúa do Vilar. Alí coñecería tamén a Ramón Piñeiro, que aparece citado na primeira das cartas analizadas.

Entre ambos escritores debeuse establecer enseguida unha relación de simpatía mutua. En agosto de 1954, pouco antes de que saísen *Os eidos*, Otero Pedrayo escribía no xornal compostelán *La Noche* un artigo titulado “La palabra en el Caurel” no que saudaba e comentaba a aparición do primeiro poemario en galego do escritor courelao mesmo antes de que o libro saíse á venda. Algúns anos despois Otero e Novoneyra participarían nos Xogos Florais que se celebraron en Monforte no verán de 1958.

Os documentos transcritos a continuación atópanse no Fondo Otero Pedrayo do arquivo da Fundación Penzol de Vigo. As transcripcións fixéronse respectando até onde foi posíbel, a disposición tipográfica, a ortografía e a lingua en que foron orixinalmente redactados. Trátase dun total de seis cartas escritas en cuartillas, cinco delas manuscritas e só unha, a primeira, mecanoscrita. Cronoloxicamente abarcan desde comezos de marzo até o mes de decembro de 1960, non son nin as primeiras nin as últimas cartas dirixidas por Novoneyra ao patriarca das letras galegas.

CARTA I. DE UXÍO NOVONEYRA A RAMÓN OTERO PEDRAYO. 2 DE MARZO DE 1960

Parada do Caurel, II-3-60

Don Ramón Otero Pedrayo de Trasalba

Meu querido poeta e patriarca:

Remésolle iste libriño de estampas e saudades, *Palabra no tempo*, do que é autora María Mariño Carou, noíesa que vive de fai trece anos no Caurel. É a muller do maestro diste pobo. Ela ademirao tamén moito a vostede e prégame que lle escriba pedíndolle o prólogo. Logo mandarémollo á Luís Seoane á Bos Aires pra que o pubrique en Citanía. Así é que si ten a gracia de compracela, unha vez feito o prólogo, devolveme o libro co il, pois non conta con outra copia. No Caurel escasean as máquinas de escribir.

Palabra no tempo parte das cantigas do pobo. Eu coído que despois de tanta poesía alambicada, son bos libros así. A súa gran orixinalidade musical, denuncia unha alma feita pola Saudade.



Acabo de recibir de Piñeiro, *O ser i o tempo* de M. H. Lendoo agardarei a Primavera.

Si é que os de Posío me levan pra Pascoa a Ourens, pra dar o Recital de poesía trovadoresca galaico-portuguesa, pasarei velo a Trasalba. Gostaría que presidiran o recital don Vicente Risco e vosté.

E namais. Un voto pola nosa Galicia que eternamente agroma.

Unha aperta de corazón

Novoneyra

Eugenio Novoneyra. Parada de Caurel, por Quiroga. (Lugo)

Ramón Otero Pedrayo debeu recibir a encomenda de Novoneyra na súa casa de Trasalba dous ou tres días despois, isto é o 4 ou 5 de marzo. O escritor que estaba a piques de cumprir 72 anos, pasaba desde que se xubilara en 1958, longas temporadas na fermosa residencia que posuía nesta aldea da ribeira ourensá, a uns doce quilómetros da capital.

En apenas quince días, un “21 de Marzal de 1960”, asina o prólogo que había preceder os primeiros poemas publicados pola de Noia. Aínda que non coñecía nin a obra nin a persoa de María Mariño, Otero xeneroso e prolífico traballador, non dubida á hora de aproveitar para a redacción do seu texto os poucos datos que lle facilita Novoneyra no corpo da súa carta.

Así no cuarto parágrafo do prefacio lemos que: “Foi María Mariño Carou boa e entranabre alumna dos ares da súa ribeira noiessa. Flor de fariña dos rodicios do mar suas areas [...]. Depoixa –xa vai pra moitas agromadas– rubiu ó Caurel... Semella este seu rubir unha anabasis da

primaveira ou no propio esprito a pelerinaxe ás fontes¹”. Vén cadrar todo isto con aquel: “noiessa que vive de fai trece anos no Caurel” apuntado na carta por Uxío Novoneyra.

A “alma feita pola Saudade” que recolle o courelao nesta primeira epístola parece ter o seu correlato naquel: “Un grimo diante o futuro, unha vivencia de saudades de alén. Collen fondura de Letheos, espellos de enxergares de afogados, os recordos onde os serans “ollan con luz d’aurora”, no escrito do patriarca.

“*Palabra no tempo* parte das cantigas do pobo. Eu coido que despois de tanta poesía alambicada, son bos libros así” continua Novoneyra. Concorde Pedrayo cando escribe que: “Os poemas [...] decorren todos asegún un ritmo antigo e xentil, da escola métrica dos regueiros nados na neve, do latexar das torgueiras antigas no lume, do devenir dos cansos camiños que sempre levan a un fito”.

De maneira claramente premonitoria o ourensán apunta ademais que as composicións “non han de ser de moitos entendidas. Precísase un noviciado de soedade e de silencio. Ten de ficar moi lonxe a vaidade do artista literario”.

Máis adiante afirma Novoneyra que acaba de recibir de Piñeiro “O ser i o tempo” entendemos que se refire a unha tradución ao español de *Sein und Zeil* o traballo máis importante do filósofo alemán Martín Heidegger, o M. H. da carta. Coñecido é o gusto e a importancia dada por Ramón Piñeiro á filosofía de Heidegger. De feito serán el e Celestino Fernán-

¹Citase seguindo a primeira edición de *Palabra no tempo*.



dez de la Vega os artífices da aparición en febreiro de 1956, da tradución ao galego da conferencia “Von Wessen der Wahrheit” que baixo o título *Da esencia da verdade* publicará a editorial Galaxia.

Este comentario de Novoneyra parece ter así mesmo reflexo no texto oteriano, onde lemos que: “chegaremos cecais si somos bos e calados leentes á revelación de unha intimidade impresioante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso tráxico *do ser e do tempo*² na serra”.

Unha alusión moi semellante aparece nun pequeno artigo asinado por Uxío Novoneyra e publicado en “Céltica”³ onde a respecto de María Mariño se afirma que “ó decir de Heidegger, as palabras estan feitas ós entes e mal se axeitan ó Ser que é donde o noso poeta anda a “lonxear”. Un tema poético difícil iste do sentimento do Ser, pois inda sendo como é o mais universal ten o peligro da caída no vulgar das xeneralidades”.

Para rematar os comentarios a este primeiro documento, cómpre anotar que chama a nosa atención ese: “No Caurel escasean as máquinas de escribir” cando en realidade o poeta está empregando unha nese preciso momento. O corpo da carta, sacando o saúdo final (“Unha aberta de corazón”) e a sinatura, está mecanoscrito.

Anos despois, un 17 de decembro de 1965 María Mariño escribiralle a Ánxel Fole: “Las faltas me aturden, y hoy con los 39 que para mi marca la voz mercurio en

termómetros, mas todavía, casi no veo las letras. En la máquina surgen mas faltas por estar yo aprendiendo, claro”.

Desta afirmación podemos deducir que María Mariño foi unha muller que estaba disposta aprender mecanografía, aprendizaxe consecuente nunha firme vontade de ser escritora. Ademais queda clara a escolla consciente da lingua que emprega na redacción das súas cartas, e así mentres que para dirixirse a Fole escolle o español, na que lle manda a Pedrayo utiliza o galego.

CARTA II. DE MARÍA MARIÑO CAROU A RAMÓN OTERO PEDRAYO. 3 DE ABRIL DE 1960

Caurel, 3 de abril 1960

D. Ramón Otero Pedrayo

Trasalba

Distinto señor:

Onte, a pesar das frías neboas da teimosa invernia, sentía algo que me alumeaba. Presentia a sua voz que xa era chegada os tesos cumes, e que logo me alentou.

Quedolle tan agradecida! Fariame gran ilusion o que me remesara, xunto co libro i a copia dactilografica⁴ do prólogo, o orixenal autografo para conservalo sempre.

Saudo afectuosa

María Mariño

Esta é a única carta conservada das que María Mariño Carou lle puido escribir ao escritor ourensán. Trátase dun texto

²A cursiva é nosa.

³Céltica. *Caderno de Estudos Galaico-Portugueses*, organización de Oliveira Guerra. Exemplar sen data, páx. 303.

⁴Mecanografada, escrita a máquina.



formal, breve e sinxelo envolto nun certo halo poético, no que a autora expresa o seu agradecemento. A non totalmente convencida María Mariño afirma sentirse alentada polas palabras do escritor e aproveita esta breve epístola para lle pedir con determinación, o orixinal do libro que Pedrayo debía ter esquecido devolver pese as palabras de advertencia de Uxío Novoneyra na carta anterior (“unha vez feito o prólogo, devolveme o libro co il, pois non conta con outra copia”). María Mariño demanda ademais copia mecanoscrita e o orixinal manuscrito do texto escrito polo de Trasalba.

Das súas palabras deducimos que a comunicación epistolar continuou e que o resto dos documentos redactados por Novoneyra, Pedrayo ou Mariño non teñen chegado até nós.

Victoria Armesto conta en “O espello na man. Maruja”⁵ que a escritora “mantuvo una relación epistolar con don Ramón Otero Pedrayo, que le escribió el prólogo de su libro. Con su habitual generosidad don Ramón les invitó a visitarle en Trasalba, pero ya entonces Uxío estaba en Madrid, y María y Roberto solos no se atrevieron a llegar hasta la casa del patriarca de las letras gallegas”.

Nótese igualmente que nesta carta María Mariño emprega á expresión “tesos cumes” para se referir ás montañas do Courel. “Tesos cumes” será precisamente o nome da colección creada para a ocasión e sen continuidade en que se había de publicar finalmente *Palabra no tempo*. Ademais non debemos esquecer que Os

*eidos*⁶ de Novoneyra ábrese con estes coñecidos versos datados en 1952:

COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!

Eiquí síntese ben o pouco que é un home.

Finalmente sinalar que no galego courelao o termo tesos serve tanto para designar a unha lombra ou un outeiro como para referirse a algo que permanece dereito, firme.

CARTA III. DE UXÍO NOVONEYRA A RAMÓN OTERO PEDRAYO. 3 DE ABRIL DE 1960

O Caurel, 3-4-60

Amigo don Ramón:

Chegaron as súas verbas cando o Caurel entonaba por derradeira vez “o himno valente da invernia”. Por veces lendo o seu prólogo a *Palabra no tempo* non sabía se era o vento do souto ou as súas verbas, o que tiñan o mesmo són podente, as que me levaban a presenza do “último” que en nos hai e que se revela contadas veces.

As súas verbas “chegáronlle” de tal xeito a María Mariño que eu vin como na sua emoción incontida pulaba ise neno eterno das almas que non gasta o mundo. I-é que o prólogo é certamente delicado, parándose somentes no mais fondo que no libro vai.

Unha forte aperta do seu sempre amigo

Novoneyra

⁵La Voz de Galicia, 24-X-1970.

⁶Novoneyra, U., *Os eidos. Libro do Courel*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1981.



Nesta breve carta datada o mesmo día que a de María Mariño e seguramente enviada xunto a ela, Uxío Novoneyra acusa recibo do prólogo de *Palabra no tempo* e comenta a emoción co que foi recibido pola escritora a quen cualifica como un alma limpa e infantil moi en consonancia co afirmado na primeira das epístolas comentadas a respecto da poesía popular e nada artificiosa.

Non foi esta a única ocasión na que o courelao enxalzou a pureza e a ausencia de contaminación da obra e da persoa de María Mariño. Na separata que acompaña ao número de 3 da revista *Dorna*⁷, lemos: “María Mariño [...] parte sempre da cultura e a fala popular é pola súa incontaminación libresca e de culturas alleas a máis fiable a máis válida mostra da alma galega polo menos da de hoxe”.

CARTA IV. DE UXÍO NOVONEYRA A RAMÓN OTERO PEDRAYO. 28 DE ABRIL DE 1960

O Caurel, 28-4-60

Don Ramon Otero Pedrayo
Trasalba

Amigo don Ramón:

Recibin as tres copias do prologo i o texto de *Palabra no tempo*. A autora co pulo da emoción que lle deu o seu prólogo está escribindo pro mesmo libro novos e bos poemas e nos que xa usa a súa palabra “cantigar”.

Como xa lle dixen, tiña pensado ir a Ourens pola Pascoa, cando “asi como eu bebería

bon viño de Ourens, asi queria bon son de que “cum te potens” para maestre Xohan”. Mais –avisaronme demasiado tarde pra preparar o recital de poesía trovadoresca g-p que eisixe tempo. Certo que cando estiven en Ourens por xaneiro tratáramos de que o recital se celebrase o 18 de abril, mais dende enton os de Posío non me volveron mentar a cousa hasta a vispera do aito, e son tantas as veces que cousas tratadas asi quedan en fume que eu agardaba unha confirmacion antes de poñerme a preparar o recital. Prégolle que cando baixe a Ourens me disculpe diante iles.

Quero que iste vran, veña coñecer o Caurel. Sobiremos a Devesa da Rugueira ia Campa da Lucenza nos tesos cumes, donde xa estuvo Piñeiro. Decindo voste, digo tamén a súa señora dona.

Unha aperta do seu sempre amigo

Novoneyra

Nesta ocasión Novoneyra di ter recibido “tres copias do prólogo”, parece lóxico pensar que Otero decidiu enviarlle en contra do que era o seu costume xa que el non acostumaba a utilizar a máquina de escribir, algunha copia mecanografada do prólogo redactado o mes anterior.

Remata Novoneyra este primeiro parágrafo aludindo ás novas inclusións léxicas da poeta. Efectivamente o termo cantigar aparece no poema número 38 de *Palabra no tempo* onde a voz feminina do Courel escribiu:

Sempre é o mesmo xeito o teu vello cantigar.
Eres pouco, eres muito, eres un mar i outro mar.

⁷“Dorna. Expresión poética galega”, separata do núm. 3, Santiago de Compostela, 17 de maio de 1982.



Disto podemos deducir que *Palabra no tempo* foi, polo menos durante uns meses, un poemario aberto, inconcluso ou semirrematado e sometido a diferentes modificacións. A autora escribía con continuidade e ía aportando composicións novas e seguramente modificando ou revisando as escritas con anterioridade. Afiánzase con todo isto esa vontade autorial firme e consciente nalgunha ocasión cuestionada a respecto da obra da escritora de Noia.

Nesta cuarta carta Novoneyra recitador incansábel e bo coñecedor da nosa tradición medieval, transcribe para o de Trasalba a terceira estrofa do poema número 73 recollido no Cancioneiro da Vaticana. O texto da autoría do rei sabio, comeza precisamente, cunha alusión á Pascua:

Como eu en día de Pascoa quería ben comer
así quería bon son lexeiro de dicer
pera mestre Xohan.

Así como quería comer de bon salmón
así quería bon son de que “cum te potens”.
pera mestre Xohan.

Así como eu bebería bon viño de Ouréns,
así quería bon son de que “cum te potens”
pera mestre Xohán⁸.

A continuación o courelao fai referencia a un recital poético que tiña concertado cos membros de *Posío. Arte y Letras*. Esta asociación cultural ourensá que contaba coa colaboración ocasional de Otero

⁸Ourense, craro río, verde val. *A cidade na voz dos seus poetas*. Marcos Valcárcel (ed.), Colección Auria, Concello de Ourense, 2001, páx. 13.

Pedrayo e Vicente Risco, xurdira na cidade en 1948 e convertéranse desde a súa aparición nun importante foco axitador da cultura local.

No *Faro de Vigo* do 17 de abril de 1960 podemos ler que o día seguinte, luns 18, ás oito da tarde na Aula de Cultura, Novoneyra participará nun recital poético organizado por *Posío. Arte y Letras*. A primeira parte do acto ía estar centrada no recitado de poemas dos cancioneros medievais, mentres que na segunda metade o autor tiña previsto dar a coñecer algúns textos do seu poemario inédito *Elegías del Caurel*.

O día 22 de xaneiro lemos en *La Región* o anuncio do aprazamento do recital “por indisposición del poeta”. Parece máis ben que o que sucedeu en realidade foi que Novoneyra se despistou na data do compromiso contraído cos membros da agrupación cultural ourensá.



A alusión a “cando estiven en Ourense por xaneiro” ten seguramente que ver cunha conferencia titulada “Nacimiento y vida de los mitos”, pronunciada por Álvaro Cunquero e promovida pola Agrupación



Posío, Arte y Letras en xaneiro dese mesmo ano⁹.

E xa para rematar podemos deternos nese convite que Uxío Novoneyra lle fai a Otero Pedrayo para que o vaia visitar ao Courel como xa fixera Ramón Piñeiro. Nun dos primeiros poemas de *Os Eidos*, repasa Uxío Novoneyra a xeografía do Courel e os coñecidos versos lémbra-nos ao parágrafo escrito nesta ocasión:

Hein d'ír ó Pía Páxaro i a Boca do Faro
deitarme na Campa da Lucenza nun
claro.
Hein d'ír á Devesa da Rogueira i a Donis

CARTA V. DE UXÍO NOVONEYRA A RAMÓN OTERO PEDRAYO. NADAL 1960

O Caurel, Nadal 1960

Don Ramón Otero Pedrayo

Trasalba

Meu querido amigo don Ramón:

Remésolle istes novos poemas de *Palabra no tempo* que María Mariño quere que vexa vostede antes de que se pubrique o libro no caso de que se edite nunha nova colección de poesía que teiman facer en Lugo. Dime tamén María Mariño que non se moleste en devolverlle os poemas pois quedase cunha copia diles, soio que si hai algo que a vostede non lle guste que mo participe pra logo ela suprimilo.

Moitos distes poemas van nunha nova sección do libro titulada “Mais alá da dor” donde María Mariño se achega mais e mais a esa “mudeza do ser” que vostede

xa apunta no prólogo, vendo a futura evolución do seu mensaxe.

Namais meu querido amigo, sépase coa miña compañía espritoal no inverno de Trasalba.

Unha forte aperta

Novoneyra

En poucos meses Novoneyra e Mariño renuncian a publicar en Citania, seguramente porque eran xa sabedores de que a editora bonaerense fundada por Diego Díaz Dorado e Luis Seoane en 1957 deixara de existir por volta de 1959. Nesta quinta carta insinúase a publicación en Lugo e nunha nova colección de poesía, o que nos aproxima a Edicións Celta. En realidade a publicación de *Palabra no tempo* inda se ía demorar un par de anos máis pero pese a todo o certo é que en 1960 o poemario debía estar máis ou menos concluído.

No artigo da revista “Céltica” ao falar do primeiro poemario de María Mariño, Novoneyra di que o libro aínda inédito, titúlase “Palavra no tempo” (Mais Alá da Dor i outros poemas). Entendemos que esta especie de subtítulo foi eliminado a última hora. Non podemos obviar así mesmo, as similitudes entre a sección “Mais alá da dor” desta carta e o recentemente publicado *Más allá del tiempo*¹⁰, onde se recollen unha miscelánea de textos escritos pola poeta, preparados para a súa edición entre outubro de 1965 e Nadal de 1965.

¹⁰María Mariño Carou, *Más allá del tiempo. O libro inédito de 1965*, Santiago de Compostela: Alvarellos editora, 2007. Edición ao coidado de Helena González.

⁹La Región, 22-I-1960.



Na carta dirixida a Ánxel Fole a propia María Mariño reconece que algúns dos textos de *Más allá del tiempo* “están hechos años antes de “Palabra no tempo”. Parece claro pois que algúns dos poemas que inicialmente ían ir nunha sección especial de *Palabra no tempo* acabaron sendo traducidos ao castelán para ser incluídos en *Más allá del tiempo*.

Ademais de lle facermos caso a María Mariño debeu comezar a escribir *Palabra no tempo* en 1958. Está é a data que figura baixo o título nunha das primeiras páxinas da edición de 1963. De todo isto podemos concluír que o proceso de edición e publicación do libro foi moi longo. María Mariño traballou nel polo menos durante cinco anos, os que van entre 1958 e 1963. Durante este tempo sabemos que cribaba e corruxía a súa creación.

CARTA VI. DE UXÍO NOVONEYRA A RAMÓN OTERO PEDRAYO. NADAL 1960

O Caurel, Nadal 1960

Amigo don Ramón:

Nistes días do Nadal –os chanteiros con gorriñas de neve...– penso en vosté e maxinoo a velar o inverno de Trasalba na memoria de todos os invernos dos que únxa somentes lembraba que eran longos, e que volven nun intre cando o vento encontra a voz máis fonda i o agarimo da casa é o colo da Virxe...

Ventureiro Ani Nobo

Novoneyra

Para rematar o noso traballo cómpre que sinalemos a existencia dunha carta no arquivo Penzol na que María Mariño Neu

lle escribe Ramón Otero Pedrayo cando xa *Palabra no tempo* estaba nas librarías, para preguntarlle pola escritora. Mariño Neu que non coñece persoalmente a Pedrayo, di ser familiar de Mariño Carou e ter perdido o contacto con ela hai moitos anos. Lamentablemente descoñecemos cal foi a contestación de Otero pero as dúas Mariño deberon chegar a poñerse en contacto porque “Oraciones”, un dos apartados en que está dividido *Más allá del tiempo*, está dedicado precisamente “a María Mariño Neu”.

O que si sabemos con certeza é que o 27 de novembro de 1967 Ramón Otero Pedrayo asinou un detallado artigo titulado “Outa craridade luguesa”¹¹ no que vai enumerando e comentando a obra dunha ducia de escritores lucenses. Entre eles figura, como non podía ser doutra maneira, o courelao Uxío Novoneyra de quen Otero dirá: “En Euxío Novoneyra as verbas, cada unha de seu, gardan fondura de versos. Proféticas e poucas. Como as águeas e os espíños en fro!”.

Non lembrou nesta ocasión Ramón Otero Pedrayo a María Mariño Carou, se ben é certo que no artigo non aparece mencionada nin unha soa escritora.

¹¹Otero Pedrayo enviou este artigo á revista “Lugo” do Centro Galego de Buenos Aires, onde se publicou unha copia do orixinal manuscrito. O texto foi recuperado polo profesor Afonso Vázquez Monxardín quen o deu a coñecer xa transcrito, en *Raigame. Revista de Arte, Cultura y tradicións populares*, Ourense: Deputación de Ourense, novembro de 2001, núm. 14.

A large, decorative, calligraphic initial letter 'P' in a grey color, featuring elegant flourishes and a cursive style.

Palabra e Verba:

abalo e devalo vital en María Mariño Carou

Xavier Castro Rodríguez



Dicía Uxío Novoneyra que “As cousas teñen un movemento seu acostumado e natural”. A vida ten, de certo, ese movemento e a morte, naturalmente, é un proceso natural. Por iso, no caso de María Mariño estes dous conceptos teñen unha relevancia moi importante e, como acontece con Rosalía, o binomio ‘vida–morte’ foi un piar poético permanente. Por iso este traballo nace á luz de ambas as poetas.

A obra literaria en galego de María Mariño, sintetízase nos dous grandes poemarios coñecidos (*Palabra no tempo* e *Verba que comenza*) publicados entre si con 27 anos de distancia, (1963 e 1990 respectivamente), se ben é certo que o segundo de xeito póstumo, moitos anos despois do seu pasamento en edición do Concello de Noia cando a figura de Antón Avilés de Taramancos era eixo vertebrador da cultura municipal. Como sexa, cómpre non esquecer que os poemas de ambos os dous libros foran escritos nun segmento temporal moi próximo e na estrutura e organización textual que a poeta fixo hai grandes trazos de similitude mais tamén interesantes diferenzas.

Como se dunha curiosa coincidencia se tratase, lembremos que o seu *Palabra no tempo* ve a luz no ano 1963, cen anos despois de que Rosalía de Castro (a poeta admirada e presentida en moitas composicións de María Mariño) dese ao prelo *Cantares Gallegos* aquel 17 de maio de 1863. Tamén Rosalía, como a poeta de Noia, tardaría moitos anos en ver publicado o seu segundo libro de poemas en galego, –1880 *Follas Novas*–, obra que finalizará a dimensión da escrita en galego da poeta.

Certo é que entre as dúas escritoras podemos atopar intensas relacións e parte do labor poético delas parte de realidades persoais similares: terra, mar, desacougo, familia, enfermidade... Lembremos as tan útiles ‘Dúas palabras da autora’ que son o pórtico literario de *Follas Novas*: “*Máis de dez anos pasaron ././ desde a maior parte destes versos foron escritos, sen que as contrariedades da miña vida desasegada, e unha saúde decote endebre, me permitise apousar neles os meus cansados ollos e o meu fatigado espírito*” (palabras que ben se poderían reproducir, en parte, na expresión de María Mariño)... E aínda máis coincidencia entre as dúas poetas cando Rosalía di que son versos “*pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón, fillos cativos das horas de enfermidade e de ausencias, refrexan quizais con demasiada sinceridade o estado do meu espírito unhas veces; outras a miña natural disposición (que n'en balde son muller) a sentir como propias as penas alleas*”.

Así tamén en *Verba que comenza* de María Mariño, a poeta fai agromar unha ollada de serenidade persoal e contunencia expresiva cando, naquelas liñas poéticas que se refiren á morte presenteada, –albiscada nun futuro non lonxano–, escribe aquel poema 19 no que está a alusión simbólica ao reloxo como paso da vida neste ‘Mundo’ co xogo da onomatopeia do seu “tic-tac” e un convite lírico final na procura do ‘Carpe diem’, é dicir: “agarrar o instante en cada alento de vida”, “aproveitar o momento mentres a morte non chega”:

“Ti sabes que pasando a túa ladeira
quedas atrás dun “titá” que se alonga
por riba de todo o teu



“titá” que parará pra sempre,
pero mentras, gana de ti a túa larganza,
gana o teu poderío,” (vv. 10-15)

Mesmo quen sabe se detrás daquel
“crucei o Mar da Marola e faloume no
seu són,” (v. 1, poema 21 de *Verba que
comenza*) non haberá unha velada insi-
nuación sobre o final da vida, insinuación
poética como a lagoa Estixia, o barqueiro
Caronte, ou arredor das almas que cru-
zan da beira da vida á beira da morte no
alento final.

Como sexa, é certo que se ten sina-
lado con frecuencia a importancia, trans-
cendencia, vencello e proximidade lírica
entre as dúas poetas. E así semella ser.
Porque nelas, literatura (é dicir creación
literaria) e tránsito ou periplo vital foron
as dúas caras dunha mesma realidade.
Palabra no Tempo (e *Cantares Gallegos*)
e *Verba que comenza* (e *Follas Novas*)
gardan importantes similitudes (tamén
diferenzas, claro está) tanto na expresión
lírica como nos contidos. Estes libros,
dous a dous, responden á necesidade
das poetas de ofrecer a través da palabra
impresa esa fervenza e dioivo vital (o aba-
lo), e o desacougo (o devalo): o manancial
da experiencia diante de si mesmas, polo
que o eu lírico sempre aparece nun lugar
moi destacado:

Poema 12 (*Verba que comenza*):

“Vou rolando, non me teño,” (v.3)

Poema 13 (*Verba que comenza*):

“Señor:
¿qué farrapo son de ti?” (vv.13-14)

Poema 15 (*Verba que comenza*):

“Vou buscando,
busco mañá e non atopo, busco día
e non o vexo” (vv. 4-6)

Poema 25 (*Verba que comenza*). A
poeta preséntase diante nosa dun xeito
lúdico asociándose ás regras básicas:
sumar, restar, multiplicar e dividir.

“Son a suma total
daquel que foi medindo
a pegada aquela que non digo,
pegada que soia se puxo o seu nome
Son resta da esperanza –diferencia
quedou–.
Multiplicada xa nacín,
¿pra que dividirme agora?” (vv. 1-7)

E así tamén, o eu lírico de Rosalía no
Poema 22 de *Cantares Gallegos*:

“Eu ben sei destes secretos
que se esconden nas entrañas,
/.../
Eu ben sei destes tormentos
que consomen e devoran”. (vv. 17-18
/21-22)

E que mellor maneira de presentar-
se diante da realidade –tamén dos lec-
tores– que mediante a reafirmación da
propia identidade como fai María Mariño
no 1º poema de *Palabra no tempo*, unha
composición sen título na que a secuenc-
cia “¡Son aquela!” é repetida en nove oca-
sións e actúa coma un estribillo eufónico,
musical ao longo do poema que xa nos
vai descubrindo outras claves da poeta:

1º.- O estado vital, no que salienta a
soidade, o pesimismo e esa recorrente
presenza da morte:



“¡Son aquela! / Son aquela sempre soia / que paseaba a ribeira / a ver si nela a topaba, / a ver si nela afogaba.” (vv. 27-31)

2º.- O xogo de contrarios, –a través dos recursos literarios da anáfora e a antítese–, que representa a dúbida tanto persoal como espiritual:

“eu quería quedar soia, / eu quería compañía”. (vv. 36-37)

Pero nelas dúas, aínda hai máis trazos comúns que demostran esa pulsión optimista e vital (o abalo) e tamén o desacougo, a derrota (o devalo):

***Nelas conviven poeticamente os espazos urbanos, rurais e mariñeiros:**

En *Cantares Gallegos*: “Campanas de Bastavales, / cando vos oio tocar”.

En *Palabra no tempo*: “Campanas [de Noia] que tocadeis / todas do mesmo xeito”.

E tamén Valga, Padrón, Lestrove, Muxía, Caldas.... nos *Cantares* e San Martiño, Pedra Chan, San Paio, Noia, Rías Baixas, O Courel.. na *Palabra*.

*Nelas están as realidades familiares e cunha especial incidencia a figura das respectivas **nais**:

(Así ocorre tamén na obra de Francisca Herrera Garrido –a terceira poeta na historia das Letras Galegas– especialmente no seu poemario ‘*Sorrisas e bágoas*’ (publicado en Madrid e ateigado de referencias femininas) cando se refire ao universo feminino en varias ocasións:

“¡Naiciña! ¿Por qué me chamas / Antr’as sombras do mistéreo!”).

Rosalía, no poema nº 33 de *Cantares Gallegos* que comeza: “Cómo chove miudiño, / cómo miudiño chove”, expresa así ese sentimento: “¡Probe nai, cánto te quero! / ¡Nai tamén –ai– da nai miña! / O teu chan de amor prefiero / a canto hai grande ou severo / en toda a terra xuntiña”. (vv.111-115)

E María Mariño no poema titulado de xeito explícito “Miña nai” di así: “¡Atopeiche, miña nai! / ¡Atopeiche! / ¡Volvo de novo en min, / volvo de novo a olvidar ¡ / Arrecendo a túa chombra, que onte gardei sen lavar, / arrecendo a túa mantilla e ¡volvo de novo a olvidar!” (vv. 12-17) .

*Nelas está o enxalzamento da **vida rural e festiva**:

Xa no título ‘*Cantares*’, aparece esa alusión alegre e popular, ou na presenza inicial e final da “menina gaitreira”, o canto, a música, o baile, as festas populares que podemos condensar nos versos iniciais do poema 32 de *Cantares Gallegos*: “Si a vernos, Marica, nantronte viñeras / á festa do Seixo na beira do mar, / ti riras, Marica, cal nunca te riches / debaixo dos pinos do verde pinar” (vv.1-4).

Tamén así sucede en *Palabra no tempo*, como se pode ver no poema titulado “Historia e gaitreiro”. Ou no poema nº 3, titulado “O meu tempo” onde hai espazo lírico para “as cunchas da pandereta” (v. 16) e para “a muiñeira que medraba...” (v. 17). Mesmo no brevíssimo poema nº 9 que comeza co verso “Sempre hai verba que non di e bon alalá que non zoa” ou no



poema titulado “Noite de San Johán” que é, por excelencia, o enzalamento da festa, a ledicia, o baile e a música: “A noite arrecendía a herbas i a rosas na velada” (v. 1), asunto este, dunha festividade tan significativa, que tamén aparece en Rosalía no poema nº 12 de *Cantares Gallegos* que comeza cos versos: “Vinte unha crara noite, / noitiña de San Xoán, / poñendo as frescas herbas / na fonte a serenar”.

*Nelas está a **relixiosidade popular**, a imaxe dun Deus, o Señor (acubillo para crentes), sempre desconcertante. Ademais, na poeta de Noia salienta a aparición de determinados símbolos como o cruceiro, (“Somos terra de cruceiro” v. 2, poema nº 7 titulado explicitamente ‘Cruceiro’ de *Palabra no tempo*), o rosario (asociado á figura da nai), o Convento (de San Francisco)...

*Nelas está o **desacougo vital** dunha enfermidade inexorable; unha doenza que, en esencia, é parte fundamental tanto da *Verba que comenza* como das *Follas Novas*.

En Rosalía, no ben coñecido poema titulado “O toque de alba” que inclúe versos tan significativos como: “cun pé posto onde brilan os astros, / e outro onde a cova me fan” (vv.55-56), poema que remata cos coñecidos e polisémicos versos (de varia interpretación) denominados da “*Negra Sombra*”: “Cando penso que te fuches, / negra sombra que me asombras, / ó pé dos meus cabezales / tornas facéndome mofa”. (vv. 69-72)

En María Mariño, clara e diafanamente, ese desacougo agroma no poema 33 que pecha o libro e culmina (simbólica e

premonitoriamente) o seu ciclo vital; poema que comeza con: “¡Cantos alentos pra unha fosa-Deus!” (v. 1), e remata cunha declaración sobre o consolo da relixión e da fe outrora abrazadas:

“Sin saber pra onde ir nin a onde agarrarme, / de todo núa, cando dela de a feito non sabía / agarreime ó vestido da fe. / Hoxe, co vestido vello xa, / voume, / voume indo.” (vv.24-29)

O *ABALO VITAL*. Estaría representado en ‘*Palabra no tempo*’ (cando a palabra lírica en galego estaba a comezar na poeta). Libro editado no ano 1963 [Ed. Celta. Lugo. Colección Tesos Cumes nº 1 e prólogo de Ramón Otero Pedrayo] cando a poeta conta con 56 anos. Poemario tardío –serodio– de madurez persoal que acolle 70 composicións. O abalo, (a preamar), ese ton vital e máis optimista agroma en moitos dos poemas en forma de lembranza: a infancia, Noia, a figura materna, a mocidade, os anos no Courel...). Un poemario no que salientan dous aspectos compositivos ben rechamantes:

As composicións longas fronte ás breves (as veces brevísimas) da segunda parte; poemas estes que se configuran como sentenzas líricas e expresión do sentimento que nace desde a cerna espiritual. E en segundo lugar, a presenza e uso constante do diminutivo que semella dar un ar de familiaridade e intimidade coas cousas e persoas máis próximas. Composicións que expresan a forza do humano, o sentimento telúrico, a fusión coa matria. Poemas nos que a escritora parece unirse á vida coa consciencia e a conciencia da morte inexorable. Aferrarse á vida dende a propia experiencia, por iso



na segunda parte do libro está presente constantemente a primeira persoa: 'son', 'sinto', 'miro', 'teño', 'pensei', 'sentín'...

Mais ese sentimento tamén se conxuga coa traxedia e cun denominador relixioso que agroma nalgúns versos, unhas veces utilizando o recurso poético (universal e clásico) do tema do 'Ubi sunt?' ("que foi de..."; "onde van as cousas?"; "u-lo tempo?") e tamén asumindo que a morte é un proceso necesario para a vida dos que veñen. Así, no poema 29 de *Palabra no tempo*, onde aparece a imaxe da 'folla seca' do souto (e dos castiñeiros) que despois de morrer serve de semente para un novo proceso natural: nacer, vivir, morrer que entronca cunha tradición relixiosa: "¡Folla seca! / Logo serás a vianda / doutras folliñas novas, / doutras folliñas brancas." (vv. 14-17). E xa máis claramente nos versos finais (18-19): "Onde pousaches a sombra / do vello són da esperanza?". Esperanza e dúbidas existenciais que aparecen de xeito explícito en versos coma estes, onde a poeta recolle a imaxe do 'camiño' (moi frecuente e reiterativa) como metáfora do sino vital. Así di a poeta nos dous únicos versos que compoñen o poema 60 de *Palabra no tempo*: "Ando por un camiño que non vexo o seu sendeiro. / Dou topadas que me firen buscando o meu verdadeiro". Unha curiosa asociación na poeta: 'camiño', –metáfora terreal do que vai dar á montaña–, e 'río', metáfora acuática que vai morrer ao mar.

O DEVALO VITAL. Sentimento presente en *Verba que comenza*, cando a verba estaba a murchar, a esmorecer. Eis un tremendo paradoxo e actitude de valentía: a voz que comeza cando a vida está a rematar... Son os 33 poemas escritos ao

longo dun ano (marzo 1966-marzo 1967), composicións de impresionante emoción e admirable valentía que permanecen coma testamento persoal e literario. Antes de partir, a poeta arela deixar o traballo rematado e, ao igual que nas *Follas Novas* de Rosalía, en María Mariño tamén hai *Vaguedás*, poemas *Da terra*, hai *Varia* e moito *Do íntimo*.

Agora, a poeta non pode soslaiar, evitar a idea dunha morte próxima e presentida. A poeta que experimentara a escrita en castelán e galego nos anos anteriores, asume agora o seu idioma para estes poemas finais... O devalo da vida, (a baixamar), coincide co sentimento de querer deixar a súa 'verba' (termo reiterativo sobre todo nos primeiros poemas) cando a poeta xa é consciente (desde o primeiro poema) da súa realidade, entre o devalo e o abalo vital:

Poema 1 de '*Verba que comenza*':

"Das ondas que soia van, van e van,
delas son,
de cando veñen e vein vindo,
delas son..." (vv. 14-17)

Un xogo eufónico, musical, case vangardista na disposición das palabras que dan a imaxe no lector das ondas indo e vindo, (devalo-abalo), e que se plasma dun xeito rítmico mediante a utilización poética da *aliteración*, é dicir, a repetición de palabras ou fonemas que dan unha cadencia ao ritmo ou que tentan chamar a atención do lector. A propósito deste recurso literario, cómpre lembrar a coñecida discusión sobre as lecturas (moitas ou poucas) da autora de Noia. O que si é certo é que a formación poética, lírica, debeu ser moi importante se nos atemos



aos recursos que a poeta vai utilizando e que sería impensable foran unha mera coincidencia. Vexamos enumerados algúns deses recursos. Uso de: *metáforas*; *imaxes*; *símbolos*; *aliteracións*; reiteracións *anafóricas*; *personificacións*; uso do tema lírico do *Ubi sunt?*; a *antítese*; o *dilema* (nun país coma o noso no que se fai uso constante deste recurso baseado en dúas proposicións contrarias); elaboración de *sonetos* –composicións sempre complicadas para os poetas–; a *creación* de palabras (algo moi orixinal e singular na poesía en xeral e na súa en particular: “maio-mundo-longo” (v. 14, poema 24 *Verba que comenza*, “home-tres” (v. 9), “campos-teitos” (v. 19) e “morta-longa” (v. 20) do poema 5 de *Verba que comenza...*); o xogo da *metaliteratura* (escribir literatura sobre a propia literatura existente e sobre os seus grandes temas e creadores): o mito do río que vai ao mar, a dualidade vida-morte como proceso natural, a voz de Rosalía, Francisca Herrera Garrido e do nicaraguano Rubén Darío de quen calca ese “Xuventú divino tesouro”, –v. 16 no poema 29 de *Verba que comenza...*–, recollido de ‘Canción de otoño en primavera’; e tamén a inclusión dalgunhas outras figuras literarias como a *epanadiplose* (ou epanalepse), uso da mesma palabra no inicio e na fin do mesmo verso e a *anadiplose* (ou anástrofe), é dicir repetir a parte final dun verso, no inicio do seguinte.

Difícil parece que tal cúmulo de recursos, figuras e tropos literarios sexan froito do azar ou a coincidencia.

En ‘*Verba que comenza*’ todo se vai descubriendo, debuxando e trazando desde a soidade-saudade que rodea e abrangue tanto á poeta como ás cousas

do seu carón. Na pescuda de respostas, a poeta asume os símbolos-metáfora da transición da vida á morte que son o ‘camiño’ e o ‘mar’ trasuntos evidentes da ‘terra’ e a ‘ribeira’, quen sabe se do Courel (de adopción, e daqueles eidos líricos de Novoneyra) e de Noia (o espazo de nacemento).

E a presenza da “Verba”, como afirmación do que a poeta tenta deixar logo da súa morte. Un termo recorrente neste segundo poemario que aparece explicitamente en nove dos dez primeiros poemas do libro:

“desde onde as miñas verbas che ma-goan” (poema 1)

“verbas-contas” e “troca tempo por verbas...” (poema 2)

“luz-verba” (poema 3)

“verba que comenza” (poema 4)

“Sempre verba do chan máis fondo” (poema 6)

“Dá mareas de verbas feitas” (poema 7)

“¿Aonde irás dar miña verba...” “verba que nace soía” (poema 8)

“vela a verba en que me deixas” (poema 9)

“caendo / vas na verba / verba que rixe, / verba enteira que é” (poema 10)

Un devalo, en definitiva, que xa viña marcado polos versos da poeta cando afirmaba que:

“Mareas que en min aboian nunca son de preamar. / Non dan calo ós meus navíos que dela veñen buscar” (Poema 64, vv.3-4 de *Palabra no tempo*)



A poeta deixounos dous libros en galego moi próximos no tempo e que comparten composicións de sentido moi parecido e que gardan a esencia dunha poeta feliz na lembranza da nai e a infancia, e dorida e saudosa (como non podía ser doutro xeito) diante da morte presentida.

Quédanos a súa *palabra*, a súa *verba* e a lembranza de saber que a súa voz resoa ao abeiro de Antón Avilés de Taramancos, Manuel María e Uxío Novoneyra, nos ecos de Noia e nos tesos cumes do Courel.

A cuestión da lingua
en María Mariño

Esperanza Mariño



A declaración, en xeral polémica, do Día das Letras Galegas 2007 consagrado á escritora e coincidente co centenario do seu nacemento (1907-1967), supuxo un auténtico *annus mirabilis* a respecto dos estudos sobre a súa vida e obra, aspectos ambos case descoñecidos durante anos e logo tratados de xeito abondo máis livián.

Cómpre destacar no aspecto lingüístico, xa nun principio, o emprego dos idiomas galego e castelán por parte da autora, tanto a nivel oral como escrito. Aínda viven persoas en Boiro e Parada do Courel que lembran a noíesa expresarse a cotío en castelán, se ben a súa familia e algúns amigos testemuñan o uso esporádico da lingua galega¹ que, por outra banda, demostra dominar mediante as correctas colocación dos pronomes –algo inusual entre os neofalantes– e conxugación verbal.

Na escrita ten predominado a imaxe da “poeta” en galego debido á publicación de *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990), por descoñecemento do resto da obra: *Más allá del tiempo* (libro de poemas e algúns relatos curtos, basicamente autobiográficos) e a narración aínda inédita *Los años pobres. Memoria de guerra y postguerra*. Que María se propoñía ser escritora bilingüeponse de relevo nunha carta ao escritor lugués Ánxel Fole, onde se lle queixaba do rexeitamento do gran poeta e amigo Uxío Novoneyra perante os poemas de seu en castelán. Tal carta está datada no Nadal de 1965 cando, mirrada xa pola leucemia que a fere, o estado febril provócalle confesa-

dos trabucamentos na reprodución das letras:

Muchos de los poemas estan hechos años antes de “Palabra no Tempo” Novoneyra me ha escuchado alguno a duras penas. No estabamos de acuerdo. A pesar que le gustaban mucho, decia que eran buenos, con todo y ello no queria oir nada en castellano. Cosa extraña ésta²...

Queda logo patente a determinación do poeta courelao por que asumise na escrita a lingua vernácula. Non en van aquel deixara manifestada tal militancia como forma de vida.

A Fala é o único sitio onde seguen vivos os antepasados, a única forma audible de supervivencia (...). Claro, o da Lingua non é unha emoción baleira, nin que che veña dada por ideoloxía. Non a utilizaron para fanatizarte, inda que puidese ser tamén utilizada neste sentido. Do que non cabe dúbida é de que, aí, aí hai algo. Ese algo é a pervivencia de todo o pasado memorial e inmemorial referido a ti e ós teus. (*Dos soños teimosos*, 1998: 24-25).

Quizais a inseguridade na utilización do código pola inexistencia dunha gramática específica (a devalar entre o galego noiés e o courelao, unha rareza na literatura de noso), alicerzase a determinación da “noíesa do Courel” –en palabras de Novoneyra–, por comezar a escribir nunha lingua máis familiar e cómoda. Secasí a madurez, que non depende da lingua, permítelle consolidar a superioridade xeneralizada dos poemas en galego fronte aos demais. Compárense, por exemplo, o ritmo e a fluidez, así como a mensaxe

¹Vid. tanto X. Agrafoxo (2007: 106, 160) como E. Mariño (2007: 25, 26).

²Fragmento reproducido íntegro dentro do apartado documental pertencente á edición de *Más allá del tiempo*.



sentimental, dos titulados respectivamente *NOYA* e *NOIA*, ambos toda unha declaración de amor á vila natal pero menos panexírico e máis intimista o segundo –a través de saudosos ecos rosalianos e da beleza pola comunión absoluta co mar, a luz e a paz no espello da memoria–.

¡Cuántas cosas te diría
si yo supiese cantar!

Hablaría de tus voces
cuan bello coro en la aurora,
entre el sueño de tus calles,
haciendo vibrar el día,
haciendo sentir la rosa
ya nacida en poesía,
haciendo su alma agonizar,
aquella...
la que tú has visto llorar.

¡Cuántas cosas te diría
si yo supiese cantar!

Hablaría de tus *pontes*,
de tu fiesta en romería,
de tu encendido pecho,
de tu lleno en alegría,
de tus templos.

¡Oh, cuántas cosas te diría!

Sólo aliento es tu contorno.
O TAPAL urna de tu eco.
Sombra de un sol que es tuyo.
Luz de alma que quemó en su seno.
Gigante en la criatura.
Mudo caminar del tiempo.

SANTA MARÍA A NOVA,
enredada fuente de mi mente.
Cascada en el retorno,
del nuevo mundo al que espero,
en Ti. ¡CRUCEIRO!, pecho de alma,
en Ti. Pórtico luz del ciego.

Un claro día me has visto nacer.
En tu vibrante calma me has visto crecer.
Ya que en ti reinó
la flor de mi niñez,
que reine la hoja seca
que ella marcó,

¡que reine!,
que reine en ti

Quiero que recuerdes al verme morir
cuando me veías crecer
con ansias
de vivir.

1

Campanas que toca des
todas do mesmo xeito,
unhas chegádesme á alma
e outras ó pensamento.

Pobos donde eu vivín!
Algúns eran máis feitos
e queríanme enganar,
mais eu nunca sentín
neles o meu fogar.

O meu fogar téño en ti:
no teu vivir e nas tres pontes
e das campanas os toques,
toques que eran pra min.

Fóra de ti cando as oio,
e sendo o mesmo tocar,
recóloas no pensamento,
xa non pasan máis alá.

2

Ribeiras de mar enxoi to!
Ribeiras de pleamar!
Quedas, vellas ribeiras,
agardan un mar i outro mar.

3

Os serás nas Rías Baixas
ollan con luz de aurora,
ca súa mirada queda,
silencio daquela hora...

(Mariño 2007: 161-162 e 2006: 102-103)

Por suposto, a inexistencia dunha
normativa nas décadas dos cincuenta e



sesenta dá orixe ás interferencias lingüísticas que, á parte dos dialectalismos, pódense clasificar segundo a profusión en: castelanismos, vulgarismos, hiperenxebriños, arcaísmos –formas caídas en desuso– e lusismos ou portuguesismos. Para mostra, o poema reproducido que parte da fala popular, de aí os dialectalismos coma o uso da conxunción *e* perante vogal (*e outras*) en alternancia con *i* (*i outro*), ou o da contracción *ca* (por *coa*).

Abundan os castelanismos, en especial os fónicos e morfolóxicos, cando modifican un fonema ou grupo consonántico semiculto (pr-} pl-) e substitúen o fonema correcto por outro: *engañar, pleamar* –en vez de *enganar, preamar*–, ou ben evolucionan o sufixo feminino –ana} -á: *campañas*, tamén *mismo, donde* –por *mesmo, onde*–). De castelanismo léxico só hai un exemplo, o da substitución dun termo correcto polo espurio, así *concellos ou municipios* por *pobos*, que só debe utilizarse cun significado abstracto. Detéctase un único vulgarismo (*pra*).

Percíbese a flutuación entre os bloques lingüísticos occidental e oriental, as áreas físterrá e oriental central, as subáreas do Tambre-Barbanza e A Fonsagrada-O Courel-O Bierzo (que engloba a microsubárea do Courel). En *Palabra no tempo* predomina timidamente a segunda subárea, evolución esta rota por *Verba que comenza* ao supoñer, entre outras cousas, unha procura das raíces e do pasado antes da despedida.

Aínda que non aparezan exemplos no texto, un aspecto salientable do estilo vén sendo a utilización do diminutivo, algo moi rosaliano. Tamén a notoria presenza de comparacións e repeticións de ma-

nancial popular. Outra nota significativa constitúea a temporalización pois conviven dous tempos contrarios, presente e pasado, que subliñan a oposición entre a lembranza e o recordo posterior.

A respecto dos tropos e figuras estilísticas, sorprende a abundancia (partindo, outra vez, dos poemas reproducidos, pódense destacar numerosos exemplos). O tropo ou palabra non habitual máis común consiste na mudanza dun vocábulo por outro debido á similitude, velaquí a metáfora:

O TAPAL *uma de tu eco*.

Das figuras de dicción presentes en todos os poemarios destacan tres; entre elas, a anáfora ou repetición dunha ou varias palabras ao comezo do verso:

en Ti. ¡CRUCEIRO!, pecho de alma,
en Ti. Pórtico luz del ciego.

Ribeiras de mar enxoiito!
Ribeiras de pleamar!

Outra vén sendo a anadiplose ou redución, repetición dunha(s) palabra(s) ao final e comezo de cada verso...

¡que reine!,
que reine en ti

e das campanas os toques,
toques que eran pra min.

Xunto co paralelismo ou similitude sintáctica:

haciendo vibrar el día,
haciendo sentir la rosa

unhas chegádesme á alma
e outras ó pensamento.



Entre as figuras de posición atópase o hipérbato ou alteración da orde sintáctica normal dunha secuencia:

Sólo aliento es tu contorno.

e das campanas os toques, (...).

E nas de diálogo e argumentación, o apóstrofe ou invocación a un destinatario textual que converte en real o que se expresa:

¡Cuántas cosas te diría
si yo supiese cantar!

Campanas que tocastes

Tamén a exclamación ou expresión intensa do sentimento:

¡Oh, cuántas cosas te diría!

Pobos donde eu vivín!

Finalmente, entre as figuras de ficción cómpre sinalar a personificación ou prosopopea, que concede calidades humanas a seres inanimados:

Os seráns nas Rías Baixas
ollan con luz de aurora, (...).

En canto á métrica, ambos poemas teñen rima, con predominio da asonante. O primeiro poema baséase en estrofas cun número irregular de versos; o segundo, máis homoxéneo, presenta así e todo unha estrofa con desigual medida. Co paso do tempo a escritora romperá toda atadura para potenciar o versolibrismo, en xeral cun menor número de estrofas pero máis versos e de maior largura.

A composición en castelán anuncia tamén fenómenos repetidos ao longo de

toda a obra poética, como a distorsión sintáctica e morfolóxica. Tres exemplos aparecen nos versos *de tu fiesta en romería, de tu lleno en alegría*, susceptible de se interpretar tanto polo emprego superfluo da preposición *en* como pola ausencia do artigo diante do substantivo, xunto coa conversión dun adxectivo *–lleno–* en substantivo. Tal distorsión gramatical constitúe o aspecto máis rechamante, algo en verdade insólito naqueles anos sesenta, de aí o alcume acuñado por Novoneyra de “dinamiteira da fala”. Tempo despois, o grande escritor Xosé Luís Méndez Ferrín converteuse no segundo admirador, que mesmo quedou subxugado pola frescura e dinamismo revolucionarios da poeta a nivel formal; non en van escribira dous entusiastas artigos para o xornal compostelán *La Noche* (25/2/1965), intitulado o primeiro deles *Un idioma novo*.

o feito da ruptura interior do idioma en María Mariño (ruptura que non escluí unha sutil fidelidade ao chamado xenio da lingua) rica sin ser tocada a sustancia da súa poesía. Inicieo o meu percorrido pola epidermis. Agárdame por explorar toda unha inmensa e tebgrosa fraga, alagada pola néboa, onde xacen acochados os termos esenciais dista conducta poética sin precedentes.

A xeito de colofón, non se deben esquecer as verbas do gran mentor Novoneyra. Na *Elexía previa a María Mariño* –datada no Courel en febreiro de 1966, mentres tenta aferrarse a un pasado máis venturoso–, a dor do presentido adeus derrámase nun fermoso e sentido panexírico onde non podía deixar de subliñar o trazo subversivo fronte á mediocridade. Por iso, defendamos a necesidade da memoria.



*A fala galega xa non se moverá en
cen anos:*
(García Negro 2007: 83)



BIBLIOGRAFÍA

- AGRAFOXO, Xerardo; *Biografía de María Mariño1*, Editorial Galaxia, Vigo, 2007.
- AGRAFOXO, Xerardo; *María Mariño2*, Excmo. Concello de Noia, Noia, 2007.
- AGRELO HERMO, Xosé; *Cantiga da costureira poeta María Mariño*, Xunta de Galicia, Noia, 2007.
- ALONSO, Fran; *A vida secreta de María Mariño*, Edicións Xerais, Colección Merlín, Vigo, 2007.
- ARIAS CHACHERO, Patricia; *Antoloxía poética*, Editorial Galaxia, Vigo, 2007.
- BLANCO, Carmen; *María Mariño*, Edicións Xerais, Vigo, 2007.
- GARCÍA NEGRO, Pilar; *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*, Edicións Laiovento, Ames, 2007.
- MARIÑO, María; *Más allá del tiempo*, Alvarellos Editora, Santiago de Compostela, 2007.
- MARIÑO, María; *Obra completa*, Edicións Xerais, Colección Clásicos, Vigo, 2006.
- MARIÑO DAVILA, Esperanza; *‘Diccionario’ María Mariño*, tresCtres Editores, Santa Comba, 2007.
- NOVONEYRA, Uxío; *Dos sonhos teimosos*, Editorial Noitarenga, Santiago de Compostela, 1998.
- RIVEIRO COELLO, Antón; *A voz do lago*, Editorial Galaxia, Colección Árbore, Vigo, 2007.
- VV.AA.; *Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*, Servizo de Publicacións, Universidade de Santiago de Compostela, 2007.
- VV.AA.; *María Mariño Carou. Letras Galegas Galegas 2007*, Xunta de Galicia, 2007.
- VV.AA.; *María Mariño en Alameda* (Revista da Sociedade Liceo de Noia), nº 26, Noia, 2007.
- VV.AA.; *Praza das Letras*, nº 3, Xunta de Galicia, 2007.

*L*iteratura e mulleres

Teresa Moure



I

Na nosa vida social, as palabras úsanse de cote para darlle aparencia de realidade ao puro vento. Non querería, pois, que as miñas palabras soasen a máis do mesmo, a pura cortesía académica: estou encantada e agradecida a Asociación Cultural Barbantia, que me brinda a oportunidade de partillar esta sesión convosco. A ver se o damos pasado un pouco ben.

II

Pedíronme que considerase o asunto da voz das mulleres na literatura actual. Non vos creades que me gusta moito porque moitas veces é unha arma perigosa. Vexamos: un dos debates máis recorrentes nos últimos anos sobre literatura ten a ver coa presunta existencia dunha literatura chamada feminina ou de mulleres. De tanto evocalo, o asunto é tan trivial que xa dá noxo: diríase que un grupo de mulleres requedidas decidiran tomar por asalto a literatura e, a partir dese momento, desconsiderar o traballo dos homes, ou sobrevalorar o traballo das mulleres ou, como no deporte, competir por separado. Na maioría dos foros onde se aborda, este debate está condenado ao fracaso porque responde a unha actitude superficial, que pregunta por disparar mais non agarda sequera polas respostas. Neste caso, a cuestión redúcese até ter pouco a ver xa co xénero. “Oh!, existe o xénero? Continúa a existir un rol reservado ás mulleres na sociedade posmoderna?” parece dicir con retransa un entrevistador, formulando una pregunta que, de puro nihilista, lembra aquela outra de “Ah, mais aínda

existe a loita de clases despois da caída do muro de Berlín?”. A pregunta sobre literatura de mulleres precisa formularse dun xeito máis esencial, máis feroz.

Convidovos a aceptardes, por un momento, a hipótese de que fose posíbel construír unha literatura feita por mulleres, con algún tipo de recursos que non estivesen contemplados na literatura de homes. Non será preciso insistir en que, como toda compartimentación, esta sería relativa e podería derrubarse en calquera momento: cando dicimos *literatura infantil*, *literatura oral*, *literatura de masas* ou calquera outra etiqueta, asumimos que son categorías difusas, que acaban por non encadrar nada. A saga de Harry Potter, por exemplo, forma parte da literatura chamada infantil, aínda que non resulte nada claro que se quere dicir con esta atribución para unas narracións tan tupidas e tan sensíbeis ao público adulto. Asemade, O Código Da Vinci vén sendo clasificado como literatura de masas, quizais máis como resultado do seu éxito de vendas que de ningún atributo de seu. De feito, a xente importante do mundo da literatura: as críticas, os teóricos, as editoras, os escritores de sona axiña din: “Ai, eu non o lin!” E logo, deron a súa cualificación ao libro sen o leren? Pois iso denota prexuízo porque tal non farían con outros produtos literarios.

Porén volvamos ao suposto anterior: o de defendermos a existencia dunha literatura das mulleres con algún tipo de perfil (temas, ton, contidos, estilos, o que sexa). Nese suposto hipotético, o feito de que as mulleres sexan sempre segundonas nas historias da literatura, da arte, do mundo pasaría a cobrar singu-



lar importancia. Porque a literatura faise coa materia prima da palabra e o tópico asegura que as mulleres son máis falanqueiras que os varóns. No entanto o seu (o noso) é un discurso irrelevante, lixeiro, discurso de conversa, de charla, de relato oral, pura rexouba. O discurso masculino, no entanto, é elevado, ás veces científico, rigoroso, ou artístico. Por iso, ante o home do tempo pode desexarse un prognóstico equivocado, que faga dúbida da súa sabedoría, mentres que diante da súa compañeira, a “rapaza do tempo”, non se espera nin que atine nin que falle, só que alegre o ollo. En consecuencia, unha literatura “de mulleres” sería un impensábel: as mulleres non escriben e, de o faceren, non existe unha cosmovisión feminina, daquela escribirán mellor o peor, mais dentro do mesmo canon deles, o único que por definición pode existir.

Tomarei partido. Ese suposto está errado precisamente porque existe unha cosmovisión feminina. Máis aínda. O movemento feminista debe reivindicar a súa aposta libertaria hoxe, cando corre o risco de ser asumido polas institucións e os seus departamentos de igualdade; noutras palabras, cando pode ser fagocitado polo poder. De seguirmos pensando no feminismo coma un activismo político (non coma unha moda politicamente correcta), temos que loitar contra o modelo de escribir mellor ou peor, tan propio do pensamento dominante, do patriarcado, dos administradores das artes. Daquela, si creo que hai unha literatura feminina, mais non todas as mulleres que escriben producen literatura feminina. E non entrarei a considerar se iso é bo ou malo. Simplemente é. Tamén creo que esa literatura é perfectamente recoñecíbel para quen

le, igual que a de calquera outra minoría (literatura poscolonial, literatura queer ou gay...); co seu mesmo carácter disidente e alternativo. Por iso, cando lemos autoras, esperamos certos matices, certos asuntos que están completamente ausentes da produción dos homes literatos, dos grandes e pequenos creadores que poboaron de personaxes as nosas fantasías. O problema de quen le vai ser agora de recepción. Quizais nos achegemos ás autoras procurando, ademais do oficio, certos asuntos e un leve aroma exótico, de xentes que veñen doutra tribo.

No entanto a forza da argumentación en favor de literaturas masculinas e femininas, en realidade, procede dos mundos narrados. Os personaxes do noso inconsciente colectivo (creado, basicamente polas imaxes da literatura e do cine) son os esperábeis nun universo deseñado á medida do home: o mariño que ten un amor en cada porto, o home que se deita con dúas mulleres, o que namora de dúas mulleres, a puta consoladora, a nai absorbente, o heroe atrevido e sincero, o malvado concupiscente e tantos outros estereotipos... O noso maxín está poboado de figuras que só poden entenderse aceptando que están elaboradas por un artefacto cultural dominado polos varóns. Xustamente chamamos a iso patriarcado. Xustamente porque non todos os homes son así dicimos “patriarcal” e non “masculino”. Tamén porque o artefacto é tan poderoso que, por veces, algúns homes excluídos dese poder masculino (por non se axustaren aos requirimentos de raza, de clase, de estatus) nin sequera se decatan de que eles non son o poder (de que non os deixan selo) e exercen o seu dominio sobre as que teñen máis a



man. Daquela, a cosmovisión masculina, que constrúe os homes como tales, que os modela para seren homes, impregna a literatura, nun feedback salvaxe e todopoderoso. Ás veces, alguén ousa subverter esta orde arbitraria e, así, esporadicamente e en bicos de pés, entra na literatura o sabor doce das periferias, as voces da *outredade*, os pobos non occidentais insuflando realismos máxicos ou resplandores míticos. Neste sentido, para min, falaríamos de literatura feminina exclusivamente cando se introduciuse no texto a ollada de xénero, isto é, cando as subversivas sexan elas, que entran a dar detalles prohibidos, proporcionando este punto de vista ausente da historia oficial, tal cal nola contaron.

Porén, mesmo coa notábel incorporación de mulleres ao oficio de escribir que adoito notan desde os xornais, a cultura feminina entendida como a visión do mundo que tivo que amasar o colectivo dominado das mulleres ao longo do tempo, é dabondo escasa. Fronte ao inconsciente colectivo tan modelado a que antes aludía con apenas un par de pinceladas, cantas descrições dun parto podedes atopar sen vacilacións nos andeis das vosas librerías? Máis ou menos que descrições dun asasinato? Menos, verdade? Pois todo o mundo nace e non todo o mundo morre asasinado, creo. Poderíades achar un texto en que aleitar unha crianza fose motivo literario? Por que non? Tolstoi non estivo en guerra ningunha e escribiu *Guerra e paz*. Por que non se fixou noutras cousas? Cantas veces aparece na literatura a experiencia dunha muller namorada de dous homes? Ou doutras dúas mulleres? Cantas veces a literatura mostra reflectidas as tarefas secundarias do doméstico

sen as cales non funcionaría o mundo? Estas ausencias fortalecen o noso adestramento. Por obra e graza da literatura, tamén da literatura, aprendemos a ser homes ou mulleres con imaxes prestadas, que corresponden a valores pretéritos, aínda que alimentados polo poder, que prefire a homoxeneidade ás sempre incómodas diferenzas.

Nun delicioso conto titulado *Te deix, amor, la mar com a penyora*, Carme Riera consegue revolver o pensamento dominante instalado na mente de quen le. Unha muller adulta rememora o seu primeiro amor nunha carta dirixida en segunda persoa a ese “ti” amado. A idea de que foi un amor difícil de aceptar vaixe arroupando no texto por certas diferenzas sociais: a voz narradora era daquela unha colexiala namorada de certo membro do profesorado do instituto, por cuxo motivo os pais dela decidiron afastala dese amor. Quen le, mesmo sendo muller, mesmo estando sensibilizada pola ollada de xénero tenderá a reconstruír mentalmente a relación segundo o canon dominante. Daquela, quen pense na inconveniencia social dunha relación entre profesor e alumna, ao final do relato atopará unha sorpresa. A narradora, a piques de dar a luz, anuncia “Se é nena, chamarase coma ti, María”. E os velos caen, de súpeto. Cando quen le sente a vergoña de ter asumido certos supostos, de non ter visto unha relación entre mulleres non creo que deba sentirse demasiado culpábel: a culpa está nunha literatura que perpetúa a construción de textos sobre moldes tan estreitos.

Os exemplos en que as mulleres, cando escriben, destapan necesidades de liberdade e apuntan restricións afectivas



e sexuais son moi numerosos; tanto que acabou por consolidarse nos últimos anos un tipo de literatura chamada “lesbiana”. Nin que dicir ten, por certo, que paga a pena explorala por canto nos axuda a rachar con calquera modelo establecido. Fronte aos escritores mediáticos do estado español, ben pouco se coñecen textos revolucionarios e delicadísimos na expresión do amor entre mulleres como *El mismo mar de todos los veranos* de Esther Tusquets, ou *La pasión de Renée Vivien* de Mercé Marçal. Neste xénero Jeanette Winterson é unha figura imprescindible, capaz de descubriros que hai froitos exóticos que non son laranxas. Unha novidade editorial *Oro rojo* da sudafricana Patricia Schonstein sería a miña máis vívida recomendación para esta veta. De todos os xeitos, a capacidade que a literatura feminina ten de nos ofrecer tesouros alternativos, formas distintas da convención burguesa dominante, sobardan as cuestións da identidade e da orientación sexual (que son importantes mais non únicas) para agasallarnos con todo un universo narrativo disidente. Porei algún exemplo. Vita Sackville-West (máis coñecida por ser amante de Virginia Woolf que como escritora, segundo o triste destino feminino) en *Toda pasión apagada* destila as emocións que aínda comoven unha anciá de 88 anos, incluíndo unha visión crítica do seu destino de nai prolífica e esposa paciente tras sacrificar a súa vocación de pintora. Trátase dunha auténtica alfaia. Tamén unha vella disidente é a protagonista de *Feliz aniversario* de Clarice Lispector, onde unha muller centenaria acaba cuspindo ante a celebración dos seus anos que reuniu os seus hipócritas descendentes. Coido que o feito destas autoras elixiren como protagonistas as

mulleres máis débiles na sociedade, as mulleres maiores, non é casual: forma parte dunha óptica desintegradora das convencións habituais, que inclúen seleccionar como protagonistas exclusivamente mulleres novas, apetitosas para o voraz consumismo de corpos que se promete desde a publicidade. A literatura do pensamento único reforza as debilidades do sistema, a literatura feminina non.

Dunha outra forma, con ollada de xénero e mais unha sensibilidade exquisita, Malika Mokeddem en *O desconsolo dos insubmisos*, relaciona a súa propia traxectoria vital, a súa elección de non ter fillos, de seguir carreira como médica comprometida coa pobreza en Francia e mais o seu fracaso amoroso, co feito de padecer insomnio durante a infancia. Na súa Alxeria natal, cando toda a familia durmía baixo a mesma manta, a noite regalou á autora unha segura fórmula de coñecemento: “Co dereito ao insomnio conquistei o dereito a ter un corpo propio, distinto á célula familiar”. Máis un exemplo: para volvermos a ámbitos moi terreaís, Isabel Allende narra a concepción de Eva Luna en termos singulares. Lembrádelos? Un indio vello e ferido chega xunto á nai de Eva, muller madura sen experiencia sexual ningunha. Esta cóidao con esmero mais ve que o home ten poucas posibilidades de sobrevivir. Pensando en aliviarlle o mellor posíbel os seus últimos momentos, decide facerlle o amor. O home morre e a muller queda embarazada. Deste peculiar acto sexual nacerá a disidente Eva Luna. Á vista de datos coma estes, negar a literatura feminina non parece posíbel. Se a arte se fai con sensibilidade, como non vai ter unha sensibilidade específica, e distinta á do-



minante, a minoría máis grande de cantas se dan na nosa tribo?

En apoio da miña argumentación estaría, ademais da produción de elite que sempre supón a literatura escrita, o que achega a vida cotiá. Imaxínade por un momento un grupo de nenas que xogan ao brilé. A medida que van quedando eliminadas por un roce de balón, as perdedoras saen do patio de deporte e, xuntas, entreteñen o tempo e a frustración con algún outro xogo. Desde a experiencia dun adulto que teña visto moitos partidos, o “normal” sería que as xogadoras excluídas sentasen á beira do campo e continuasen contemplando o desenvolvemento do partido; en parte, por interese no xogo, en parte para faceren demostración de cortésia deportiva, diso que os adestradores chaman “deportividade”. Pois non, as nenas eliminadas do brilé póñense a xogar a princesas. Collen o pano dos mocos, átano ao dedo medio e inclinan a punta dos dedos en posición de beixamáns. De seguido adoptan un falar fino, tratándose unhas ás outras de “Alteza” e, dunha forma decidida, coqueta, inflamada, comezan por repasar unha longa lista de pertenzas soñadas. Para a pedagogía esta actividade será máis respectable que enchufarse a un video-xogo, porque pon en liza só recursos propios, prima a imaxinación e non fomenta a competitividade. No entanto para a socioloxía non ten desperdicio: “Eu estou sobre o meu trono, que é de ouro, teño a casa chea de criadas e báñome nunha bañeira na que podo nadar”. “Eu tamén teño trono de ouro e a miña casa é un pazo cun xardín que non ten fin, todo cheo de plantas, e flores, e árbores, e fontes... e de todo... E, debaixo do trono, que antes non cho

dixen, gardo moreas de cousas riquísimas, que nunca probaches, como chocolate con amorodos”. “Pois eu teño unha melena ata os pés e vou vestida só con tres cunchas pequeniñas” e todas rin do atrevemento ao imaxinaren a presumibel colocación das cunchas. Con semellante tranquilidade e contando co beneplácito dos pedagogos que as miran xogar, as nenas adestran para seren xustamente o que se espera que sexan: consumidoras compulsivas e mestras nas artes da sedución. Co paso do tempo poderán chegar a mesturar consumismo e estética e desexar co mesmo frenesí unha liposución coa que, poidan modelar a figura a gusto... (aínda que talvez nin sequera a operación se faga para gusto propio, senón para gusto do consumidor). Porén o xogo era literatura. Literatura oral. E podería ter sido retomado nas mellores mans para se converter en alicerce co que formar verdadeiras críticas da cultura. Porque a tradición feminina, aínda que aos homes da literatura poida non lles gustar tal idea, é unha tradición fortemente literaria. Máis que valores deportivos, valores competitivos, valores militares, valores relixiosos... as mulleres viven as súas vidas (interpretan as súas vidas) sobre valores literarios. A forza da palabra é poderosísima na subcultura das mulleres. Máis comedidas no insulto, máis expresivas na tenrura, máis ousadas á hora de declararen o seu amor ou as súas preferencias, máis susceptíbeis se o interlocutor fala dun asunto do que non debería falar ou amentando unha palabra que non se debe nin pronunciar, as mulleres parecemos as depositarias da palabra.

Co tópico ao fondo de que a muller charla vaga e desaforadamente, non ten sentido que, no caso improbable de que



escriba, elabore un discurso propio. Mais elabórao. Por suposto, as mulleres non van contar mellor que os homes (malia que ao patriarcado tanto lle importe a competitividade); no van ser mellores escritoras por seren mulleres. Simplemente están a reclamar o seu lugar na foto do mundo, o cal é xusto; e facelo non implica abandonar as técnicas de mercado (a dos “libros para rapazas” que, tantas veces, explotan as editoriais); é un acto máis de disidencia. Por iso non todas as mulleres que escriben estarían incorporando ese punto de vista alternativo que aquí se alude. En moitos casos as mulleres para triunfaren na literatura, coma noutros eidos sociais, asumen o discurso dominante. Vexamos. Nunca estiven, claro, nun taller téxtil do Manchester do século XIX mais podo imaxinar abondo a peluxe flotando polo ar, a humidade, os dedos paralizados pola friaxe, a fame, o cansazo... Non estiven alí mais outr@s regaláronme uns ollos para velo e agora tamén podo contalo. En boa lóxica non fai falta nacer con corpo de muller para poñerse na pel das mulleres nin, pola contra, nacer con corpo de muller asegura esa voz disidente. Con todo, as mulleres cando escriben están en disposición idónea para incorporaren a voz discordante que lles outorga, de entrada, a posición de dominio en que viven en todas as sociedades, ademais da posibilidade de introduciren asuntos que escapen ao pensamento único que nos asolaga, ao academicismo e aos intereses de mercado. Porque o varón heterosexual e branco, de idade media, de posición acomodada e formado na cultura occidental non é culpábel de nada nin o inimigo público número un. Simplemente, a súa visión do mundo non é a única que

existe e está deixando de ser o estándar da humanidade.

Un asunto, por exemplo, como a violencia de xénero non foi frecuente na literatura. Non puido selo, historicamente, se atendemos á consideración que o pensamento dominante tiña da muller. “A muller é a inimiga da amizade, a dor inevitábel, a tentación natural, o perigo doméstico... o mal necesario” predicaban os padres da Igrexa cando querían preservar os seus homes de trato carnal con muller. Por certo que nos próximos anos, se a Igrexa continúa coa súa cruzada por preservar o varón de trato carnal con outro varón, seguro que mellorará a carta de presentación das mulleres e non haberá que fiarse tampouco. O problema está en que quen escribe pensa tamén no seu auditorio e, tal vez por iso, moitos homes que, de crianzas, serían vítimas da mesma violencia que castigaba as súas nais, non a converteron en motivo literario, como si fixeron cos triángulos amorosos ou co tema da sempre socorrida “mocidade, doce mocidade”. A incorporación ás artes de voces disidentes (mulleres, gays, transxuais, minorías étnicas, emigrantes) é unha manifestación colectiva fronte ao pensamento único e debe ser saudada por tod@s.

A disidencia que ofrece a ollada de xénero non só contempla o dereito da muller a se visibilizaren senón que, hoxe por hoxe, tamén implica rexeitar outras formas de represión: o racismo, a discriminación por razón de idade, os intereses que sustentan a loita de clases, a colonización do Terceiro Mundo, o inxusto dominio que exercemos sobre a natureza. As cousas non son como son porque así deban ser,



senón que son como son porque hai quen obtén beneficio de que así sexan. Por iso, desde a lóxica e desde a cultura, deberíamos desbotar toda estrutura argumental que xustifique a subordinación e nunca máis enfrontar home a muller, mente a corpo, natureza a cultura para soste que os primeiros termos de cada par son bos e os segundos malos. Nunca máis. Como resultado, teremos unha nova forma de concibir a natureza, unha nova ética e unha nova política, baseada no consenso e non nunha democracia numérica feita para esganar os disidentes. Mais tamén teremos unha nova arte, unha nova literatura e... nesas estamos, no proceso de construímos unha nova estética. Entrementres, cunha literatura que recrea o inconsciente colectivo masculino, como se estivese exclusivamente feita por autores e destinada a lectores, e con vocación de versar sobre asuntos de homes, a primeira reivindicación das mulleres debe ser a creación dun discurso propio.

III

Hai moitos sentidos distintos para reivindicarmos María Mariño e para aceptarmos que o seu oficio poético é literatura feminina. Poderíamos notar, de entrada, que ao igual que Rosalía, a María Mariño cústalle ser aceptada polo pensamento dominante: ambas aparecen catalogadas como folkies, autoras do pobo, afastadas dos círculos eruditos e das lecturas de moda. Nin a unha nin a outra son figuras menores para quen le; logo non é preciso andar a procura para elas dunha formación de elite que, efectivamente non tiveron. Mais unha e a outra si coñeceron certas figuras do seu tempo. María Mari-

ño aparece relacionada con Novoneyra (Rosalía con Murguía) e da man destes homes entran en contacto coa cultura do seu tempo. En realidade o labor literario non precisa compañías ou non precisa que estas compañías se fagan en saraos; así que soidade de María en Parada do Courel, como a de Rosalía en Padrón, non indican nada. Cando María Mariño publica o seu primeiro libro de poesía, *Palabra no tempo*, a edición leva un prólogo de Otero Pedrayo. Iso non é exactamente estar soa, dirían moitas persoas que escriben e que non se deciden a publicar a súa obra ou se senten afastadas da cultura con maiúsculas. E, por certo, que aproveito para defender a cultura con minúsculas e preferibelmente con K.

Asemade, o canon patriarcal insistirá en que María Mariño non sabe escribir. A poeta atrevese (cando menos no seu último libro) con peculiares dislocacións da sintaxe: usa decote adxectivos como substantivos, o que provoca unha gramática rota, que dificulta a comprensión dos seus poemas. Evidentemente, se isto o fixese un poeta varón, poñamos un Manuel Antonio, por exemplo, sería denominado vangardista; como o fai unha poeta muller, é unha *dinamiteira da fala*. Coñecemos moi ben ese proceso: cando un home fai volutas coas mans, é un arquitecto de sona, como Gaudí; cando unha muller fai volutas coas mans, é a túa avoa ou a miña manexando a manga pasteleira para facer torta de aniversario. A arquitectura si que é unha carreira difícil; a repostaría non!

Non son nin moito menos especialista nesta figura literaria e estou na casa de Xerado Agrafoxo e de Ana Romaní, que



si o son, mais, de me preguntades a opinión, diría que a lectura da escasa produción poética de María Mariño (dúas obras só en galego) non se ve precisamente beneficiadas pola mitificación e mistificación que dela fixo o que tamén foi o seu máximo valedor, Uxío Novoneyra. Mais ese proceso é tamén moi feminino, como suxería antes a propósito de Vita Sackville-West. A Zenobia Camprubí coñécemola pola súa relación con Juan Ramón Jiménez. María Goyri, a primeira licenciada en filosofía e letras do Estado español investigou toda a súa vida por afección, por partillar algo co seu compañeiro. El chamábase Menéndez Pidal e tivo especial sona polo prolífico do seu labor. Ninguén insinúa que se cadra a metade da súa obra está realizada pola invisíbel; ao fin el era o cabeza de familia, como di a linguaxe que nada se cuestiona. Por certo, que parte do corpo lle correspondería metaforicamente a ela? A tsarina Catarina de Rusia é @ primeir@ gobernant@ que decide non usar a pena de morte porque a considera inhumana e degradante para quen a practica. Nos seus diarios pregúntase como se pode xustificar esta práctica no dereito e na civilización no caso de tela aplicado algunha vez sobre algún inocente. Malia todo o seu pacifismo, Catarina de Rusia é coñecida polos seus múltiples amantes (a lenda redonda tamén, claro, en que moito máis novos ca ela). En fin, xa sabemos que os honores das mulleres tiveron máis que ver con limitar as posibilidades do que dirán, mentres os dos homes por facer medrar o que dirán.

Por iso eu convidaría a tomar con moita cautela as interpretacións que se fan dos datos escuros da biografía desta autora. Dicar que María se quitaba uns

cantos anos pode servir para explicar os condicionantes sociohistóricos da muller do seu tempo. Mais eses coñecémolos, coido. A maioría deles aínda seguen aí, polo menos en contornos conservadores. Pola contra, corremos o risco de redundar na imaxe dunha María Mariño tan disposta a seducir, que falsea a realidade para venderse cunha publicidade enganosa. E mentres contamos cos dedos os anos que tiña María e os que tiña Uxío cando supostamente se reunían para o amor, estamos dando valor o prexuízo e non lendo os seus poemas. Abonda cunha ollada a *Palabra no tempo* para notar a anguria metafísica que latexa nos poemas: cunha percepción tan profunda e tan dolorosa do paso do tempo, os ocultamentos de María Mariño parecen ter que ver coa infinita dor da existencia, cun devecer por lle gañar a partida ao tempo. Podemos descubrir esta inquedanza na literatura de todas as tribos e de todas as épocas: sería triste que, de a practicaren eles, se chamase *memento mortis*, mentres que de a practicaren elas, se chamase coquetaría.

Noutro sentido, gustoume moito como lectora de María Mariño observar a presenza do mundo feminino na súa obra. Non resisto a tentación de ler un poema de *Verba que comenza*:

Calma, amiga, calma que tamén eu
Espero.
No me empuxes.
No me mandes falar o que non dis.
Non mandes que de ti diga
Si hoxe non che conozo.
No me empuxes
Si no me dás dafeito, no me empuxes
que non
Ando.
Non ando na tua liña
Trillada de soo.



Non ando entre pe descalzo –mascarada verba–.

Non ando sin de ti forma –luz viva–. Non ando,

Non.

En varios poemas este motivo ten a ver coa nai: “Por que me arredarei dos mozos pola quenturiña da nai?” di moi elocuentemente en *Verba que comeza*. E en *Palabra no tempo* aparece descrita esta escena: “Erquinme e fun cara arriba, non atopei que decir./ Ceguiña corrín cara abaixo./ Atopeiche, miña nai!/ Atopeiche!”. Así fala do inmenso amor materno. A socioloxía di que entre todas as relacións desa estrutura tan perigosa que se chama familia, a máis importante é a que se establece entre nai e filla, así en feminino. Por iso, para contrarrestar esa maternidade frustrada, a maternidade biolóxica de María que só durou un mes, quería ofrecer este paralelo dos sentimentos.

Finalmente, coído que María Mariño é subversiva dabondo como para revitalizar a celebración do día das letras galegas. Cando eu era pequena lembro aprender cada ano, a través dos sistema escolar, a existencia dun poeta novo, alguén que me parecía descoñecido. Mesmo cheguei a acreditar que a RAG inventaba persoeiros para ter a quen lle levar flores en maio. Xa que logo, quizais non para os especialistas, mais para a maioría da poboación, o día das letras galegas acabou producindo certo cansazo social: cun conflito lingüístico a cada máis aberto, coa hipocrisía dos medios de comunicación que tiran do prelo ese día unha edición en galego como excepción e coa institucionalización da data e a súa declaración de día festivo parecía que todo estaba perdido cando

do que se trataba era de procurar un certo orgullo da nosa herdanza cultural. María Mariño, se nós sabemos lela e contalo, pode revitalizar as ganas de ser poeta, de ser escritora, de ser disidente, ou sexa de ser... en cada unha de nós.

IV

Hai un derradeiro desafío. A creación dun discurso propio das mulleres implica rescatar un valor que foi patrimonio da sub-cultura feminina entendida esta non como algo que estea nas mulleres (por desgraza estamos tan masculinizadas polas institucións, polos poderes!), senón como un valor do pensamento dominado, que podemos tirar á luz. Un deses valores é saber escoitar. Para iso, as que estamos deste lado da mesa dependemos de vós, de que consigamos subverter os usos dos actos académicos (ese “preguntas ao final para que ninguén pregunte”). Por favor, dade ese paso adiante. Obrigada.

*M*aría Mariño do humor da nada
ao valor da palabra

María Xosé Queizán



A María Mariño dedícaselle o día das Letras Galegas deste ano 2007 e con isto cúmprense dous obxectivos: Corroborar a súa identidade literaria e recoñecer o valor da súa obra.

Durante os anos sucesivos á publicación do seu primeiro libro dubidouse que fose escrito por esta muller. A negación da autoría feminina en materia artística ou científica é unha práctica normal ao longo da historia. As mulleres non só estiveron recluídas no mundo privado e afastadas da cultura e da representación pública. *É verdade que a estrutura de dominación dun sexo sobre outro a través do tempo e as culturas freou a acción das mulleres. Pero tamén é verdade que a súa acción, incluso cando foi real, infravalorouse na medida en que non se traduce en termos de poder. Tanto no dominio da creación literaria ou científica como no ámbito político, a achega, xeralmente anónima, das mulleres foi nomeada e foi apropiada polos homes que recollían os beneficios e aparecían como os únicos axentes.(...) A produción das mulleres quedou anexionada e capitalizada polos homes.(...) A parte innovadora na construción do mundo foilles dobremente subtraída.(...) O que producen e realizan as mulleres, no marco xeral de dominación, non lles reporta ningún recoñecemento.*¹ Son moitos os exemplos coñecidos e serían moitos máis os que descoñecemos. A sagaz Rosalía escribira no ensaio *As Literatas*, Carta a Eduarda², un texto no que unha escritora envía unha carta a unha novel, unha moza ilusionada por escribir, coa que pretende disuadila de que se introduza nese oficio polos infortunios que lle van ocorrer e a persecución que padecerá. Afirmo que *As mulleres poñen de relevo ata o máis*

escondido dos teus defectos, e os homes non cesan de dicirche que unha muller de talento é unha verdadeira calamidade, que vale máis casar coa burra de Balaam, e que só unha parva pode facer feliz a un mortal varón. Sabe Rosalía que a sociedade patriarcal non tolera as escritoras, e prefire ver as mulleres nos seus labores domésticos e zurcindo calcetíns, *aínda que sexan os do criado.* Estes criterios aparecen tamén nas súas novelas, onde encontramos algunha escritora escribindo de noite, ás agachadas, como a Mara de Flavio ou sendo reprendida como a protagonista de *El caballero de las botas azules: Non a pluma nas túas mans, muller nacida para educar os teus fillos: a agulla e a roca son as túas armas.* A sociedade négase a recoñecer a valía intelectual das mulleres; daquela, cando unha muller realiza algo de valor, váiselle adxudicar á figura masculina máis próxima porque a condición das mulleres permanece no mundo privado e son relegadas ao silencio ao longo da historia. Seguindo a Aristóteles que afirmaba: *Na muller, o silencio é un ornato, pero non nun home,* e as sucesivas recomendacións dos padres da Igrexa, as mulleres aprenderon a calar, a non elevar a voz no espazo público e, incluso as escritoras debían ter reticencia a publicar. Decía Rosalía: *Polo que a min respecta, acostuma a dicirse que o meu marido traballa sen cesar para facerme inmortal. Verso, prosa, bo e malo, todo é seu; pero, sobre todo o que lles parece menos mal, e non hai principiante de poeta ou home sisudo que non o afirme*".

No caso de María Mariño, a autoría dos seus poemas adxudicouse a Novoneyra, poeta que coñeceu e se relacionou no Courel e que sen dúbida debeu ser un



bo impulsor do seu quefacer poético. Dificultouse nos dixomedíxome literarios que María Mariño era un pseudónimo de Novoneyra. A súa prematura morte, pouco despois de publicarse o seu primeiro libro, Palabra no Tempo, e a enfermidade que padecía, impediu a súa presenza pública. O feito de que a autora fose descoñecida nos ambientes literarios, sen méritos académicos e afastada nas montañas do Courel propiciou a difusión do bulo de que fose Novoneyra o autor duns poemas que el mesmo se encargaba de dar ao prelo. Veñen a conto as palabras de Rosalía nas Literatas: *Como crer que “ela”poida escribir tales cousas? Unha muller que coñecen ... no caso de María Mariño que é de clase baixa, costureira, iletrada, sen méritos académicos..., como pode descubrir e escribir cousas que a eles non se lles pasou nunca pola mente, e iso que estudaron e saben filosofía, leis, retórica e poética? Imposible, non se pode crer.*

Estes prexuízos denunciados por Rosalía hai 141 anos, permanecen aínda na sociedade galega actual. Por iso debemos celebrar dobremente que se lle dedique este ano o Día das Letras Galegas. Significa concederlle xustiza, instituír a súa identidade creadora ao mesmo tempo que libera a nosa sociedade de prexuízos.

Mesmo se, afirman varios comentaristas, a poesía de Rosalía posibilitou a de María Mariño, non creo que estea en débeda coa nosa poeta fundadora máis do que estamos o resto das e dos escritores galegos. Considero que son dúas poetas moi diferentes. Rosalía escribe impulsada pola realidade, pola situación desoladora do país, situación que non dubida en revelar, meténdose na pel da

xente traballadora, denunciando as penurias que pasan e a inxustiza que padecen, especialmente as mulleres. Rosalía fai reivindicacións feministas e, lonxe de abandonarse sentimentalmente, escribe con audacia e rebeldía unha epopea popular. Ela emigra, pasa fame, é seducida e violada, sente saudade...Penso que incluso a súa poesía intimista non se limita ao subxectivo porque o eu lírico de Rosalía é colectivo. Estes e outros aspectos son ignorados pola poeta noíesa que non traspasa o propio ego. Podemos comparar algúns temas tratados por ambas as dúas poetas. Por exemplo o da tea³.

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ao monte,
soia a vexo arder no lar.

Rosalía toma a tea como motivo para falar da soidade da muller labrega, un abandono real, nunha terra traballada por mulleres e cos homes na emigración..

María Mariño escribe:

Días e días tecín na tea do meu tear.
Hoxe a tea toda feita, del n'a podo sacar

O eu lírico, ela, une a tea e o tear.
Dentro e fóra. Semella que todo está dentro e fóra dela.

Como traballa en min/ como me dá e me
quita/ como me fai e desfaí.

Fala do propio labirinto vital.

O misterio que rodea a súa vida está tamén presente na súa poesía. É unha poeta senlleira no panorama da poesía galega e, penso que o sería en calquera



outra lingua. Experimenta o acto artístico consigo mesma. De ser posible, diríase que non ten lector@ explícit@s, e sen embargo sentímonos fascinadas coa súa lectura. Mesmo se parece que escribe para ela, faino con rigor. Non se trata dunha escrita improvisada.

Crear é seleccionar. María Mariño selecciona o seu discurso, e o motivo principal é a conciencia da natureza unida á súa propia conciencia. Introduce a propia existencia dentro dun marco espacial: o Courel, a terra que adopta, na que se integra e pola que boga como polo mar de Noia. Porque o atlántico está presente, como se demostra na terminoloxía mariñeira que lle xorde no poema.

Tiven medo de bogar
tiven medo da augua crara.
Anque fora cuns bos remos
anque fora na mar calma.
non bogaba!, non bogaba!
O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sin saber donde veu,
se é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.

Mareas que en min aboian nunca son de pleamar.
Non dan calo aos meus navíos que dela veñen buscar.

Toma a natureza como leit motiv pero non fai descrición da paisaxe, algo tan abundante na literatura, xa desde o S. XIX. María Mariño non é romántica. Nos seus poemas non hai valoración dos sentimentos ou do mundo dos afectos. Crea a propia natureza. Non adopta ante ela unha actitude contemplativa senón creativa.

Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeada.

Son alba daquel vivir,
Hoxe noite daquel sentir.

Ela é a néboa, a terra, o vento, a neve. É o albor e é a noite. É *o sol que rixe*. Dirixe, domina a natureza, actúa sobre un mundo creado por ela. Cando parece que se aniquila, cando afirma *son o humor da nada*, en realidade está facendo retórica porque, de feito, realiza unha toma de poder.

Viste a Natureza vestido feito por min.
Visto eu dela o mellor forro.

A natureza só lle dá o forro; o vestido faino ela. É unha poeta altiva.

Fuxe o meu peito de min
Si ela non cómpre ó redor.

Necesita a natureza para vivir pero é unha necesidade compartida:

A aurora é miña i é dela.

A autonomía da escritora en relación coa natureza non se compaxina coa mística. Digo isto porque certa crítica asimilou a María Mariño cunha tendencia mística. Esta tendencia significaría unha experiencia pre-lóxica, aceptar crenzas en forzas e influencias non perceptibles polos sentidos reais. A mística non percibe limitacións entre o eu e o mundo ou a natureza. Vive nunha paisaxe animada con poderes sobrenaturais, con mitos, soños, mortos, maxia... A mística abandonase ante os poderes sobrenaturais, cae en éxtase, déixase aniquilar.



Nada disto encontramos na poesía de María Mariño. De estar anonadada non podería concibir ese rico universo de palabras e conceptos. Lonxe de ser unha poeta mística, é unha poeta moderna, vangardista. Sitúase no extremo oposto. Ás veces, incluso, poderíamos pensar que non hai nela realidade extra-literaria. O máis importante é a materia da propia escrita: a lingua.

Os títulos dos seus dous libros demostran o valor que lle concede á lingua, á palabra. *Palabra no tempo*, o primeiro título, é reiterado en *Verba que comeza*, o segundo. Ela mesma é un libro, revela o seus pensamentos íntimos mediante palabras.

Linme hoxe toda por dentro.
Linme!
Como me está chegando!
Logo de min saeu *texto*
que inda ninguén atopou.

Sempre verba do chan máis fondo
–ouveo marzal, pisada cega– vento!

Incluso a saudade é desexo de lectura, de palabras.

Cousas, cousas fun lendo cando as
letras aprendía
Agora que sei leer non sei o que alí dicía.

Ten saudade do que sabía non sabendo, do que perdeu coa lucidez.

Hoxe caeume o pano que a mirada me
enturbaba.
Del quedoume sentir, entre o Non e a
Esperanza.
Anque agora vexo craro, inda que o sol
non anda,

Non entendo ben as letras que co pano
letreaba.

O pano de María Mariño equivale ao cravo rosaliano. Rosalía alude á dor permanente da existencia feminina, que pasara a ser constitutiva. Tanto, que a muller chega a ter saudades daquela pena, daquel cravo. A saudade expresada por Rosalía é a dor existencial.

María Mariño ten saudade daquel pano que, mesmo se a ensombrecía, permitíalle ver con claridade.

No cerne do seu pensamento están as palabras, as verbas, os conceptos.

....verbas duras sin
moles
verbas brandas,
verbas que se atopan como eran,
verbas que enxugan mundo entre homes,
que enxugan terra, terra mollada de
son,
que enxugan nebra,
aquela de trono limpo,
enxugan peito,
peito frío, amofado en alma
morta.
Forza, empuxa de ti e fala.

Chama a atención o tratamento orixinal da lingua e como a selecciona. A selección é a primeira forma de coñecemento. A poeta ordena as frases ao seu xeito e realiza un exercicio de tensión, retorcede a sintaxe, rompe a norma. Novoneyra chamouna *dinamiteira da fala*. É un alcume expresivo e atractivo pero creo que non define o seu comportamento lingüístico. Ao dinamitar a fala e rachala en anacos, estes caerían ao chou e as palabras quedarían perdidas. Non é isto o que fai María



Mariño. A súa non é unha ruptura azarosa ou casual; é unha distorsión consciente e coherente. Descompón a gramática, desordena a sintaxe e, paralelamente, comón outra orde. Crea novos termos.

Todo dunha maneira consecvente, de forma que non temos ningunha dificultade de interpretación nin de análise. Todo dun xeito harmónico, sen perder o ritmo nin a beleza do conxunto. Existe simetría no modo de rachar as categorías gramaticais. A simetría supón un sentido estético previo. Daquela, na transgresión da norma da linguaxe encontramos, por un lado unha competencia da lingua, un dominio da mesma, e por outro recorrencias sintácticas que responden a unha lóxica, que parecen proceder dunha teoría estética, dun proxecto previo, dunha escolma que lle facilita a tensión para expresar vivencias e experiencias límite ou para reflectir unha natureza activa. Forza, tira con tensión, puxa. Está lonxe de ser o humor da nada.

Na súa poesía destaca a orixinalidade. É unha poeta intimista na medida en que o tema non é a sociedade, pero non é unha poeta sentimental. Pola contra é austera na expresión dos temores, da proximidade da morte. Foxe de efectismos. A morte é unha amiga. Máis que intimista eu diría que María Mariño é unha poeta egocéntrica. Ela é o centro do seu interese. Interrógase a si mesma. Ela é o enigma e ao mesmo tempo a Esfinxe. Escribe para indagarse. Deixa fóra as lectoras/es, parece ignorarnos. Por iso sentimos tan verdadeira a súa poesía e mesmo a transgresión lingüística. Non quere ser orixinal, épater les bourgeois, asombrar a persoas inxenuas ou iletradas

coas innovacións ou as rupturas gramaticais. Esa non é a intención da súa escrita. A finalidade é ela mesma, materia autosuficiente. Por iso produce esa fascinación.

Mesmo se a natureza ocupa un lugar capital na súa obra, mesmo se a terra é substancial, *terra, verba miña, terra, alma dona*, a súa poesía non é materialista. A terra está personalizada, ten vontade. Pode dar e pode matar.

Ouh terra como te vas descubrindo!
 Como vas facendo das túas!
 Como levas e traes!
 Cando traes, muito dis,
 Pro cando levas, amiga, cando levas
 Calas
 Calas o que ofreces no día aquel
 De luz,
 Aquel que de todos ti sabes,
 Aquel día de luz moza,
 Aquel día farto de teu, aquel día
 –teu ditado–.

Terra, di!

É quen de verse enterrada. Sabe que a súa amiga, a morte, xa está ao seu lado. Non se laia. Expressa percepcións, conceptos.

Cantos días enterrada onde en min cabía
 a fosa!
 Agora que xa me erguín, inda a costas
 levo a lousa.

É unha poesía que indaga en conceptos que foron e son obxecto de pensamento filosófico: a palabra e o tempo:

Meu tempo!– cramei chorando.
 Bágoa a bágoa iba escribindo:
 Tempo do Tempo énos o pouso desta luz
 por onde ando.



Eu non sei si xa pasou
ou se inda ten que pasar,
ou si aquilo que eu sentín
non foi sentir, foi soñar.
Vivo no preto quedo
Dun lonxano latexar.

Canto novo hai xordo e xordo!
Canto vello que nos fala!
Cantos hoxes por un onte!
Canto andar para unha agarda!

Hoxe,
onte do meu contento
Hoxe do souto de ouro
Onto do meu recordo!

Xoga co tempo e o espazo

O meu camiño hoxe
ten o mirar dun antonte.
Arrecenden os sendeiros
Nas agras zoan as fontes.
Labrego afala o seu gado.
Mide o tempo a súa ponte.
Aire quedo e tembrando.
Chove perto, chove lonxe.

Tempo é tempo e o mesmo Tempo.
O que pasou non se foi. Nil estamos. En
el hai.

Estas reflexións sobre o Ser e o Tempo, título dun libro de Heidegger, remítenos ao existencialismo. Que ninguén se deixe enganar polos recursos populares da poeta, polas reiteracións...! Estamos ante unha obra con resonancias filosóficas. Que non aludan á súa escasa lectura libresca ou ao mínimo contacto co mundo literario! Enfrontámonos a unha poesía xenuína, un pensamento dificilmente penetrable, un universo poético que non se aprende nos manuais. O estilo imítase; o pensamento, non.

María Mariño escribe estes dous libros na madurez e despois de experimentar vivencias moi dramáticas, perdas inigualables, como a do pequeno e único fillo. Faino soa, inmersa no espazo grandioso, para ela estraño, do Courel; faino asombrada pola natureza e escribe *ba-goa a bágoa*, para afirmar a morte, *a súa amiga*, que sente tan próxima. Así, racha as palabras como se lle rompe a propia vida. Escribe e fai do papel o destinatario da súa amargura, da súa dor. Derrama na páxina o seu desencanto:

Aquí che deixo, me peito canso, aquí
che deixo,
aquí che deixo neste branco papel
trillado, neste
percuo das horas.
¿Quen eres –preguntaranche–, quen
eres?
Son a néboa que anda soia, son o sol
que quenta as queixas, dos camiños
son o farto.

Papel branco,
trillado,
papel, berra, berra entre os forte
desde onde as miñas verbas che
magoan.

Publica, por iniciativa de Novoneyra, un único libro en vida. O seu derradeiro libro publicouse varios anos despois da súa morte. De non ser por estes libros, por esta poesía que hoxe celebramos e nos asombra, non falaríamos nunca desta muller que andou de puntiñas pola vida. Esta é unha das grandezas da creación, da escrita. Consegue inmortalizala e que nos acheguemos a ela en sucesivas xeracións.



BIBLIOGRAFÍA

- 1.- -< Histoire et mémoire ou la marque et la trace > en *Recherches Féministes*, vol. 6, nº 1. Quebec, 1993
- 2.- *Las Literatas. Carta a Eduarda* en *Almanaque de Galicia*, Lugo, 1865
- 3.- <As viudas dos vivos e as viudas dos mortos> en *Follas Novas*, 1880

*P*enélopes de tinta:
as mulleres na poesía galega.

Da Guerra Civil a *Palabra no Tempo*

Xoán Pastor Rodríguez Santamaría



INTRODUCCIÓN: A LITERATURA GALEGA ENTRE 1936 E 1950

Todo o edificio da literatura galega construído paseniño dende *Cantares gallegos* en 1863 quedou derrubado nuns poucos días de 1936. Estoupa a sublevación militar contra a II República e galeguistas, comunistas, anarquistas, republicanos e socialistas van ser duramente represaliados, van quedar sen voz, e con eles a literatura en lingua galega vai quedar mergullada no silencio. Poucos libros e poucos textos se publican en galego entre 1936 e 1947, o ano en que aparece *Cómaros verdes* de Iglesia Alvariño como primeiro libro importante da poesía de posguerra. Antes só algunhas modestas obras de homes e mulleres pouco sospeitosos de esquerdismo, cregos ou falanxistas que non fixesen unha poesía nin comprometida nin fóra de certo ruralismo permitido, aínda que algún destes volumes teña algún mérito. Estamos a falar de poetas como **Daniel Pernas Nieto** (*Fala d'as musas*, decembro 1936), **Anxo Sevillano** (*O amor, o mar, o vento e outros gozos*, 1938) ou **Celestino Luís Crespo** (*Brétemas mariñás*, 1946). O que se pode facer estase a facer no exilio, fundamentalmente no exilio americano. Ademais, moitos autores galegos pasan con armas e bagaxes ao bando de Franco e mudan de lingua, van do galego ao castelán, como é o caso de **Cunqueiro**, **Vicente Risco**, **Gómez Ledo**. Outros están no ostracismo, no cárcere ou no silencio do medo. Custa recuperar de novo, a partir de finais dos corenta, unha certa normalidade que non será total ata moitos anos despois, pero dende 1950, coa creación da editorial Galaxia, hai xa unha infraestrutura que substitúe a des-

aparecida en 1936. A partir de 1951 van ir publicando os novos poetas galegos e entre eles estarán varias mulleres, as penélopes de tinta, que queren continuar a tradición dunha literatura que no esencial foi fundada por unha muller, Rosalía. Son as voces de **Luz Pozo**, **Pura Vázquez**, **Xohana Torres** e **María do Carme Kruckenberg**. No exilio só a voz modesta de **Áurea Lorenzo Abeijón** canta en galego. De fondo, con voces de pouca categoría, algunhas poetas de preguerra que cantan a Franco e o seu réxime maioritariamente en castelán, aínda que ocasionalmente o fagan en galego. Trátase de **Carme Prieto Rouco**, **Herminia Fariña**, **Teresa Juega López**, **Mercedes Viso Troncoso**, **Dolores del Río** e algunhas máis. Na década dos sesenta aparece unha nova voz sorprendente na poesía galega, a noíesa **María Mariño**.

AS POETAS FRANQUISTAS

Entre xullo de 1936 e abril de 1939, en Galicia, situada no bando dos sublevados, só se pode cantar para gabar a Franco, a Igrexa e os valores tradicionais que estes representan. Vai haber unha verdadeira chuvia de poemas laudatorios ao *Caudillo*, ao exército e ás crenzas pretendidamente cristiáns. Entre estes poetas áulicos non faltan as mulleres, pero fano case sempre na nova lingua do imperio, o castelán. Malia iso, en 1938 aparece o libro *Rayos de sol*, asinado por **Mechitas de Vigo**, en realidade **Mercedes Viso Troncoso**, da que se descoñece case todo dato biográfico, que era unha fervente franquista. No volume aparecen trece poemas en lingua galega, de escaso mérito literario, e con todos os tópicos franquistas. Lembra



Herminia Fariña


Alonso Montero que a modo de subtítulo figura esta petición: “*Gallego, guarda este recuerdo de la Guerra Santa y de su heroísmo*”. Antes dela **Esther Gallo Lamas**, en Lugo, edita o volume *Galicia por la Nueva España*, con poemas franquistas de **Francisca Herrera Garrido** (1869–1950) en castelán. A autora de novelas como *Néveda* e de poemarios como *Sorrisas e bágoas* (1913), que era membro da Real Academia Galega, escribe agora cousas como estas:

¡A la orden, glorioso general,
el invicto, el preclaro, el conceptuoso
nuestro Generalísimo,
español ilustrísimo.
¡El general que es hoy universal!

No volume de Esther Gallo hai versos galegos, pero son de Rosalía e de Lamas Carvajal.

Herminia Fariña Cobián (1904–1966) era coñecida na literatura galega como poeta, autora de *Seara* (1924) e por algunhas pezas teatrais, aínda que tamén escribira poemas modernistas de apreciable calidade en castelán. Agora, en plena guerra, publica o volume *¡Por España y para España! (El libro del combatiente)*, que apareceu en Vigo como o libro de **Mercedes Viso**. Nel aparecen catro composicións en lingua galega, todas apoloxéticas da Cruzada de Franco. Sen embargo, os seus sentimentos quedan máis claros en versos casteláns como os seguintes:

Mi Generalísimo
Redentor de España,
Prodigio y Lumbrera,
Honor y Piedad,
ruta iluminada de serenidades,
Paladín de Altar;



Brújula y Destino,
Señor de milagros
y Jefe infalible del Patrio solar.
¡Franco!
Tesón y Bondad.

Herminia Fariña publicará pouco en lingua galega despois da guerra, aínda que en 1960 editou o folleto *Gabanza e prego da miña aldea*, e antes, en 1951, o seu folleto *Mensaxe de admiración nas festas de Vigo* contiña tamén un poema na nosa lingua e Rodríguez Lema cita tamén o folleto *Cantiga serea* de 1950.

Carmen Prieto Rouco (1901–1977) era unha poeta de Vilalba coñecida na literatura galega polo poemario *Horas de frebe* (1926) e por algunha peza teatral, mais agora enrólase no bando franquista para cantar en castelán con versos coma estes:

Y hoy que surge otra vez la bestia impura



*roja en sangre de hermanos y desdichas,
arrasando los campos de esta Patria
que quieren arruinarla y destruirla,
el Apóstol Santiago encarna en Franco
(¡de nuevo encarna en hijo de Galicia!)
y lo envuelve en laureles de victoria
y lo colma de glorias en porfía.*

Prieto Rouco volverá a publicar en galego en 1956, pois o poemario *Luvia menuda* é bilingüe, contendo varios poemas galegos. Aínda en 1964 edita *A virxe viúda. Hestoria dun amor* e xa en 1977 aparece *O derradeiro*.

Outras poetas cantaron as glorias de Franco dende Galicia como é o caso de **Dolores del Río Sánchez-Granados**, que en 1908 publicara un poemario castelán, *Ráfagas*, mais que tamén escribira teatro en galego e algún que outro poema na nosa lingua. Agora o seu texto titúlase nada menos que “¡Franco! ¡Franco! ¡Franco!”, un poema aparecido na revista relixiosa santiaguesa *El Eco Franciscano* con versos coma estes:

Ofrendar al Caudillo, ofrendar al guerrero
que venció en cien combates, al de brazo
de acero
y corazón sensible —nuevo Cid
Campeador—
renovador de las gestas pretéritas de
gloria
que asombraron al mundo y para el cual
la Historia
reserva en sus anales alto puesto de
honor...

Un caso curioso na literatura galega é o de **Juana Teresa Juega** (1885-1979), quen en 1908 tiña para publicar un libro, *Alma que llora*, pero que o catro de marzo dese ano recibiu un disparo do seu mozo, militar, quen logo se suicidou. Non quería

unha esposa poeta. Juana Juega publicou algúns textos na nosa lingua dos que o máis famoso é “*A morte*”. Estivo tamén ao lado de Franco con textos como “*¡Galle-gos!*”, dedicado ao seu fillo Emilio que loitaba no bando franquista. Referíndose a Galicia chámalle “*madre del Caudillo*” que “*en Dios y en España / tan sólo pensó*”.

Margarita Losada Prado era coñecida en Galicia como autora de novelas e relatos en castelán, aínda que no volume de 1933, *De estirpe galiciana*, incluía un poema en galego. En 1937 publica no *Faro de Vigo* un rimbombante texto poético co título “*Al Generalísimo Franco, arquetipo de la raza hispana*”:

Brilla el genio, en su mirar profundo,
mágico sol de lumbre creadora;
de la virtud el resplandor divino
orla su frente.

Outras dúas poetas galegas cantan as glorias de Franco, pero non nos consta que escribisen algo en lingua galega. Trátase de **María Badals y González de Mendoza**, autora do poema “*A nuestro Caudillo*” e de **María V. Millán**, que publica “*El Caudillo en el puerto de Cayón*”.

Algunhas destas poetas seguiron a cultivar a lingua galega con textos furiosamente franquistas ou costumistas, e fixérono dende as páxinas do xornal *El Compostelano*. Así **Mercedes Viso Troncoso** entre 1939 e 1941 publicou nese diario dez poemas en galego, entre eles “*Era roxo*” (1940), “*As mazáns da miña terra*” (1940) ou “*Glorias do mundo*” (1939), pero xa foran publicados no seu volume de versos. No mesmo xornal publica **Carme Prieto** o poema “*O albren n’a tempestá*” (1937). Nese xornal aparecen tamén



os nomes de **María Margarita Bárcenas Saracho**, autora do poema “*O meu meniño*” (1941) e unha poeta que terá logo un papel importante na poesía galega de posguerra, **Pura Vázquez Iglesias**, que neste xornal publica en 1941 tres poemas en lingua galega: “*O mosteiro de Castro*”, “*Parada do Sil*”, “*Fogar*” e “*Teus ollos*”.

UNHA POETA EMIGRADA: **ÁUREA LORENZO ABEIJÓN**

A cultura galega, en gravísimas dificultades dende o estoupido da guerra civil en Galicia, atopa o seu refuxio en América grazas ao labor de exiliados como Castela, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela, Rafael Dieste e moitos outros. A eles únense outros escritores galegos que estaban na emigración, pero que sentiron como propia a causa da República, como é o caso

de Eduardo Blanco-Amor ou Emilio Pita. Mais son todos homes.

Áurea Lorenzo Abeijón (1904-1995) é unha emigrada de Porto do Son que tamén contribúe ao cultivo da lingua galega con un poemario publicado en 1943, *Queixas*. Poesía saudosa, intimista, sinxela na forma e moi vinculada ao influxo de Rosalía de Castro. Unha poesía humilde, pero que dá ben a mostra do sentir dos emigrantes. Áurea Lorenzo foi tamén poeta en castelán, como o serán case todas as poetas galegas de posguerra, agás Xohana Torres, pois publicaron libros en castelán, de calidade alta, figuras como Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María do Carmen Kruckenberg, Dora Vázquez, e agora sabemos que tamén escribiu nesa lingua **María Mariño**. Todas compartiron o amor por Rosalía non só como inspiración, senón tamén como o tema da súa poesía e mesmo como figura lexitimadora da escrita feminina. Máis modestamente a voz de Áurea Lorenzo homenaxea a Rosalía como símbolo do amor que lle tiveron todos os emigrantes galegos e así o amosa o poema “*Rosalía de Castro*”:

*¡Alma grande que a Galicia
tanto cantou sen esvaio!
¡Tanto esparxeu polos ventos!
En cada canción, un laio.*

*Ela cantoulle á casiña,
á figueiriña, ao lar,
ao cemiterio da Adina
i á campá do pomar.*

*I os regueiriños ouviron
as queixas do que morreu,
alá na terra lonxana
por outra que conoceu...*

*Agarimo de Galicia,
de tan piedosa verdá,*

Áurea Lorenzo
Abeijón





*¡que grande foi o seu peito!
Moito ben soubo gardar.*

*Hoxe vibran polos aires
os ecos do seu cantar,
que van rachando o silencio
da inmensa soedá.*

AS MULLERES NAS REVISTAS LITERARIAS DOS CORENTA E DOS CINCUENTA

Se ben é certo que non se publicaron case textos en lingua galega na primeira posguerra, as revistas literarias, bilingües e maioritariamente en castelán, foron a única físgoa por onde a nosa lingua e a nosa poesía puideron comezar a amosar a súa presenza. Cumpriron, pois, un papel fundamental na transmisión da literatura galega. En 1943 apareceu a revista *Finisterre*, na que publicou **Pura Vázquez** en 1944 o poema “*Sinxela*”. En 1944 publicouse a revista *Sonata Gallega*, onde aparecerán os nomes de **Herminia Fariña** (“*O segredo*”, 1948 e “*Relembro do hirmán emigrante*”, 1949) e de novo **Pura Vázquez** (“*Doutras follas*”, 1949 e “*A un paxaro que morreu de tristura*”, 1952) e unha poeta que logo non alcanzará renome na nosa literatura, **Adelaida Vallejo Leira** (“*¡Volve sin qu’eu te chame!*”, 1949). Xa en 1945 sae do prelo a publicación *Posío* en Ourense, onde só aparece un nome feminino, **Pura Vázquez** (“*Milagre d’amor*”, 1946). En 1948 sae unha revista que tivo papel importante na nosa cultura até a súa desaparición en 1956, *Alba*, onde publica **María Pilar G. de Fresco**, en realidade chamada **María del Pilar González Pérez**, nada na Pobra do Caramiñal en 1920.

O seu texto titúlase “*Irmandade*”, do que amosamos un anaco:

*Eu son froito. Froito d’un árbore oxe vello
que xá d’árbores e froitos mais antergos
viña.*

*Eu alento c’un aire que noutro peito axiña
á murcha sangue tornará o seu côr
bermello.*

A autora destacou logo en castelán co poemario *Papeles* (Madrid, 1952), moi influído pola poesía oriental.

A revista *Xístral* aparece en 1949 e nas súas páxinas publica a poeta **Clotilde Paz** o texto “*Soidades*” no mesmo ano. No ano corenta e oito publicárase a revista *Vamos*, onde volta a aparecer **Pura Vázquez** co poema “*Teño*”. En Noia, en 1950, sae á luz a revista *Tapal* que rematará en 1955; nas súas páxinas aparece o inevitable nome de **Pura Vázquez** cos textos “*Lúa de vran*” e “*Barca loura*”, ambos os dous de 1952. Mais publica tamén unha nova poeta, **Hélida García López**, autora do poema “*Muíños de pedra*” (1951). Xa en 1951 reaparece *Posío. Arte y Letras*, onde o único nome feminino é **Pura Vázquez** cos poemas “*Salto do Can*” (1954) e “*Invitación pro ensono dos meniños*” (1953). En 1952 sae *Aturuxo*, no Ferrol, outra vez con **Pura Vázquez**, con textos como “*Íntima*”, “*Mencer da vela*” (1954) e “*Horas*”, pero coa presenza xa de quen será logo moi importante nome da poesía galega do século XX, **Xohana Torres**, que publica o poema “*Nai*” (1953).

En 1953 a revista *Nemancos* apórtanos un novo nome feminino, **Consuelo Domínguez Rodríguez**, que publica o texto “*Galicia da miña alma...*” no mesmo ano. Xa en 1959 aparece a revista *Escri-*



tos, onde imos atopar a quen logo será unha figura destacada da narrativa e do ensaio galego, **Marina Mayoral**, que nesta ocasión publica o poema “*Si soupéras...*” (1960).

Como se pode apreciar, as mulleres tiveron unha relativa e importante presenza en todas as revistas culturais que apareceron nas décadas de 1940 e 1950, cun predominio moi claro dos textos de Pura Vázquez, que foi a primeira muller importante en publicar poesía en galego na posguerra.

POESÍA DE MULLERES NO XORNAL *LA NOCHE*

Se *El Compostelano* deixara algún espazo para a poesía en lingua galega mesmo durante a guerra civil, o seu continuador, o xornal *La Noche*, segue nesta liña sobre todo grazas ao labor do xornalista Borobó. A carón de moitos homes importantes na poesía galega, aparecen tamén varias mulleres. Tres delas son figuras de preguerra: **Herminia Fariña**, que colabora con dous poemas en 1946, **Francisca Herrera Garrido**, que o fai con “*A lúa*” no mesmo ano, e **Sofía Casanova** (1861-1958), moi coñecida como narradora, xornalista e dramaturga en lingua castelá, mais que aquí publica tamén o poema “*O campaneiriño*”. Pero o que interesa é a presenza de varias poetas que serán xa canónicas na poesía galega de posguerra. En primeiro lugar **Pura Vázquez**, que en 1947 publica o poema “*Tola*” e xa no ano 1949 os textos “*Soidás*”, “*Val do Miño*” e “*Noite no agro*”. Ao seu carón **María do Carme Kruckenberg**, que en 1948 publica un poema que comeza co

verso “*Silandeiro me chamaches...*”. Ademais está moi presente xa dende 1946 unha das voces fundamentais da poesía galega, **Luz Pozo Garza**, pero que aínda publica todos os textos poéticos en castelán, lingua que tamén emprega **Dora Vázquez** (1913).

AS MULLERES NA POESÍA GALEGA DOS 50

Co comezo dunha certa normalización editorial en Galicia dende 1950 empezan varias poetas a publicar en lingua galega. **Pura Vázquez** (1918-2006) saca do prelo en 1942, nunha edición non venal, o poemario *Peregrino de amor*, que curiosamente aparece na cidade marroquí de Laracha e que xa contiña varios poemas galegos, pero o seu primeiro poemario importante en lingua galega será *Íntimas*, que aparece en 1952 en Lugo, pola editorial Xistral. É unha poesía a súa, contemplativa e con grande peso do relixioso, aínda que as imaxes de vangarda, que Ferrín cre tomadas de Vicente Aleixandre e que outros aproximan a Gerardo Diego, danlle á súa poética modernidade. Méndez Ferrín xulgouna con certa dureza crítica ao considerar que non ten acento propio e que o seu panteísmo é demasiado ecoico e difuso, aínda que é unha boa sonetista. En 1955 publicará en Bos Aires o poemario *Maturidade*, que é xa un notable avance na súa poesía que chegará ao cumio cunha obra hoxe considerada canónica e que sae do prelo o mesmo ano que *Palabra no tempo*. Trátase de *A saudade i outros poemas*, aparecido en 1963. Logo virán libros como *O desacougo* (1971), *Verbas na edra do vento* (1992), *Zodiaco* (1992) e mesmo libros de poesía infantil



como *Oriolos neneiros* (1975), escrito en colaboración coa súa irmá Dora. Presente en todas as antoloxías importantes da poesía galega, foi unha precursora das poetas das xeracións seguintes. Algúns críticos como Raña Lama consideran que hai tamén na súa poética influxos da Escola da Tebra, presentes na angustia e no intimismo atormentado.



Luz Pozo Garza (1922), unha das mulleres numerarias da Real Academia Galega, é unanimemente recoñecida hoxe como poeta fundamental na poesía galega. En 1952 publicou *O paxaro na boca*, tamén en edicións Xistral de Lugo, pero ata que apareza *Códice calixtino* en 1986, o mellor da poesía de Luz Pozo publícase en castelán en volumes como *Ánfora* (1949), *El vagabundo* ou *Cita con el viento* (1962). O seu primeiro poemario galego amosa algunha das características que conforman toda a súa poética posterior:

lirismo, intimismo, vitalismo, senso da natureza. É boa mostra deste libro o poema "*O neno murcho*", do que reproducimos un anaco:

En tódolos pobos hai un neno murcho,
sin niños, nin merlos, nin píos.
Un neno que coñece as esquinas tristes,
ciudades sumerxidas, peixes mortos
i o laiar da noite coma un anxo negro.

Rosalía é outra das presenza ineludibles como tema na poesía de Luz Pozo, quen é quizais a figura poética que máis textos dedicou á cantora do Sar como eixe fundamental da súa poética, risco que comparte con todos os membros da súa xeración, pero sobre todo con outras poetas galegas.

Pura Vázquez Iglesias

María do Carme Kruckenberg Sanjurjo (1926), publicou en 1956 un breve poemario titulado *Cantigas do vento*, onde destacan o neopopularismo e o senso da natureza, non moi lonxe do primeiro Avilés de Taramancos. Pero nesa altura comezara tamén unha carreira poética en castelán con libros como *Palabras olvidadas* (1956), *Farol de aire* (1958), *Los pajaros inmóviles* (1956), *Rumor del tiempo* (1957) ou *Poemas inevitables* (1960). En 1962 publicou un novo poemario en lingua galega, *Canaval de ouro*, onde a natureza, a sinxeleza expresiva, o intimismo e o erotismo doce son características do volume, que Ferrín atopou quizais demasiado abstracto. A partir da década dos setenta, María do Carme Kruckenberg é fundamentalmente unha poetisa en lingua galega, autora de obras como *A sombra ergueita* (1976), *Cantigas para un tempo esquencido* (1986) ou *Alegoría do ensoño ferido* (1992). O bilingüismo da súa obra é característico dos poetas galegos nados



María do Carmen
Kruckenberg


entre 1919 e 1929, aos que Ferrín encadró na chamada *Promoción de enlace*. Como mostra da súa poesía reproducimos este texto de *Canaval de ouro*:

Quedáchede,
porque a ribeira
tiña un nome novo,
porque o corazón
non ten lindeiros,
porque a sede
ten máis sede
cando se durme.
Quedáchede,
porque era infindo
como o mundo dos soños.

Xohana Torres Fernández (1931), numeraria da Real Academia Galega, pertence xa á *Xeración das Festas Minervais*, é dicir, á daqueles escritores e escritoras que nacen entre 1929 e 1940, que outros críticos denominan como *Xeración dos 50*. En 1957 publica o poemario *Do sulco*, que a aproxima a María Mariño na orixinalidade da puntuación e na expresividade lograda por medio de insólitas asociacións. Non regresará á poesía galega ata 1980 con *Estacións ao mar* e en 1992 publicará *Tempo de ría*. Mentres tanto cultivou a novela, o teatro e a literatura infantil. Un dos textos máis coñecidos de *Do sulco* é "*Rosalía*", do que reproducimos a primeira estrofa:

*Ti és pra mín a barquiña que lembra
toda presenza de madeiras náufragas
que vive, infinda, unha traxedia líquida
de peiraos sen panos e sen peixes.
Sedenta coma un car
e no teu mar, afogada.*


Aínda se pode anotar o nome de **Aurora Vidal Martínez** (1911), unha pontevedresa que en 1958 publicou na súa



cidade natal o libro *Poemas de nenos e paxariños*, recentemente reeditado, con textos de breve extensión, xeralmente octosílabos e cun ton popular e sinxelo. Trátase de estampas de nenos e paxaros, con presenza tamén da paisaxe que buscan o cromatismo e a sensorialidade.

1963: A CHEGADA DE MARÍA MARIÑO

A editorial Celta de Lugo publica en 1963, cun prólogo de Ramón Otero Pedrayo, garantía de lexitimación para moitos poetas galegos da posguerra, un libro sorprendente, dunha figura descoñecida, *Palabra no tempo* de **María Mariño**. Malia as opinións que sosteñen que foi moi mal valorada nesas datas e pouco considera-

Aurora Vidal
Martínez

da pola crítica galega, isto non responde completamente á verdade, pois dende o comezo houbo críticos sagaces que comprenderon a importancia da poeta noiesa, mesmo algúns que tiveron algúns reparos co libro. Nese ano nacía a importantísima revista *Grial*, o buque insignia da cultura galega nesas alturas e aínda importante hoxe, e nela un poeta mozo, mais tamén crítico, Arcadio López Casanova publicaba a recensión “*A palabra alcendida de María Mariño*”, que apareceu no número tres de 1964 e que contiña xuízos como este: “...A súa voz, limpa e crara, dende as iradas outuras dos tesos cumes do Courel, feitos xa voz poética en *Os Eidos do Novoneyra*...”, que poñían en relación a poesía da noiesa coa do seu amigo Uxío Novoneyra, feito que non se pode negar, aínda que non se pode estremar o argumento que levou a algúns a afirmar


que os textos eran de Novoneyra e non de María Mariño, mais tampouco se pode negar a proximidade temática e poética de ambos os dous libros. Considera Arcadio López Casanova que este libro, escrito entre 1958 e 1963 é dunha poesía mergullada na vida, no que a segunda parte do poemario é a mellor pois contén un asolagamento no mundo interior do poeta manifestado en poemas breves de raíz metafísica e xa non centrados na paisaxe exterior, senón na interior da autora. Considera máis frouxa a terceira parte que xulga con textos “*nada ben construídos*”, cre que os ecos de Novoneyra lle restan autenticidade e que debe buscar un camiño propio.

Xosé Luís Méndez Ferrín considera que *Palabra no tempo* é unha obra “*revolucionaria*”, que forza o sistema lingüístico galego sobre todo na substantivación dos adxectivos e no emprego do adverbio. Tematicamente xulga o poemario como representativo dunha mística da aniquilación, onde a materia absorbe o ser persoal do eu lírico até aniquilalo. Non se trata de vulgar panteísmo ou de misticismo cristián, senón de materialismo dun mundo escuro. Entende Ferrín que foi desdeñada pola crítica galega, mais cómpre lembrar que recibiron a obra positivamente Novoneyra, Otero Pedrayo, Manuel María e o mesmo Ferrín.

Críticos máis recentes anotan que María Mariño, aínda que por idade pertence á Xeración do 36, pouco ten que ver coas características poéticas dos seus coetáneos e que máis ben é unha continuadora da vangarda, cun intimismo radical e que, formalmente, vai da métrica aínda tradicional do primeiro libro ao versolibrismo



María Mariño
ilustrada por Fino
Lorenzo



MARÍA MARIÑO
(1918-1967)

NOIA

1

86 Campanas que tocades
todas do mesmo xeito,
unhas chegádesme á alma
e outras ó pensamento.

¡Pobos donde eu vivín!
Algúns eran máis feitos
e queríanme enganar,
mais eu nunca sentín
neles o meu fogar.

O meu fogar téño en ti:
no teu vivir e nas tres pontes
e das campanas os toques,
toques que eran pra min.

Fóra de ti cando as oio,
e sendo o mesmo tocar,
recóolloas no pensamento,
xa non pasan máis alá.

2

¡Ribeiras de mar enxoiro!
¡Ribeiras de pleamar!
Quedas, vellas ribeiras,
agardan un mar i outro mar.

3

Os seráns nas Rías Baixas
ollan con luz de aurora,
ca súa mirada queda,
silencio daquela hora...

de *Verba que comenza* (1990). Este intimismo de María Mariño vai gañando en calidade e une o eu coa natureza, a palabra co tempo, cunha lingua moi orixinal, libre e sintética.

No ano que aparece *Palabra no tempo* sinalabamos xa que aparecera tamén o volume *A saudade i outros poemas* de Pura Vázquez, mais tamén saíu do prelo un libriño de poesía tradicional escrito por unha muller e prologado por Otero Pedrayo, *Airiños do meu lugar*, de **Emilia Estévez Villaverde** (1921). No ano anterior aparecera un libro que marcará a poesía galega ata 1976, *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro, o libro capital da poesía social galega, o que puido influír no esquecemento por parte dalgúns poetas novos da poesía máis radical e

intimista de María Mariño. Despois de *Palabra no tempo*, en 1964, a literatura galega atoparase con dúas poetas alógrafas que publican na nosa lingua: **Anne Marie Morris** (1916-1999), norteamericana que edita *Voz fuxitiva* e a portuguesa **María Manuela Couto Viana** (1919-1983), que publica *Fruta lonxana*. Xa en 1965 sae o segundo poemario da emigración en galego escrito por unha muller, logo do de Áurea Lorenzo de 1943; trátase de *Lonxanía* de **Elsa Fernández** (1933-1964). Ata a morte de Franco en 1975 non aparecen moitas voces poéticas femininas en lingua galega, pero pódense citar **Dora Vázquez**, que en 1969 publica *Un poema cada mes*, **María Otilia Docampo Pego**, que en 1967 publica *Do fondo da ialma*, **Matilde Lloria**, unha valenciana establecida en Galicia que cultivou a poesía en



castelán, catalán e galego, e que en 1971 publica *Caixiña de música*, cun prólogo de Otero Pedrayo, pero que xa era coñecida pola crítica galega polos seus poemas na revista do exilio *Vieiros*. Nese mesmo ano aparece *Anacos do meu tempo* de **Ketty Quintana Lacaci** e, nestes anos finais do franquismo, xorde unha nova poeta que logo será moi coñecida como xornalista e narradora, **Margarita Ledo Andión**, que en 1970 publica *Parolar cun eu, cun intre, cun insecto*, na editorial Xistral de Lugo, e en 1973 tira do prelo un novo poemario, *O corvo érguese cedo*. O resto dos libros poéticos de mulleres neses anos corresponden a autoras xa citadas. Logo virá a década dos oitenta onde aparecerán novos nomes femininos como **Pilar Pallarés**, **Ánxeles Penas**, **Helena Villar Janeiro**, **Chus Pato**, **María Xosé Queizán**, **Xela Arias**, **Pilar Cebreiro**, **Ana Romaní**, **Luísa Castro** e moitas outras. Na década dos noventa o aumento da presenza feminina na poesía galega é xa un fenómeno digno de estudo.



BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO GIRGADO, Luís (dir.): *Posío*. Ourense, 1945-1946, Santiago, Xunta de Galicia, 1995.
- ALONSO GIRGADO, Luís (dir.): *Plumas e letras en La Noche (1946-1949)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996.
- ALONSO GIRGADO, Luís e Natalia REGUEIRO: *Limiar a Aurora Vidal Martínez. Poemas de nenos e paxariños*, Santiago de Compostela, Follas Novas, Libros da Frouma, 9, 2000.
- ALONSO MONTERO, Xesús: “*Kruckenberga Sanjurjo, María del Carmen*”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 18, pp. 136-137.
- ALONSO MONTERO, Xesús: *Os poetas galegos e Franco (Estudio e Antoloxía)*, Madrid, Akal, 1997.
- BERNÁRDEZ, C.L., ÍNSUA, E.X., MILLÁN OTERO, X.M., REI ROMEU, M. e L. TATO FONTAÍÑA: *Literatura galega. Século XX*, Vigo, A Nosa Terra, 2001.
- BLANCO, Carmen: “*A figura literaria de María Mariño*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 2, (1989).
- BLANCO, Carmen: *Libros de mulleres (para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)*, Vigo, Cumio, 1994.
- CASTRO R., Xavier: “*Queixas da poeta sonense Áurea Lorenzo Abeijón*”, *El Correo Gallego*, “El Correo2”, 06 - 03 - 2005, p. 13.
- CASTRO RODRÍGUEZ, Xavier: “*Seara: os eidos líricos de Herminia Fariña Cobián*”, *Galicia Hoxe*, 02-12-06, p. 2.
- FANDIÑO VEIGA, X.R.: “*Torres Fernández, Xohana*”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 29, pp. 119-120.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, Vigo, Galaxia, 1980.
- FREIRE, Xosé: “*Áurea Lorenzo, pioneira da poesía de posguerra*”, *A Nosa Terra*, nº 1.165, 24 de febreiro a 3 de marzo, 2005, p. 27.
- G.G., X.: “*A importancia dos poetas menores*”, *A Nosa Terra*, nº 1.165, 24 de febreiro a 3 de marzo, 2005, p. 27.
- LÓPEZ CASANOVA, Arcadio: “*A palabra alcendida de María Mariño*”, *Grial*, nº 3, xaneiro-marzo, 1964, pp. 129-130.
- LORENZO ABEIJÓN, Áurea: *Queixas*, Noia, Toxosoutos, 2004. Edición e introdución de Aurora Marco.
- MARCH, K.N.: “*Vázquez Iglesias, Pura*”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 29, pp. 252.
- MARCO, Aurora: *As precursoras. Achegas para o estado da escrita feminina (Galiza 1800-1936)*, A Coruña, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, 1993.
- MARCO, Aurora: “*Áurea Lorenzo Abeijón: en Buenos Aires con Galiza ao fondo*”, *Andaina*, 2º ep., nº 5, abril de 1993, pp. 30 - 41.
- MARCO, Aurora: “*Herminia Fariña Cobián un corazón inxel na bretamosa Compostela (1947)*”, *Andaina*, nº 15, (1996).
- MARCO, Aurora: “*Áurea Lorenzo Abeijón, unha escritora galega na emigración bonaerense*”, *Casa da Gramática*, “Papel de Color”, nº 11, Noia, marzo, 2001.



MARQUÉS VALEA, Xulia: *A literatura galega no xornal El Compostelano (1920 – 1946)*, Santiago de Compostela, El Correo Gallego / O Correo Galego, 1999.

MARTUL TOBÍO, Luís: “Pozo Garza, Luz”, *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 25, pp. 191-192.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L.: *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais de Galicia, 1984.

NOGUEIRA, María X.: “*María Mariño Carou: un fenómeno de recepción*”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 12, (1997).

PATO, María X.: “*Verba que comenza: unha escrita xenesiaca*”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 13, (1997).

RAÑA, Román: *A noite nas palabras. Unha aproximación á poesía galega de posguerra*, Santiago, Sotelo Blanco, 1996.

REQUEIXO, Armando: “*Por entre as ‘Queixas’ de Áurea Lorenzo*”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, 20 – 02 – 2005, p. 4.

RODRÍGUEZ, Xoán Pastor: “*Centenario da poetisa Áurea Lorenzo*”, *La Voz de Galicia*, “*Barbanza-Muros-Noia*”, 31 – 12 – 2004, p. 8.

RODRÍGUEZ FER, Claudio: “*Publicismo feminino na Galiza bélica*”, *A Nosa Terra*, 27-07-1989.

RODRÍGUEZ FER, Claudio: “*Escritores galegos ante a guerra civil*”, en *Galcia*, T. XXXIII: *A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, A Coruña, Hércules, 2000, pp. 25-109.

RODRÍGUEZ LEMA, G.: *Herminia Fariña*, Santiago, Xunta de Galicia, 1996.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Escritores da Barbanza*, A Pobra do Caramiñal, Concello da Pobra do Caramiñal, 1999.

SANJURJO, Victoria: *Introducción a María Mariño: Obra completa*, Vigo, Xerais, 1994.

TARRÍO VARELA, Anxo: *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo, Xerais de Galicia, 1994.

VILAVEDRA, Dolores (Coord.): *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

VILAVEDRA, Dolores (Coord.): *Diccionario da literatura galega III. Obras*, Vigo, Galaxia, 2000.

AS PAIXASES DE MARÍA

En oia en tempos de María Mariño
Paisaxes no fondo do espello
Pedro García Vidal



¡Pobos donde eu vivín!
 Algúns eran máis feitos
 e queríanme enganar, mais eu nunca
 sentín
 neles o meu fogar.
 O meu fogar téño en ti:
 no teu vivir e nas tres pontes
 e das campanas os toques,
 toques que eran para min.

Contaba preto de corenta anos cando María Mariño se achegaba á rotundidade xeolóxica do Courel, lonxe das súas terras de ribeira da súa Noia natal, ás que desde ese intre só vai facer esporádicas visitas. Alí, entre aqueles poderosos cumes, mergullada naquelas xeografías dislocadas, vai buscar acougo para un espírito alterado polas mortes do seu fillo e da súa nai. Da doce e amorosa paisaxe ribeirega nunha vila como Noia, que sobrevive ancorada a un mar familiar e ocasional, ás altas terras montesías do Courel de paisaxe agreste e áspera con longas invernías cubertas dun manto branco de neve. Máis de vinte anos de permanencia na dura montaña: a “grandiosa soledad del Caurel” na lírica de María Mariño da que falaba Anxel Fole. Pero ata aquela soidade mineral achéganse a cotío os recordos da infancia, e no corazón de María Mariño afloran imaxes de Noia e o seu cadencioso mar. Son as xeografías percibidas, as xeografías recordadas ás que se retorna na ausencia filtradas polo cristal do tempo; esas xeografías da alma que Avilés de Taramancos felizmente bautizou como “paisaxes no fondo do espello”. Con elas trazamos os nosos particulares mapas mentais, a cartografía persoal e íntima que cada un de nós levamos dentro. Neste atlas de xeografías da alma, os territorios da infancia e adolescencia ocupan un lugar senlleiro.

Memoria de mar.....

Emprazada a vila de Noia no recuncho máis agochado da ría, a auga atlántica apenas ten forza para achegarse ata as súas portas. Por iso o mar de Noia é un mar ocasional só presente na fugacidade dunha marea. Porén, aínda no obstáculo desa temporalidade que fixo de Noia un porto subordinado ao abalo das augas, o mar foi sempre o alicerce onde repousou a actividade económica da vila. Foino desde o seu nacemento e continúa sendo naqueles primeiros anos do século XX que acubillan a infancia e adolescencia da autora de *Verba que comenza*. Co pulo de cada marea as augas mansamente asolagan o fondal da enseada traendo consigo escintileos de sol en amarelos raios sobre un espello azul. A auga trae o balbordo aos anovados peiraos, pois ata eles achégase unha procesión de velas brancas sostén dun importante tráfico mercantil e humano. É a Noia dos veleiros de Álvaro Cunqueiro, que logo de capear a invernia ancorados no interior da ría “como nidos empotrados en el mar”, dinos a noiesa do Courel, renacían cada primavera, e da man dos míticos patróns percorrían a totalidade de portos peninsulares. Co devalo da marea, nas augas tranquilas dos charcos reflectíanse as prendidas tintas, e cubríanse de sombras os montes que aprisionaban a vila. Alí, na seca, agardaba o misterio dunha anovada vida en cada poza ou baixo cada unha das pequenas pedras ao descuberto. Nese intre, un exército de agricultoras do mar recollen os froitos das augas sondando con sabedoría antiga as areas: “mujeres como puntos suspensivos se divisan en la amplia playa de fina arena blanca” recorda a nosa autora.



Na distancia temporal e física daquelas farmacias do espírito en forma de saudosas montañas, María Mariño padece as ausencias da infancia. Por iso a súa linguaxe, a pesares do voluntario exilio de vinte anos, non é puramente de montaña e o mar aboia de cando en vez no medio e medio das devesas, das fragas e dos cavorcos. Nos seus versos respírase salitre e o mar de Noia faise presente naqueles afastados relevos do Courel. Un mar fugaz, polo tanto, rítmico no devalar e ascenso das mareas, a vida e a morte, o existir en fin.

¡Ribeiras de mar enxoito!
 ¡Ribeiras de pleamar!
 Quedas, vellas ribeiras,
 agardan un mar i outro mar.

Co paso do tempo, os continuados arrastres dos ríos foran recheando o fondo da enseada de Noia e a vida do mar ía desertando paseniño do vello porto e dos

seu peiraos, agora só accesibles nas altas mareas. Era o preludio dun tempo novo no que as vías e o transporte terrestres ían tomar o relevo ao mar e aos veleiros. A morte do porto era só unha cuestión de tempo. Ao igual que na vida, o destino fatal está marcado:

*Mareas que en min aboian nunca son de pleamar.
 Non dan calo ós meus navíos que dela veñen buscar.*

.....e pedra.

Pero non só as paisaxes do mar de Noia, emerxendo do fondo do espello, asolagan as topografías do Courel, senón que tamén ata alí, do celeiro dos recordos acuden, avivecidas, lembranzas de tempos idos e felices en espazos noieses non marítimos. Agora é a pedra humanizada a que toma substancia no espello do tempo.

O TAPAL urna de tu eco.
 Sombra de un sol que es tuyo.
 Luz de alma que quemó en su seno.
 Gigante en la criatura.
 Mudo caminar del tiempo.

No ano en que nacía María Mariño (1907), Noia enxergaba o novo tempo nunha profunda metamorfose. A patria

¡Ribeiras de mar enxoito!



¡Ribeiras de pleamar!



Solpor no mar de Noia





da infancia e adolescencia da nosa poeta, era naquel intre unha próspera localidade urbana que se debatía no tránsito provocado polo paso dunha sociedade do antigo réxime á nova sociedade liberal burguesa. Nese tempo residían na vila arredor de 3000 veciños e no corpo social, desde mediados do século XIX, a burguesía acomodada estaba tomando posicións. Eran estes burgueses, ricos propietarios de fábricas de salgadura, coiro, bebidas gaseadas, xabón, velas, etc., ou directores de banca, profesores e funcionarios. Mentres, a antiga nobreza noíesa agonizaba nos seus maravillosos pazos. A maioría dos noíeses, porén, pertencían a un proletariado humilde que vivían concentrados nas ribeiras en barrios caracterizados polas deficientes condicións hixiénico sanitarias.

Era por aquel entón Noia unha pequena Compostela, en palabras de Otero Pedrayo, de rexa arquitectura en granito, en casas burguesas e señoriais, que conservaba, como poucas vilas de Galicia, o seu antigo aspecto e vellas tradicións. Os edificios antigos aparecían espallados polas rúas coa presenza destacada dos relixiosos. A pedra, o duro granito, simbolizaba aquela Noia onde a presenza do pasado exercía unha poderosa forza. Moitas partes da antiga muralla que rodeaba a vila



nos tempos medievais aínda estaban en pé, e as mulleres dos mariñeiros remendaban as redes penduradas dela.

A vila quería ser cidade, unha pequena capital con servizos axeitados á súa categoría. Iso precisaba dun esforzo dirixido a incrementar a súa centralidade, a súa influencia e poder de atracción sobre a maior cantidade posible de poboación circundante. A fixación de días de feiras e mercados constituía unha importante contribución para conseguilo. Na mesma dirección, a vila procuraba dotarse de servizos de todo tipo. Posuía, ademais, outros elementos necesarios para a vida moderna, como cafés ben montados e fornecidos establecementos de comercio, fondas e pousadas, casas de Banca, consignatarios de buques, navieiros, confeitías, farmacias, fotografías, imprentas, etc. Aínda que o aire industrializador de Noia seguía impregnado de salitre e coiro procedente das antigamente florecentes industrias da salga e curtidos, novas in-



A Noia dos veleiros. O mar, aínda nun porto de marea, constituía o alicerce que sustentaba a vida económica de Noia

Rúa de Mazacáñamos. Era por aquel tempo Noia unha pequena Compostela en palabras de Otero Pedrayo



dustrias veñen tomar o relevo: fábricas de bebidas gaseadas, chocolates, xabón, telleiras, construción de cestas, serrarías, pirotecnia, etc

e á luz eliminando atrancos. Simultaneamente, na procura de paseos urbanos onde poder gozar do aire libre e do sol, proséguese no proxecto de preparación e coidados da nacente Alameda e Xardíns de Felipe de Castro, orgullo e fachenda da cidadanía noíesa.

Na praza do Tapal aínda resistían en pé edificacións fillas doutras idades



Unha profunda reforma interior estaba debuxando unha nova paisaxe na vila. Os hixienistas demostraran que as condicións insás das vilas antigas acurtaban a vida dos seus habitantes. De aí que a vila histórica noíesa vaia ser profundamente transformada pola ascendente burguesía no canto de conseguir un aire máis puro e un interior máis soleado. As rúas máis céntricas como O Cantón, Montero Ríos ou a rúa do Comercio, ao mesmo tempo que se procede á construción da rede de sumidoiros e insístese na renovación do seu lousado, proseguían co proceso de aliñación e ampliación iniciado anos antes, que ía ser causa de morte para o vello soportal, representante xenuíno da cidade medieval. Pero tamén o alzado da vila se transforma, e así os sectores privilegiados poboanse de casas académicas en pedra con baixo comercial e fachadas en balcóns e galerías brancas. Logo, co modernismo, tamén terán cabida novos modelos e materiais con tan excelentes resultados construtivos como o senlleiro teatro Coliseo Noela (1920). As prazas como a do Tapal, ábrense tamén ao aire

A modernización epidérmica da vila levada a cabo polas novas forzas burguesas co fin de adaptala aos novos criterios da habitabilidade da época, alteraron a orde semántica do espazo urbano provocando unha apreciable segregación social no interior do mesmo. Poténciase agora un segundo centro urbano de clara orientación burguesa no Cantón e na recentemente rebautizada rúa do Comercio que toma o relevo ao Tapal e arredores da igrexa de San Martiño. Eses anovados espazos residencias centrarán os percorridos dos principais itinerarios urbanos. Ao seu traveso ten lugar o paseo dominical e igualmente van ser sacralizados polo discorrer das procesións relixiosas. Pola contra, as clases máis humildes amoreábanse en casas pequenas e antigas en barrios sen servizos básicos e en condicións hixiénico-sanitarias moi precarias. A separación social entre os habitantes das “rúas de Abaixo” e “Pescadería” á marxe das intervencións urbanas, e os “señoritos do Cantón” residentes nos novos espazos reconvertidos, vai mani-

Edificio modernista do Coliseo Noela (1920). Un contedor cultural para o ocio das emerxentes clases burguesas



NOTA.—Calle de Felipe de Castro.

festarse igualmente nas novas formas e lugares de sociabilidade: o acceso ao clasi- sista Casino, por exemplo, estaba vetado ás clases populares.



A curiosidade intelectual polo feito do mundo que a rodeaba, facía de María Mariño, filla dun modesto zapateiro e dunha costureira, unha nena con “gañas de aprender”, tal como nos refire a autora en *Más allá del tiempo*. As súas escruta- doras retinas esculcan os profundos cam- bios que estaban operándose na vila. Un tempo novo estaba nacente, e unha nova clase emerxente tomaba o relevo dos an- tigos señores residentes nos vellos pazos. Porén, naquela Noia renacida e cambian- te, de novos e espectaculares espazos e arquitecturas, os elementos que seguen proxectando as imaxes máis poderosas son aqueles que singularizaron durante séculos a vila noiesa. Son eles os que van ocupar un lugar preferente na me-



moria e os que van poboar as paisaxes da alma da autora de *Palabra no tempo*. Na inmensidade natural do Courel, esas vellas paisaxes construídas, asoman en lembranzas de tempos idos e felices en Noia.

SANTA MARÍA A NOVA,
Enredada fuente de mi mente.
Cascada en el retorno,
del nuevo mundo al que espero,
En Ti. ¡CRUCEIRO!, pecho de alma,
En Ti. Pórtico luz del ciego.

Rúa Cega.
O lugar de
nacemento de
María Mariño

Casa do
Concello,
logo Instituto.
Este edificio,
rematado no
ano de 1880,
ía constituír o
símbolo do novo
poder burgués

A large, decorative, calligraphic initial letter 'P' in a dark grey color, featuring elegant flourishes and a cursive style.

aisaxes de Elantxobe

O fresco aloumiño dos salseiros do Cantábrico

Pedro García Vidal



Contaba trinta e oito anos cando a autora de *Palabra no tempo* se achegaba á bravura dun mar Cantábrico, lonxe das alagadas e plácidas augas de fondo de ría de Noia ou de Boiro. Foi durante o curso 1945-46, cando Roberto, marido de María Mariño e mestre de profesión, vai ser destinado ao País Vasco, en concreto á comarca de Busturialdea, coa escola en Elantxobe, un pequeno porto pesqueiro na costa biscaíña onde o matrimonio permanecerá un só curso. As agrestes paisaxes que se presentaban á súa ollada de seguro deberon impresionalos, sobre todo polo forte contraste coa dozura e suavidade das terras que deixaban: dun mar doméstico, por veces enxoito, das rías baixas, ao mar bravío e fero que se abría sen fin fronte ao bordo costeiro; do gris do granito que tapizaba as terras barbancesas ao abrancazado da calcaria predominante nestes relevos; dunha costa baixa e suave tapizada de finas areas, a unha acantilada e agreste onde o mar batía con teimosía.



Tal vez ese poder do mar fose o que máis impresionou os novos veciños. O mar en Elantxobe está sempre presente. Non é un mar que se intúa, ou un mar ocasio-

nal que só apareza a cada pulo da marea como sucedía na vila de Noia, senón que, pola contra, é un mar que se respira, un mar que o invade todo, un mar omnipresente. Un mar tamén ruidoso que loitaba a cotío nos arcos do litoral bravo, esculpindo relevos de expresivo titanismo. Por iso nesta costa bravía onde ían instalarse debuxábanse paisaxes moi diferentes en espazos reducidos: nun breve percorrido de oeste a leste pásase da praia de Laga aberta ao Cantábrico, aos impresionantes acantilados do Ogoño, para logo aparecer o minúsculo abrigo onde se resgarda o porto de Elantxobe.

O monte Ogoño, unha poderosa mole en pedra calcaria que cae directamente ao mar desde os seus trescentos metros de altura dando forma a un vertixinoso cantil, exerce como gardián de Elantxobe. Aos seus pés resgárdase a pequena cala ao abrigo da fereza do Cantábrico. No século XVI comeza a poboarse o barrio de Elantxobe con pescadores e marreantes de Ibarrangelu, poboación que desde o alto do acantilado viu no diminuto entrante a posibilidade de facer porto. O refuxio de Ogoño aínda que non era un lugar favorable para a construción das súas vivendas, si o era, porén, para que as súas embarcacións estivesen a resguardo. Así foi que un grupo de casaríos na parte superior foi alongándose cara ao porto natural ao pé do acantilado ao que baixaban os seus moradores a cotío. O establecemento nun lugar tan estreito e empinado non podía facerse ao xeito tradicional, en casas apartadas, senón

Elantxobe, un diminuto peirao no Cantábrico ao pé do cabo Ogoño



parede con parede, en edificios corridos que dan lugar a rúas como a principal, ou rúa Maior, que serpea pola empinada ladeira cos tellados aparentando banzos dunha escada.

Colgado na aba do monte Ogoño, Elantxobe semella esboroarse sobre o Cantábrico. Estirado cara ao mar da vida, este pobo mariñeiro é sen dúbida un dos máis senlleiros da costa vasca. Condicionadas pola topografía, cada rúa constitúe unha empinada costa, e a estrutura urbana é tan apertada, que na praza “maior” só unha plataforma xiratoria permite que o autobús de liña poida dar a volta. Desde este lugar, situado no alto da vila, ofrécese magníficas vistas sobre o peirao.

Desde o porto, as vivendas ruben polas escarpadas paredes da montaña



O carácter indomábel das xentes deste pequeno establecemento pesqueiro ponse de manifesto na teimosía da súa incansable loita contra o mar. Contra unha natureza adversa que cada invernia pon a proba os febles peiraos protectores das embarcacións, as xentes proseguiron na porfía. Polos séculos XVII e XVIII existía un pequeno peirao que repetidas veces foi destruído pola fereza dos temporais. Grandes gastos ocasionaba ao concello

de lbarrangelu e á confraría a reparación dos estragos arranzados con pedra do Ogoño. No ano 1783 construíuse o seu porto pechado mellorando moito a situación do interior do mesmo. A mediados do XIX ampliáase o porto coa construción de dous peiraos exteriores case paralelos aos primitivos.

Os de Elantxobe eran pescadores sobre todo de baleas, desde finais do verán ata pasado o inverno, que proporcionaban aceite para alumear as casas ou ósos para levantar cercas. No alto do Ogoño existía un posto de observación que avisaba da presenza de baleas na costa mediante sinais de fume aos patróns das embarcacións. Cando a pesca de balea comezou a escasear, os pescadores de Elantxobe dedicáronse a outros peixes como ollomol, anguía, sardiña, atún, anchoa e outros. Unha florecente industria relacionada coa pesca chegou a desenvolverse no lugar. No século XIX, momento do seu esplendor, Elantxobe chegou a ter ata sete fábricas de escabeche. No século XX, con altibaixos en canto ao número, existiron fábricas de conservas, escabeche e salgadura.

Desde o cume do Ogoño, a uns 300 metros de altura, ofrécese vistas sobre Elantxobe, e a ría de Mundaka rodeada de aciñeiras. Contémplase a beleza convincente e serea desta ría englobada no val de Urdaibai, declarada en 1984 reserva da biosfera por parte da UNESCO, coa maxestosa harmonía de canles e brazos e dunas da praia de Laga aberta ao Can-



No alto da
vila ofrécese
magníficas vistas
do bravo porto
pesqueiro

tábrico. Fronte ao esteiro, a illa de Ízaro. Un illote solitario poboado de lendas. Un anaco de terra disputado por dúas vilas, Mundaka e Bermeo, que en 1719 xogárono nunha regata; de árbitro, o pobo de Elantxobe. Desde aquela os de Mundaka, os perdedores, nomean aos de Elatxobe como *macués*, “mal xuíz” en biscaíno.

Desde o alto do Ogoño ou desde calquera dos altos que rodean Elantxobe, e nos seráns de primavera, cando a cor vermella do ceo se cingue á escuridade misteriosa do mar, María Mariño contemplaría esa luz incomparable e intentaría comprendela. Logo, na ausencia dese mar, instalada na rotundidade xeolóxica do Courel, os sabores do Cantábrico amparados na memoria, encherían de salitre aquelas novas paisaxes montesías.



Escarabote vivido
pola poeta María Mariño

Antón Rodríguez Gallardo



Entre mediados dos anos vinte e principios dos corenta, con intermitentes ausencias, a poeta María Mariño vivirá xunto á súa familia na aldea boirense de Escarabote, na parroquia de Santiago de Lampón. Pouco ou nada ten que ver o Escarabote actual, inmerso nun intenso e desfigurador proceso de urbanización, co daquela. Nos parágrafos que seguen tentaremos dar uns trazos, unha visión moi xeral do espazo vivido naqueles anos pola destacada escritora noíesa.

SANTIAGO DE LAMPÓN, A PARROQUIA

No primeiro terzo do século XX a parroquia boirense de Santiago de Lampón, á que pertence Escarabote, é un lugar densamente poboado (uns 1.700 habitantes en 1930) e de bastante movemento, onde coexisten realidades diversas. Amosa, por un lado, esta parroquia unha cara montañesa, que se corresponde coas aldeas de As Escobias, Montaña, Montañó e Piñeiro, habitadas por aínda non douscentos paisanos e malamente comunicadas co resto por unha corredeira cativa, que ascendía dende a igrexa parroquial de A Magdalena. Amais da agricultura, tiñan nesta zona unha destacada presenza os sectores gandeiro e forestal, e tamén a minería do estaño, introducida a comezos dos anos vinte pola *Estañífera de Arosa S.A.*, que convertería os montes circundantes nun foco de atracción de man de obra, tan pouco cualificada como miserabilmente pagada.

Unha segunda realidade do Lampón do primeiro terzo do século XX é a xenunamente labrega, a das aldeñas das beiras e arredores do vetusto Camiño Real, daquela aínda rebordante de vida, no seu percorrido cara as terras da parroquia de Santa Baia de Boiro. Dende A Magdalena, aldea señoreada pola casa de García, berce de labradores abastados e cregos, ata preto do río Coroño, no límite coa veciña Santa Baia, asoman a aquel camiño Escarís, O Carballal, O Sobreiral, Sealo, A Poza, San Mauro e, xa estremando con Boiro, O Outeiro e o señorial Goiáns, solar da fortaleza medieval homónima, fachendosa aínda da súa condición de *casa de sogas y cuchillo, y con derecho de pernada*. Se esta parte da freguesía, a dos casaríos labregos, hórreos e cruceiros, e o aristocrático pazo de Goiáns, era a de maior raigame da parroquia, a de máis vida e actividade correspondíase cos barrios de Escarabote e Escarabotiño, co Lampón mariñeiro.

UNHA ALDEA MARIÑEIRA

Escarabote era no primeiro terzo do século XX unha pintoresca e populosa aldea da parroquia de Santiago de Lampón, na que vivían unhas 800 persoas, case a metade da poboación da freguesía. Emprazado nun somonte do Barbanza acariñado polas augas arousás de Barraña, distribuía a maioría do seu casarío polas beiras e arredores da estrada que, de Boiro, vai cara á Pobra do Caramiñal. Con inicio en Escarabotiño, núcleo veciño



duns 200 habitantes, e remate no Pontellón, xa no límite co municipio pobrense, dúas ringleiras de casas, baixas e cativas case todas, foran medrando a ámbolos dous lados do vieiro. Nalgúns puntos, as edificacións seguían tramos conservados do antigo Camiño Real, ascendendo lixeiramente polo somonte unhas veces, e baixando cara ao mar noutras. Nesta parte da aldea, medianamente iluminada dende mediados da Segunda República e atravesada a diario polos autobuses *García Martí* e *El Ideal Gallego*, atoparan os escasos establecementos públicos de Escarabote o lugar idóneo para se estableceren, caso do cumprido almacén de Crusat, onde mercaba toda a veciñanza, ou do cine de José Luís de Rosomil, pioneiro, alá por 1937, na proxección de películas sonoras no municipio de Boiro. Algúns camiños, angostos e costentos, comunicaban esta parte da aldea coa mesma beiramar, onde casas e galpóns, alleos a calquera orde, salpicaban cons e areais.

A pesar de carecer das infraestruturas necesarias, a vida en Escarabote xiraba por completo en torno ao mar. Tema co-

tián de conversa e vehemente discusión, xunto á bárbara moda da pesca con dinamita, era a construción dun peirao. Malia constituír reivindicación histórica, a desexada obra non pasaría durante moito tempo de ser unha va promesa en boca de políticos chegados ao lugar en periplo electoreiro. Cando na Segunda República se concretaba un acordo firme para a construción do anhelado peirao, e xa cos traballos previos iniciados, o estoupido da Guerra Civil acabaría paralizano a obra ata moito tempo despois.

A actividade pesqueira tiña, nestas circunstancias, que realizarse en precario, en torno a dúas praiñas: a de Peralto, con fábrica de salgadura xa de vello, e sobre todo, a da Agramuíña, eixo, xunto á estrada, da vida escarabotense. Sen abeiro artificial, na época de temporais, as embarcacións buscaban protección no inmediato esteiro do río Coroño. A pesar destas e outras carencias, contaba Escarabote cun elevado número de mariñeiros e pequenas embarcacións, case todas lanchas xeiteiras, racús e gamelas. Unha modesta pero activa flota artesanal que, dominadora de artes como o bou, o rastro, o xeito ou o cerco, descargaba acotío no esvaradío e irregular puntal da Agramuíña cantidades xeitosas de sardiña e xouba, xarda, buraces, bucareus e outras especies da ría. A maioría do peixe adoitaba acabar nalgunha conserveira, como a de Curbera, en Cabo da Cruz; aínda que tamén parte, o dos quiñóns dos mariñeiros, por exemplo, era vendido en fresco polas pescas escaraboteiras, que

Racú na ribeira da Agramuíña





coas súas bacías na cabeza voceaban a frescura do xénero nas prazas de Boiro e A Pobra do Caramiñal, e mesmo polas portas das casas, onde ás veces, nas aldeas da montaña, realizaban un elemental troco de peixe por boroa.

Mariñeiros rexos, os escarabotenses emprenderán tamén esforzadas singraduras, alternando vela e remos, lonxe da ría da Arousa, chegando coas súas embarcacións mesmo ás costas de Fisterra, como aínda recordan fachendosos os máis vellos da aldea. De igual xeito que se lembran dos tempos nos que os homes do lugar se xogaban a vida a bordo de pesqueiros de altura nos caladoiros do Atlántico, como o Grand Sole ou Terranova.

Escarabote era, en definitiva, o contrapunto mariñeiro dunha parroquia, Santiago de Lampón, na que o traballo no agro, no monte e nas minas de estaño ocupaban tamén a moita xente.

ANACOS DA MEMORIA

María Mariño chega a esta aldea mariñeira en 1927, mediada a ditadura de Primo de Rivera. Neste período, de certos avances para o municipio de Boiro, como a luz eléctrica ou o teléfono, a vida transcorre austera e monótona en Escarabote, sendo a creación do pósito de pescadores e a súa escola, aberta cara a 1928 a iniciativa de Antonio Lago, José Ríos e Paco Crusat, a nova de maior transcendencia social que coñecemos.



Na finca da Torre de Goiáns

A dura realidade cotiá rompíase apenas cos descansos dominicais de misa e xogo dos bolos, e esporádicos bailes de acordeón. E, unha vez ao ano, tamén coas principais festividades: o San Amaro, no inverno, e as patronais do verán, con banda de música e fogos de artifício da pirotecnia local de Valentín González Somoza. A xente de máis fuste, amais de frecuentar a fachendosa Torre de Goiáns, adoitaba buscar solaz en Boiro facendo tertulia no Café Cosmopolita, disfrutando das veladas teatrais do salón de Isabel Maestre ou co fútbol en Barraña, onde o escarabotense Toñito Crusat se iniciara antes de fichar polo Celta de Vigo.



Desembocadura do río Coroño e praia de Barraña dende A Magdalena



Alborecendo os anos trinta, o remate da ditadura primorriverista propiciaba a proclamación da ilusionante Segunda República, que nacia lastrada pola crise económica mundial derivada do derrube financeiro norteamericano de 1929, e estaría marcada pola convulsión política e social. Apreixados polo paro (unha das consecuencias que a crise trouxo a Galiza, despois do peche das fronteiras dos tradicionais destinos de acollida dos seus emigrantes, e o retorno obrigado de moitos deles), e ansiosos de deixar atrás anos de caciquismo e miserias, moitos traballadores boirenses decidirán organizarse para reivindicaren melloras e xustiza social. A marea obreirista chegaba a Escarabote no verán de 1931, coa fundación da *Sociedad Agraria, Marítima y de Oficios Varios El Centro Obrero*, uxe-tista e fiel aliada do sindicato boirenses *La Fraternidad*. Antonio Lago, Tomás Domínguez, Adolfo Rey, Juan M. Santiago e José Muñiz, entre outros, integrarán a súa primeira directiva. E xa despois, a pouco tempo do golpe de estado do 17 de xullo do 36, iniciábanse os trámites para a legalización do *Sindicato de Oficios Varios Mar y Tierra*, adscrito á CNT-AIT. A mobilización obreira en Boiro sería constante ao longo de todo o período republicano, onde, perdido o respecto ao cacique, non deixaron de se escoitar berros reivindicativos con arelas de revolución social. O mariñeiro núcleo escarabotense, ao contrario que as conservadoras aldeas labregas da parroquia, converteríase nun bastión da esquerda boirenses. Tanto, que o padre Silva Ferreiro na súa fanática obra

Galicia y el Movimiento Nacional (1938), na que se dedica a desprestixiar sen xeito nin dereito a actuación daquelas persoas e ideoloxías identificadas coa República, conclúe o apartado que dedica a Escarabote celebrando, nada máis nin nada menos, que o remate “*de una etapa en que, con el mayor descaro, se ensayaban en este pueblo –en otro tiempo honrado y laborioso– las prácticas todas de la revolución y el soviet, empezando por los atentados contra Dios, la Religión y el derecho de propiedad, y acabando por las destructoras acometidas que a muchos hogares y familias venía dirigiendo el fantasma del Amor libre*”.

Non sabemos se mediatizadas pola sona revolucionaria do lugar ou debido a unha fatal casualidade, as tropas golpistas que tomaron Boiro o 27 de xullo do 36, no seu avance por terras de Lampón camiño da Pobra do Caramiñal, acabaron tinguindo de loito os fogares de tres vítimas inocentes: un ancián, un rapaz e unha muller nova. O período que agora se iniciaba para non rematar ata ben entrados os anos corenta estaría marcado polo integrismo sectario da *Falange* e da Igrexa católica, especialmente obsesionada por “reevanxelizar” os núcleos *roxos*; polas humillacións e malleiras no xulgado de Cimadevila; polos asasinatos impunes; polos estraperlistas sen escrupulos enriquecidos a conta da necesidade allea; polas roubachas de wolfram, e tamén pola fame, que se enquistou especialmente nos máis humildes fogares mariñeiros de Escarabote, obrigando a



moita xente a emprender unha penosa peregrinación por vilas e aldeas na procura de esmola.

Nun ambiente escuro, de miseria moral e material, de odios velados e medos intensos, transcorrería a vida en Escarabote dende o verán do ano 36 ata practicamente inicios da década dos cincuenta.

EPÍLOGO

A pedra da Aroña; o muro de Clementes; a igrexa da Magdalena; o estridente chío das gaivotas e carráns trala pesca descargada na ribeira; a aristocrática e fachendosa torre de Goiáns; a vetusta fábrica de salgadura de Peralto; a praia da Agramuñía coloreada de racús e gamelas; o ruído das tabernas mariñeiras da Muradana, o Gato, a Cebola ou a Burana; o xogo dos bolos de Castro das barreiras; as minas do Cobo; o penetrante cheiro a argazo e maga de peixe; o monte da Meda; o río do Crego; as pacientes atadoras amañando redes e vidas alleas; a festa do *Sanamaro*; os berros reivindicativos dos primeiros de maio republicanos; ou o Aitón, atalaia desde onde os mariñeiros outeaban o horizonte na busca de respostas, son algúns dos motivos inalienables daquel Escarabote comprimido entre o mar e a serra que coñeceu María Mariño.

Agradecementos: a Paula Tubío, Margarita Pérez e Gerardo Maneiro, pola súa fundamental achega a este traballo.

*M*aría Mariño,
o Courel e a dor na paisaxe

Antón Riveiro Coello

*Courel de tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...*

Uxío Novoneyra



Devesa da Rogueira



Non creo que haxa nada máis doloroso para unha nai que a perda dun fillo. Se a iso se lle engade a perda dun irmán e mais da propia nai en apenas dúas semanas, non quero nin podo imaxinar a fenda terrible que se debe de producir na alma dunha persoa. Con esa dor, envolta nunha paisaxe abraiante non só no seu aspecto visual senón tamén no illamento que supón vivir nun lugar afastado das grandes vilas e cidades galegas, miro de imaxinar a María e véxoa unha mañá á par da fiestra, cosendo un vestido, esmagada pola galbana do outono, escoitando esa voz unánime dos nenos que repasan a táboa de multiplicar e que sobe coma unha maldición até os seus ouvidos para lle arrincar unha bágoa. Xa pasou un ano, pero a perda de nai segue viva. A

lembranza obrígaa a pousar a agulla e, coma un paxaro desnortado, arrebola a ollada á paisaxe vizosa. Mais neste intre desconsolado, María non ve a serra dos tesos cumes, senón que forza nos ollos unha imaxe de horizontes mariños. Nesta soidade ulcerosa o mar é moito máis que unha lembranza; é unha necesidade, é ese *lonxe triste* que pesa sobre ela coma unha lousa.

María fecha os ollos e volve a Noia, ás ribeiras do seu mar enxoiado, ao pazo de Goiáns de Boiro ou á vila mariñeira de Elantxobe, e aspira fondo para sentir na pel ese desexo salitroso. Se cadra vexa pombas sobre as tres pontes e escoite o repenicar rosaliano das campás de San Martiño. Se cadra neste soño nutricio o *onte* muda nun *hoxe* crepuscular, señardo-



Fonte



so. Se cadra só teza e teza un tear de soños porque soñar é o único xeito de negar as altas paredes desta *voz-deserto* que deixa en carne viva toda a dor. Con todo, María, que esperta axiña e se abandona ao vento para escoitar o murmurio dun soto, déixase afalar polo Courel nunha dialéctica metafísica. A súa sensibilidade permítelle apalpar a lentura do eterno mentres a tarde lle abre o camiño dunha natureza que conversa con ela cunha fondura filosófica: a voz tesa da serra acariña as uceiras e esperta a auga das fontelas que escorrega libre polos penedos, augavoz que cronometra o paso das palabras anónimas que bolboretan nas levadas somnábulas. Se cadra a natureza estea a soñar a súa propia soidade. O certo é que María apaña castañas mozas e interpreta as follas secas sen saber aínda que neste xesto nace un vínculo táctil que a amarrará de xeito definitivo á terra. A soidade do Courel é agora unha nova pel na que está tatuada unha dor que xa forma parte do seu ser. María mide o tempo no espello dun regato, cifra na sombra dun carballo a historia fuxidía do home, ve o paraíso certo nesa pastora que paze o silencio dun namoro furtivo e lle deixa no encerado da memoria o rastro-futuro dun poema. María asume a paisaxe e tensa a imaxinación con violencia até que a noite

a envolve e a soidade vira ruidosa cos lobos saíndo dos cousos e facendo resoar o seu ouveo nos cavorcos das valgadas coma un laio de carpideira. Daquela María pecha os ollos e sente o percorrido do tempo dentro dela, coma unha fervenza que a abandona no cantil dun abismo, e, de súpeto, bate no seu rostro o alento frío da neve. É inverno, un soño de folerpas borra o outono. Cando esperta, a primavera xa se baña na lagoa de Lucenza e deixa caer a súa indumentaria nova dende alto de Formigueiros e Pía Paxaro até a devesa da Rogueira. Aquí María *lese* toda por dentro e procura o misterio no camiño das estacións, mentres o cuco lle dita a confidencia dun verso que fica escrito no verde dos pradairos e lle anuncia a delicia veloz dun instante. Pouco a pouco, cun vagar xeolóxico, a paisaxe vai intervindo en María, que entende o tempo, a dor e o silencio como formas de coñecemento. E esta *fiandeiriña delgada, sempre metida a fiar, sempre a fiar e soñar, para logo non ser nada*, séntese materia da terra, verba súa!, e imaxina un *orballo de rosas* cubríndoa a ela, palabra secreta, voz migada dunha paisaxe que agora é parte de si, flor de braña, *néboa que anda soía*, espello luminoso e íntimo no que se reflicte a soidade, a angustia e a dor.

A HOMENAXE

“Versos que comezan”

ra a terra himno
dunha estrela longa

Eme Cartea



Era a terra himno dunha estrela longa
longa de himno e bornaz en xerfas
de neve e serea fluvial exiliada
nos cumes mariños abertos nos irtos
cantís de alboradas en eco e segredo
nas terras sucadas a golpe de arado
e compás sobre o gume da excelsa derrota
inserida nas sirtes de sal e castiro
que amaches esperta en punxente
consciencia de dor maternal debruzada
no lar anegado de ríos de xeo
e escamas á valga de vento e naufraxios
en ondas sen praia á espera das horas de fío
e coitelo en ir e devir polas tristes querenzas
sen tregua e lugar contra morte filial
en vigor axexante nos dedos que queren
e enganan preñez e amores distantes
da luz na esvaída e fríxida histeria
que asola en pantasma de medo e hecatombe
ata o berro acalado ao borde do adeus
entregado a lirismos atroces e rimas de amor
e palabra dorida de sangue e borrancho
en velorios rimados de estrelas varadas
e infieis na vertixe de uz e argazo
ao silencio frondoso de lúa e estrofa
que anoa na inerte buguina de sal e remanso
aproado no onte de mel e escalpelo
a tecer no encaixe migado do peito acendido
ao abalo dos soños que arrolan curotas
e simas de mar arborado en terra anegada
que agroma fecunda e rebelde no verso final

EM ñas mans

Eme Cartea



Miñas mans –dedos mudos– xa non tecen
arpexos insomnes á alba
da néboa enfiada.

Fun das arnelas a luz descosida
no son-escoitar esmelgado
de arolas sombrizas.

Na cinsa inflamada da infancia
apertei farnesías de ardora
e esperanza rimada.

Intre ateigado de verbas-lamento
na aurora de arcano e resío
ao abeiro do cumio arborado.

Na pel do teso Courel
ganduxei mantelos de argazo e bourel
con olor a acevo e carqueixa.

Mais a morte aleitaba acedada
presaxios de furia e ciprés
entre os merlos xeados.

Seime, por fin, palabra a destempo
en voz que comeza eslimada
na escora do soño rabelo.



nte era mañanciña,
cristaleira, sol migado

Esperanza Mariño Davila



Onte era mañanciña, cristaleira, sol migado.

Aquel mar manso alentaba
envolto en vida-galada,
ollando seica nun lonxe, nun cerca escamas de prata.

Pés descalzos da meniña sobre argazo muiñeiraban.
Fermento de día novo.
Alba de cunchas de nácar.

Soño dun arco da vella,
pequerrecha cavilaba.
Eran os piñeiros cómplices do soño erguido xigante.

Era a roseira irmá do galante toxo bravo.
Era todo agra aberta.
Alborada.
Luscofusco.
Do Tempo nubra poeira.

Tiñan os aires que zoan gaiteira ben compasada.
Andoriñas a revoar nas follas dunha cantiga
que en voz-deserto espallaban.
Area xamais pisada!

Repenicaba a pandeireta
cando a noite a silenciou.
Campá silente da bruma que co día rematou,
brusca porta infranqueable.
Ando ás apalpadelas, cacheo lume no mar.
O hoxe tropeza e cae.
Onte, que asexo, vaino apañar.



lexía a María Mariño

Alberto Piñeiro

*Para Ana Melissa T. Briand, pola
súa amizade, e mais para o seu cativo
Ángel, con agarimo.*



Non son ave que canta para que lle escoiten

non son lume que prende para quentar

non son aurora que apunta para gorir ás loias

non son silencio que alenta, non son choiva que cae

non son mapoula pousada para vestir os eidos

non son beixo nin perfume nin cóxega nin cor nin son

non son azul que xorde para ser fermoso

nin ferida que sangra, nin dor de curar

non son auga que flúe para calmar a sede

non son érbedo ermo para lembrar os días

nin noite para esquecelos

nin verba para gabalos

nin lustro para fendelos

non son outono para roer o vizo das carballeiras

nin o volcán de Sirius para estoupalo todo

non son urdime para tecer as lúas

non son camiño para percorrer

non son as bágoas para acougar o peito

non son os tombos para levar as dornas

non son nume

non son soño

nin ronsel



non son o cirrio que voa para espertarte
non son a luz que brilla para te alumar
non son o vento que azouta para danzar coas copas
non son o vello Sísifo cargando, á fin
co tempo que escorre:

son o tempo

q

u

e

e

s

c

o

r

r

e

Linme hoxe toda por dentro

no máis puro afán de soidade
deixando de ser
outra, irremediabilmente nova

Murmurio do silencio ausente de nenias e candeas
deloura o ar incenso

Tralo vidro amarado pousan os ollos
xordos cando ao abrente a miña voz benzoada
atorda aos ouvidos da terra
con tanto berro en tanto brillo de mármore
que os lirios xamais han saber escutar

Algún fiel da palabra dos discípulos dos deuses
pensará que hoxe puiden vencer
porque deixei de avellentar de máis



porque deixei
de sentir os ávregos crebándome o sorriso
e mesmo pode que algún escriba
á luz da neve que dianoitea
que aínda conservo
o poder de morrer

Nacía en pleamar lume gris e branco
de labaradas de sabas flores e vélaro dourado
acariñando os teus desexos máis turxentes
o teu sorrir, amante
de eiroas que acenden lúas sobre o ventre bendicido.
Somos soidade
no orto que alimenta o verde, o resplandor
das árbores que voan entre os átomos de cinza
entre os átomos de po, entre os átomos
da xistra e sempre noite en ti ausente.
Ningún milagre máis azul que o silencio dos teus ollos.
Encetamos o tempo sen ceibalo despois
e percorrémo-las sens, beixándonos a escuras
para non dar coa daga asasina do cristal.
No céfiro mol do maio redunda o transparente
mentres che escoito contarme unha eternidade:
“Nunca prenderán as lúas
tanto mar infinito.”

Sempre verba do chan máis fondo,
máis claro sempre, cos beizos
das rosas mordendo na alma,
coas horas ermas no peito,
coa noite estrando o xardín
de inverno e sempre silencio.



Adéntrase o sangue de orballo
no meu corpo sedento.

Tremete o ventre das bágoas
dos ollos lidos en beixos,
agardo sentir o teu tacto
á sombra espida dos trevos.

Lume vivo. Canto grave.
Rosada barca de seixo.
Barqueiro do Estínfalo illado.
Leve pano. Maino vento.

Cada vez que respiran as pálpebras
préndeme xuncas o alento,
e arrecendo núa a xardón,
a carrouchas, arume e fentos.

Son o sono, son soneira
dor mar escrava, baleiro
no amargo cráter do día
cosido ás fontes do Averno.

Son o pobo esquecido dos deuses,
son a voz inxel sen acento,
son a lúa ateigada de rosas,
son a terra que nace morrendo.

Barqueiro que sentas na barca
co teu timón abelleiro,
contigo levas a verba
do triste e sempre comezo.

Hai sol de nevaradas

incendiando a pantasma adormecida nos túneles da aurora;



quizais abrindo sucos solitarios
 onde pousar as despedidas e preñalos de infancia,
 ou nos que o Outono se afogue coas follas que caen
 paseniño.

Somos fillos do Outono incesante e fermoso:
 cargamos nas ánforas o sorriso e a morte,
 e bebemos a grolos pequenos para non ser demasiado felices
 nin caer decontado.

Fincamos os días no centro do vidro agardando o roibén,
 cautivos nun atol de ónice e xeadó espello,
 cinguidos polo estouro fiel dos segundos do mar,
 ao socaire do sol, pero non da caricia dos crótalos;
 mais isto non o sabemos: soñámolo.

Mentres os corvos debullen os gazos do noso espírito,
 só poderemos soñalo.

Era a terra himno dunha estrela longa,
 berce dun mencer de flor e manancial.
 Era o ar a eira de Hera redentora:
 luz de sementeira, leite a derramar.
 Era o teito chan dos anxos que se alonxan,
 coroados de silencio, vivos en van.
 Era a choiva lume que prende e que agroma.
 Era o ceo a terra arelando ser mar.

Miñas mans –dedos mudos– xa non tecen:
 auscultan o rumor do verme Fado
 bogando cara ao fume desleigado;
 rebentan baixo as colchas que florecen.

Colchas fitas, preñadas, que non quecen
 aplastan o murmurio alimentado



de beixos e sorrisos. Profanado
o amor, os candeeiros resplandecen.

Quen ha baixar a voz para escoitarme?
Quen sentirá as caricias sobre a herba?
Quen perderá o seu pulso en camiñarme?

Quen, cando queira –ousado– regresarme,
saberá atopar na noite a verba?
Quen ha matar o sol para vingarme!

*B*arbantia. Terceiro acto

Alberto Piñeiro



INTERMEZZO

Agora que xa pasaron os días, voules confesar que non foron poucas as veces que entrei na páxina *web* de Barbantia para intentar escribir poemas a partir de primeiros versos de María Mariño. E pensarán que o logrei, porque varias daquelas composicións ficaron impresas neste mesmo *Anuario*. Porén, en ningún caso conseguín o que procuraba: falar coa voz da poeta. Convencer ao lector de que eran –ou puideran ser– versos tecidos pola noíesa. Cecais versos perdidos no tempo ou que aínda non viran a luz, pero versos dela, non meus.

Eu lera aqueles poemas, os orixinais, había algúns anos; desde a primavera do 2005, asistira a todas as xornadas de homenaxe á autora que organizamos en Noia; coñecía de primeira man a *Biografía de María Mariño*, obra de Xerardo Agra-Foxo, se cadra o mellor sabedor das súas peripecias vitais; visualizara documentais sobre ela; escoitara mesmo a súa voz hermética, profunda e afastada, coma o seu retiro no Courel, e tamén a voz ausente, nunca finada, de Xosé Agrelo cando nos lembra:

*O anxo das ás escuras
levouna consigo a nada,
e invadiu todo o Courel
un silencio de palabras.*

Paseei as rúas da súa infancia, crin falarlle en conversas coa sobriña vasca, visitei a escuridade das salas do Pazo de Goiáns onde descubriu a Rosalía, mergulleime n'A *Voz do lago* de Antón Riveiro para soñala, achegueime a Escarabote a ulir o incenso da igrexa onde casou,

estudeina nas páxinas de Antón Gallardo, Pastor Rodríguez, Alonso Montero, María do Cebreiro, Ana Romaní, Paulino Vázquez e Esperanza Mariño, e nos retratos de Alfonso Costa, busquei a súa presenza en Elantxobe, escoiteille o eco nos recitais de Eva Veiga, vin o seu alento gravado nas bolsas de pan e nas placas serodias, e incluso andei a rúa boireNSE que leva o seu nome namentres vertía ao vento a verdade que permanece:

*Eu non sei si xa pasou
ou se inda ten que pasar,
ou si aquilo que eu sentín
non foi sentir, foi soñar.
Vivo no preto quedo
dun lonxano latexar.
O silencio das cousas, hoxe,
aboia, aboia en min.
Remos navegan terra ó lonxe,
volvendo as augas cara min.*

Pero non puider re-escribir os seus versos, como faría Pierre Menard, o protagonista dun célebre conto de Borges, e non porque xa estivesen escritos, senón porque xa eran *verdade*: “A poesía é o auténtico real absoluto. Isto é o cerne da minha filosofía. Quanto mais poético, mais verdadeiro”: lembra Pessoa a Novalis. Esa é tamén a verdade que canta María Mariño. Unha verdade poética que non podemos asumir como adorno que acompaña á existencia do home, senón convertida no “fundamento que soporta a Historia”, en verbas de Heidegger. Un froito, unha evidencia que se arreda do resto das cousas: “Todo o que vemos é non-verdadeiro, dispérsase, desaparece. A natureza é sempre a mesma, pero nada se mantén da súa aparencia visible. A nosa arte ten



que darlle a esa aparencia a sublimidade da persistencia, cos elementos e a aparencia de todas as súas transformacións. A arte ten que darlle eternidade na nosa representación”, suxire Cézanne. O poeta é quen de facer pervivir a palabra e o tempo; a súa creación, unha vez erguida, fica para sempre. Merecida recompensa despois de “descender ás profundidades máis íntimas da alma e descubrir os seus misterios”, que apunta Hegel na *Estética*. Mais pode que o poeta non nos engane coa súa predisposición catártica; paradoxicamente, o creador, o forxador da verdade, entréganos os tesouros arrincados das profundidades finxindo a súa dor. Así nolo conta Kierkegaard: “Pásalle como noutro tempo aos desgraciados sometidos ao martirio do lume lento no touro de Falaris, cuxos gritos non podían chegar aos oídos do tirano para arrepíareno, senón que lle soaban a música alegre”. Símil difícil de rexeitar, de non ser porque eu non son un tirano lector, senón un lector que sente o poema, que o experimenta e mesmo que o sofre, ao que o poema chega a *ocupar*, no senso en que Lukács o explicou, apoiándose nos *Gedanken über die Natur der Poesie*, de Klopstock: “Os máis profundos misterios da poesía xacen na acción en que *ocupa* á nosa alma. Sempre nos é a acción esencial ao pracer. Os poetas vulgares pretenden que vivamos con eles unha existencia de plantas.” Créanme se lles digo que cando abro *Palabra no tempo e Verba que comeza*, e non porque no ano que remata María “A Fiscalá” fose a protagonista do Día das Letras, sinto como o poema me ocupa a alma.

ESCENA PRIMEIRA

Bealo, novembro do 2007.

De novo os apuntamentos e recortes de prensa ateigan o meu escritorio, no que só unha fotografía da moi amada Yvett Gil acompaña ao negro sobre branco. Unha rápida ollada aos papeis que veño de dispor a embute sobre a mesa adianta que foron catro os eventos centrais que hei mencionar no terceiro acto de Barbantia: a IV Semana da Cultura Galega Actual, o II Encontro de Creadores, a V Semana da Historia de Noia e o III Encontro de Creadores do Barbanza. Axiña me dirixo ao teclado do ordenador, pero non sen antes colocar no reprodutor de CDs unha ópera de Verdi, para que me ambiente no relato de actividades de Barbantia. Despois de dubidar un momento, decántome por unha gravación de *Il Trovatore* de 1971, escolla que me dá pé a contar que se trata da recomendación dun amigo ao que coñecín este ano no transcórren dun acto da asociación. Tiñamos moito en común, pero non o sabiamos ata que Barbantia nos presentou. Eu adoitaba fiarme en exceso das opinións da crítica antes de mercar un disco. Lera nalgún sitio que Luciano Pavarotti era experto en Verdi e Puccini, particularmente en óperas como *Rigoletto*, *La Bohème*, *Tosca* ou *Turandot*; pero en *Il Trovatore* non acadaba a brillantez acostumada, polo que nunca me esforzara en conseguir unha versión na que o tenor de Módena fose Manrico. No canto desta, adquirira unha interpretación a cargo da Orquestra e Coro do Teatro da Ópera de Roma, datada en 1965, dirixida por Thomas Schippers e encabezada, no reparto, por Gabriella Tucci e Franco Corelli. Non fora unha mala elección, pero



hai meses que non a escoito, xusto dende que este novo amigo e socio de Barbantia me apuntou nun pano de mesa de papel, ao remate dunha mesa redonda no concello de Ribeira: “*Il Trovatore*, Giuseppe Verdi. Coro e Orquestra da Ópera Estatal de Viena. Dirixe: Leone Magiera. Luciano Pavarotti fai o papel de Manrico.”

ESCENA SEGUNDA

Boiro, outono do 2006.

IV Semana da Cultura Galega Actual.

É xoves 19 de outubro na Casa da Cultura “Ramón Martínez López”. Ás oito do serán deuse inicio oficial á cuarta edición da Semana da Cultura Galega Actual, coa actuación ao celo de Carne Tubío, que interpretou unha *partita* de Johann Se-


bastian Bach e a *Negra Sombra* de Xoán Montes. Ao remate da música fermosa, obsérvase no escenario a presenza de Xerardo Piñeiro, concelleiro boirense; Luís Bará, director xeral de Creación e Difusión Cultural; e mais Alberto Piñeiro. A carón deles, os verdadeiros protagonistas desta xornada, os participantes na mesa redonda “A Guerra Civil e a posguerra na narrativa dos galegos”: Claudio Rodríguez Fer, Xesús Laiño e Pastor Rodríguez Santamaría. Os dous últimos son autores, así mesmo, do libro que se vén de presentar, *Un río de sangue e tinta*, volume publicado por Barbantia que, a xeito de catálogo, recolle todas as obras literarias, escritas por galegos, nas que se alude ao conflito do 36. En comentario de Pastor Rodríguez, *Un río de sangue e tinta* “é unha homenaxe á pluralidade dos narradores que contaron a Guerra Civil”. Porén, Xesús Laiño apunta que o traballo de compilación de textos sobre a Guerra do 36 non só non rematou, senón que é



Carne Tubío, ao celo, inaugurando a IV Semana da Cultura Galega Actual, na Casa da Cultura de Boiro



Portada do libro
*Un río de sangue
en tinta*, volume
que cataloga
toda a produción
literaria dos
autores galegos
sobre a Guerra
Civil



moito o que queda por andar: “A temática da Guerra Civil é un río de tinta que non vai parar, porque aínda nos falta moito por coñecer”. Pola súa banda, o profesor Claudio Rodríguez Fer aproveita a súa intervención para poñerlle nome ás vítimas, e sinala o caso da mestra Mercedes Romero Abella, que foi secuestrada na Coruña e asasinada no río Mandeo, logo de ser vexada e violada. Claudio relata o episodio da morte desta muller diante do auditorio boirense por ser “un bo exemplo de todos aqueles mestres que sufriron a represión”, e mais porque, aínda que natural da vila de Cee, un fillo seu, Enrique Mazariegos Romero, afinouse en Boiro. Despois dun moi interesante debate entre os presentes, a escena péchase coa invitación aos asistentes a visitaren no Centro Social de Boiro a exposición de pintura “Voces na Guerra”, de Francisco Blanco Alcaide, realizada *ex professo* para ilustrar o libro do mesmo nome que tamén edita Barbantia, e que será presentado na

Suso de Toro, en Boiro, aludiu á importancia da escrita para curar definitivamente as feridas da Guerra

Casa da Cultura o mediodía do sábado 21 de outubro.

ESCENA TERCEIRA

Boiro, venres 20 de outubro.

Ábrese o pano e comeza a soar o acordeón de Gabriel Riveiro “Belito”. A música enche durante dez minutos o ar que decontado vai arder co debate, sobre o escenario, entre Xavier Alcalá, Agustín Fernández Paz, Suso de Toro e Dolores Vilavedra. Catro representantes da narrativa galega actual que coinciden en sinalar que o medo e a ignorancia foron os motivos polos que se tardou tanto en facer literatura coa Guerra Civil de pano de fondo. Suso de Toro defende que, para escribir sobre a barbarie do 36, era preciso un tempo de asimilación do pasado: “É un problema de tempo vital, os que estamos hoxe aquí como fillos ou netos dos que viviron aquí”. Xavier Alcalá coincide, no seu pensar, con Suso de Toro, e afirma: “O temor estaba aí. Tanto o medo franquista como o medo residual”. Polo que respecta a Agustín Fernández Paz, fai alusión a un exemplo familiar: “Cando a miña filla ía ao bacharelato, dicía que para ela a historia remataba no 1936. Dos exipcios sabíano todo, pero da Guerra Civil, nada”. Nese in-





tre irrompe no diálogo Dolores Vilavedra, que asegura, en referencia ás testemuñas viventes que van minguando: “Todos estes velliños están a piques de morrer; se non falan agora, as lembranzas morrerán con eles.” Segundo di Xavier Alcalá nunha nova intervención, toda a dor que causou o conflito non poderá calmarse ata que se saiba, se desenterre e se conte todo; “só daquela estaremos en disposición de esquecer. Mais non podemos esquecer o que aínda non coñecemos”. Por último, o autor de *Home sen nome*, Suso de Toro, incide na importancia do escritor para curar definitivamente as feridas da Guerra: “Din que os escritores somos *médiums*. Hai pantasmas que non se foron de todo, que non poden morrer en paz, porque teñen cousas que contar. Nós somos os encargados de recoller esa información, para que descansen tranquilos.”

ESCENA CUARTA

Boiro, sábado 21 de outubro.

Derradeira xornada da Semana da Cultura Galega Actual. É mediodía na Casa da Cultura “Ramón Martínez López”. Marcos Pin, profesor de guitarra da Escola de Música Municipal de Boiro, abre o pano cunha interpretación jazzística moi do agrado do numeroso público. Ao remate da súa actuación, intervén Antón Riveiro, presidente de Barbantia, que comparte mesa con Milagros Lantes, delegada provincial da Consellería de Cultura, e mais con Xosé Deira, alcalde de Boiro: “A literatura é a historia privada dunha nación. Os escritores intúen como pasaron as cousas e así as contan, algo que non pode facer o historiador.” Rivei-

ro felicítase de que hoxe se presente o segundo número da colección Biblioteca Barbantia, *Voces na Guerra*, volume que recolle dezaioito relatos ambientados na Guerra Civil, aos que o sempre xeneroso Francisco Blanco Alcaide lles puxo cor, e do que Eva Veiga é autora do limiar:

Todo reunido neste instante do mundo e do medo

Todo canto vive forzado a chegar á súa fin ao seu rebento derradeiro

Sinto no peito brincar o sangue sobre as pedras

Do camiño que leva á igrexa que fica tan lonxe

E Deus existe atado entre os meus dedos que arelaron amarte

Lévanme Amor

E ti tes un rostro inmorrente que non sabes feito

Do alento húmido do arume e a paz dun prezado silencio

Báteseme un mar estraño na garganta

E vou sabendo que hai un lugar

Diante dos ollos mais a miúdo invisible



Imaxe dun dos cadros cos que Francisco Blanco Alcaide ilustrou o libro *Voces na Guerra*



Onde a morte infame se medita a si mesma

E da súa propia carne son os brazos que a serven

No faiado quedou unha porta aberta

E virá o futuro

Non coñezo a estes homes malia que tantas veces

Chameinos polos seus nomes non os coñezo

Eles levan un can cos tendóns rotos

Pero a min báixame da boca un zume verde

Porque son o anovo que están a pronunciar todas as árbores

E brilla como un sol aquela medalla da nai

Dada en socorro da nai dun destes que agora terman da cadea

Pero eu non os coñezo

A noite debaixo do mar érgueme

Mentres os meus xeonllos arden

E aí queda a escola tan escura

Ha de florear este inverno no sorriso libre dun cativo

Eu río sen rir tan lonxe de min e case me vence a nostalxia

Porque son xa o estalo da porta salferida na rosa

Ai Amor estanme a matar!

Non están ocupando as súas cadeiras no escenario, senón entre o público, pero Antón Riveiro menciona os nomes de todos cantos participaron na confección do libro: Agustín Agra, Xerardo AgraFoxo, Antón Gallardo, Ana Redondo, Iria Gestoso, María Loureiro, Maxi Olariaga, Xosé Agrelo, Carlos Mosteiro, Xosé Ricardo Losada, Francisco Antonio Vidal, Antón Riveiro Coello, Xabier López Marqués,

Antonio Piñeiro, Xesús Costa, Fernando Lavandeira, Ramón Carredano e Plácido Betanzos. Ademais, claro está, de Eva Veiga.

Nas súas intervencións, tanto o alcalde, Xosé Deira, como a delegada provincial, Milagros Lantes, felicitan a Barbantia e a Riveiro polo seu labor, gaban o volume *Voces na Guerra* e despiden aos asistentes con verbas de agradecemento pola presenza constante ao longo das tres xornadas. A escena péchase cunha foto en familia de todos os autores do volume, entre eles Xosé Agrelo Hermo, que, de xeito inesperado e fatal, enfermará nos días vindeiros, para acabar deixándonos antes de que presentemos o *Anuario 2006*. A súa participación cun relato en *Voces na Guerra* foi o seu legado derradeiro. El partiu hai agora un ano, pero a súa obra ficará por sempre, e a carón dela, o seu sorriso indeleble no salón de actos da Casa da Cultura “Ramón Martínez López”, o día da presentación de *Voces na Guerra*. O Fado quixo que eu lle fixese a súa última fotografía aquel mediodía de outubro. A última fotografía que el nos fixo para todos foi unha fotografía contada, a das liñas do relato *A folla de ruta (Voces na Guerra. Fragmento)*:

Prendeun cigarro. Non lle cabía na cabeza como puideran deixar escapar aquel aprendiz de revolucionario que se mentaba a maldade e a impiedade entre a mocidade da parroquia.

Don Casiano estaba desvelado e lembrou que había moito tempo que non rezaba “Laudes”. Cando acabou o cigarro, abriu o breviario, fixo o sinal da cruz e comezou:

“Deus in adiutorium meum intende. Domine ad adiuvandam me festina...”

A lúa, liberada dos escuros nuboeiros, iluminaba, tremente e pálida, a chousa do Furelos.

Magister, sit tibi terra levis.

ESCENA QUINTA

Noia, venres 27 de outubro.

Dun tempo a esta parte, teño a honra ventureira de contar tamén a Agustín Agra entre os amigos que me proporcionou Barbantia. Pero máis alá dese vencello afectivo que ben me puidera empuxar a facer valoración da súa obra cun certo favoritismo gratuito, non creo ser parcial se afirmo do libro que se presenta hoxe na Casa de Cultura “Avilés de Taramancos”, *O tesouro da lagoa de Reid’ls*, que é un

dos títulos máis salientables da literatura infantil e xuvenil galega das últimas xerais; non por casualidade, trátase do Premio Merlín 2006, herdeiro, xa que logo, de *Unha branca de cobre*, de Ramón Carredano, que acadara o mesmo galardón o ano anterior. Precisamente Carredano acompaña a Agra na mesa que preside a escena. A carón deles sentan Manuel Bragado, en representación da Editorial Xerais, e mais o alcalde Noia, Antonio Pérez Insua. Con respecto ao libro de Agra, o director de Xerais verte o seguinte comentario: “*O tesouro da lagoa de Reid’ls* sinala a volta do fantástico á literatura infantil de Galicia: os cofres de tesouros, os urcos, as cidades asolagadas, a aventura, a natureza”. Ramón Carredano fala da fermosura do vocabulario utilizado polo autor para redactar unha historia que define como “un libro infantil para maiores”. Libro sonoro como poucos, Agustín Agra confesa que, á hora de crear algúns dos personaxes,



Agustín Agra asinándolle un exemplar d’*O tesouro da lagoa de Reid’ls* ao seu sobriño Paulo



inspirouse nas historias e lendas que lle contaban os seus avós. En canto ás persoas que o animaron a crear, menciona a Lola Arxóns, Antón Riveiro, Xerardo AgraFoxo e, moi especialmente, o seu sobriño Paulo; e interrogado por Carredano sobre as razóns íntimas que o conduciron á escrita, afirma: “Escribo, aínda que non sei por que o fago; se non volvese escribir non pasaría nada, pero escribo e facelo é como facerse o haraquiri”. O diálogo ameno entre os dous últimos galardoados co Premio Merlín descóbrenos a alma de Agustín Agra, ao que, xa no remate da escena, se lle achega o pequeno Paulo para pedir que lle asine un exemplar desta atinada narración de escenario inspirado no parque de Corrubedo.

ESCENA SEXTA

Ribeira, mediodía do sábado 28 de outubro.

II Encontro de Creadores do Barbanza.

No ano en que se cumpren cen do nomeamento de Ribeira como cidade, asistimos ao auditorio para a presentación do libro colectivo *Luces na cidade*, coordinado por Lola Arxóns, Antón Riveiro e Simón Balvís; un volume tecido polos relatos vivos de trece narradores alumados coas instantáneas doutros tantos fotógrafos.

As palabras son fotografías, ás veces sen fala, pero ateigadas de oculto sentido. Paga a pena paramos a escoitar os seus xordos silencios. Abren portas ao mar, pero agochan o cerne da súa íntima nudez ao abeiro de todas as sonoridades.

O mar de Ribeira, coa cidade ao fondo, na fotografía que serviu de portada ao libro colectivo *Luces na cidade*





Estampa da mesa presidida polo alcalde José Luis Torres Colomer, na presentación do libro froito do II Encontro de Creadores do Barbanza

Na fotografía que fala pola palabra, o superficial devén profundidade no espazo temporal dos perfís. Por definición, a obra de arte é polisémica. Logo, a súa misión non é a de copiar senón de remediar as carencias do mundo. A arte nace da opacidade da natureza, e non persegue ningunha verdade. Como dixo o poeta, é a máis maravillosa de todas as mentiras.

Recollo un fragmento do texto que escribe Eme Cartea no libro feito tamén exposición. As verbas deste ribeirense de adopción e socio de Barbantia son substancia das imaxes que Dani Gestoso plasma a carón delas. Porque fotógrafos e narradores, mediante vínculos de amizade ou dalgunha outra interrelación, ficaron emparellados na concreción deste proxecto, do que o propio Cartea, dende o centro do escenario, se honra en participar, ao igual que o seu compañeiro de mesa Antonio Piñeiro. Os dous están

arrupados polo alcalde de Ribeira, José Luis Torres Colomer; o concelleiro de cultura, Luciano Fernández; e o presidente de Barbantia, Antón Riveiro Coello. Este último puntualiza que se procurou dar unha imaxe equilibrada da cidade, “na que se vise o bo e mailo malo”, felicita o labor de todos os participantes e expresa o seu desexo de que o libro “quede como pegada para cando a cidade cumpra outros cen anos”. A escena péchase coas verbas do rexedor, que remata dicindo: “A unión de fotografía e literatura conduce á visión da Ribeira do futuro”.

ESCENA SÉTIMA

Portobravo, venres 24 de novembro.

Casa da Cultura de Lousame. Son as 20:30 horas. O salón de actos queda pe-



queno para a presentación do *II Anuario de Estudos do Barbanza*. A noite é fría. Chove. O vento berra tralos cristais trementes do edificio. Hai atmosfera de loito entre os asistentes, porque vimos de enterrar a Xosé Agrelo, falecido poucos días atrás. No escenario atópanse o responsable de cultura da Deputación, Celestino Poza; o alcalde de Lousame, Santiago Freire; a concelleira de cultura, Teresa Villaverde; os directivos de Barbantia Xosé Ricardo Losada e Carlos Mosteiro; e a representante de Nova Barbantia Charo López. Todos teñen palabras tristes de lembranza para o amigo finado, cuxa imaxe se proxecta nun canón de vídeo, detrás da mesa que comparten. Os membros da asociación gábanse de que o camiño de Barbantia non se crebase nos dous primeiros anos de existencia, e semellan estar con folgos para seguir. Doutra volta, os políticos mantéñense firmes na súa aposta por que a entidade se consolide como o nexo de unión cultural entre as

administracións locais da comarca. Ferroso é o discurso de Xosé Ricardo, con frases e ideas que nos lembran ás que podemos ler no limiar do *Anuario*, do que el é autor:

Barbantia celebra con este anuario dous anos de tempo de conciencia. Convenida de que a función fundamental da cultura nunha sociedade capitalista é corrixir o mercado. Evitar que o tempo do mercado invada e anule o tempo da conciencia, provocando cambios climáticos, desigualdades sociais ou corrupción urbanística. Reflexionar, exercer a crítica, nun mundo no que as ideas se piden a crédito nos caixeiros automáticos, é a tarefa do noso tempo.

Se a tarefa é doada ou utópica, íntima ou cósmica, é algo que Barbantia non suscita. Cando unha tarefa é necesaria, calquera outro adxectivo que lle poñamos

A lembranza de Xosé Agrelo fíxose visible na presentación, en Lousame, do *II Anuario de Estudos do Barbanza*





Os socios de Barbantia recibiron cadanseu exemplar do *Anuario* ao remate da presentación do mesmo

é retórico ou tendencioso. Hai que facela. Non queda outra.

Este segundo anuario é a enésima demostración desa mentalidade. Do que somos e queremos ser. Amantes da cultura que, con calma e dedicación, desinteresada pero comprometidamente, a longo prazo, buscamos as ideas onde de verdade xerminan. No diálogo humano.

Ler este anuario é outra experiencia máis dese complexo, diverso e vizoso tempo de conciencia co que Barbantia mide o tempo que pasa.

Ao remate de todas as intervencións, no *hall* da Casa da Cultura, resgardados da tormenta cinguida de dor, cantas persoas se achegaron esta noite a Portobravo reciben cadanseu exemplar da obra, así como marcapáxinas e calendarios de man e de mesa, que difundirán o nome da

asociación ao longo do ano 2007 e amosarán escenas das súas creacións, das súas ideas e dos seus diálogos.

ESCENA OITAVA

Porto do Son, venres 15 de decembro.

Cada vez que acudo a este espazo, só son quen de atender ao que ocorre na escena a metade do tempo: a outra metade pásoma mirando ao ceo, porque na cúpula do salón de actos da Casa da Cultura de Porto do Son non hai teito, senón un éter máxico gobernado polo Atlante que algúns comentan debuxou un home que está sentado a carón de min, chamado Alfonso Costa. Pero eu xuro coa man dereita enriba de todas as biblias de todos os deuses, que o ceo non puido ser obra da man dun home, nin sequera de millei-



Imaxe do magnífico escenario onde se presentou o poemario de Eva Veiga *Desconcerto*, ilustrado por Alfonso Costa



ros de homes, senón de todos os homes do mundo ou de Deus. Eva Veiga definira o Atlante de Baroña como un soño, “un concerto cósmico de formas e cores; ceo, mar e terra unidos pola música que na súa sabia harmonía funde as idades do tempo nun instante de plenitude e luzada”. Un concerto cósmico que nos permite ver o azul do ceo na noite en que, precisamente, presentamos o poemario *Desconcerto*, de Eva Veiga, a compañeira no amor de Alfonso Costa, quen traduce a debuxos o texto. Hoxe eu tamén son un personaxe da escena, acompañando aos dous artistas. Comigo permanecen sentados, ademais, Xoán Pastor e Carmela González, responsable da editorial Biblos. Entrevistada por Pastor, Eva fala da súa concepción da *poésis*: “Na poesía non hai mentira porque xorde de dentro, do espírito, dunha luceciña que a todos nos sae do interior e que hai que saber atrapar”. Máis adiante afirma: “A poesía é un espazo de liberdade”; e incide na *verdade* poética: “Na

poesía atopo a verdade, a miña verdade, nun mundo cheo de moita mentira”. Pero Pastor tamén interroga a Alfonso Costa, e alude á súa faceta como escritor, ao que o pintor responde: “Eu son un principiante na poesía, pero incluso tamén na pintura. Podo crear cun pincel, pero facer poesía que sae de dentro é moi difícil”. Na rolda de Carmela González, abundan os parabéns á creadora e xornalista: “Eva atrápame como muller, como narradora e poeta. Ten o poder de darlle unha luz diferente á realidade.” Unha luz diferente, abofé, como a da cúpula que nesta fría noite de decembro nos acubilla no único salón de actos que coñezo que é máis fermoso baileiro que ategado de xente.



ESCENA NOVENA

Rianxo, venres 26 de xaneiro do 2007.



Xosé Ricardo Losada, no salón de actos do Cuartel Vello, acompaña no escenario a dúas figuras destacadas na literatura galega actual, Paulino Vázquez e María do Cebreiro. Preséntase unha obra da segunda, *Os hemisferios*, poemario do que Paulino fai escrutinio: “Este libro é amoroso e arriscado... No seu estilo, acostuma a fender”. Remarca: “A poesía de María é o coñecemento, utiliza os poemas como o desvelo de algo”. Integrando *Os hemisferios* na estética habitual da obra de María, afirma: “Ponse sempre en contra de algo... É unha das poucas autoras completas que hai na literatura galega”. E ao referirse á achega ensaística

da escritora compostelá, confesa: “Desbórdame. Ten un estilo non moi usual”. A escena remata coa intervención da autora, que demostra diante do auditorio que non só escribe moi ben, senón que tamén sabe falar en público; e en cada oportunidade que lle é brindada, amosa, malia a súa xuventude, unha bagaxe intelectual á altura só dos máis eximios; porén, ten a humildade e a intelixencia precisas para saber en todo momento a maneira de que todos a entendan. Parabéns, María, polos teus ensaios e polos teus versos.

María do Cebreiro é, na actualidade, unha das figuras máis importantes, tanto no eido poético coma no ensaístico, da literatura galega

ESCENA DÉCIMA

Ribeira, venres 23 de febreiro.

Atopámonos na Casa do Mar de Ribeira. Xúntanos neste serán unha mesa redonda sobre a tradución en Galiza. Nela participan: Carlos Lema, en representación da Editorial Galaxia; Manuel Gómez Clemente, como presidente da Asociación de Tradutores de Galicia; Anxo Rei Balles-teros, escritor e tradutor; Manuel Cartea, profesor, tradutor e socio de Barbantia; e Luís Teira, presidente da Asociación Cultural Altofalante. Na súa alocución, Carlos Lema dá a coñecer os proxectos de Galaxia en relación co asunto a tratar; en tal senso, comenta que a editorial pula por achegar aos lectores galegos en galego algunhas das obras cimeiras da literatura universal, pulo que se ve plasmado xa co nacemento da Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, que Barbantia aproveita para presentar tamén hoxe na comarca. No tocante ao representante da entidade que agrupa aos tradutores, Manuel Gómez Clemente, aporta datos moi relevantes sobre o estado das cousas:



Anxo Rei Ballesteros falou sobre a súa faceta de tradutor na mesa redonda celebrada no salón de actos da Casa do Mar de Ribeira



por exemplo, sinala que Galiza se sitúa por debaixo de España na media de tradución de libros; en concreto nunha porcentaxe do 21,7% fronte ao 25,8%. Malia esta diferenza, Gómez Clemente engade que “a práctica da tradución no país está nunha tendencia alcista”, e subliña que arestora cobra moita importancia o feito de que en Vigo exista unha facultade do eido en cuestión. Outra reivindicación que fai é que, á hora de traducir, se bote man, sobre todo, dos profesionais. Nese intre intervéñ Anxo Rei, ao que non convencen as palabras do presidente da Asociación de Tradutores, porque, ao seu entender, un profesional pode traducir literalmente moi ben un texto, pero o tradutor non se debe limitar a dicir determinado termo noutro idioma, senón que ten que coñecer o contexto no que o orixinal foi escrito, ten que coñecer a sociedade que fala esa lingua e, sobre todo, ten que experimentar empatía co libro que vai traducir. Os demais convidados á mesa redonda súman-

se ao debate, do que agroman algunhas conclusións unánimes: que os tradutores tamén son autores e que é preciso valorar de maneira xusta o seu traballo. Con todo, son máis abundantes as discrepancias. Pasadas case dúas horas de intercambio de opinións, algunhas persoas do público interveñen para daren a súa visión. Finalmente, a escena remata cun curioso diálogo entre un asistente e un poñente:

–Miren, levo tempo escoitándoos e quería preguntarlles algo: cando eu ía á escola, ía para aprender, e o mestre ensinaba; pero agora dise que un aprende algo que non sabía, e tamén que un lle aprende algo aos alumnos. Poderían aclararme como é iso?

–Home,... eu, por exemplo, son profesor, e na clase aprendo cousas cos alumnos e, ao mesmo tempo, apréndooos.

–E daquela, quen ensina?



ESCENA UNDÉCIMA

Noia, sábado 24 de marzo.

V Semana da Historia. Centenario de María Mariño.

Preto das dez e media da noite, nunha céntrica cafetería noiesa, varios membros de Barbantia reunímonos ao remate da última das sete xornadas da V Semana da Historia, e facemos reconto e balance do acontecido. Foron moitos días de intensa actividade cultural, dende que empezaran as conferencias o pasado sábado 17, coas intervencións das escritoras María Xosé Queizán e Teresa Moure, e mais do compañeiro e historiador Xerardo AgraFoxo; pero a aceptación do público asistente cada día, a diversidade de contidos e o interese dos traballos presentados fannos avaliar moi positivamente a experiencia, e



considerar un acerto que Barbantia tivese participado nesta iniciativa que, xunto ao do Concello de Noia, contou co padroá-dego do Centro Comercial Aberto Noia Histórica, da Fundación Caixa Galicia e mais da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. A partir daquela tarde-noite na que Moure e Queizán deron unha clase mestra de feminismo e literatura, e AgraFoxo nos descubriu a “Biografía de María Mariño”, facemos acordanza de que foron pasando pola Casa de Cultura de Noia, consecutivamente, Xoán Monterroso Montero, profesor de Arte na USC, cunha conferencia titulada “A arte moderna no Barbanza”; Concha Allut e Xoán Mariño, licenciados ámbolos dous en Historia da Arte, que nos ensinaron as “Xoias artísticas de San Martiño”; Clodio González, membro do Museo do Pobo Galego, que disertou sobre “O patrimonio histórico-artístico de Lousame”; Carlos Barros, catedrático de Historia Medieval na USC, rememorando “A revolta irmandiña en Noia, Muros e Outes”; Pedro García Vidal, xeógrafo á parte de bo amigo, nunha intervención que versou arredor de “Muros-Noia: o agromar dunha nova paisaxe”; Xepe Torres, arqueólogo, que falou das “Laudas gremiais de Galicia”; Felipe Criado Boado, arqueólogo do CSIC, que centrou o seu discurso na “Construción da paisaxe 20 anos despois. Megalitismo e ecoloxía no Barbanza”; Yolanda Castaño, poeta, que nos leu “Con María Mariño, da man dos seus versos”; e Xavier Castro, crítico literario, que pechou o ciclo de conferencias coa titulada “Palabra e verba: avalo e devalo vital”. Como colofón a tan e tan ben poboada semana de actividades, asistimos á inauguración da exposición fotobiográfica “María Mariño: retrato dunha vida”, unha obra froito

María Mariño, protagonista este ano do Día das Letras e mais das páxinas do *Anuario* de Barbantia



da colaboración entre Suso Xogaina e Xerardo AgraFoxo, aos que lles debemos o descubrimento das paisaxes da obra e da alma da poeta á que no ano 2007 se lle dedica o Día das Letras, e á que antes da celebración da V Semana da Historia coñeciamos en moita menor medida. De feito, varios dos traballos presentados estes días serán recollidos e publicados por Barbantia nos meses vindeiros, pero diso xa vos darei conta no próximo anuario.

ESCENA DUODÉCIMA

Boiro, venres 30 de marzo.

Debuxo cos dedos liñas invisíbeis.
Con este verso comeza un dos poemas cos que Iria Gestoso resultou vencedora, no apartado de poesía, da edición número XXXIV dos premios Minerva, que organiza o colexio “Peleteiro” de Santiago de

Compostela. É precisamente ese mesmo verso da compoñente de Nova Barbantia o que lle dá título ao libro recopilatorio dos textos gañadores nas distintas categorías. Para celebrar o éxito da nosa amiga, poeta en cernes, acaroámonos no Centro Social de Boiro o derradeiro venres de marzo, nunha velada na que, amais de presentar o volume antedito, atendemos á sorprendente madurez coa que se expresan algunhas integrantes da sección xuvenil da Asociación Cultural Barbantia. Porque á parte de Iria, áchanse no escenario Ana Redondo e María Loureiro. As tres recitan, diante dun público entregado e numeroso, creacións propias, e contestan ás preguntas, por veces retorcidas, que lles formulo dende o centro dunha pequena tarima na que nos atopamos. De trás de nós, un dúo de músicos tamén moi novos, Christian & Roosevelt, intercala cancións e música entre as intervencións das rapazas. Todas elas foron alumnas do taller literario de Antón Riveiro Coello.

Ana Redondo, María Loureiro e Iria Gestoso, as tres membros de Nova Barbantia, recitaron cadanseu poema nun ateigado Centro Social de Boiro





Todas obtiveron xa algún premio polas súas obras. Todas nos convencen, ao escoitar as súas composicións, da verdade que agroman. Como mostra, transcribo o poema que recita Ana Redondo no final da escena, poema publicado poucos días antes na Revista Cultural “Vialis” da Asociación de Veciños “Cruceiro do Monxo” de Bealo:

O CONLE

*Cegos camiñastes os pasos
entre o conle (mestura sanguínea e
beberaxe
furtiva dos ancestros xa vencidos),
os que atragoados, fusilados ou
herniados
pola onda patriótica que devastou a
cidade,
polas verbas infectas de humillante
calvario,
fixestes de nós fortes raizames e violento
aturuxo,
fixestes de vós cinsa que non cansa de
arder
no pensamento arrepiado dos que
polos rumores dos remorsos non dormen,
fixestes de vós purga incólume
nos pés ulcerados de quen non traballa
por ver traballar.
Cegos cando ollos vigorosos trala balaxe
carcomían cadansúa pegada,
ou sombra, ou resto, ou nada,
do que permanecía nos corpos de estío
eterno, de frío nocturno
nos días de brétema, friaxe, onde o sol se
resistía na trincheira,
coma nós,
na eterna loita violácea, na eterna pugna
subcutánea
que é o triunfar inmisericorde dos fortes,
dos que danan.*

*Vós, que perseguides ideoloxías,
pola conquista da liberdade agochada,
solapada baixo metacrilato e arame oxida-
dos, nazis,
privados de osíxeno en sangue, por care-
cer dela,
e mais a dor,
diferente da vosa,
como a causa, os medios, pois o fin non
os xustifica,
os seres libres;
Vós, descansabades no conle, inmortais,
como descansades inda agora na nosa
historia;
os documentos falan,
berran, piden saír das hemerotecas,
para resaltar o que fostes,
para revivir o que somos,
para que non esquezamos
o pasado guerreiro, ceibe, anfitrión de
loitas,
coma o conle, rexo, ergueito, intocable,
baleiro nos adentros:
coma Vós,
coma nós.*

ESCENA DÉCIMO TERCEIRA


Rianxo, venres 20 de abril.

III Encontro de Creadores do Barbanza.

Unha vez máis, o Cuartel Vello, agora convertido en Casa da Cultura, acolle unha escena protagonizada por Barbanza. Pero esta escena non é unha máis. Trátase da primeira das tres nas que se divide o III Encontro de Creadores. A asociación acaba de vir do Son, onde boa par-



Portada do libro *A cor dos soños*, no que se recollen os traballos resultado do III Encontro de Creadores do Barbanza



te dos seus membros estiveron o pasado sábado 31 de marzo, xustamente noutro *encontro*, neste caso na segunda edición da xuntanza Luso-Galaica "Aromar". Foi unha das poucas veces que non puideron asistir, así que lle pregunto a Xesús Laiño en que consistiu e como se desenvolveu todo. A súa memoria prodixiosa lembra, punto por punto, o programa: "O primeiro en intervir foi Antonio Miranda Chaves,

que nos falou de José Afonso e Antonio Aleixo; Nuno Castelo centrou o seu discurso na rexión de Chaves na poesía; e Carlos Mosteiro departiu sobre un eido que coñece ben, o da literatura infantil e xuvenil. Á parte, gozamos de dúas actuacións musicais; por un lado, a de Jorge Aires, que interpretou temas tradicionais e algunhas cancións de José Afonso; polo outro, a da Banda de Música Tradicional "Suevia", que resultou un perfecto epílogo aos discursos".

Despois de conversar co profesor Laiño, unha das persoas que máis sabe de literatura neste país, atendo ao escenario: sobre el, cinco creadores van tomar parte na mesa redonda titulada "Ilustración e literatura infantil-xuvenil": Xosé A. Neira Cruz, Rodrigo Chao, Pablo Otero "Peixe", Antón Riveiro e Carlos Mosteiro. A escena desenrólase despois da apertura do

Unha das ilustracións coas que Rodrigo Chao iluminou o texto de Francisco Antonio Vidal n' *A cor dos soños*





Encontro e mais da presentación do libro de Antón Riveiro Coello *A voz do lago*, ilustrado por Rodrigo Chao, unha obra ambientada no boirense Pazo de Goiáns e na que María Mariño aparece identificada cun dos personaxes. Os cinco intervincentes na mesa redonda contrapoñen as súas opinións, centrándose cada un no eido que traballa. Os escritores inciden na dificultade que comporta escribir para nenos e adolescentes; ese é o parecer de Antón Riveiro, que afirma aínda non ter claro cal é a idade idónea do lector d'*A voz do lago*. Seguramente calquera, digo eu, por tratarse dunha historia moi ben contada. Polo que respecta aos ilustradores, reivindicando a súa profesión, non sempre equiparada á de outros creadores. “Os que nos dedicamos a ilustrar, acotío temos a sensación de que está xeralizado o pensamento de que a nosa é unha arte de segunda”, comenta Rodrigo Chao, pero só cómpre botar unha ollada aos debuxos que el mesmo realiza nas páxinas d'*A voz do lago* para decatarse de que a súa é unha arte de primeira. O diálogo entre os cinco personaxes amplíase coa interacción do público, do que xorden dúbidas, preguntas e suxestións. A escena péchase coa invitación aberta de Antón Riveiro a achegarse á Biblioteca Municipal “Castelao”, onde decontado se inaugurará a exposición “A cor dos soños”, na que participan trece narradores e outros tantos ilustradores vencellados co Barbanza.

ESCENA DÉCIMO CUARTA

Rianxo, sábado 21 de abril.

Trala inauguración, no serán do día de onte, da exposición “A cor dos soños”, regresamos nesta matinal de sábado á Casa da Cultura “Cuartel Vello”, para presentarmos o libro colectivo do mesmo título, e atender, a continuación, a un coloquio que versará sobre “Literatura infantil-xuvenil e ensino”, no que han debater amigablemente Xavier P. Docampo, Cristina Novoa, Xesús Santos e Fernando Lavandeira. Pero iso será despois de que a socia de Barbantia María Xesús Blanco nos debulle os contidos d'*A cor dos soños*, do que paso a lembrar o que escribe no limiar Carlos Mosteiro, vicepresidente da asociación: “Non cremos necesario xustificar a pertinencia e oportunidade de falarmos sobre esta *gran literatura*, que inda hoxe algúns seguen a considerar pequena, sen dúbida por atrevemento. Ou será descoñecemento? Por se non é suficiente motivo considerar que no lector infantil se agocha o lector do futuro (ou o futuro lector), aí vos van as oportunas reflexións que G. K. Chesterton nos regalou ao dicir que a vida dunha persoa está completa na infancia, *porque o maravilloso da nenez é que calquera cousa nela pode ser unha marabilla*”. Verbas sabias do escritor pobrense que resumen con atino as ideas que agroman no discorrer da mesa redonda, a cuxo remate María Xesús Blanco anuncia a presentación, no mediodía de mañá, do último premio Barco de Vapor de literatura infantil, *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro. Un recital da polifacética Estíbaliz Espinosa porá, acabada a presentación, punto final ao III Encontro de Creadores do Barban-



Estampa do inicio da mesa redonda titulada "Literatura infantil-xuvenil no ensino", na segunda xornada do terceiro Encontro organizado por Barbantia



za, celebrado na terra de Castelao, Dieste e Manuel Antonio, durante a vizosa primavera do 2007, grazas ao compromiso do Concello de Rianxo e, moi singularmente, do alcalde e socio de Barbantia Pedro Piñeiro.

ESCENA DÉCIMO QUINTA

Noia, venres 27 de abril.

Xosé Manuel Beiras acompañou a Manuel Caamaño na presentación, en Noia, de *Dun tempo e dun país*

Casa da Cultura "Antón Avilés de Taramancos". A friaxe procedente do exterior déixase notar no salón de actos, ata que fan a entrada na escena Xosé Manuel Beiras e Manuel Caamaño. Os dous participaron na confección do libro que se vai presentar, *Dun tempo e dun país*: o primeiro como responsable do prólogo; o segundo, como autor do volume, no

que se recollen textos de diversa índole e temática que escribiu o arquitecto e profesor ao longo da súa vida. Pedro García Vidal ocúpase, neste serán, do papel de anfitrión: el é quen nos lembra que, amais dunha profunda amizade, a Beiras e Caamaño úneos o amor ao país e unha data de triste recordo, pois ámbolos dous naceron no 36. As palabras de recoñecemento e admiración abundan na súa introdución: "Só o feito de pensar na responsabilidade



que supón presentar a dous intelectuais da categoría de Caamaño e Beiras faine sentir nervioso”. Porén, o seu discurso resulta excelente. Sobre o arquitecto noiés, apunta: “Aos 18 anos marcha para Barcelona. Alí descobre o seu amor por Galicia e funda a Comunidade Galega de Cataluña. De volta á súa terra, participa activamente no movemento socio-cultural, sendo cofundador ou promotor de entidades como O Facho, Adegas e outras”. En canto a Beiras, Pedro afirma que lle resultou moi sinxelo tomar notas da súa biografía, “porque saquei moitos datos do libro de Caamaño”. Durante a súa quenda, o fundador do PSG fai un repaso da historia do nacionalismo galego e subliña a importancia que tiveron asociacións como O Facho na recomposición do mesmo, que ficara moi mancada tralo alzamento fascista. A escena remata coa lectura, a cargo de Caamaño, de varios fragmentos d’*Un tempo e dun país*.

ESCENA DÉCIMO SEXTA

Boiro, mércores 16 de maio.

Onte mesmo Barbantia poñíalle punto e final á campaña “Pan con poesía”, ideada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, nunha escena acaecida na praza de abastos de Boiro, e hoxe volvemos xuntármonos na vila de Marín López para celebrar, cun día de anticipo, o Día das Letras na honra de María Mariño. Sobre o escenario están Antón Rodríguez Gallardo, en representación da entidade; Adolfo Muíños, responsable de novas tecnoloxías en Barbantia; Xerardo AgraFoxo, autor da biografía da poeta nada en Noia; e Xosé Deira, alcalde de Boiro. Comezan os diálogos coa intervención de Antón Gallardo, que se dirixe ao rexedor: “En nome de Barbantia, felicidades por conseguir o Pazo de Goiáns como propiedade pública, e expresar o desexo de que se



Eva Veiga, na súa excepcional intervención na homenaxe a María Mariño, celebrada en Boiro o pasado dezaseis de maio



dedique un espazo nel a María Mariño". A continuación é AgraFoxo quen se dirixe ao público, para trazar o perfil da escritora: "Era unha persoa diferente. As mulleres de Escarabote vestían mal, e ela tiña aires de cidade. Ía soa ás festas, cousa que non facía ningunha muller. Tiña ambicións que se cumpriron coa dedicación do Día das Letras Galegas deste ano". O alcalde, Xosé Deira, tamén estudou a obra da autora que, na súa xuventude, habitou no Pazo de Goiáns: "María Mariño trata de encontrar o sentido da vida na cultura do seu pobo. A presenza do concepto tempo nos seus versos permítenos establecer un vínculo entre a súa poesía e a obra de Sartre ou Heidegger". Finalmente, e antes da actuación de Eva Veiga, nun recital de poemas da autora homenaxeada que pechará a escena, Adolfo Muíños anuncia algunhas modificacións nos contidos da páxina *web* de Barbantia, á parte dunhas melloras estéticas, realizadas grazas a

unha subvención procedente da Consellería de Industria.

ESCENA DÉCIMO SÉTIMA

A Pobra do Caramiñal, venres 29 de xuño.

Non é a primeira vez que o Museo "Valle-Inclán" acolle unha multitudinaria presentación de Barbantia, pero nesta ocasión a afluencia masiva de público é aínda máis reconfortante, porque a calor aperta no serán do día de San Pedro e invita ao descanso, ao paseo e incluso á praia. Porén, fomos moitos os que preferimos non perdérmonos a saída do libro que Barbantia e La Voz de Galicia editamos conxuntamente en conmemoración dos primeiros vinte e cinco números do suplemento cultural *A Voz de Barbantia*, que dende xaneiro do 2005 aparece

O alcalde de Boiro, Xosé Deira, lendo, na Pobra do Caramiñal, a entrevista a Antonio Piñeiro, na portada do número 26 do suplemento *A Voz de Barbantia*





Cunha actuación do trío Solistas de Galicia pechouse a presentación do volume que recolle os primeiro vinte e cinco números d' *A Voz de Barbantia*

coa edición comarcal do xornal o último venres de cada mes. Polas súas páxinas pasaron xa dúcias de artigos sobre historia, etnografía, ciencia, toponimia, pensamento, arte e literatura; e foron moitos os personaxes vinculados ao Barbanza que xa ocuparon a súa portada: Xosé Ramón Barreiro Fernández, Ana Romani, Anxo Rei Ballesteros, Francisco Calo Lourido, Celestino García Romero, Xosé Luís Axeitos, Rodrigo Romani, Diego Antonio Cernadas y Castro, Suso de Toro, Xesús Santos Suárez, Xoán Fernández, Pepe Cal, Xerardo AgraFoxo, Eva Veiga, Ánxela Bugallo, Aurora Marco, María Rosa Lojo, Xosé Ramón España, Alfonso Costa, Xerardo Cobas Crusat, Soledad Penalta, Carlos Mosteiro, Xosé Agrelo Hermo, Ramón Carredano Covas e María Mariño. Pero o elenco de protagonistas d' *A Voz de Barbantia* non remata na poeta de Noia, senón que segue con Antonio Piñeiro, que ocupa a portada do suplemento de hoxe, e continuará nos meses

vindeiros con Manuel Ayaso, Xabier López Marqués, Luís Blanco Vila e moitos que aínda están por vir.

Volvendo a atención á escena que se desenvolve no salón de actos do Museo pobrense, observamos trala mesa do escenario a presenza do alcalde, Isaac Maceiras, flanqueado por Antón Riveiro, Moncho Ares, Xabier López Marqués, Antonio Piñeiro e Xosé María Álvarez Cáccamo. Os tres últimos, ademais, traen consigo a exclusiva de dúas novas xoias para a Colección Bourel, que dirixe Antonio Piñeiro: os poemarios *A lúa nun ichó* e *Manuscritos do ar*, coas pegadas visibles en cada unha das páxinas dos seus autores, López Marqués e Cáccamo, respectivamente. Entre os asistentes, albíscase a figura do alcalde de Boiro, Xosé Deira; do director do Museo, Antonio González; e mais da responsable de Turismo da Deputación da Coruña, Rosana Pérez,



Os numerosos asistentes, ao remate da presentación do recopilatorio, fixéronse con candanseu exemplar



á parte doutros representantes políticos, sociais e culturais.

Despois de dar a benvida a todos e de felicitar a Barbantia e La Voz de Galicia, o alcalde da Pobra pásalle a palabra a Moncho Ares, delegado do xornal, que afirma: “*A Voz de Barbantia* constitúe todo un compromiso social do Barbanza en xeral no que participa moita xente, desde os colaboradores que escriben ou publican debuxos ou fotos, ata persoas que non asinan, pero que están aí”. A continuación fala o presidente de Barbantia, que convida a todo o mundo a participar nas páxinas do suplemento, posto que “*A Voz de Barbantia* ten un criterio mancomunado que lle da máis forza, é unha fiesta aberta a novos creadores e a outros xa consolidados”. O diálogo continúa no escenario entre os seis protagonistas, ata que o rexedor, Isaac Maceiras, decide cortalo para que a escena remate coa

actuación musical de Solistas de Galicia, trío de corda dirixido por Mijail Moriatov que nos deleita con temas clásicos e populares galegos.

ESCENA DÉCIMO OITAVA

Ribeira, venres 13 de xullo.

O Ateneo “Valle-Inclán”, ubicado no piso superior do Bar Plaza, en Ribeira, acomoda, nunha tarde na que Sirius parece estar máis preto, un espectáculo organizado conxuntamente por el mesmo, Barbantia e Altofalante, e no que Camilo Franco, acompañado á guitarra por Magín Blanco, nos descobre en rigoroso directo algunhas páxinas da súa última achega literaria, *Palabras contadas*, libro de relatos no que abundan o humor, a ironía e a melancolía. Entre as butacas ateigadas do Ateneo, atento ao discorrer da escena,



Camilo Franco estivo acompañado do guitarrista Magín Blanco no Ateneo Valle-Inclán, na amena presentación das súas *Palabras contadas*

atópase Moncho Ares, delegado de La Voz de Galicia no Barbanza, que escribe apuntamentos referentes ao que sucede no escenario. Faino cun perenne sorriso nos beizos, a causa da hilaridade, por veces delirante, con que actúan os dous actores na escena. Dous días máis tarde, a súa crónica resumirá o acontecido: “Camilo, quen nin se corta á hora de falar con graza do seu propio apelido (Franco), chegou acompañado á guitarra polo músico Magín Blanco. Fixeron un tándem perfecto nunha presentación que fuxiu do acto habitual. Eles os dous foron os únicos protagonistas ao longo dunha hora na que o autor foi lendo relatos da súa obra, acompañado polos sons de Magín nunha intervención amena e divertida que sorprendeu aos asistentes”.

ESCENA DÉCIMO NOVENA

Pub Esmorga, sábado 20 de outubro.

Pasa un chisco das dez da noite no boirense Pub Esmorga cando, sobre unha tarima colocada para a ocasión ao fondo, o secretario de Barbantia, Xosé Ricardo Losada, se dispón a presentar ao seu íntimo amigo Anxo Angueira, que trae baixo o brazo un dos poemarios máis importantes que se publicaron en Galiza nos últimos meses, *Fóra do sagrado*, totalmente ambientado en Vigo, cidade na que Angueira é profesor de instituto e tamén da universidade. Poucas veces unha presentación dun amigo foi tan digna como resulta a de Xosé Ricardo, quen, entre outras moitas cousas que ben falan da súa bagaxe intelectual, di analizando *Fóra do sagrado*:



“Ferrín compara este libro cun cantar de xesta. Non digo que non. Existe esa lectura. Pero non é a miña. A miña é menos épica. Menos totalizadora. Máis cotiá e analítica. *Fóra do sagrado* é, para min, unha desbordante colección de *mantras*. Os *mantras*, recordemos, son, na tradición budista e hindú, oracións curtas ou retrousos que se repiten moitas veces. Existen *mantras* para todo. Para afastar malos pensamentos, relaxarse, chamar o amor, agradecer favores, maldicir... Recítanse para obter un logro, mundano ou transcendente. A construción, significado e ritmo das palabras libera a mente, elevándoa. Outro mérito deste libro. Elévanos, pero á terra, non ao ceo. Á historia, non á eternidade. A palabra é son. O son é vibración. A vibración é enerxía. A enerxía é clase obreira e traballadora. É país. Nación. Galicia é unha nación de nacións.

As que queiras. Galicia non é un espazo. O espazo exclúe. Marca un dentro e un fóra. Galicia é un proxecto. Mans abertas. Casa sen portas”. Na súa alocución, Xosé Ricardo peneira maxistralmente o contido do poemario: “Un dos grandes méritos deste poema é repetir e repetir e repetir Vigo sen que canse. Non pode cansar. Cada vez que aparece significa unha cousa distinta. Ou oposta. Alguén dixo que o Vigo deste libro está máis alá dos parámetros de flores e xasmíns da fachada de Corina Porro. Non é certo. Esa fachada tamén está. Derrubada. O Vigo deste libro é como o Deus de Spinoza. *Quen ama a Deus*, dicía, *non pode esforzarse en que Deus lle corresponda*. Anxo di: *Vigo non nos debe nada*. (*Vigo*) *Non ten / nada que darvos nada e xa*. *Vigo non chora por ninguén*. *Non ten que darvos nada Vigo*. A relixión de Vigo é o

Cun auditorio entregado, Anxo Angueira recitou *Fóra do sagrado* no boirense Pub Esmorga



panteísmo. Atoparlle unha liturxia local, nosa, é outro mérito incuestionable deste poema”. Cunha aperta e un sorriso cómplice nos beizos, Xosé Ricardo cédelle o testemuño a Anxo, con quen compartira clases de Bernardino Graña e partidos de fútbol nas filas do Unión de Asados. Angueira sube daquela á tarima para recitar, un por un, todos os poemas do libro. Malia que a escena dura case dúas horas, o tempo faise curto grazas á amenidade coa que actúa o autor, acompañado sobre o escenario do guitarrista Leo de Mátamá. Cando as agullas do reloxo marcan xa as doce, marchamos para a casa coa sensación de ter asistido a un magnífico espectáculo.

ESCENA VIXÉSIMA

Librería Ler, venres 26 de outubro.

Achámonos na Pobra do Caramiñal, no interior dun espazo no que as paredes, as fiestras e as columnas son libros, no que os armarios son andeis, no que as conversas procuran palabras e no que a verdade flúe de mananciais eternos onde bebe a alma. Estamos na librería Ler, atendendo a Antonio Piñeiro, autor, editor e costureiro de *Tres contos da guerra*, libro de relatos ao que o Julio Catalán engalanou con trescentas ilustracións orixinais, tres por volume, xa que a tirada desta xoia artística, única e numerada, é de cen exemplares, cada un pregado, montado, cosido e engomado á man. O autor do prólogo é o narrador de historias e historiador de dramas Xerardo AgraFoxo, que senta a carón de Antonio na presentación do libro. Mentres verte cadanseu comen-



Antonio Piñeiro, Xerardo AgraFoxo, Alberto Piñeiro e Cipriano Pose na presentación, na Librería Ler, de *Tres contos da guerra*



tario referente aos tres contos que o compoñen, eu leo as súas verbas no limiar: “Tres relatos precisos e contundentes, tres espazos xeográficos diferentes e un cortante estilo narrativo constitúen a cerna deste libro vencellado na súa temática argumental coas guerras que acosan, coma un xinete da apocalipse, aos seres humanos. Tres relatos medidos e opresivos que deixan no corazón do lector unha restrita de desacougantes sensacións, moi no fío da estética ascética que emprega o autor de Ribeira para mergullarnos no mundo dos seus personaxes anónimos e as súas paisaxes urbanas”. Despois da curta pero precisa intervención de Xerardo, Antonio explícalle aos asistentes como foi o proceso de manufactura do volume, e engade: “Unha das cousas que máis me interesa é a forma do relato e buscar xiros novos que creen a sorpresa do que me está seguindo”. E abofé que eu vou ser un deses que o siga decote, como cando releo no exemplar que o amigo e escritor ribeirense me asina, ao remate da escena desenvolvida na librería Ler, o final do *Conto anónimo*, relato ambientado no Xapón da Segunda Guerra Mundial que trata dunha secreta historia de amor que estoupou coa bomba atómica:

Eran pouco máis das once.

Algunhas nubes permanecían sobre as tellas da cidade, cruzando, en silencio, a rada, deixando pequenas oxivas abertas, polas que ollaba un ceo azul e espléndido.

Entón, dende todas as partes, medrou o son punzante e agónico das sirenas, estendéndose sobre os horizontes. Kamato, sen separar a súa man da caluga, mirou a Ogichi con expresión de aprehendido sobresalto, e apertouno novamente.

–Quérote!

Os ceos tremeron baixo unha detonación espantosa, e todo se afundiú subitamente nun resplandor rosáceo. Un vento de lume arrasou canto había en pé.

Tras uns minutos, un monstro de silencio ocupou o seu lugar, e pouco despois, das ladeiras circundantes, comezou a baixar un lamento unísono de dor e carne queimada, mesturado coa chuvia de po e de cinzas.

ESCENA ÚLTIMA

Bealo, novembro do 2007.

Pasaron tres días e tres noites des que comezara a redactar a sinopse anual das actividades realizadas por Barbantia. Tres días en que soaron no meu despacho todas as óperas de Verdi, Puccini e Donizetti. Pero, en especial, todas nas que Pavarotti interpretaba algún papel: o de Calaf en *Turandot*; o do Duque de Mantua en *Rigoletto*; o de Rodolfo en *La Bohème*; o de Nemorino en *L'elisir d'amore*; e como non, o de Manrico en *Il Trovatore*. Apreixado aínda pola emoción do intre en que vén de cantar “Di quella pira...”, boto unha ollada ao que escribín para o *III Anuario de Estudos do Barbanza*, e creo non ter esquecido ningunha escena, a non ser as das mencións que se fan da entidade en varios medios de comunicación. Entre outras participacións mediáticas, vénme á mente a aparición no programa da TVG *Libro aberto*, en varios espazos radiofónicos e en moitos xornais, revistas e publicacións de temática cultural, como por exemplo nas páxinas do diario *El País* nas que Óscar Iglesias conversa con Antón Riveiro, quen lle explica a razón de ser de Barbantia (venres 13 de xullo do 2007):



“Nós nacemos para cubrir lagoas, non para competir cos concellos”... “Pódeche levar máis tempo aparcar en Santiago que chegar de Noia a Ribeira”... “Algúns quixeron situarnos politicamente ata que se decataron de que só queríamos facer cultura”... E esencialmente, ese vai seguir sendo o noso obxectivo común no futuro: cubrir lagoas, compartir, facer cultura... Abrir camiños, explorar, erguer dúbidas, dar respostas, dialogar. Traballar dende unha perspectiva supramunicipal na creación e difusión da nosa cultura, que é unha parte milimétrica pero imprescindible da CULTURA (con maiúsculas), o ADN da humanidade.



ublicacións no Barbanza

Román Arén e Xoán Santamaría



O presente repertorio bibliográfico anota libros, folletos, separatas, revistas e artigos, sen esquecer as reedicións. Todos os traballos son de autores do Barbanza ou moi vinculados á bisbarra, ou recollen publicacións relacionadas con temas e personaxes nosos. Inclúe quer literatura, quer obras de historia e de ciencias sociais en xeral. O repertorio abrangue dende outubro de 2006 a outubro de 2007. Non é completo, e os compiladores agradecerían aos autores e autoras que no futuro lles fixesen chegar a relación das súas publicacións anuais para mellorar o presente repertorio.

POESÍA

AGRELO HERMO, Xosé: *Cantiga da costureira poeta*, Noia/Santiago, Toxosoutos/Xunta de Galicia, 2007, s.p., lls. de Alfonso Costa.

É unha homenaxe poética a María Mariño, ilustrando diferentes episodios da súa vida.

AGRELO MARTÍNEZ, Santiago: *En el cristal de la noche (poemas y canciones)*, Santiago, Follas Novas, Los Libros del Caracol, 14, 2007, 78 pp., Ilustracións de Baldo Ramos.

Poesía relixiosa do actual arcebispo de Tánxer, natural de Rianxo.

AGRELO MARTÍNEZ, Santiago: *Diurnal (seguido de Diccionario de Soños)*, Santiago, Follas Novas, Libros da Frouma, 42, 2007, 106 pp., Limiar de Xosé Luís Axeitos.

LÓPEZ MARQUÉS, Xavier: *A lúa nun ichó*, Ribeira, Col. Bourel, 2007, 40 pp., il. de Xerardo Crusat.

MARIÑO, María: *Más allá del tiempo*, Santiago, Alvarellos, Rescate, 2007, 173 pp., il. Edición e introducción, “*A peza que recompón o puzzle*”, de Helena González Fernández. Poemario en castelán da poeta noíesa que se daba ata agora por perdido.

MARIÑO, María: *Antoloxía poética*, Vigo, Galaxia, Letras Galegas, 2007, 160 pp. Edición e introducción, “*María Mariño. Noíesa do Courel*”, de Patricia Arias Chachero.

PIÑEIRO, Antonio: *9 sextinas crebadas*, s.l. (Boiro), O Faiado 2, 2007, s.p., ed. non venal.

RAMOS, Baldo: “*Enseada Avilés*”, en *O ourego e o compás*, Noia, Casa da Gramática, Porta Azul, 4, 2006, p. 79.

Poema adicado a Avilés de Taramancos. O volume leva un prólogo de Xavier Castro Rodríguez.

VEIGA, Eva: “*Medicina preventiva*”. Poema no volume colectivo coordinado por Xoán Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos: *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, Ourense/Santiago, Difusora de Letras, Artes e Ideas/Xunta de Galicia, Eidos 5, 2006.

VEIGA, Martín: “*A voz*”, Poema no volume colectivo coordinado por Xoán Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos: *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, Ourense/Santiago,



Difusora de Letras, Artes e Ideas/Xunta de Galicia, Eidos 5, 2006. O volume contén ilustracións do noiés Alfonso Costa.

VEIGA, Martín: *Fundaxes*, A Coruña, Espiral Maior, Poesía, 175, 2006, 69 pp.

Esta obra gañou o VI Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño.

VEIGA, Martín: *"Anatomía do espazo"*. Conxunto de catro poemas publicados na revista *Grial*, nº 172 (2006), pp. 83-85.

VIDAL, Fidel: *A camelia oxidada*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Col. Tambo, 29, 2006, 90 pp.

NARRATIVA

CASAL, Uxía: *Vidas exemplares*, Vigo, Xerais de Galicia, Narrativa, 229, 2006, 154 pp.

Libro de relatos.

JANDRA, Leonardo Da: *Bajo un sol herido*, Oaxaca de Juárez, Almadía, Col. Mar Abierto, 2007, 404 pp.

Novela.

MOSTEIRO, Carlos: *Ese unicornio rosa*, Zaragoza, Edelvives, 2006, 149 pp., il. de Jesús Gabán.

Trátase da tradución do orixinal galego aparecido en 2005, realizada por Mercedes Pérez Gómez.

MOSTEIRO, Carlos: *"SMS"*, en VV.AA.: *Historias para ler e mirar*, Santiago, Xunta

de Galicia, Col. Lagarto Pintado, 2007, pp. 53-68.

MOSTEIRO, Carlos: *Unha bruxa ben rara*, Madrid, SM, Barco de Vapor, 39, 2007, 126 pp.

Esta novela xuvenil gañou o Premio Barco de Vapor 2006.

PÉREZ REI, Mariña: *Canícula*, Santiago, Sotelo Blanco, Medusa, 2007, 182 pp.

Esta novela gañou o Premio Manuel Lueiro Rey 2006. A autora, natural de Ames, exerce a docencia en Ribeira.

PIÑEIRO, Antonio: *Tres contos da guerra*, Ribeira, Col. Bourel, 2007, 62 pp., ilustracións de Julio Catalán. Limiar de Xerardo Agrafoxo.

Un dos contos, *"Entre cascillos"* foi premiado no concurso de relatos Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal.

RIVEIRO COELLO, Antón: *A voz do lago*, Vigo, Galaxia, Árbore, 2007, 108 pp., ilustracións do boirense Rodrigo Chao.

Novela xuvenil que recrea a vida de María Mariño.

RIVEIRO COELLO, Antón: *A quinta de Saler*, Vigo, Galaxia, Literaria, 161, 3ª ed., 2006, 196 pp.

RIVEIRO COELLO, Antón: *"Día de defuntos"*. Relato no volume colectivo coordinado por Xoán Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos: *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, Ourense/Santiago, Difusora



de Letras, Artes e Ideas/Xunta de Galicia, Eidos 5, 2006.

RIVEIRO COELLO, Antón: *Sempre en galego*, s.l., Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, Contos de Agardar, 10, 2007, 25 pp., edición non venal.

RIVEIRO COELLO, Antón: *O ollos de K*, Vigo, Galaxia, Literaria 249, 2007, 282 p.

VV.AA.: *A cor dos soños. III Encontro de creadores no Barbanza. Literatura infantil-xuvenil e ilustración*, Boiro, Barbantia, Biblioteca Barbantia, 2007, 129 pp., il. Limar, de Carlos Mosteiro.

Inclúe relatos de María Xesús Blanco López (*"Bergen"*), Ramón Carredano Cobas (*"O esquiño Pío e a andoriña Carmiña"*), Esther F. Carrodegua (*"Bolboreta"*), F.R. Lavandeira (*"Castejano calsonsillos de lana"*), María Loureiro Piñeiro (*"Baixo sospeita"*), Carlos Mosteiro (*"A segunda hora da tarde"*), Alberto Piñeiro (*"O esquiño e o raposo"*), Xesús Santos Suárez (*"Un señor gol de cabeza"*), Olalla Tuñas (*"Cachiños"*), Francisco Vázquez Chantada (*"Avatar e o dragón desmemoriado"*), Xosé Antonio Ventoso Mariño (*"Un grego xenial"*) e Francisco Ant. Vidal (*"Piquiño mouro"*), ilustrados respectivamente por Gochi, Veiras Manteiga, Chema, Pablo Otero "Peixe", Paola García, Iván Hermo, Daniel Cerecedo Bretal, Esther Rodríguez Ferreirós, Manuel Teira, Elisa Gallego Picard, Alejandro Senande, Xoán Fernández e Rodrigo Chao.

VIDAL, Francisco Ant.: *Os pecados capitais*, Vigo, Xerais, Narrativa, 2007, 229 pp.

TEATRO

GONZÁLEZ SUÁREZ, Unai: *A memoria de Ribeira*, Ribeira, Concello, 2007, 36 pp.

ENSAIO

CAAMAÑO MARTÍNEZ, Jesús María: *"El abuelo Noé"*, *Día das Letras Galegas 2007*. María Mariño Carou, Noia, Grupo Filatélico e Numismático de Noia, 2007.

CAAMAÑO SUÁREZ, Manuel: *Dun tempo e dun país*, Santiago, Laiovento, Ensaio, 2006, 217 pp.

MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón: *Contribucións norteamericás á historia da cultura medieval galega*, A Coruña/Boiro, Real Academia Galega/Concello de Boiro, 2007, 43 pp.

Inclúe unha presentación de Xosé Ramón Barreiro Fernández e unha resposta de Isidoro Millán González-Pardo. É reedición do discurso de entrada de Martínez López na Real Academia Galega en 1976.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Susana: *Liberalismo económico y catolicismo social de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 2007.



LITERATURA. ENSAIOS, ARTI- GOS E RECENSIÓNS

ALONSO, Fran: *“Escribir sobre María Mariño arrastrado pola fascinación”, La Voz de Galicia*, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 4.

ÁLVAREZ, Natalia: *“Agustín Agra”, Faro de Vigo*, Faro da Cultura, nº 188, 14-12-2006, p. III. Entrevista.

ARÉN, Román: *“María Mariño nas antoloxías: de Alonso Montero a César Antonio Molina”, La Voz de Galicia*, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 16-17.

ARES, Sara: *“Entrevista. Maxi Olariaga”, La Voz de Galicia*, Barbanza-Muros-Noia, 30-03-2007, L2.

ARIAS CHACHERO, Patricia: *Vida e obra de María Mariño*, Ourense/Vigo, La Región/Galaxia, 2007, 82 pp.

AXEITOS, X.L.: *“A Real Academia Galega no ano do seu centenario”, Casa da Gramática*, nº 27, decembro de 2006.

AXEITOS, X.L.: *“Lugrís Freire ou os discursos da nación”, Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, (2006), pp. 121-126.

BLANCO, Carmen: *“Ler con ollos libres”, La Voz de Galicia*, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 8-9.

CASTRO RODRÍGUEZ, Xavier: *“Prendeume a terra nas súas galas”, La Voz de*

Galicia, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 6-7.

CAVEIRO, Laura: *“En Molloy”, Faro de Vigo*, Faro da Cultura, 25-01-2007, p. IV.

EYRÉ, Xosé M.: *“Uxía Casal presenta vinte e unha historias de terror contemporáneo”, A Nosa Terra*, nº 1.258, 1/7-03-2007, p. 26.

GARCÍA NEGRO, María Pilar: *María Mariño no ronsel das escritoras galegas*, Santiago, Laiovento, Ensaio, 214, 2007, 85 pp.

GIRÁLDEZ, José Miguel A.: *“En lembranza da poeta noiosa Mariño. Días do Courel”, El Correo Gallego*, “El Correo 2”, 13-05-2007, p. 11.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena: *“Da sospeita da(s) lingua(s) á certeza da escritora”, La Voz de Galicia*, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 14-15.

LÓPEZ SILVA, Inma: *“Letras Galegas: renovarse ou morrer”, La Voz de Galicia*, “De Cotío”, 17-05-2007, p. 17.

MARCO, Aurora: *“A construción dramática de O maquinista Antón, de An Alfaya”, en ROIG RECHOU, Blanca-Ana e Isabel SOTO LÓPEZ, coord.: Teatro infantil. Do texto á representación*, Vigo, Xerais de Galicia, 2007, pp. 219-231.

MARIÑO DAVILA, Esperanza: *Diccionario María Mariño*, Santa Comba, 3C3, 2007, 161 pp., il., limiar de Darío X. Cabana.



MARIÑO PAZ, Ramón e Damián SUÁ-REZ VÁZQUEZ: “O *Apostol Santiago*, manuscrito e impreso en galego do Século XIX”, *Boletín da Real Academia Galega*, nº 367, (2006), pp. 237-291.

MARTÍNEZ BOUZAS, F.: “Narrar os narcos”, *Faro de Vigo*, Faro da Cultura, nº 203, 19-04-2007, p. V. É recensión da novela de Francisco A. Vidal.

MÉNDEZ FERRÍN, X.L.: “Realidade e mito de María Mariño”, *Faro de Vigo*, El Sábado, 12-05-2007, p. 4.

MERA, Héitor: “Para alén das modas”, *Faro de Vigo*, Faro da Cultura, nº 187, 07-12-2006, p. IV. É recensión de *Simeón Pantín* de Maxi Olariaga.

NAVARRO, María: “*Bruxa Raruxa*”, *Faro de Vigo*, Faro da Cultura, nº 200, 22-03-2007, p. VII. É recensión da novela de Carlos Mosteiro.

NAVARRO, María: “*Relato entretido. Xogar coa metaliteratura*”, *Faro de Vigo*, Faro da Cultura, nº 221, 18-10-2007, p. VII. É recensión de *A voz do Iago*, de Riveiro Coello.

NOVO, Olga: “*O montañoso mar: o Courel de María Mariño*”, *La Voz de Galicia*, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 20-21.

PÉREZ VÁZQUEZ, Teresa: “*María Mariño, verso en plenitude*”, *Encrucillada*, nº 152, (2007), pp. 73-88.

RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro: “*Autoría, biografismo e falacia intencional na lírica moderna: quen foi María Mariño?*”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 143-153.

REQUEIXO, Armando: “*Literatura artesanal. Pequeno. Antonio Piñeiro*”, *Tempos Novos*, nº 114, novembro 2006, p. 71.

REQUEIXO, Armando: “*Baixo o imperio de Sirio*”, *A Trabe de Ouro*, nº 70, (2007), pp. 135-138. É recensión da novela *Canícula* de Mariña Pérez Rei.

RODIÑO CARAMÉS, Ignacio: “*Paio Gómez Charinho, o almirante trovador*”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 155-170.

ROIG RECHOU, Blanca-Ana: “*Teatro do absurdo, humor e realismo crítico en As laranxas máis laranxas de todas as laranxas, de Carlos Casares*”, en ROIG RECHOU, Blanca-Ana e Isabel SOTO LÓPEZ, coord.: *Teatro infantil. Do texto á representación*, Vigo, Xerais de Galicia, 2007, pp. 241-250.

ROIG RECHOU, Blanca-Ana; SOTO LÓPEZ, Isabel; LUCAS DOMÍNGUEZ, Pedro: *Multiculturalismos e identidades permeáveis na literatura infantil e xuvenil*, Vigo, Xerais de Galicia, 2006, 266 pp.

ROIG RECHOU, Blanca-Ana e María LÓPEZ SUÁREZ: “*Panorama histórico do teatro infantil en galego*”, en ROIG RECHOU, Blanca-Ana e Isabel SOTO LÓPEZ, coord.: *Teatro infantil. Do texto á representación*, Vigo, Xerais de Galicia, 2007, pp. 99-120.



RODRÍGUEZ, C.: *“Son aquela sempre soia”*, Galicia Hoxe, “Arquiéplago”, 20-05-2007, p. 7. Recensión da biografía de María Mariño de Xerardo Agrafoxo.

RODRÍGUEZ, C.: *“A introspección como refuxio vital: María Mariño”*, Galicia Hoxe, 08-07-2007. É recensión do estudo de María Pilar García Negro.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *“Letras Galegas 2006. Lugrís Freire”*, Alameda, nº 25 (2006), pp. 37-43.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *“Noia e Lousame na Real Academia Galega”*, Casa da Gramática, nº 27, (2006).

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *“A guerra civil e o franquismo nos narradores do Barbanza”*, Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza, nº 2, (2006), pp. 171-184.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *“Un tradutor do Son nas Irmandades da Fala”*, Alameda, nº 27, (2007), pp. 34-42. O tradutor é Xosé Iglesias Roura.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *“Penélopez de tinta: mulleres na poesía galega de posguerra”*, La Voz de Galicia, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 10-11.

ROMANÍ, Ana: *“María Mariño. Terra de sin pisadas”*, Festa da Palabra Silenciada, Vigo, nº 21, (2006).

ROMAR, Raúl: *“Pilar Gallego en el Canal de Panamá”*, La Voz de Galicia, 13-06-2007, p. 60. Crónica sobre o volume de Juan Manuel Pérez.

S.S.: *“Quico Cadaval. O texto dramático nace para ser incompleto”*, <Praza das Letras>, nº 4, outubro 2007, p. 18.

SOTO, Isabel: *“Raruxa de Bentraces”*, en www.culturagalega.org/lg3. Recensión da novela de Carlos Mosteiro.

Voces de María Mariño, As, A Coruña, La Voz de Galicia, 2007, 64 pp. Introdución de Xerardo Agrafoxo e unha antoloxía de poemas de María Mariño, que inclúe tamén un cd cos poemas recitados.

HISTORIA

AGRELO HERMO, Xosé, ed.: *Catastro de Ensenada. Boiro e as súas freguesías (1753)*, Noia, Toxosoutos, Anais 3, 2007, 345 pp., tr. de Paulo Nogueira Santiago. Limiar de Pedro García Vidal.

ALONSO FERNÁNDEZ, Bieito: *“Castelao: un político nacionalista no exilio”*, en NÚÑEZ SEIXAS, X.M. e Pilar CAGIAO VILA, eds.: *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*, Sada, O Castro/Consello da Cultura Galega, 2006.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: *Historia política da Galicia contemporánea. Volume I. A transición política (1789-1833)*, T. XI de *A Gran Historia de Galicia*, Arrecife Edicións Galegas, La Voz de Galicia, 2007, 223 pp., il.

**BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón:**

Historia política da Galicia coterporánea. Volume II. De Isabel II á Restauración (1833-1874), T. XI de *A Gran Historia de Galicia*, Arrecife Edicións Galegas, La Voz de Galicia, 2007, 224 pp., il.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón:

Historia política da Galicia coterporánea. Volume III. A Restauración no século XX, T. XI de *A Gran Historia de Galicia*, Arrecife Edicións Galegas, La Voz de Galicia, 2007, 222 pp., il.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón:

Historia política da Galicia coterporánea. Volume IV, O devalar da Restauración. A Ditadura e o tránsito á República, T. XI de *A Gran Historia de Galicia*, Arrecife Edicións Galegas, La Voz de Galicia, 2007, 238 pp., il.

BOROBÓ: *Anacos de Borobó: o exemplo de José Gaos*, en NÚÑEZ SEIXAS, X.M. e Pilar CAGIAO VILA, eds.: *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*, Sada, O Castro/Consello da Cultura Galega, 2006

CASARES MOURIÑO, C.: *A actividade política de Castelao no exilio*, en NÚÑEZ SEIXAS, X.M. e Pilar CAGIAO VILA, eds.: *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*, Sada, O Castro/Consello da Cultura Galega, 2006.

CRUXEIRAS SAMPEDRO, F.X.: *O pósto de pescadores de Carreira*, *Memorias de Ribeira*, coord. por Luís Teira Parada e Nel Vidal Barral, Ribeira, A.C. Altosalante, 2007.

DIÉGUEZ CEQUIEL, Uxío Breogán e

X. MARTÍNEZ CRESPO: *“Unha pequena xoia do exilio e a actividade asociativa galega. Unha carta inédita de Daniel Castelao a Manuel de Irujo”*, en Murguía. *Revista Galega de Historia*, nº 10, (2006), pp. 9-16.

EROLO (Emilio Rodríguez López):

Santa Uxía de Riveira. Unha cidade con título, Ribeira, Concello de Ribeira, 2006, 250 pp., il.

FERNÁNDEZ CALLÓN, Xoán e X.A.

OTERO SOBRIDO: *“Os rexistros portuarios de Sanidade Marítima e o tráfico comercial no porto de Ribeira (1891-1896)”* en Murguía. *Revista Galega de Historia*, nº 10, (2006), pp. 115-123.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, F.J.:

“A visita de Franco a Ribeira”, en VV.AA.: *Memorias de Ribeira*, coord. por Luís Teira Parada e Nel Vidal Barral, Ribeira, A.C. Altosalante, 2007.

GARCÍA RODRÍGUEZ, Jaime:

Memoria da igrexa de Esteiro no seu 50 aniversario. 1956-2006, Muros, autor, 2005, 136 pp., il. Malia ao título é volume bilingüe.

GARRIDO COUCEIRO, X.C.:

“A actividade política de Castelao no exilio”, en NÚÑEZ SEIXAS, X.M. e Pilar CAGIAO VILA, eds.: *O exilio galego de 1936: política, sociedade, itinerarios*, Sada, O Castro/Consello da Cultura Galega, 2006.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio:

“Noia e o Tombo do mosteiro de Toxosoutos (1129-1334)”, en *Día das Letras Galegas 2007*.



María Mariño Carou, Noia, Grupo Filatélico e Numismático de Noia, 2007.

MARCO, Aurora: “*Mulleres na guerrilla antifranquista. Consuelo Rodríguez López, Chelo*”, en *A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas*, A Coruña, Servizo Galego de Igualdade/Andaina, 2006, p. 61-75.

MARIÑO DEL RÍO, Manuel: *A Confraría de Pescadores de Porto do Son*, A Coruña, Deputación d'A Coruña, 2007, 353 pp.

MARIÑO DEL RÍO, Manuel: *Naufraxios e accidentes no mar na ría de Muros e Noia (desde Punta Remedios a Punta Falcoeiro)*, Porto do Son, Club Náutico de Porto do Son, 2007, 324 pp., il.

PARADA GONZÁLEZ, Aurelio: *A parroquia de San Pedro de Muro na historia*, s.l., s.e., 2006, 59 pp., il. Malia o título o volume está en castelán.

PEREIRA, Dionisio: “*Claro José Sendón, un vagabundo galego e libertario*”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 109-119.

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos: “*Antonio Romero Ortiz e o Barbanza*”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 95-107.

PÉREZ BESADA, Xesús: “*Aspectos da represión franquista no concello de Ribeira (1936-1939)*”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 121-129.

PÉREZ FERNÁNDEZ, José A.: “*Voces da memoria, Ribeira da II República á represión*”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 131-141.

PÉREZ FERNÁNDEZ, José A.: “*Dez días de xullo en Ribeira*”, *Memorias de Ribeira*, coord. por Luís Teira Parada e Nel Vidal Barral, Ribeira, A.C. Altofalante, 2007.

PÉREZ LUSTRES, José Manuel e Xesús PÉREZ BESADA: *A escola na memoria. Riveira, 1906-1956*. Ribeira, Concello de Ribeira, 2007, 242 pp., il.

PÉREZ RÍO, Juan Manuel: *Pro Mundi Beneficio. Los trabajadores gallegos en la construcción del Canal de Panamá. 1904-1914*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza, 2007, 238 pp., il. O autor ribeirán traballou cos arquivos norteamericanos.

TEIRA PARADA, Luís e Nel VIDAL BARRAL, coord.: *Memorias de Ribeira*, Ribeira, A.C. Altofalante, 2007, 196 pp., il. Con traballos, entre outros, de Xerardo Crusat, Ramón Martínez Becerra, Luís Bello Fernández de Sanmamed, Xosé Antonio Vázquez Cobas, Santiago Páramo Aller, Antón Díaz Axeitos, Ánxeles González Crujeiras, Manuel Cruxeiras Sampedro, Rubén Aramburu Molet, José Manuel Pazó Argibay, Antonio Lijó González e María Graña Santos.

XEOGRAFÍA

GARCÍA VIDAL, Pedro: “*Xeografía. A vila de Noia ante a posibilidade de inundacións catastróficas. A necesaria xestión*”



dos riscos”, *Alameda*, nº 25, (2007), pp. 12-19.

GARCÍA VIDAL, Pedro: “O espazo urbano e a súa humanización”, *Alameda*, nº 27, 2007, pp. 16-22.

GARCÍA VIDAL, Pedro: “Noia en tempos de María Mariño: paisaxes no fondo do espello”, *La Voz de Galicia*, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 18-19.

GARCÍA VIDAL, Pedro e RIVEIRO CO-ELLO, Antón: “As letras da paisaxe (I): as paisaxes da auga”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 9-70.

MEDIO AMBIENTE

GROVEIRO, Xosé Luís: “Memoria da paisaxe”, en VV.AA.: *Memorias de Ribeira*, A.C. Altofalante, 2007.

TEIRA PARADA “Paleón”, Luís: “Xurelo: o barco ecoloxista que cambiou os mares do mundo”, en V.AA.: *Memorias de Ribeira*, A.C. Altofalante, 2007.

TOJO, J.: “Incendios na franxa atlántica galega”, *Alameda*, nº 27, 2007, pp. 69-70.

TRASBACH, Gonzalo: “A Serra do Barbanza: retrato da nosa cultura”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 185-194.

BIOGRAFÍA

ACUÑA, X. Enrique: “Carlos Montenegro: nacer na Pobra, escribir en Cuba, morrer en Miami”, *A Nosa Terra*, nº 1.285, 18/24-10-2007, p. 33.

AGRAFOXO, Xerardo: *María Mariño. Retrato dunha vida*, Noia, Concello de Noia/Fundación Caixa Galicia, 2007, 59 pp., fotografías de Suso Xogaina.

AGRAFOXO, Xerardo: *María Mariño. Retrato dunha vida*, Noia, Concello de Noia, 2007, 267 pp., fotografías de Suso Xogaina.

AGRAFOXO, Xerardo: *Biografía de María Mariño*, Vigo, Galaxia, Letras Galegas, 2007, 173 pp., il.

AGRAFOXO, Xerardo: “Polo camiño da superación”, *La Voz de Galicia*, Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, A Coruña, 10-05-07, pp. 2-3.

ALONSO, Fran: *A vida secreta de María Mariño*, Vigo, Xerais de Galicia, Merlín, 173, 2007, 99 pp.

ÁLVAREZ POUSA, Luís: “Andrés Torres Queiruga. Teólogo. A miña teoloxía é un golpe baixo aos tradicionalistas e fundamentalistas”, *Tempos Novos, En Foco*, nº 119, abril 2007, pp. 28-33.

A.N.T.: “Lembrando o axitador cultural Xosé Agrelo Hermo”, *A Nosa Terra*, nº 1.245, 23/29-11-2006, p. 24.



ARIAS CHACHERO, Patricia: *Vida e obra de María Mariño*, A Coruña, El Ideal Gallego, 2007, 32 pp.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R.: *“Manuel Acuña y Malvar. Un clérigo liberal e extravagante que quixo vivir e morrer en Ribeira”*, en VV.AA.: *Memorias de Ribeira*, A.C. Altosalante, 2007.

BARROS, M.: *“Rodrigo Romaní. O ensino de música tradicional é caótico”*, *A Nosa Terra*, nº 1.245, 23/29-11-2006, p. 31. Entrevista.

BETANZOS GARCÍA, Xosé Plácido: *“In memoriam, por un galego que sempre defendeu e creu na súa nación: Mariano Vidal”*, en VV.AA.: *Memorias de Ribeira*, A.C. Altosalante, 2007.

BLANCO, Carmen: *María Mariño. Vida e obra*, Vigo, Xerais de Galicia, 2007, 156 pp., il.

DOURADO DEIRA, Manuel: *“O 18 de xullo, evocado dende a experiencia dunha centenaria: Teresa Castelao”*, en X. ALONSO MONTERO e Miro VILLAR, eds.: *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)*, Vigo, Xerais de Galicia, 2006, pp. 235-245.

FERNÁNDEZ BAZ, Manuel Anxo: *“Xan Cadaval, O Carreirán. 1947-2005”*, en VV.AA.: *Memorias de Ribeira*, A.C. Altosalante, 2007.

HERMIDA GULÍAS, Carme: *María Mariño. Unha serea en terra*, Santiago, Sotelo Blanco, 2007, 27 pp., il. de Mauro Trastoy.

Presenta a vida de María Mariño para cativos.

LIÑARES GIRAUT, Xosé Amancio: *Ramón Martínez López*, Santa Comba, 3C3, 2007, 118 pp.

LÓPEZ, Chechu: *“Reiriz narra a vida dos santos das nove parroquias de Ribeira”*, *La Voz de Galicia*, Barbanza-Muros-Noia, 29-05-2007, L2.

MARCO, Aurora: *Diccionario de mulleres galegas. Das orixes a 1975*. Santiago, Xunta de Galicia/Promocións Culturais Galegas, 2007, 566 pp., il.

MARCO, Aurora: *“Mulleres na guerrilla antifranquista. Consuelo Rodríguez López, ‘Chelo’”*, *Andaina*, nº 45, outono de 2006, pp. 20-27.

NEIRA VILAS, Xosé: *“Laio por Agrelo”*, en *Arredor do mundo*, Vigo, Xerais de Galicia, 2007, pp. 183-184.

PAZ, Sebastián: *“José Paz Ortiz (Pepe Paz)”*, *Alameda*, nº 27, (2007), pp. 63-67.

RODRÍGUEZ, Xoán Pastor: *“Un párroco de Miñortos do Século XVIII”*, *La Voz de Galicia*, “Barbanza-Muros-Noia”, 28-10-2007, L11.

SALGADO, Daniel: *“Leonardo Da Jandra. Escritor gallego-mexicano”*, *El País*, Galicia, 02-07-2007. Entrevista.

TEIRA, Luís: *Manuel Lustres Rivas. Xornalista e galeguista*, Ribeira, A.C. Altosalante, 2006, 32 pp., il.

BIBLIOGRAFÍA

ARÉN, Román e SANTAMARÍA, X.: *“Publicacións no Barbanza”*, *Barbantia*.



Anuario de Estudos do Barbanza, nº 2, (2006), pp. 301-317.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: “A revelación: caer na conta”, *Encrucillada*, nº 149, (2006), pp. 5-21.

ETNOGRAFÍA E ANTROPOLOXÍA

CAAMAÑO, Manuel: *Galicia. As construcións da arquitectura popular*, A Coruña, Hércules, 2007, 240 pp., il.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: “A Resurrección e a unidade da fe no pluralismo das interpretacións”, *Encrucillada*, nº 152, (2007), pp. 5-24.

Fontes do Concello de Boiro, Boiro, Concello de Boiro, 2007, 36 pp. il.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: “Deus a xuízo: ¿que Deus?”, *Grial*, nº 172, (2006), pp. 28-37.

LÓPEZ OTERO, M^a Luisa, coord: *Catalogación do Patrimonio Etnográfico e Natural na beira dos ríos de Boiro*, Boiro, Concello, Cadernos Culturais 8, 2007, 139 pp.

ENSINO

MALVÁREZ ROMERO, Ángeles: *Arredor do berberecho*, Porto do Son, Concello de Porto do Son, Castro de Baroña, 2, 2006, 112 pp., il.

Letras Galegas 2007. María Mariño Carrou. Caderno do alumnado, Santiago, Xunta de Galicia, I.E.S. Poio, 2007.

MARIÑO, Xoán X.: *Os muíños de Outes*, Outes, A.C.C. Terra de Outes, 2007.

SANTOS REGO, M. Anxo e LORENZO MOLEDO, Mar: *Universidade e construción da sociedade civil*, Vigo, Xerais de Galicia, Universitaria, 2007, 346 pp.

REIRIZ DIOS, Manuel: *Ribeira e as súas parroquias*, s.l., autor, 2007, 81 pp., il.

SANTOS REGO, M.A.; LORENZO MOLEDO, M. e HAYES, R.: “The intercultural dimension of higher education: opening new educational pathways”, en *Higher Education Research and Development*, 2006.

ENSAIO RELIXIOSO

FERNÁNDEZ, Carlos e REI BALLESTEROS, Anxo A.: “Conversa con Deus”, *Grial*, nº 172, (2006), pp. 63-77.

VAL, Marga do e SUÁREZ FERNÁNDEZ, Isabel: *María Mariño. Letras Galegas 2007. Tempo metafísico*, Santiago, Xunta de Galicia, 2007, 130 pp. Unidade didáctica.

TORRES QUEIRUGA, Andrés: *Repensar la Resurrección*, Madrid, Trotta, 3^a ed., 2005, 374 pp. Tradución de Engracia Vidal Estévez e María Guillén Olivera.



ARTE E MÚSICA

AYASO, Manuel: *Homenaxe III Paleta de Prata ARGA*, A Coruña, Asociación de Artistas Plásticos Galegos, 2007, 47 pp., il. Catálogo de arte que inclúe textos de Carlos Pereira Martínez, Mercedes Rozas e Eva Veiga.

Catálogo Novos Creadores do Barbanza, Boiro, Leñaverde Edicións, s.d. (2007), 145 pp., il.

Eloxio do salgado, Ribeira, Concello de Ribeira, 2006. Textos de Xerardo Crusat e Xavier López Marqués, fotografías de M. González García, J.A. Iglesias Martínez, J.M. Iglesias Martínez e Álvaro Valeiras.

II Encontro Luso-Galaico Aromar, Porto do Son, Concello de Porto do Son, 2007, 18 pp., catálogo.

GARCÍA NEGRO, María Pilar: *“Os álbums de guerra de Castela: Galicia mártir (1937), Atila en Galicia (1937), Milicianos (1938) no contexto da súa obra”*, Murguía, nº 10, pp. 59-78.

MARIÑO, Xoán X.: *“Felipe de Castro, o escultor da Ilustración”*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 71-94.

PAGÁN, Alberte: *A mirada impasíbel. As películas de Andy Warhol. Primeira parte*, Santiago, Positivas, Plural, 2007, 229 pp., il.

PEREIRA MARTÍNEZ, Carlos: *“Soledad Penalta, de regreso en Noia”*, *Alameda*, nº 27, (2007), pp. 47-49.

REBOREDO, María Jesús: *Almiñas, cruces e cruceiros. Acuarelas*, A Pobra, Concello da Pobra do Caramiñal, 2006, 51 pp., catálogo.

RODRÍGUEZ, Pastor: *“Manuel Ayaso. Para min a arte é amor feito visible”*, *Galicia Hoxe*, “Entrevista”, 08-07-2007, pp. 12-13.

SIRO: *Valle-Inclán: retratos, caricaturas e visións*, A Pobra do Caramiñal, Museo Valle-Inclán/Concello da Pobra do Caramiñal, Catálogos de Arte II, 2007, 52 pp., il.

VILLAVERDE SOLAR, Dolores: *“A igrexa parroquial de San Pedro de Palmeira: catalogación histórico-artística”*, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 195-210.

REVISTAS E XORNAIS

Alameda, Noia, Sociedade Liceo de Noia, 2007, números 25, 26 e 27. Inclúe numerosos colaboradores, entre os que se poden citar: Xerardo Agrafoxo, Xosé Agrelo Hermo, Pedro García Vidal, Xosé Ricardo Losada, Pastor Rodríguez Santamaría, entre outros.

O número 25 está dedicado a Xosé Agrelo Hermo, con traballos de Ramón Carredano, Ramón Caride, Xoán Mariño Reino, Domingo Campos, Pedro García Vidal, Xerardo Agrafoxo, Eva Veiga, Manolo Camaño e Xabier A. Olariaga.

O número 26 está dedicado a María Mariño, con traballos de Lola Arxóns, Xerardo Agrafoxo, Avelino Pousa Antelo, Pedro



García Vidal, Antón Rodríguez Gallardo, Antón Riveiro Coello, con dez poemas á noiosa de Enma Pedreira, Antonio Piñeiro, Beatriz Quintela, María do Cebreiro, Maxi Olariaga, Xabier A. Olariaga, Eva Veiga, Ramón Blanco, Yolanda Castaño e Rosa Enríquez, ademais doutros traballos de Xavier Castro Rodríguez, Paulino Vázquez Vázquez, Agustín Agra, Xosé Ricardo Losada, Maite Sobrado Creio e Teresa García Mariño, entre outros.

Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza, Boiro, A.C. Barbantia, nº 2, 2006, 320 pp.

Casa da Gramática, Noia, I.E.S. Virxe do Mar, 2007.

O número 29 está dedicado a María Mariño no especial “Papel de Color”, con traballos de Manuel Caamaño Suárez, Xerardo Agrafoxo, Xavier Castro Rodríguez, Román Arén, Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Pedro García Vidal, Eva Veiga e dous poemas de Alfonso Costa e Antón Riveiro Coello.

Certo. O xornal gratuïto do Barbanza: 2007.

Correo Gallego, El: especial “*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*”, 17-05-2007. Contén diferentes traballos ente eles unha entrevista a Xerardo Agrafoxo sobre María Mariño.

Día das Letras Galegas. María Mariño. O mundo na palabra, suplemento de *La Voz de Galicia*, 10-05-2007, 24 pp., il.

Faro de Vigo: “*Faro da Cultura*”, nº 210, 17-05-2007. Especial dedicado a María

Mariño con traballos de Román Raña, Armando Requeixo, Marga Romero, unha entrevista de Natalia Álvarez a Méndez Ferrín sobre María Mariño, e Ramón Nicolás.

Galicia Hoxe: “*Revista das Letras*”, nº 669, 17-05-2007. Especial dedicado a María Mariño con traballos de Helena González e unha escolma de poetisas galegas.

Ideal Gallego, El: especial “*Día das Letras Galegas 2007. María Mariño*”, 17-05-2007, 12 pp. Con traballos de Vicente Araguas, Xulio Valcárcel, Francisco González Lousada, María Vilariño Suárez, Marisa Moreda Leirado e Xosé María Dobarro.

Leña Verde, Boiro, Concello de Boiro, nº 7, 2007.

País, El: “*Luces*”, “*Letras de Galicia*”, 17-05-2007, con traballos sobre María Mariño de Fran Alonso e Helena González Fernández.

Praza das Letras. Publicación da Consellería de Cultura e Deporte para a promoción do libro e da lectura, nº 3, abril-maio, 2007. Dedicada parte do seu contido a María Mariño.

Región, La: especial “*Día das Letras Galegas. María Mariño, poetisa noiosa homenaxeada*”, 17-05-2007, 24 pp. Con traballos de María José Suevos, F. D., Enrique Bande Rodríguez e outros.

Voz de Barbantia, A: Suplemento mensual para o Barbanza de *La Voz de Galicia*, aparecido en xaneiro de 2005. Dende



outubro dese ano apareceron os números 19 a 27.

Voz de Barbantia, A: Número 25 dedicado a María Mariño, 18-05-2007, 4 pp. Con traballos de Xerardo Agrafoxo, Pastor Rodríguez e Román Arén.

Voz de Barbantia, A: A Coruña, La Voz de Galicia, 2007, 106 pp., il. Compila os vinte e cinco primeiros números do suplemento "A Voz de Barbantia".

TRADUCIÓN

BECKETT, Samuel: *Molloy*, Vigo, Galaxia, Clásicos Universais, 12, 2006, 223 pp.

Tradución de **Anxo Rei Ballesteros**

JOYCE, James: "A caída de Finnegan", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 213-252.

Tradución de **Alberte Pagán**. Introducción de Román Arén: "Joyce en Galicia".

RIMBAUD, Arthur: "Iluminacións", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, nº 2, (2006), pp. 252-275.

Tradución de **Eme Cartea**. Introducción de Román Arén: "Rimbaud entre nós".



SOCIOS/AS DE BARBANTIA

(NA DATA 1/11/2007)

1. ÁNGEL MARIO ABALO HERMO, 2. M^a DORINGA ABUÍN CES, 3. AGUSTÍN AGRA BARRERO, 4. JOSÉ RAMÓN AGRAFOJO PÉREZ, 5. XERARDO AGRAFOXO PÉREZ, 6. XOSÉ LOIS AGRELO HERMO, 7. XOSÉ AGRELO ROMERO, 8. JOSÉ MANUEL ALBORÉS MARIÑO, 9. ÓSCAR ALCALDE CAROU, 10. M^a CONCEPCIÓN ALLUT VIDAL, 11. MAXIMINO CARLOS ÁLVAREZ OLARIAGA, 12. ANA AMADO REINO, 13. CARMEN AMAR MARTÍNEZ, 14. ROSA ANEIROS DÍAZ, 15. RAMÓN ARES NOAL, 16. M^a DOLORES ARXÓNS ÁLVAREZ, 17. FRANCISCO AVILÉS MANEIRO, 18. SIMÓN BALVÍS FREIRE, 19. CLARA BARGE ESTÉVEZ, 20. XOSÉ MANUEL BARREIRO INSUA, 21. M^a ISABEL BARROS PAZOS, 22. XOSÉ PLÁCIDO BETANZOS GARCÍA, 23. FRANCISCO BLANCO ALCAIDE, 24. FERNANDO BLANCO LADO, 25. MARÍA JESÚS BLANCO LÓPEZ, 26. JOSÉ MANUEL BLANCO ROMERO, 27. RAMÓN RICARDO BOO PUENTE, 28. XOSÉ RAMÓN BREA REI, 29. FRANCISCO XOSÉ BUGALLO OTERO, 30. C.E.I.P. SANTA MARÍA DO CASTRO, 31. MANUEL CAAMAÑO SUÁREZ, 32. XOSÉ MANUEL CAIRO ANTELO, 33. ANTÍA CAL ATÁN, 34. ANTÍA CAL VÁZQUEZ, 35. XOSÉ MARÍA CAL VÁZQUEZ, 36. CARLOS MANUEL CALLÓN TORRES, 37. DOLORES CALO GARCÍA, 38. DOMINGO RAMÓN CAMPOS ALBORÉS, 39. MARÍA XOSÉ CANITROT TRILLO, 40. ALFREDO CARBALLO RODRÍGUEZ, 41. RAMÓN CARREDANO COBAS, 42. ISABEL CARREIRA POL, 43. RAMÓN CARREÑO PAZ, 44. JUAN CARRIL MIGUÉNS, 45. MANUEL CARTEA GÓMEZ, 46. JOSÉ RAMÓN CASAIS ROMERO, 47. ROMÁN CASTAÑO GARCÍA, 48. EVA CASTAÑO TORRADO, 49. JESÚS MANUEL CASTRO FERNÁNDEZ, 50. ANXOS CASTRO PARADA, 51. XAVIER CASTRO RODRÍGUEZ, 52. C.E.P. PILAR MAESTU SIERRA, 53. SONIA CES GARCÍA, 54. CORNELIA CES MIRANDA, 55. ADELINA CES QUINTÁNS, 56. CELSO CESPÓN PIÑEIRO, 57. MARÍA JESÚS COBAS PAZ, 58. COLEXIO JAIME BALMES, 59. CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL, 60. CONCELLO DE BOIRO, 61. CONCELLO DE LOUSAME, 62. CONCELLO DE NOIA, 63. CONCELLO DE OUTES, 64. CONCELLO DE PORTO DO SON, 65. CONCELLO DE RIANXO, 66. CONCELLO DE RIBEIRA, 67. XESÚS COSTA RODIL, 68. MARÍA JOSÉ DUCE CANEIRO, 69. JAIME DE LOS RÍOS HERNÁNDEZ, 70. XOSÉ DEIRA TRIÑANES, 71. FAUSTINA DIESTE SÁNCHEZ, 72. MANUEL DOURADO DEIRA, 73. ESTHER DOURADO GONZÁLEZ, 74. ROSA ENRÍQUEZ NOYA, 75. FRANCISCO JAVIER ESPINO DOMARCO, 76. EDUARDO XEROME ESTÉVEZ AGRAFOXO, 77. JESÚS FABEIRO, 78. MANUEL FAJARDO PIÑEIRO, 79. XOÁN FERNÁNDEZ, 80. MARÍA EUGENIA FERNÁNDEZ REBOLLIDO, 81. GRACIELA FERNÁNDEZ REBOLLIDO, 82. JOSEFA FERNÁNDEZ SANTAMARÍA, 83. SERAFÍN FERNÁNDEZ VILLANUEVA, 84. LUÍS FERREIRÓS BLANCO, 85. GUILLERMINA FERROL MARTÍNEZ, 86. JOSÉ ALBERTO FIGUEIRO RESÚA, 87. MARÍA ISABEL FONTANO FERNÁNDEZ, 88. GUSTAVO GARCÍA DIESTE, 89. RAFAEL GARCÍA GARCÍA, 90. PAULA SUSANA GARCÍA PAZ, 91. XOSÉ ANXO GARCÍA RODRÍGUEZ, 92. ALBERTO GARCÍA SÁNCHEZ, 93. XOÁN FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, 94. NIEVES GARCÍA VIDAL, 95. PEDRO GARCÍA VIDAL, 96. IRIA GESTOSO RÍOS, 97. ALFONSO JOSÉ GONZÁLEZ ASENJO, 98. ANTONIO ÁNGEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ, 99. MANUELA SOFÍA GONZÁLEZ LESTÓN, 100. MANUEL GONZÁLEZ LORENZO, 101. GRÁFICAS GARABAL, 102. MARÍA GUDE SAMPEDRO, 103. XULIO GUTIÉRREZ ROGER, 104. JOSEFA HERMO INSUA, 105. SANTIAGO HERNÁNDEZ DE LA FUENTE, 106. ALBERTO HEVIA SIEIRA, 107. IES ESPÍÑEIRA, 108. IES N^o 1, 109. IES PRAIA BARRAÑA, 110. IES VIRXE DO MAR, 111. JESÚS ROMÁN LAÍÑO BRIONES-ARÉN, 112. FERNANDO RAMÓN LAVANDEIRA SUÁREZ, 113. XOÁN XOSÉ LEÓN MARTÍNEZ, 114. XOÁN LEÓN VIDAL, 115. MANUEL LESTÓN GONZÁLEZ, 116. XOSÉ M. LOBATO MARTÍNEZ, 117. CARLOS M^a LÓPEZ DEL RÍO, 118. XABIER LÓPEZ MARQUÉS, 119. MARÍA LUÍSA LÓPEZ OTERO, 120. CHARO LÓPEZ SÁNCHEZ, 121. JESÚS LORENZO CESPÓN, 122. SEVERIANO LOROÑO VIAZEVECHEA, 123. ROBUSTIANO



LOSADA ROMERO, 124. XOSÉ RICARDO LOSADA VICENTE, 125. MARÍA LOUREIRO PIÑEIRO, 126. AURORA MARCO LÓPEZ, 127. AURELIA MARIÑO BLANCO, 128. ESPE-RANZA MARIÑO DAVILA, 129. MANUEL MARIÑO DEL RÍO, 130. XOÁN MARIÑO REI-NO, 131. ANDRÉS MARTÍNEZ CAO, 132. JESÚS MARTÍNEZ MOLEDO, 133. EDMUNDO MARTÍNEZ MUÑIZ, 134. M^a CONSUELO MARTÍNEZ PÉREZ, 135. VALERIA MARTÍNEZ ROPERO, 136. DANIELA MARTÍNEZ SOMOZA, 137. ÁNGELES MIGUÉNS CRISTOBO, 138. MÓNICA PAULA MONTERO PARCERO, 139. M^a DEL PILAR MORALES PÉREZ, 140. XOSÉ CARLOS MOSTEIRO FRAGA, 141. JOSÉ LUÍS MOURIÑO MIGUÉNS, 142. ADOLFO MUÍ-ÑOS SÁNCHEZ, 143. MARIANO MUÑIZ BLANCO, 144. JOSÉ RAMÓN MUÑIZ SABORIDO, 145. AVELINA NEIRO CUENCIO, 146. SANTIAGO NIETO ROMARÍS, 147. XOSÉ MANUEL NÓVOA COLLAZO, 148. MARI CARMEN ORDÓÑEZ REY, 149. RAMIRO OUVIÑA OUVIÑA, 150. ALICIA PADÍN OTERO, 151. ALBERTE PAGÁN, 152. ANTONIO PARADA MARIÑO, 153. SANTIAGO PÁRAMO ALLER, 154. ALICIA PARDAL PAZOS, 155. MARIAN PAREDES VILLARONGA, 156. RAMÓN PARÍS LAGO, 157. JUAN PATIÑO GONZÁLEZ, 158. BENJA-MÍN PAZ CASTRO, 159. SANTIAGO PAZOS REY, 160. MARÍA ISABEL PELAYO BARBA-RÁN, 161. XOÁN CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ, 162. JESÚS PÉREZ BESADA, 163. XOSÉ MANUEL PÉREZ FERNÁNDEZ, 164. JOSÉ ANTONIO PÉREZ FERNÁNDEZ, 165. DAVID PÉREZ IGLESIAS, 166. M^a DOLORES PÉREZ MATO, 167. MARÍA LUÍSA PÉREZ MUÑIZ, 168. JOSÉ ANTONIO PÉREZ SÁNCHEZ, 169. SEVERIANO PÉREZ SUÁREZ, 170. M^a JESÚS PICHER NÚÑEZ, 171. MANUELA PIMENTEL NOVO, 172. FÉLIX PIMENTEL TUBÍO, 173. ALBERTO PIÑEIRO, 174. ANTONIO PIÑEIRO FERNÁNDEZ, 175. PEDRO PIÑEIRO HER-MIDA, 176. GERARDO PIÑEIRO LORENZO, 177. MANUELA PLACES FUNGUEIRIÑO, 178. MARÍA PLACÍN LÓPEZ, 179. CIPRIANO MANUEL POSE LORENZO, 180. MARÍA INMA-CULADA POU SO AGAITOS, 181. MARÍA ELENA PRADA FERNÁNDEZ, 182. CONCEPCIÓN PRADO, 183. JOSÉ MANUEL QUEIRUGA CARBALLO, 184. RAMÓN QUINTÁNS VILA, 185. BEATRIZ QUINTELA RÚA, 186. ANA REDONDO LOXO, 187. ANXO REI BALLESTEROS, 188. XOSÉ XABIER REINO CASTRO, 189. MARISA RESÚA QUINTÁNS, 190. RODRIGO REY LÓPEZ, 191. JUAN MANUEL RÍOS PÉREZ, 192. XOSÉ MANUEL RIVAS PÉREZ, 193. AN-TÓN RIVEIRO COELLO, 194. INMACULADA ROBLEDA CASTRO, 195. UXÍO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, 196. ANTÓN RODRÍGUEZ GALLARDO, 197. M^a TERESA RODRÍGUEZ IGLESIAS, 198. LUÍS CARLOS RODRÍGUEZ RÍO, 199. ÁNGEL MANUEL RODRÍGUEZ RO-MERO, 200. XOÁN PASTOR RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, 201. JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ TUBÍO, 202. BLACA ANA ROIG RECHOU, 203. ENCARNA ROMAY OTERO, 204. MIGUEL ÁNGEL SAÁ RAMOS, 205. ANTONIO SABORIDO LÓPEZ, 206. CONCEPCIÓN SABUCEDO ÁLVAREZ, 207. XAVIER SÁNCHEZ ALONSO, 208. M^a ISABEL SANTOS DAVILA, 209. M^a CARMEN SANTOS RODRÍGUEZ, 210. XESÚS SANTOS SUÁREZ, 211. XOHÁN SANTOS SUÁREZ, 212. ÁNGELA MARÍA SEGADE OTERO, 213. RAQUEL SILVA HERMO, 214. JOSÉ SILVA TRIÑANES, 215. BLAS RAMÓN SOBRIDO LAGO, 216. SANTIAGO SUÁREZ BLANCO, 217. JUAN NEPOMUCENO SUÁREZ LIJÓ, 218. CÉSAR R. TARELA PÉREZ, 219. LUÍS TEI-RA PARADA, 220. PILAR TESOURO FRANQUEIRA, 221. DORES TORRADO ARES, 222. MILAGROS TORRADO CESPÓN, 223. MANUEL TORRES CUBEIRO, 224. ROQUE TORRES MOREIRA, 225. GONZALO TRASBACH PAZ, 226. GERARDO TRIÑANES FERNÁNDEZ, 227. XOSÉ MANUEL TRIÑANES NÚÑEZ, 228. MANUEL TUBÍO FACHADO, 229. JOSÉ TUBÍO FACHADO, 230. FELISA TUBÍO SAAVEDRA, 231. VICENTE VÁZQUEZ ARIAS, 232. ÓSCAR VÁZQUEZ DIESTE, 233. CARMEN VÁZQUEZ DIESTE, 234. FRANCISCO XABIER VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, 235. JUAN MANUEL VÁZQUEZ GARCÍA, 236. JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ LORENZO, 237. AMPARO VÁZQUEZ LORÉS, 238. XOSÉ LUÍS VEIRAS MANTEI-GA, 239. MANUEL VELO VELO, 240. NEL VIDAL BARRAL, 241. FRANCISCO ANTONIO VIDAL BLANCO, 242. MARÍA MARGARITA VILAR MARTÍNEZ, 243. TERESA VILLALBA TORRES, 244. MANUEL XESÚS VILLAR SUÁREZ, 245. TERESA VILLAVERDE PAIS, 246. SEGISMUNDO ZÚNIGA TUBÍO.

ESTE LIBRO REMATOU DE SE IMPRENTAR NO MES DE
DECEMBRO DE 2007, COINCIDINDO CO CENTENARIO DO
NACEMENTO DA POETA DE NOIA, MARÍA MARIÑO, A
QUEN SE LLE DEDICA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

